JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 14/02/2020 11:49

JOSÉ MARÍA PÉREZ ALVARIÑO
Data e hora: 14/02/2020 11:16

MARCIAL RODRÍGUEZ TOAJAS
Data e hora: 14/02/2020 11:00

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 13/02/2020 14:41

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
8120ee4398ca5e6ddf173f3831d79
9985272d095

Deputación DA CORUÑA

INTERVENCIÓN

EXPTE. 2020000007698
ASUNTO**:**
INFORME-RESUMO DOS RESULTADOS DE CONTROL INTERNO: INFORMES DE REPARO E INFORMES DE CONTROL FINANCEIRO (art. 37 do Real decreto 424/2017, de 29 de abril).
EXERCICIO 2019

DESTINO:
PLENO DA CORPORACIÓN E PLENO DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA.
CONSELLO DE CONTAS.
TRIBUNAL DE CUENTAS.
INTERVENCIÓN XERAL DA ADMINISTRACIÓN DO ESTADO

Co fin de dar adecuado cumprimento ao disposto no artigos 213 e 218 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas locais (segundo redacción dada polo artigo 2 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local), así coma no artigo 37 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local (Regulamento de control interno, RCIL en adiante), os funcionarios con habilitación de carácter nacional que exercemos as funcións reservadas de control interno, emitimos o seguinte **INFORME-RESUMO DO ÓRGANO INTERVENTOR sobre os resultados do control interno respecto da DEPUTACIÓN DA CORUÑA (P1500000C), o ente adscrito CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA (V15859481) e a fundación adscrita FAEPAC (G70053087),** por conformar todos eles esta entidade local e, xa que logo, estar integrados no ámbito de aplicación ao que se refire o artigo 2.2 do devandito regulamento.

Non téndose ditado ata o momento pola IGAE as instrucións ás que se refire o artigo 37.3 e nas que se recolla un modelo estandarizado, o informe estrutúrase consonte aos seguintes apartados.

I. Marco normativo e modelo de control:

Os funcionarios actuantes, baixo a dirección e instrucións emanadas do Interventor xeral, seguindo os principios de autonomía funcional, exercicio desconcentrado e procedemento contraditorio (artigo 4 RCI) exercemos o control interno, comprensivo da función interventora e do control financeiro (artigo 3 RCI), no marco da lexislación administrativa e financeira de carácter xeral e, en concreto, co modelo de actuación que se detalla no seguinte cadro:

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 14/02/2020 11:49
JOSÉ MARÍA PÉREZ ALVARIÑO
Data e hora: 14/02/2020 11:16
MARCIAL RODRÍGUEZ TOAJAS
Data e hora: 14/02/2020 11:00
JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 13/02/2020 14:41
Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: 8120ee4398ca5e6ddf173f3831d799985272d095

1. FUNCIÓN INTERVENTORA ([1])	A. GASTOS	• Fiscalización previa plena exercendo a función interventora ou control de legalidade sobre todos os expedientes
	B. INGRESOS	• Fiscalización das devolucións de ingresos indebidos e propostas de resolución de recursos. • Control financeiro posterior sobre a totalidade dos recursos de outros entes xestionados no exercicio 2017 • Fiscalización previa dos ingresos con financiamento afectado
	C. OPERACIÓNS NON ORZAMENTARIAS	• Fiscalización previa de todas as operacións que deron lugar a movementos nos conceptos non orzamentarios
2. CONTROL FINANCEIRO	A. CONTROL PERMANENTE	• Funcionamento operativo e de cumprimento sobre os centros e servizos provinciais: Pazo de Mariñán, Imprenta, Biblioteca, Centro Calvo Sotelo, IES Puga Ramón, Parque móbil, Centro de Danza, Fogar infantil Emilio Romay, Fogar infantil-centro de día de menores de Ferrol. • Control dos fondos pagados a través do Sistema de caixa fixa polo Servizo de Patrimonio e contratación e polo Servizo de Recadación
	B. AUDITORÍA PÚBLICA	• Informe de auditoría sobre as contas anuais de FAEAC
	C. CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCIÓNS	• Execución do Plan de control financeiro sobre as subvencións pagadas a entidades non lucrativas no exercicio 2015. • Controis financeiros especiais a instancia de unidades xestoras. • Controis financeiros en virtude de denuncias presentadas

Rematado xa o exercicio, co fin de que o Pleno da Corporación, os órganos de control externo e mesmo a Intervención xeral do Estado (IGAE) poidan coñecer o resultado desta actividade de control, trata de sintetizarse a mesma en cada un dos siguientes apartados

Ao mesmo tempo, ademais da explicación das observacións, defectos e anomalías procedimentais que se apreciaron, na segunda parte do presente informe emítense algunhas recomendacións a ter en conta polas unidades xestoras e polos órganos con potestade de resolver, co fin de que no futuro non se volva a incorrer nestas circunstancias.

[1] Esta función interventora, entendida como control de legalidade previa, exércese na Deputación e no ente adscrito Consorcio Provincial contra incendios e salvamento. No caso da FAEPAC, os actos de contido económico son fiscalizados polo auditor interno, consonte aos seus estatutos.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 14/02/2020 11:49
JOSÉ MARÍA PÉREZ ALVARIÑO
Data e hora: 14/02/2020 11:16
MARCIAL RODRÍGUEZ TOAJAS
Data e hora: 14/02/2020 11:00
JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 13/02/2020 14:41
Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: 8120ee4398ca5e6ddf173f3831d799985272d095

Coma anexos do presente informe-resumo achégase a seguinte documentación:

- Anexo I: Relación de informes de fiscalización sobre expedientes de gasto emitidos pola Intervención .
- Anexo II: relación completa de reparos emitidos ao longo do exercicio 2019 cos seus correspondentes informes, integrado polos reparos formulados na propia Deputación e tamén polos reparos sobre a xestión realizada no Consorcio Provincial contra incendios e salvamento).
- Anexo III: Resumo dos informes de control financeiro en materia de ingresos.
- Anexo IV: Informes de control permanente sobre os servizos e centros provinciais.
- Anexo V: Resumo de resultados das actuacións de control financeiro sobre subvencións.
- Anexo VI: Informe de auditoría sobre as Contas anuais de FAEPAC correspondentes ao exercicio 2018.
- Anexo VII: Informe sobre a acción de fomento provincial no período 2012-2019.

II. A función interventora plena sobre os expedientes de gasto. Os informes de reparo e as súas causas.

1. A fiscalización de gastos na propia Deputación Provincial.

Con carácter introdutorio e de forma sintética, cómpre informar de que a función interventora foi realizada sobre todos os expedientes de gasto tramitados ao longo do exercicio, segundo o detalle que se incorpora como anexo, **sen que se houbese ningún expediente no que se teña apreciado a falla de fiscalización previa, polo que non se emitiu ningún informe ao que se refire o artigo 28 do RCIL.**

Da información contábel obtida a través do aplicativo SICALWIN-DEPUTACIÓN, resulta que o gasto total comprometido no exercicio 2019 ascendeu a 282.308.413,22 euros. Sendo o importe total do gasto comprometido no exercicio 2019 de 282.308.413,22 euros, os expedientes nos que se emitiu **informe de reparo suman o importe de 7.324.365,67 euros.** Xa que logo, porcentualmente o gasto que foi cuestionado no exercicio do control de legalidade previo foi do 2,59 por cento por cento sobre o total disposto na execución de gastos de persoal, gastos en bens correntes e servizos, transferencias correntes e de capital.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 14/02/2020 11:49
JOSÉ MARÍA PÉREZ ALVARIÑO
Data e hora: 14/02/2020 11:16
MARCIAL RODRÍGUEZ TOAJAS
Data e hora: 14/02/2020 11:00
JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 13/02/2020 14:41
Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: 8120ee4398ca5e6ddf173f3831d799985272d095

Ao longo do exercicio 2019 o órgano interventor ten emitido 53 informes de reparo, correspondentes a outros tantos expedientes de gasto nos que se apreciaron as irregularidades procedimentais que se comentarán por agrupación temática deseguido, resolvéndose polo órgano competente a aprobación do expediente de modificació de creditos, de disposición do gasto ou o recoñecemento da obriga, malia ao informe negativo co que concluíu a fiscalización do expediente. Non se fai referencia nin se computan no dato indicado os expedientes que quedaron pendentes de resolución ao final do exercicio, que se integrarán xa na información que se rinda con respecto ao exercicio actual 2020.

Se estes datos se comparan cos presentados no informe-resumo de similar contido que se presentou ao Pleno respecto dos exercicios 2017 e 2018, tal como se pode observar no cadro seguinte, apréciase unha diminución considerable e significativa, tanto no número de expedientes reparados, como no importe total de gasto que incorreu nesta irregularidade procedimental, polo que, desde o punto de vista da legalidade que afecta á xestión económica, a organización amosa unha tendencia ou recondución á observancia da normativa, tendo o gasto reparado unha importancia relativa cada vez menor no importe total do gasto xestionado ao longo do exercicio.

EXERCICIO	Nº DE REPAROS	GASTO TOTAL REPARADO	PORCENTAXE SOBRE GASTO COMPROMETIDO
2017	141	10.952.331,64	4,41%
2018	103	17.104.313,08	7%
2019	53	**7.324.365,67**	**2,59%**

Xa desde un punto de vista analítico, a maior parte dos reparos formuláronse con carácter previo á concesión de subvencións nominativas, afectando por tanto á fase de compromiso de gasto, sendo o Pleno da Corporación o órgano competente para a resolución da discrepancia. Dentro deste primeira e significativa parte do gasto reparado tamén hai que incluir os informes emitidos aos expedientes de modificación de créditos EMC 3/2019 e EMC 4/2019, nos que se dotaron créditos para atender solicitudes de subvencións nominativas por importe de 1.426.982,37 euros, sen que quedase acreditado en ditos expedientes o carácter singular ou extraordinario da acción ou proxecto que se pretendía fomentar. En total, dos 53 reparos emitidos, 43 teñen como motivo esta ausencia de xustificación das subvencións nominativas, afectando a compromisos de gasto por importe total de 5.756.652,07 euros.

Con unha importancia cualitativa e cuantitiva menor, 8 reparos afectaron a algunhas facturas recibidas fóra do prazo estipulado contractualmente, polo que a Intervención advertiu da inexistencia de contrato no momento de intervir previamente cada unha delas, malia que no seu momento fora formalizado un contrato adxudicado polo procedemento

legalmente correcto e estando pendente de volver a adxudicar un novo contrato para manter esta prestación. Trátanse, xa que logo, de expedientes nos que se advirte certa falla de previsión na axeitada planificación dos procedementos contractuais, non afectando nin a necesidade da prestación nin ao seu valor de mercado, pois cada unha das facturas foi emitida polo importe que se tiña contratado no seu día. O gasto reparado por este motivo ascendeu a 82.873,45 euros.

Manténdonos no ámbito contractual, tamén se emitiu un informe de reparo respecto a un expediente de resolución contractual, por importe de 205.427,04 euros (contía de obra pendente de certificar) por terse ditado a resolución con anteriorioridade a emisión do informe definitivo de fiscalización (no expediente só constaba un informe de devolución do expediente). No informe de fiscalización emitido faise constar que a inhabilitación da empresa contratista por dous anos apártase do precedente desta administración, de acordar a inhabilitación por prazo dun ano.

Finalmente, un informe de reparo foi emitido con respecto a un convenio polo que se acordou a realización de prácticas académicas curriculares por parte de determinado alumnado universitario. En dito informe, tal como xa se advertira noutros expedientes de similar natureza e obxecto, a Intervención cuestionou a proposta pola falla de concreción dos obxectivos educativos e por non incluírse o sistema de avaliación do alumnado, polo que se alertaba sobre o risco de que a relación co persoal becario puidera ser considerada coma unha auténtica relación laboral, na que esta administración podería estar vulnerando as disposicións do Estatuto dos traballadores e, na súa consecuencia, ser condenada a admitir a existencia dunha relación laboral de carácter indefinido.

Por outra banda, -tal como xa se advertira nos informes-resumo de reparos dos exercicio 2017 e 2018, cun novo recordatorio de que a data actual, non consta na Intervención que se teña ditado resolución ou acordo resolvendo o reparo emitido o día 14 de setembro de 2017 con respecto á proposta de liquidación definitiva da produtividade correspondente ao persoal eventual da Deputación no exercicio 2016. O reparo estaba fundamentado na falla de acreditación no expediente do cumprimento da xornada regulamentaria de traballo por parte do persoal eventual da Corporación.

A ausencia de resolución sobre o referido expediente comporta que durante o exercicio 2016 se teña pagado a este persoal unha entrega a conta da produtividade por importe de 124.878,80 euros, contía que está pendente de ser regularizada, transcorrendo xa con exceso o prazo previsto nas normas aprobadas polo Pleno da Corporación. Ao non terse ditado resolución resolvendo a discrepancia, tamén no exercicio 2017 quedou sen liquidar definitivamente a produtividade do persoal eventual, malia que dito persoal veu percibindo entregas a conta dese complemento mes a mes, sumando un importe de 58.440,46 euros.

A produtividade percibida polo restante persoal sí está xa liquidada e, xa que logo, debidamente xustificada.

Se as dúas cifras indicadas no párrafo anterior se lle suma as entregas a conta da produtividade do exercicio 2018 por importe de 59.658,86 euros para o persoal eventual, resulta que neste momento o persoal eventual ten cobrado a conta o importe de 242.978,12 euros.

Urxe, xa que logo, que se proceda canto antes a regularizar dita produtividade mediante a liquidación definitiva da mesma para os exercicios sinalados, tendo presente especialmente que o persoal eventual perceptor xa foi cesado ao remate do mandato corporativo 2015-2019, pola preceptiva aplicación do artigo 104.2 da LBRL e algún deles non continúan prestando os seus servizos na actualidade.

2. A fiscalización de gastos no Consorcio Provincial contra incendios e salvamento.

Xa no que atinxe ao ente adscrito Consorcio Provincial contra incendios e salvamento, na xestión ordinaria do gasto foron emitidos dous reparos ao longo do exercicio, referidos aos expedientes e importes de gasto que se detallan no seguinte cadro:

REPARO	EXPEDIENTE MOTIVO	IMPORTE DO GASTO €
1	Recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2019. Facturas correspondentes a gastos devindicados no exercicio anterior	3.386,34
2	Relación de facturas 6/2019 Proposta de aprobación de facturas emitidas polas concesionarias con contratos vencidos (fóra do período contractual previsto na adxudicación)	658.230,93

Xa que logo, o importe total de gasto reparado foi de 661.617,27 euros. Dado que o reparo se formulou na intervención previa ao recoñecemento da obriga, sendo o importe total de obrigas recoñecidas no exericcio de 9.098.258,93 euros, porcentualmente os dous reparos afectaron ao 7,27 por cento do gasto en dita fase.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 14/02/2020 11:49
JOSÉ MARÍA PÉREZ ALVARIÑO
Data e hora: 14/02/2020 11:16
MARCIAL RODRÍGUEZ TOAJAS
Data e hora: 14/02/2020 11:00
JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 13/02/2020 14:41
Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: 8120ee4398ca5e6ddf173f3831d799985272d095

III. A fiscalización de ingresos: comprobación da legalidade e regularidade da xestión. A falla de actuacións para a derivación de responsabilidade e cobro dos reintegros de subvencións e das correspondentes sancións. As anomalías respecto da liquidación da taxa polo prestación do servizo de extinción de incendios

1. A fiscalización dos ingresos da Deputación Provincial.

Este ámbito da xestión económica abrangue dous apartados diferenciados: por un lado, o control da xestión de recursos doutros entes para os que a Deputación realiza a función de xestión, inspección e recadación (nalgúns casos só esta última); polo outro, o control dos recursos propios da Corporación.

No exercicio da función interventora ou fiscalización de legalidade previa, todos os expedientes sometidos a este control teñen recibido informe favorábel da Intervención, o que manifesta o rigor xurídico-técnico co que se están a xestionar os ingresos polos servizos correspondentes.

Tamén no ámbito do control financeiro posterior, sobre unha mostra de 120 expedientes analizados correspondentes a distintos conceptos tributarios (no Anexo III detállanse estes datos), escolleitos sobre un universo de 1.315.884 expedientes tributarios tramitados no exercicio 2017, só se advertiu algún pequeno erro non significativo, polo que os informes emitidos manifestaron a conformidade coa legalidade da xestión económica realizada.

Na acta da comisión de control interno dos expedientes de recadación, (comisión nomeada pola resolución 6729/2019 do día 26 de xuño de 2019), menciónase nun apartado final a falla de actuacións con respecto aos expedientes de reintegro e sancionadores derivados do control financeiro de subvencións, ao non estar exercitándose a acción de derivación de responsabilidade fronte ao persoal directivo das entidades.

Deputación DA CORUÑA
INTERVENCIÓN

2. A fiscalización dos ingresos no Consorcio Provincial contra incendios e salvamento.

No que atinxe á xestión dos ingresos neste ente adscrito, no informe emitido pola secretaria-interventora á Liquidación do orzamento de 2018 (apartado cuarto) explicáronse certas deficiencias e retrasos na liquidación das taxas pola prestación de servizos contra incendios e salvamento (Ordenanza fiscal nº 1) que poideran dar lugar a prescrición dalgunha delas, así como a dificultade para contestar en prazo aos recursos presentados polos contribuíntes.

IV. O control permanente sobre determinados servizos e centros provinciais.

Continuando cos traballos iniciados xa no ano 2018, ao longo do exercicio 2019 fóronse remitindo á Presidencia os informes de control financeiro, na modalidade de control permanente, que se realizaron sobre os centros e servizos provinciais que estaban a executar parte dos gastos correntes a través de anticipos de caixa fixa. Sen prexuízo de que, consonte ao disposto no artigo 36 do RCIL, cada un dos informes debe ser obxecto de análise e debate nun punto diferenciado da orde do dia do Pleno, deseguido recóllense no seguinte cadro os resultados e conclusións de cada un dos informes emitidos:

CENTRO	DATA	CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS
Pazo de Mariñán (CP-1-2018)	25/03/2019	1. Obriga de conservación e acceso á cidadanía. Posibilidade de esixir unha taxa polo aproveitamento especial. 2. Incumprimento do deber de afectación dos usos ou recursos xerados a prol da infancia, segundo vontade do testador. 3. Actividade de hostalaría non regulada nin autorizada. Falla de motivación dos usos. 4. Falla de motivación de usos autorizados non suxeitos a prezo público. Necesaria modificación da ordenanza. 5. Necesidade de aprobar un regulamento da actividade e, no seu caso, declaración de servizo público. 6. Custo total de 1.105.206,97 euros (exercicio 2017). Déficit de 623.269,16 euros da actividade de hostalaría. 7. Irregularidade na asunción de tarefas e cometidos por parte de determinado persoal. 8. Regularidade dos contratos, agás no subministro de alimentos e bebidas
Imprenta provincial (CP-2-2018)	14/03/2019	1. Actividade de publicación do BOP debidamente regulamentada. 2. Actividade económica de impresión e edición non declarada nin regulamentada. 3. Prestacións de balde a prol de terceiros, sen contraprestación. Carácter de subvencións en especie outorgadas directamente. 4. Custo total de 1.217.541,42 € (exercicio 2017). Custo de

		291.259,39 € atribuído á actividade de artes gráficas. 5. Regularidade na tramitación dos contratos, agás pequenos subministros menores.
Biblioteca provincial (CP-3-2018)	14/03/2019	1. Servizo público regulamentado a prol da cidadanía provincial. 2. Conveniencia de que se fixen prezos públicos para determinadas prestacións. 3. Custo de 1.510.778,29 euros (exercicio 2017). 4. Conveniencia de redactar e aprobar un novo regulamento do servizo. Utilización da potestade administrativa para a recuperación dos fondos non devoltos. 5. Regularidade na contratación, agás pequenos subministros.
Parque móbil (CP-4-2018)	04/10/2019	1. Recomendación de darlle prevalencia ao uso do transporte público regular. 2. A necesaria elaboración dun regulamento que detalle o uso dos vehículos, con ou sen condutor, e os procedementos para tramitar cada unha das ordes de saída. 3. Conveniencia de realizar un estudo de custos singularizado para valorar se a opción de arrendamento resulta máis vantaxosa economicamente que a opción de compra.
Centro Calvo Sotelo (CP-5-2018)	11/10/2019	1. Inicio das xestións e procedementos conducentes a transferir os medios persoais e materiais deste centro de educación e a súa residencia á Comunidade autónoma de Galicia, para que pase a depender orgánica e funcionalmente da Consellería de Educación. Alternativamente, instar a delegación da competencia, instrumentándose o financiamento a recibir. 2. Regularidade na xestión dos gastos correntes. 3. O custo total da residencia ten sido de 862.175,32 €, o custo unitario de residente de 20.527,98 euros (exercicio 2018). Pola súa banda, o custo do centro de ensino foi de 3.223.197,57 euros, sendo o custe por usuario de 10.940,43 € (exercicio 2018). A achega da Comunidade autónoma foi de 106.925,61 € (3,32% do custe).
IES PUGA RAMÓN (CP-6-2018)	11/10/2019	1. Inicio das xestións e procedementos conducentes a transferir os medios persoais e materiais deste centro educativo á Comunidade autónoma de Galicia, para que pase a depender orgánica e funcionalmente da Consellería de Educación. Alternativamente, instar a delegación da competencia, instrumentándose o financiamento a recibir. 2. Regularidade na xestión dos gastos correntes, coa recomendación de que a adquisición de material non inventariable se faga centralizadamente dende o Servizo de Patrimonio e contratación. 3. O custo total do centro ten sido de 3.780.271 €, recibíndose unha achega de 491.296,50 € da Comunidade autónoma (13 por cento do custo total).
CONSERVATORIO DE DANZA (CP-7-2018)	(14/10/2019)	1. Inicio das xestións e procedementos conducentes a transferir os medios persoais e materiais deste centro educativo á Comunidade autónoma de Galicia, para que pase a depender orgánica e funcionalmente da Consellería de Educación. Alternativamente, instar a delegación da competencia, instrumentándose o financiamento a recibir. 2. Regularidade na xestión dos gastos correntes. Recomendación de que o material non inventariable se

		contrate centralizadamente dende o Servizo de Patrimonio e contratación. 3. O custo total do centro ten sido de 1.146.55,85 €, o custo unitario de alumno foi de 7.447,12 euros (exercicio 2018)
FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY (CP-8-2018)	28/10/2019	1. Inicio das xestións e procedementos para transferir á Comunidade autónoma este servizo, para que pase a depender da Consellería de Política social. 2. Xestión regular do gasto. Recomendación de que os subministros recorrentes se contraten centralizadamente dende o Servizo de Patrimonio e contratación. 3. Que o Servizo de Planificación e xestión de recursos humanos valore unha posible reestruturación a planificación de persoal, tendo en conta o elevado número de nomeamentos interinos. 4. O custe total do servizo foi de 3.338.851,84 €, téndose recibido unha achega da Comunidade autónoma de 236.908,61 € (7% do custo). O custe unitario por persoa usuaria foi de 49.833,61 € (67 persoas usuarias).
CENTRO DE MENORES DE FERROL (CP-9-2018)	25/09/2019	1. Iniciar as xestións e procedementos conducentes a transferir os medios persoais e materiais deste centro de día á Comunidade autónoma de Galicia, para que pase a depender orgánica e funcionalmente da Consellería de Política social. 2. Regularidade da contratación, coa recomendación de que os contratos de subministros de alimentación, vestiario e persoal de limpeza se outorguen seguindo os procedementos da Lei 9/2017, de Contratos do sector público. 3. Os custes totais do centro foron de 1.703.765,02 euros (exercicio de 2018), resultando un custe unitario de 23.339,25 euros por cada un dos 73 usuarios. Os concellos de Ferrol e Narón realizaron achegas por importe de 63.772,04 €. Os convenios con estes concellos teñen que adaptarse á Lei 40/2015, de Réxime xurídico do sector público.
ANTICIPO CAIXA FIXA-SERVIZO DE RECADACIÓN (CP-10-2018)	14/08/2019	• Plena regularidade das fondos aplicados a través do sistema de anticipos de caixa fixa no período analizado.

V. O control financeiro de subvencións.

Seguindo coa práctica que se iniciou xa no exercicio 2007, a Intervención realiza con medios persoais exclusivamente propios, o control financeiro das subvencións, nos termos que está regulado tanto na Lei xeral de subvencións coma na Lei de subvencións de Galicia. Asemade, mediante o correspondente acordo de delegación, realiza dito control para os concellos de menos de 5.000 habitantes que así o acorden. E, neste ámbito de control, tramita expedientes especiais de comprobación cando se recibe algunha denuncia, ben sexa da propia cidadanía, doutra administración pública ou dalgún dos órganos de control.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 14/02/2020 11:49
JOSÉ MARÍA PÉREZ ALVARIÑO
Data e hora: 14/02/2020 11:16
MARCIAL RODRÍGUEZ TOAJAS
Data e hora: 14/02/2020 11:00
JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 13/02/2020 14:41
Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: 8120ee4398ca5e6ddf173f3831d799985272d095

Con data de 25 de xaneiro de 2019 o Interventor xeral aprobou o plan de control financeiro sobre as subvencións pagadas no exercicio 2015. Mediante a aplicación dos criterios e metodoloxía establecidos en dito plan, seleccionouse ao chou unha mostra de expedientes. Da tramitación e conclusión de cada un deles infórmase no Anexo IV deste informe.

No que atinxe ao exercicio do control financeiro por delegación municipal, levouse a cabo o control financeiro da subvención nominativa que o Concello de Boimorto concedeu á Asociación cultural "Festival de la Luz" no exercicio 2016.

En terceiro lugar, tramitáronse 11 expedientes en virtude de denuncias, a solicitude das unidades xestoras, unha vez que estas detectaron na xustificación determinados elementos sospeitosos. O resultado destes expedientes tamén se fai constar no anexo correspondente.

Como resultado dos informes de control financeiro e en execución dos mesmos, a Intervención ten tramitado os correspondentes expedientes de reintegro e sancionadores. As resolucións que poñen fin aos mesmos foron enviadas ao Servizo de xestión tributaria, para que proceda a súa liquidación, notificación e cobro, quedando no ámbito do Servizo de recadación o impulso do procedemento de prema e mesmo a derivación de responsabilidade ás persoas físicas que actúan como representantes legais das persoas xurídicas, cando no período voluntario non quede materializado o cobro a prol desta entidade.

VI. Recapitulación: recomendacións para o actual exercicio 2020.

Primeira.- A adecuación do funcionamento dos centros provinciais aos regulamentos e acordos plenarios que se adopten.

Logo deste resumo da actividade de control interno no exercicio 2019, neste apartado de recomendacións cómpre empezar polo máis novidoso, que foi o sometemento a control permanente dos centros e servizos provinciais. Os resultados deste ámbito de control conlevan a necesaria proposta correctora a emitir polas unidades xestoras de cada centro, constituíndose no seu caso as comisións ás que se refire o artigo 97 do Texto refundido das disposicións vixentes en réxime local (R.D. lexislativo 781/1986, do 18 de abril), para redactar as memorias de carácter social, xurídico, financeiro e técnico que se precisen.

Á vista dos informes e, no seu caso, das memorias que se elaboren, para non resultar reiterativos, non se pode realizar máis recomendación que a aprobación de regulamentos que disciplinen consonte ao ordenamento xurídico a actividade e funcionamento de cada centro, así como a adopción de acordos plenarios para iniciar os trámites de transferencia dos servizos impropios, sobre os que a Deputación provincial, no marco xurídico actual, carece de competencia.

Segunda. A planificación da actividade da Deputación no marco das competencias atribuídas a estas entidades locais pola Lei 27/2013, de reforma e sostibilidade da Administración Local.

Se a Provincia vén definida como unha entidade local determinada pola agrupación de municipios (artigo 31 da Lei 7/85), no marco xurídico actual, despois do reforzamento das competencias das deputacións pola Lei 27/2013, a planificación da actividade e do gasto desta administración ten que partir dunha idea nuclear e básica, cal é a de garantir a prestación efectiva dos servizos básicos en todos os municipios, especialmente nos de menor capacidade económica e de xestión.

Con fundamento na idea exposta, non pode estrañar que nos abondosos informes de reparo emitidos ás propostas de subvencións nominativas a prol de determinados municipios da Provincia, tense insistido en que a forma ordinaria de cooperación económica da Deputación cos concellos é mediante a aprobación de plans, nos que mediante criterios obxectivos e regulados se poidan distribuír ordeadamente as contías que lle corresponden a cada un daqueles.

Terceira. A necesaria planificación da acción de fomento a prol de entidades non lucrativas, utilizando só o procedemento de outorgamento directo ou nominativo de subvencións en casos moi excepcionais nos que se acredite o cumprimento dos requisitos esixidos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

Como se ten exposto anteriormente, tanto pola súa importancia cuantitativa como tamén cualitativa, os reparos emitidos polo outorgamento de subvencións nominativas foron, sen ningunha dúbida, a principal anomalía posta de manifesto pola Intervención na xestión do gasto ao longo do exercicio orzamentario 2019.

Polo indicado, a segunda recomendación deste informe ten como finalidade insistir unha vez máis neste asunto, co ánimo de que se reconduza a acción de fomento provincial baixo tres ideas fundamentais: planificación, coordinación coas demais administracións públicas e tramitación procedimental en réxime de publicidade e concorrencia.

A continuación analízanse someramente estas tres reflexións, sen prexuízo de que para o seu estudo e aplicación máis detallada, se poidan realizar informes ou memorias específicas, ofrecendo desde a Intervención toda a colaboración que desde os órganos de goberno ou dos distintos servizos xestores se puidese precisar.

A planificación da actividade de fomento non é simplemente conveniente, senón que se impón necesariamente como imperativo legal. Así, tal como se ten comentado nos abondosos informes de reparo ás subvencións nominativas, o primeiro dos principios xerais recollidos no artigo 8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece que os órganos que se propoñan o establecemento de subvencións "*deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden son a súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria*".

En desenvolvemento desta previsión legal, o Regulamento da Lei dedica toda unha sección (artigos 10 a 15) á regulación detallada dos plans estratéxicos, determinando o seu ámbito e contido, aprobación, seguimento e efectos do seu incumprimento. Por tanto, recoméndase con encarecemento aos órganos de goberno e aos servizos xestores que promovan a aprobación dun plan estratéxico para darlle desde o primeiro momento o canle máis axeitado á acción de fomento provincial.

En segundo lugar, e no marco dunha planificación estratéxica, resulta imprescindible unha adecuada e eficaz coordinación coas demais administracións públicas (Comunidade Autónoma e municipios), cuxa acción de fomento actúa na esfera dos ámbitos culturais, deportivos, sociais e de cooperación ao desenvolvemento. Na tramitación de abondosos expedientes de control financeiro tense constatado a concorrencia das subvencións da Deputación coas dos concellos e da Comunidade Autónoma, xerando ás veces efectos indeseados que derivan no reintegro parcial ou total da subvención concedida por exceso de financiamento e, simultaneamente, o exercicio da potestade sancionadora ante o ocultamento da concorrencia por parte das entidades beneficiarias. Estas consecuencias, ás veces de extrema gravidade para as entidades beneficiarias, quizais se poderían evitar ou, polo menos, paliar en parte, nunha actuación coordinada das administracións subvencionantes, delimitando previamente o campo de acción de cada unha delas.

En terceiro lugar, pero non por iso non menos importante, hai que invocar novamente o artigo 8 da Lei Xeral de Subvencións, cuxo apartado tres, establece os principios procedimentais de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como a procura da eficacia e eficiencia na asignación dos recursos públicos. Precisamente, a excepción non acreditada documentalmente destes principios, foi a razón dos numerosos reparos efectuados.

Fronte aos reparos da Intervención, argumentouse que os procedementos en réxime de publicidade e concorrencia competitiva non se adaptan ás necesidades de determinadas entidades, polo carácter sectorial ou singular das actuacións que se van a desenvolver ou polo importe do gasto a realizar. Pero fronte tal argumento, a Intervención debe manifestar que tamén os procedementos de réxime de concorrencia e publicidade admiten a modulación para adaptarse a un ámbito sectorial determinado ou a uns maiores importes de gasto subvencionable.

Remátase esta consideración lembrando que sobre a acción provincial de fomento no período 2012-2019 tense emitido un informe deste órgano interventor que se inclúe coma anexo ao presente.

Cuarta.- A mellor planificación da contratación e o seguimento polas unidades xestoras do vencemento de cada contrato.

Polo demais, no que atinxe á actividade contractual, logo de que a proposta do Servizo de Patrimonio e contratación o Pleno da Corporación teña aprobado un plan de contratación para este exercicio 2020, só resta instar a que efectivamente se cumpra dito plan e se adxudiquen e formalicen todos os contratos no seu debido tempo, de xeito que se deixe de recibir facturas correspondentes a servizos ou subministros realizados fóra dos correspondentes prazos contratuais.

Quinta.- A Tesourería debe impulsar e concluír os expedientes de prema derivados de expedientes de reintegro de subvencións e sancionadores.

En relación a falla de actuacións que se ten detectado nos expedientes para o cobro dos reintegros de subvencións e sancionadores, deben tomarse as medidas oportunas para que no caso de resultar infrutuosa a acción de cobro fronte ás persoas xurídicas non lucrativas (por declaración de créditos fallidos ou incobrables), escomenzar a esixencia da responsabilidade subsidiaria na que puideron ter incorrido os representantes legais das mesmas, nos termos previstos no artigo 40 da Lei xeral de subvencións.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 14/02/2020 11:49

JOSÉ MARÍA PÉREZ ALVARIÑO
Data e hora: 14/02/2020 11:16

MARCIAL RODRÍGUEZ TOAJAS
Data e hora: 14/02/2020 11:00

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 13/02/2020 14:41

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
8120ee4398ca5e6ddf173f3831d79
9985272d095

Sexta.- A Xerencia do Consorcio provincial contra incendios e salvamento debe emitir as liquidacións da taxa pola prestación do servizo contra incendios e salvamento e resolver todos os recursos presentados.

Dadas as deficiencias na xestión e liquidación da taxa pola prestación do servizo contra incendios e salvamento, a Xerencia do Consorcio debe impulsar a actividade administrativa necesaria para proceder a liquidación da taxa do servizo contra incendios derivada de todas as intervencións que se teñan producido, así como realizar a correspondente proposta para resolver os recursos presentados.

En definitiva, as observacións, notas de reparo e recomendacións expostas póñense en coñecemento do Pleno da Corporación, para que no exercicio das súas atribucións, adopte os acordos ou propostas de actuación necesarias para emendar e corrixir as deficiencias postas de manifesto por este órgano interventor nos informes de reparo emitidos. Posteriormente, o presente informe e os seus anexos, serán remitidos ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, como anexo da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2019 e á Intervención xeral da Administración do Estado dentro do primeiro trimestre do ano (artigo 36.2 do RCI).

Para rematar, introdúcese o seguinte cadro, no que se recollen de xeito sucinto as accións e medidas a adoptar para corrixir o conxunto das deficiencias observadas.

A Coruña, Febreiro de 2020.

Os Interventores adxuntos,

Marcial Rodríguez Toajas, **Juan Bautista Suárez Ramos.**

O viceinterventor,

José María Pérez Alvariño.

O Interventor xeral,

José Manuel Pardellas Rivera

Deputación DA CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL

ANEXO I. RELACIÓN DE INFORMES DE FISCALIZACIÓN EMITIDOS POLO ÓRGANO INTERVENTOR- 2019

	MATERIA OBXECTO DE FISCALIZACIÓN	INFORME DE FISCALIZACIÓN EMITIDOS
3	Subvencións - Concurrencia (Convocatorias)	207
6	Subvencións - Concurrencia (Solicitudes)	175
9	Subvencións - Concurrencia (Bases Reguladoras Xerais)	1
12	Plans Cooperación - SOLICIT (POS, DTC y PAI)(Solicitudes)	
13	Plans Cooperación - OBRASSUM y COMPLEMENTARIO (POS, DTC y PAI) (Solicitudes)	68
14	Plans Cooperación - AMORTD y GASTOCORR (POS, DTC y PAI) (Solicitudes)	
16	Plans Cooperación (Convocatorias)	14
17	Subvencións - Concurrencia - Sin Provisional (FOPPSS, DP0001, DP0010) (Solicitudes)	
19	Rede Cultural - 1ª Fase (Convocatorias)	2
25	Obras propias Deputación - Obras	8
26	Subvencións - Bolsas (Convocatorias)	56
27	Subvencións - Bolsas (Solicitudes)	6
29	Rede Cultural - 2 Fase (Convocatorias)	9
30	Rede Cultural - 2ª Fase - Espectáculos Realización (Solicitudes)	
31	Cesións de crédito	51
32	Contratación - Contratos	574
39	Expropiacións - Finca	297
40	Obras propias Deputación - Plans (Convocatorias)	33
41	Expropiacións - Obra	18
42	Rede Cultural (Bases Reguladoras Xerais)	

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 11:12
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
a440af6e3e48098040 6dd4435616c
83787aac9bc

Deputación DA CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL

45	Recadación - Entregas a conta e liquidacións a concellos	21
46	Parque móbil: Solicitude de transporte (vehículo-coche oficial)	43
47	Vías e Obras - Autorizacións - Realización de Obras en Vías Provinciais (Solicitudes)	
48	Convenios - Subvencións nominativas	371
51	Subvencións - Plan Empleo Local (PEL) (Convocatorias)	27
52	Subvencións - Plan Empleo Local (PEL) (Solicitudes)	147
54	Patrimonio - Modificación do inventario de bens	2
55	Fiscalización - Control financeiro	463
57	Anticipos de caixa fixa - Xustificación	71
59	Formación - Nomeamento e pago de relatores dun curso	67
61	Recursos e Reclamacións - Recurso de Reposición	102
62	Recadación - Estados demostrativos da xestión recadatoria	1
63	Persoal - Nomeamento-contratación de funcionarios interinos-persoal laboral temporal	143
64	Persoal - Nómina mensual de empleados	8
65	Persoal - Organos colexiados - Asistencias - Mensual	39
66	Persoal - Anticipos de nómina	61
67	Persoal - Solicitude de comisións de servizo	45
75	Recadación - Axustes contables e rehabilitacións de créditos	13
78	Garantías (avais e fianzas)	490
79	Convenios - Outros (non nominativas)	106
81	Recadación - Axustes contables (sen resolución)	
86	Contratación - Encomenda de control de calidade	43
87	Contratación - Encomenda de coordinación de seguridade e saude	171
88	Grupos políticos - Asignación por bases do orzamento e xustificación de gastos	69
92	Órganos colexiados - Propostas	3
93	Normativa reguladora - Aprobación (bases premios, ordenanzas, regulamentos, etc.)	47
98	Persoal - RPT - Cadro de persoal - Organigramas	4

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 11:12
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
a440af6e3e4809804060df435616c
83787aac9bc

Deputación DA CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL

99	Persoal - Cesamento de persoal temporal	
100	Intervención - Participación en tributos do Estado	48
101	[OBSOLETO] Pago a membros de xurados	2
106	Actividades de acción social, cultura, deporte e outras	55
110	Nomeamento e pago de xurados, tribunais, ponentes e comisións.	542
113	Outros ingresos de dereito público por reintegros ou sancións	93
115	Persoal - Solicitude de axudas de estudos	
119	Anticipos de caixa fixa - Constitución ou modificación	25
121	Persoal - Solicidude de axudas de vivenda	
123	Patrimonio - Pago de tributos locais, cotas comunitarias e consumos	49
126	Pago a persoas gañadoras de premios convocados pola Deputación	255
130	Contratación - Contratación por delegación de obras do Plan único de concellos (POS+)	1
133	Persoal - Bases e concesión de axudas de estudios e vivenda	6
135	Patrimonio - Adquisición de obras premiadas	10
139	Contratación - Prevision anual de contratos	1
146	Recadación - Ingresos bancarios semanais	146
147	Intervención - Compromiso, recoñecemento ou formalización de ingresos	37
148	Achegas europeas a proxectos	1
150	Orzamentos - Modificación de orzamento por resolución	1
151	Patrimonio - Reclamación de responsabilidade patrimonial	5
155	PEL - Solicitudes de participación en itinerarios formativos financiados por fondos europeos	
160	Convocatorias de premios	28
161	Solicitudes de premios	5
162	Tesourería - IRPF pagos mensuais e trimestrais	11
165	Persoal - Solicitude de prestacións de asistencia sanitaria complementarias (axudas graciables)	183
167	Contratación - Expedición de facturas por cánones y otros conceptos	13
174	Tesoureria - Embargos	20

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 11:12
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
a440af6e3e4809804060df435616c
83787aac9bc

Deputación DA CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL

179	Tesourería - Ingreso do recargo provincial do IAE para concellos non usuarios	28
181	PEL - Itinerarios de formación	38
183	Contabilidade - IDE - Devolucións	17
184	Contabilidade - IDE - Cargos	11
186	Contabilidade - IDE - Baixas	1
191	Persoal - Plan de pensións - Aportacións	
194	Grupos de Emerxencias Supramunicipales (GES)	17
207	Convocatoria - Cesión de vehículos	2
212	Orzamentos - Outras operacións orzamentarias	1
	TOTAL:	**5728**

Fonte: Datos obtidos de SUBTEL, no apartado INFORMES FIS

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 11:12
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
a440af6e3e4809804060df435616c83787aac9bc

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 10:57
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
257f5352b6e6434b751aa2be13705c30c2b97375

Deputación DA CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL

ANEXO II: RELACIÓN COMPLETA DE REPAROS EMITIDOS AO LONGO DO EXERCICIO 2019 POLO ÓRGANO INTERVENTOR.

1. **DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

RELACIÓN DE EXPEDIENTES NOS QUE O ÓRGANO INTERVENTOR EMITÍU INFORME DE REPARO

Orden	Expediente	Importe	ASUNTO-MOTIVO DE REPARO
1	2018000036793	180.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
2	PCO.001.2016.00330	205.427,04	Expediente de resolución contractual. Resolución ditada antes do informe de fiscalización. Desconformidade coa sanción imposta ao contratista.
3	2017000002843	100.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
4	2017000019021	165.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
5	2018000000207	18.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
6	2018000036721	43.932,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
7	2019000000508	1.500.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
8	2019000000498	60.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
9	2019000000499	60.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
10	2018000034294	279.958,55	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
11	2018000036647	324.392,19	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 10:57

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
257f5352b6e6434b751aa2be13705c30c2b97375

12	2019000000493	70.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
13	2019000000495	30.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
Orden	**Expediente**	**Importe**	**ASUNTO-MOTIVO DE REPARO**
14	2019000015047	48.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
15	2018000034451	22.331,52	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
16	2018000038681	285.906,54	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
17	2019000000500	17.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
18	2019000000503	60.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
19	2019000000507	200.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
20	2019000002960	27.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
21	2019000011422	120.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
22	2019000014762	80.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
23	2018000034019	120.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
24	2018000034451	22.331,52	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
25	2018000037457	300.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións
26	2019000001576	72.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 10:57
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
257f5352b6e6434b751aa2be13705c30c2b97375

27	2018000035996	163.601,14	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións
28	2019000020526	75.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións
29	2018000026770	400.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
Orden	**Expediente**	**Importe**	**ASUNTO-MOTIVO DE REPARO**
30	2018000028655	80.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
31	2019000000511	15.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
32	2019000001579	50.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
33	2019000012074	76.420,65	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
34	2019000023824	150.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
35	2019000000502	38.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
36	2019000002965	20.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
37	2019000022585	30.072,24	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
38	2019000023826	91.245,60	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
39	2019000026855	56.460,12	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
40	2018000038038	11.514,96	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
41	2019000024732	140.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 10:57
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
257f5352b6e6434b751aa2be13705c30c2b97375

42	2019000024733	150.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
43	2019000000510	15.000,00	Subvención nominativa. Falla de acreditación de excepcionalidade ou singularidade do proxecto ou actividade. Falla de plan estratéxico de subvencións.
44	2019000024723	132.226,17	Expediente de modificación de crédito con inclusión de nominativas.
45	2019000028026	1.294.756,20	Expediente de modificación de crédito con inclusión de nominativas.

7.400.576,44

Orden	Expediente	Importe	ASUNTO- MOTIVO DEL REPARO
46	F/2019/93	2.775,11	Factura recibida fóra do período contractual.
47	F/2019/97	2.775,11	Factura recibida fóra do período contractual.
48	F/2019/3726	8.527,35	Factura recibida fóra do período contractual.
49	F/2019/4181	8.527,35	Factura recibida fóra do período contractual.
50	F/2019/4649	8.527,35	Factura recibida fóra do período contractual.
51	F/2019/5256	34.006,38	Factura recibida fóra do período contractual.
52	F/2019/5696	9.007,45	Factura recibida fóra do período contractual.
53	F/2019/5339	8.527,35	Factura recibida fóra do período contractual.

82.673,45

2. **CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.**

REPARO	EXPEDIENTE MOTIVO	IMPORTE DO GASTO €
1	Recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2019. Facturas correspondentes a gastos devindicados no exercicio anterior	3.386,34
2	Relación de facturas 6/2019 Proposta de aprobación de facturas emitidas polas concesionarias con contratos vencidos (fóra do período contractual previsto na adxudicación)	658.230,93

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 11:47

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
a5881fcab96b3e5bf93a41750cfec7f
6d2f4e1b8

Deputación DA CORUÑA

INTERVENCION XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA
SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO
SECCIÓN DE CONTROL II
NEGOCIADO DE CONTROL DE INGRESOS

ASUNTO: Fiscalización a posteriori dos Recursos Propios da Deputación e dos Recursos doutros Entes Públicos cuxa xestión foi delegada polos concellos da provincia nesta deputación, correspondentes ao exercicio 2017 e remisión dos expedientes correspondentes.

UNIDADE: Orzamentos e Estudos Económicos

INFORME DE FISCALIZACIÓN

1. LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Artigos 214, 219 e 222 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- Apartado 2 da base 34ª das Bases de execución do Orzamento para o exercicio 2017.
- Resolución da Presidencia nº 7 de 04/01/2016 (con data de entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2016), pola que se establece a substitución da fiscalización previa de dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores, modificada pola Resolución nº 22.648/2017 do 12/07/2017.

2. INFORME:

En aplicación da lexislación citada e mediante un procedemento de mostraxe aleatoria simple, tendo en conta os dous exercicios anteriores e os erros cometidos neles, no seu caso, procedeuse á selección das liquidacións e expedientes de cada un dos conceptos que forman a mostra:

- Altas, autoliquidacións, baixas e beneficios fiscais correspondentes aos diferentes conceptos do orzamento de ingresos da Deputación (Recursos Propios):
(ER,RN,MN,AD,GX,RB,BO,PK,AV,IS,RC,HF, HE, RP,BB,RR,RK,FE,PM,DE,SX,EM,AP,RI,RO,HI,PC e AI)
- Padrón, altas, baixas e beneficios fiscais do Imposto de Actividades Económicas: **IAE** (IA)
- Padrón, altas, baixas e beneficios fiscais do Imposto de Bens Inmobles (Urbana, Rústica e Características Especiais): **IBI** (IU, IR, BI)
- Padrón, altas, autoliquidacións, baixas e beneficios fiscais do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica: **IVTM** (IV)
- Altas, autoliquidacións e baixas do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana: **IIVTNU** (VT)
- Baixas por insolvencia e declaración de crédito incobrable (Falidos): **DATAS RECADACIÓN** (MN,XM,RN,AV,GX,RE,RR,IV,RX,IU,DE,IA,AP,EM,SX,BI,VT,IR,ML)
- Sancións Municipais de Tráfico e Recursos interpostos contra as mesmas: **TRÁFICO** (ML, RR, ST)
- Altas, autoliquidacións, baixas, beneficios fiscais correspondentes a **Taxas e outros expedientes derivados de tributos municipais** de Recursos doutros Entes: **ROE** (XM, RE, GX, SX, ID, TS, Aprazamentos e Fraccionamentos, Devolución de Ingresos Indebidos, Devolucións Derivadas da Normativa

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 11:47

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
a5881fcab96b3e5bf93a41750cfec7f6d2f4e1b8

Deputación DA CORUÑA

INTERVENCION XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA
SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO
SECCIÓN DE CONTROL II
NEGOCIADO DE CONTROL DE INGRESOS

de Cada Tributo (Prorrateos Cotas IAE, IVTM, IIVTNU), Recursos de Reposición contra os actos de aplicación e efectividade dos Tributos e restantes Ingresos de Dereito Público de Xestión e Inspección Tributaria, Tercerías de Dereito e de Dominio)

En total foron revisados un total de 120 expedientes: 105 de recursos doutros entes públicos cuxa xestión foi delegada polos concellos da provincia nesta deputación e 15 de recursos propios da Deputación, dun universo de 1.319.884 expedientes. Detállanse no ANEXO 1 os parámetros estatísticos e os resultados obtidos.

Como consecuencia dos traballos de fiscalización a posteriori, emitíronse os informes definitivos relativos a cada un dos conceptos e que se achegan a este informe.

3. CONCLUSIÓN:

Os actos de xestión e inspección revisados, así como os de recadación, non presentan erros relevantes e axústanse ao ordenamento xurídico e tributario de aplicación, polo que é obrigado parabenizar aos servizos de Xestión Tributaria, Inspección Tributaria e Recadación polo gran traballo realizado, o elevado número de expedientes tramitados ao longo do exercicio e o alto grao de eficacia e eficiencia obtido.

Remítese a esa unidade de Orzamentos e Estudos Económicos para dar conta á Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas, o presente informe xunto cos informes orixinais de fiscalización a posteriori do exercicio 2017 dos conceptos relacionados no apartado 2 do presente informe, referidos tanto aos recursos propios da Deputación Provincial da Coruña como aos tributos cuxa xestión foi delegada polos Concellos da provincia nesta deputación.

A Coruña, 10 de maio de 2019

A Xefa de Servizo

Dolores Velo Fuentes

O Viceinterventor

José María Pérez Alvariño

Conforme,
O Interventor Xeral

José Manuel Pardellas Rivera

ANEXO 1

EJERCICIO	PORCEN_PRECISION	PORCEN_CONFIANZA	UNIVERSO
2017	3	90	1.319.884

EJERCICIO	CONCEPTO	DESCRIP	UNIVERSO	TAMAÑO_MUESTRA	PORCEN_ERROR	NUMERO_CATEGORIAS	SIN_CATEGORIA
2.017	1	BAJAS RECAUDACIÓN	31.963	15	0,5	1	31.222
2.017	2	TASAS Y OTROS EXPTES.	27.629	15	0,5	10	1.111
2.017	3	RP	5.254	15	0,5	25	0
2.017	4	IIVTNU	11.534	15	0,5	0	11.534
2.017	5	TRÁFICO	18.648	15	0,5	1	18.467
2.017	6	IBI	822.758	15	0,5	1	822.752
2.017	7	IAE	6.676	15	0,5	1	6.666
2.017	8	IVTM	395.422	15	0,5	1	388.490
			1.319.884	120			

DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA
INTERVENCIÓN

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 11:47
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
a5681fcab96b3e5b93a41750cfec7f6d2f4e1b8

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 11:47

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
a5881fcab96b3e5bf93a41750cfec7f6d2f4e1b8

Subtipos de valores que entraron en FISPOST 2017

Se comprueba que el reparto de subtipos de las muestras es proporcional

CONCEPTO	DESCRIP_CO	DESCRIP_SU	DESCRIP_AL	N_VALORES	UNIVERSO_VALORES	PORCENTAJE
1	DATAS RECAUDACIÓN	Derivación de responsabilidad		697	31.963	2,2
1	DATAS RECAUDACIÓN	Derivación de responsabilidad		9	31.963	0,0
1	DATAS RECAUDACIÓN	Derivación de responsabilidad		35	31.963	0,1
1	DATAS RECAUDACIÓN	Baja		31.222	31.963	97,7
2	ROE	Otros expedientes		1.128	27.629	4,1
2	ROE	Fraccionamientos y aplazamientos		3.707	27.629	13,4
2	ROE	Otros expedientes		74	27.629	0,3
2	ROE	Otros expedientes		749	27.629	2,7
2	ROE	Otros expedientes		38	27.629	0,1
2	ROE	Otros expedientes		1	27.629	0,0
2	ROE	Otros expedientes		1	27.629	0,0
2	ROE	Otros expedientes		927	27.629	3,4
2	ROE	Otros expedientes		31	27.629	0,1
2	ROE	Otros expedientes		78	27.629	0,3
2	ROE	Otros expedientes		5	27.629	0,0
2	ROE	Otros expedientes		295	27.629	1,1
2	ROE	Otros expedientes		43	27.629	0,2
2	ROE	Otros expedientes		25	27.629	0,1
2	ROE	Otros expedientes		21	27.629	0,1
2	ROE	Otros expedientes		900	27.629	3,3
2	ROE	Alta	Liquidación	503	27.629	1,8
2	ROE	Alta	Liquidación	8	27.629	0,0
2	ROE	Alta	Liquidación	67	27.629	0,2
2	ROE	Alta	Liquidación	175	27.629	0,6
2	ROE	Alta	Autoliquidación	14.435	27.629	52,2
2	ROE	Alta	Autoliquidación	4.207	27.629	15,2
2	ROE	Alta	Inspección	211	27.629	0,8
3	RP	Alta	Liquidación	8	5.254	0,2
3	RP	Alta	Liquidación	6	5.254	0,1
3	RP	Alta	Liquidación	14	5.254	0,3
3	RP	Alta	Liquidación	117	5.254	2,2
3	RP	Alta	Liquidación	285	5.254	5,4
3	RP	Alta	Liquidación	23	5.254	0,4
3	RP	Alta	Liquidación	121	5.254	2,3
3	RP	Alta	Liquidación	13	5.254	0,2

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 11:47
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
a5981fcab96b3e5b93a41750dec7f
6d24e1b8

3	RP	Alta	Liquidación	1	5.254	0,0
3	RP	Alta	Liquidación	100	5.254	1,9
3	RP	Alta	Liquidación	553	5.254	10,5
3	RP	Alta	Liquidación	1.435	5.254	27,3
3	RP	Alta	Liquidación	13	5.254	0,2
3	RP	Alta	Liquidación	9	5.254	0,2
3	RP	Alta	Autoliquidación	2	5.254	0,0
3	RP	Alta	Autoliquidación	4	5.254	0,1
3	RP	Alta	Autoliquidación	2	5.254	0,0
3	RP	Alta	Autoliquidación	9	5.254	0,2
3	RP	Alta	Autoliquidación	6	5.254	0,1
3	RP	Alta	Autoliquidación	1.307	5.254	24,9
3	RP	Alta	Autoliquidación	1.068	5.254	20,3
3	RP	Alta	Autoliquidación	148	5.254	2,8
3	RP	Alta	Autoliquidación	1	5.254	0,0
3	RP	Alta	Autoliquidación	9	5.254	0,2
4	IIVTNU	Alta	Autoliquidación	2.228	11.534	19,3
4	IIVTNU	Alta	Inspección	5	11.534	0,0
4	IIVTNU	Alta	Liquidación	9.208	11.534	79,8
4	IIVTNU	Baja		93	11.534	0,8
5	TRÁFICO	Recursos reposic. sanciones de tráfico		85	18.648	0,5
5	TRÁFICO	Recursos reposic. sanciones de tráfico		96	18.648	0,5
5	TRÁFICO	Alta	Liquidación	18.384	18.648	98,6
5	TRÁFICO	Baja		83	18.648	0,4
6	IBI	Bonificación vivienda protección oficial		6	822.758	0,0
6	IBI	Alta	Liquidación	103.551	822.758	12,6
6	IBI	Alta	Padrón	679.309	822.758	82,6
6	IBI	Baja		39.892	822.758	4,8
7	IAE	Bonificaciones de iae		10	6.676	0,1
7	IAE	Alta	Inspección	184	6.676	2,8
7	IAE	Alta	Liquidación	755	6.676	11,3
7	IAE	Alta	Padrón	5.702	6.676	85,4
7	IAE	Baja		25	6.676	0,4
8	IVTM	Bonificaciones de ivtm		2.551	395.422	0,6
8	IVTM	Bonificaciones de ivtm		4.381	395.422	1,1
8	IVTM	Alta	Autoliquidación	11.343	395.422	2,9
8	IVTM	Alta	Liquidación	3.552	395.422	0,9
8	IVTM	Alta	Padrón	372.086	395.422	94,1
8	IVTM	Baja		1.509	395.422	0,4

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 11:47
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
a5981fcab96b3e5b93a41750dec7f6d24e1b8

Categorías que NON entraron na mostra
(porque non hay ningún elemento no universo)

DESCRIP_CATEGORÍA	CATEGORIA
ROE Tasas por alcantarillado y agua del polígono de sabón - Liquidación	22
ROE Multas/sanciones tributarias - Autoliquidación	30
ROE Tasas por alcantarillado y agua del polígono de sabón - Autoliquidación	44
ROE Tasa expedición documentos y derechos de examen - Baja	64
ROE Tasas por alcantarillado y agua del polígono de sabón - Baja	66
ROE Recargas art. 27 lxt - Autoliquidación	78
ROE Intereses - Baja	80
ROE Recargas art. 27 lxt - Baja	82
RP Reintegro de inversiones de ejercicios cerrados - Liquidación	12
RP Reintegro de ejercicio corriente - Liquidación	15
RP Reintegro de pagos indebidos ejercicios anteriores - Liquidación	17
RP Reintegro renuncia a becas prov - Liquidación	19
RP Tasas autorización vías provinciales - Liquidación	21
RP Tasas por alcantarillado y agua del polígono de sabón - Liquidación	22
RP Usa pista polideportiva calvo sotelo - Liquidación	27
RP Alquiler instalaciones calvo sotelo - Autoliquidación	28
RP Multas/sanciones tributarias - Liquidación - Autoliquidación	30
RP Precio serv. público pazo mariñán - Autoliquidación	33
RP Reintegro de inversiones de ejercicios cerrados - Autoliquidación	34
RP Reintegro de anuncios particulares - Autoliquidación	35
RP Reintegro de capital de ejercicios cerrados - Autoliquidación	36
RP Reintegro de pagos indebidos ejercicios anteriores - Autoliquidación	39
RP Reintegro renuncia a becas prov - Autoliquidación	41
RP Tasas por alcantarillado y agua del polígono de sabón - Autoliquidación	44
RP Tasas por inserción de anuncios en el bop - Autoliquidación	45
RP Tasas servicios hogar infantil ferrol - Autoliquidación	48
RP Alquiler instalaciones calvo sotelo - Baja	50
RP Indemnizaciones - Baja	51
RP Multas/sanciones no tributarias - Baja	53
RP Precio serv. público pazo mariñán - Baja	55
RP Reintegro de inversiones de ejercicios cerrados - Baja	56
RP Reintegro de anuncios particulares - Baja	57
RP Reintegro de capital de ejercicios cerrados - Baja	58
RP Reintegro de ejercicio corriente - Baja	59
RP Reintegro de pagas concedidas al personal - Baja	60
RP Reintegro de pagos indebidos ejercicios anteriores - Baja	61
RP Reintegro de subvenciones concedidas - Baja	62
RP Reintegro renuncia a becas prov - Baja	63
RP Tasa expedición documentos y derechos de examen - Baja	64
RP Tasas autorización vías provinciales - Baja	65
RP Tasas por alcantarillado y agua del polígono de sabón - Baja	66
RP Tasas por inserción de anuncios en el bop - Baja	67
RP Tasas por servicios en el conservatorio de danza - Baja	68
RP Tasas servicios hogar infantil emilio romay - Baja	69
RP Tasas servicios hogar infantil ferrol - Baja	70
RP Usa pista polideportiva calvo sotelo - Baja	71

Categorías SOBRANTES que quedaron fora da mostra
(porque hay más categorías definidas que tamaño da mostra)

DESCRIP_CATEGORÍA	CATEGORIA
RP Indemnizaciones - Liquidación	7
RP Reintegro de ejercicio corriente - Autoliquidación	37
RP Reintegro de pagas concedidas al personal - Liquidación	16
RP Reintegro de subvenciones concedidas - Autoliquidación	40
RP Reintegro de subvenciones concedidas - Liquidación	18
RP Tasas por inserción de anuncios en el bop - Liquidación	23
RP Usa pista polideportiva calvo sotelo - Autoliquidación	49

DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE CORUÑA
INTERVENCIÓN

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 11:47
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
a5981fcab96b3e5b93a41750dec7f6d2f4e1b8

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 11:47

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
a5881fcab96b3e5bf93a41750cfec7f6d2f4e1b8

CADRO RESUMO FISCALIZACIÓN A POSTERIORI DE RECURSOS PROPIOS E RECURSOS DOUTROS ENTES DO EXERCICIO 2017

OBXETO DA FISCALIZACIÓN		EXPEDIENTES GTT	Nº TOTAL DE EXPEDIENTES: UNIVERSO (N)	Nº EXPTES. FISCALIZADOS: MOSTRA (n)	INTERVALO (N/n)	Nº EXPTES. CON ERRO	% DE ERRO (P)
RECURSOS DOUTROS ENTES (ROE)	101-IAE	IA	6.676	15	*445*	0	*0,00%*
	110-IBI	IU,BI,IR	822.758	15	*54851*	0	*0,00%*
	105-IVTM	IV	395.422	15	*26361*	1	*6,67%*
	106-IIVTNU	VT	11.534	15	*769*	2	*13,33%*
	35-DATAS RECAUDACIÓN	MN,XM,RN,AV,GX,RE,RR,IV,RX,IU,DE,IA,AP,EM,SX,BI,VT,IR,ML	31.963	15	*2131*	0	*0,00%*
	109-TRÁFICO	ML	18.648	15	*1243*	2	*13,33%*
	122-ROE (Taxas y outros exptes)	XM,RE,GX,SX,ID,TS	27.629	15	*1842*	1	*6,67%*
	RESUMEN R.O.E.		**1.314.630**	**105**	**---**	**6**	**5,71%**
RECURSOS PROPIOS (RP)	123-RP	ER,RN,MN,AD,GX,RB,BO,PK,AV,IS,RC,HF,RP,BB,RR,RK,FE,PM,DE, SX,EM,AP,RI,RO,HE,PC,AI	5.254	15	*350*	0	0,00%
	RESUMEN R.P.		**5.254**	**15**	**---**	**0**	**0,00%**
			1.319.884	**120**	**---**	**6**	**5,00%**

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 11:47
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
a5981fcab96b3e5b93a41750dec7f6d2f4e1b8

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 11:47

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
a5881fcab96b3e5bf93a41750cfec7f6d2f4e1b8

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 25/03/2019 10:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b7dbffa255d877315f9d794831c98be2c0400212

Deputación DA CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

EXPEDIENTE CP-1/2018

ASUNTO:
INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO, NA MODALIDADE DE CONTROL PERMANENTE, SOBRE O FUNCIONAMENTO OPERATIVO DO PAZO DE MARIÑÁN.

DESTINO:
SECRETARÍA DE PRESIDENCIA, SECCIÓN DE RELACIÓNS PÚBLICAS E PROTOCOLO, SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATATACIÓN, SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS E SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA.

I. ANTECEDENTES: OBXECTO E ALCANCE DO INFORME.

Logo da entrada en vigor do R.D. 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector público local, na Intervención provincial estase a traballar para dispor en breve prazo dun plan de control financeiro, modalidade de control interno que vén a complementar a función interventora que se está a realizar con carácter previo á aprobación de calquera gasto. Deste xeito, unha vez que se dispoña daquel plan, o órgano interventor da Corporación contará cun modelo de control integral, que permitirá abranguer o 100 por 100 do orzamento consolidado da Corporación, obxectivo a acadar no transcurso de tres exercicios económicos, segundo o disposto no artigo 4.3 da referida disposición regulamentaria.

Pero xa antes da entrada en vigor do regulamento de control interno invocado, a proposta da Secretaría, Intervención e Tesourería, a Presidencia da Deputación ditou a resolución nº 2018/7215, pola que se ordea realizar unha análise do funcionamento dos Centros provinciais, como un elemento de información para a xestión e coma un acto de execución do Plan de control financeiro do exercicio 2018. No apartado segundo noméase a este funcionario como coordinador das actuacións e en funcións de control financeiro.

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 25/03/2019 10:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b7dbffa255d877315f9d794831c98be2c0400212

Dándolle execución á resolución ditada, dentro da dispoñibilidade de tempo e tendo en conta a prioridade que se lle está a dar ás tarefas de fiscalización previa e remate das actuacións de control financeiro das subvencións, en xuño do presente ano iniciáronse as actuacións de **control financeiro sobre o Pazo de Mariñán**, seguindo para tal efecto a lexislación aplicábel que a continuación se citará, consonte ás técnicas propias da auditoría operativa ou de funcionamento, tal como está regulada nas Normas de Auditoría do Sector Público[1]. Dado que a execución dos gastos que se realizan neste centro xa están sometida á fiscalización previa, as actuacións deste expediente teñen o carácter de control permanente, nos termos regulados no artigo 29.2 do Regulamento do réxime xurídico do control interno, **de xeito que se trata de comprobar que a actividade que se realiza no Pazo de Mariñán está axustada ao ordenamento xurídico e aos principios de boa xestión financeira, co fin de mellorar a xestión do mesmo no aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedimental.**

No desenvolvemento das actuacións contouse coa total colaboración da Oficialía maior, así coma do Servizo de Patrimonio e contratación, Servizo de planificación e xestión de recursos humanos e Servizo de xestión tributaria, pondo a disposición deste funcionario os antecedentes e todos os datos solicitados. Tamén se obtivo resposta aos requirimentos de información formulados ao Negociado de protocolo e relación públicas, así como á secretaría da Presidencia. E, logo de terse emitido o informe provisional, recibiuse o informe solicitado da administrativa en funcións e coordinadora da actividade de hostalaría no Pazo que fora solicitado no curso das actuacións, así coma a memoria instada na dilixencia de comprobacións "*in situ*" estendida o día 4 de setembro.

[1] Norma 2.1.8. *"La auditoría operativa constituye un examen sistemático y objetivo a fin de proporcionar una valoración independiente de las operaciones de una organización, programa, actividad o función pública, con la finalidad de evaluar el nivel de eficacia, eficiencia y economía alcanzado por ésta en la utilización de los recursos disponibles, detectar sus posibles deficiencias y proponer a la dirección las recomendaciones oportunas en orden a la corrección de aquéllas, de acuerdo con los principios generales de la buena gestión, facilitando la toma de decisiones a las personas con responsabilidades de vigilancia o capacidad de emprender acciones correctivas."*

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 25/03/2019 10:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b7dbffa255d877315f9d794831c98be2c0400212

II. LEXISLACIÓN APLICÁBEL.

- Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de réxime local, logo das importantes modificacións introducidas pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Reforma e sostibilidade da Administración local (LBRL).
- Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, aprobado por Real decreto-lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público (LCSP)
- Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril (TRLRL)
- Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se aproba o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector público local (RXCIESPL)
- Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 5/2016, de 4 de maio, de Patrimonio cultural de Galicia (LPCGA).
- Normas de Auditoría del Sector Público, aprobadas por Resolución do Interventor n xeral do Estado de 14 de febreiro de 1997 e publicadas por Resolución da Intervención xeral do Estado 1 de setembro de 1998 (BOE de 30 de setembro de 1998) (NASP).
- Código Civil, aprobado por Real decreto de 24 de xullo de 1889.
- Ordenanza nº 14 reguladora do prezo público pola utilización do Pazo de Mariñán, publicada no BOP número 238, de 16 de decembro de 2013.

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 25/03/2019 10:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b7dbffa255d877315f9d794831c98be2c0400212

III. ACTUACIÓNS REALIZADAS.

- Solicitude remitida o día 07/06/2018 ao Servizo de Planificación e xestión de recursos humanos das listaxes do control horario do persoal do Pazo de Mariñán (rexistro de saída número 24.877) e contestación do dito Servizo á citada solicitude o día 08/06/2018 (rexistro de entrada número 24.877, do día 11/06/2018).

- Dilixencia de comprobación "*in situ*" estendida no Pazo de Mariñán o día 11/06/2018, asinada pola administrativa en funcións de coordinación, Dona Susana Barbeito Salamanca (DNI: 32.758.162-K), o interventor adxunto, Don Juan Bautista Súarez Ramos (DNI: 33.277.590-V) e a funcionaria Dona Ana Mª Portela Ordóñez (DNI: 32.805.600-X), estes dous últimos en calidade de actuarios.

- Requirimento de información do 12/06/2018 remitido á coordinadora do Pazo de Mariñán (rexistro de saída número 25.120). O citado requirimento tamén lle foi achegado por correo electrónico o día 04/07/2018, previa petición telefónica da dita coordinadora, téndose contestado o mesmo no prazo de alegacións ao informe provisional e incorporado ao expediente mediante dilixencia estendida o día 24 de outubro de 2018.

- Requirimentos de información, dos días 12/06/2018 e 17/07/2018, remitidos ao departamento de Relacións Públicas e protocolo (rexistros de saída números 25.119 e 27.765, respectivamente) e contestación do dito departamento aos mesmos o día 20/07/2018 (rexistro de entrada número 28.125).

- Requirimentos de información, dos días 12/06/2018 e 12/07/2018, remitidos á Secretaría de Presidencia (rexistros de saída números 25.118 e 27.560, respectivamente, dos días 12/06/2018 e 13/07/2018) e contestación do Presidente da Corporación, aos ditos requirimentos, o día 20/07/2018 (rexistro de entrada número 28.213, do 23/07/2018).

- Requirimento de información, do 13/06/2018, remitido á Secretaría de Vicepresidencia na mesma data e contestación ao mesmo o día 18/06/2018 (rexistro de entrada número 25.620).

- Comunicación interna do día 29/08/2018 (rexistro de saída número 30.925), remitida ao xefe do Servizo de Patrimonio e contratación para asistir ás actuacións de control financeiro do día 04/09/2018 no Pazo de Mariñán.

- Comunicación interna do día 29/08/2018 (rexistro de saída número 30.926), remitido ao xefe da Sección de Planificación de recursos humanos para asistir ás actuacións de control financeiro do día 04/09/2018 no Pazo de Mariñán.

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 25/03/2019 10:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b7dbffa255d877315f9d794831c98be2c0400212

- Correo electrónico do día 31/08/2018, da xefa da Sección de contabilidade III, do Servizo de Contabilidade, polo que achega o Estudo de custes do Pazo de Mariñán correspondente ao exercicio 2017, previa petición telefónica do mesmo por parte do interventor adxunto.

- Dilixencia de comprobación "*in situ*" estendida no Pazo de Mariñán o día 04/09/2018, asinada polo interventor adxunto, Don Juan Bautista Súarez Ramos (DNI: 33.277.590-V) e pola funcionaria Dona Ana Mª Portela Ordóñez (DNI: 32.805.600-X), ambos en calidade de actuarios e polos funcionarios do Servizo de Patrimonio e contratación, asistentes á dita comprobación, Don Luis Jaime Rodríguez Fernández (DNI: 09.699.560-T) e Dona María Lauda Pan (DNI: 32.758.839P). Na dita dilixencia o interventor adxunto propúxolle á administrativa en funcións de coordinación do Pazo -.previa manifestación en tal sentido por parte da mesma) que elabore unha memoria-proposta na que expoña a conveniencia de regular o réxime de usos e visitas do Pazo, documento que foi achegado ao expediente logo de terse emitido o informe provisional.

- Incorporación ao expediente da documentación seguinte, entregada o citado día 04/09/2018, con motivo das actuacións de control financeiro no Pazo de Mariñán:

  - Resolución da Presidencia número 4.796, do 02/02/2018.
  - Inventario de toallas a data 12/04/2018, asinado pola gobernanta do dito Pazo.

- Solicitude de documentación ao Servizo de Patrimonio e contratación, do día 12/09/2018 (rexistro de saída número 31.833, do 13/09/2018) e contestación por parte do dito Servizo de patrimonio e contratación o día 18/09/2018 (rexistro de entrada número 32.070, do 19/09/2018) coa achega da seguinte documentación en soporte CD:

  1. Carpeta Herdanza de Don Gerardo Bermúdez de Castro y Suárez de Deza.
  2. Certificado acta defunción do citado Don Gerardo Bermúdez de Castro y Suárez de Deza.
  3. Copia orden Ministerio de Gobernación.
  4. Acta apertura testamento.
  5. Datos relacionados co Pazo de Mariñán.
  6. Inventario dos bens e dereitos pertencentes ás herdanzas e legados.
  7. Descrición e valoración dos bens.
  8. Recorte de prensa (Heraldo de Madrid- Ano XXXIV, número 11.938 – 8 de maio de 1924).
  9. Copia simple da acta de protocolización de operacións testamentarias.
  10. Documentación adxunta.
  11. Descrición e valoración.
  12. Documentación adxunta varia.
  13. Inventario de bens EPÍGRAFE 3.
  14. Inventario de bens EPÍGRAFE 5.
  15. Inventario de bens EPÍGRAFE 7.1.
  16. Inventario de bens EPÍGRAFE 7.2.
  17. Inventario de bens EPÍGRAFE 7.3.

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 25/03/2019 10:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b7dbffa255d877315f9d794831c98be2c0400212

- Dilixencia do día 20/09/2018 estendida polo interventor adxunto, de recepción e incorporación ao expediente da documentación achegada polo Servizo de Patrimonio e contratación o día 18/09/2018 e recibida en Intervención o día 19/09/2018.

- Solicitude de documentación do día 12/09/2018, remitida ao Servizo de Xestión tributaria, Sección I (rexistro de saída número 31.384, do 13/09/2018) e contestación á dita solicitude o día 25/09/2018 (rexistro de entrada número 32.433, do 27/09/2018), achegando unha serie de documentos.

- Requirimento de información, do 18/09/2018, remitido ao departamento de Protocolo e Relacións públicas (rexistro de saída número 32.042) e contestación ao mesmo o día 21/09/2018 (rexistro de entrada número 32.291, do día 24/09/2018).

- Requirimento de información do día 18/09/2018, enviado á Secretaría de Presidencia (rexistro de saída número 32.040). A día de hoxe, esta Intervención non ten constancia da remisión da dita contestación ao citado requirimento.

- Relación de actas e outros documentos de consulta achegados pola Oficiala maior o día 20/09/2018, previa petición telefónica da mesma por parte do interventor adxunto.

- Correo electrónico do Servizo de Patrimonio e contratación do día 21/09/2018, coa achega do seguinte documento:

  - Inventario de bens EPÍGRAFE 1.1_INMUEBLES URBANOS.

- Dilixencia do día 21/09/2018, estendida polo interventor adxunto, de recepción e incorporación ao expediente da documentación achegada polo Servizo de Patrimonio e contratación, por correo electrónico, o citado día 21/09/2018.

- Incorporación ao expediente da Resolución de Presidencia número 21.190, do 21/11/2011, pola que se nomea a Dona Susana Barbeito Salamanca para realizar funcións de coordinación no Pazo de Mariñán (documento achegado polo Negociado de fiscalización de gastos de persoal).

- Incorporación ao expediente da relación de persoal do Pazo de Mariñán (documentación achegada polo Negociado de fiscalización de gastos de persoal).

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 25/03/2019 10:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b7dbffa255d877315f9d794831c98be2c0400212

IV. EMISIÓN DE INFORME PROVISIONAL E ESCRITOS DE ALEGACIÓNS.

De conformidade co disposto na Norma 6.3.1.3.1 das NASP, co fin de asegurar a calidade do informe e de que este sexa completo e obxectivo, logo de conclusas as actuacións e redactado con carácter provisional, foi remitido aos responsables da xestión e actividade no Pazo de Mariñán:

- Presidencia da Deputación (a través da súa Secretaría).
- Vicepresidencia,
- Sección de Relacións públicas e protocolo.
- Servizo de Xestión tributaria.
- Servizo de Planificación e xestión de recursos humanos.
- Servizo de Promoción económica e Servizo de Patrimonio e contratación.

Tal como se facía constar ao pé do informe, os destinatarios dispoñían dun prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte á recepción do documento, para presentar as alegacións e comentarios que estimaran convenientes.

No prazo conferido para o efecto recibíronse os seguintes escritos de alegacións, coas incidencias formais e contido que se indican deseguido:

- Escrito recibido da Sección de Relacións públicas e protocolo (Rexistro de entrada en Intervención nº 35.027, de 29 de outubro de 2018, co que se achega copia dos expedientes tramitados na Sección no exercicio 2018, agás os relativos aos xantares de traballo ordeados pola Presidencia. Non consta no pé de sinatura o nome da persoa asinante, aínda que hai que entender que a sinatura que figura debaixo de "Xefa de Protocolo" corresponde a funcionaria que ocupa, en comisión de servizos, o posto de traballo da Xefatura de sección de relacións públicas e protocolo. O escrito consta de 14 páxinas debidamente numeradas, no que se alega ou se fan comentarios respecto de cada unha das consideracións realizadas no informe provisional, así coma un apartado relativo á documentación complementaria achegada. Tamén se informa de que "*non se considera necesario anexar ningunha otra documentación realtiva aos xantares do Presidente, dado que os motivos dos mesmos foron comunicados a esta Comisión instrutora na contestación remitida o pasado 21 de setembro de 2018*". Con respecto ao apartado de conclusións, non se fai observación nin solicitude ningunha para a súa modificación.

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 25/03/2019 10:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b7dbffa255d877315f9d794831c98be2c0400212

- Escrito procedente da Secretaría de Presidencia, asinado por **Dona Paula Romay Roldán** o 26 de outubro de 2018 e con cuño desta desta dependencia. Dito documento foi entregado en man a este funcionario actuante por unha persoa funcionaria que exerce funcións de ordenanza o día 29 de outubro de 2018, tal como consta en dilixencia estendida para o efecto. O escrito consta de 5 páxinas, nas que se alega contra algunha das consideracións realizadas no informe provisional, así como contra as conclusións segunda e sexta do informe provisional.

- Escrito de alegacións recibido do Servizo de Xestión tributaria (Rexistro de Intervención nº 35121) e asinado electrónicamente pola Xefa de Sección de recursos propias, **Dona Covagonga Alonso Ricoy**, e polo Xefe de Servizo de xestión tributaria, **Don José Ignacio García Rojo**. O escrito consta de catro páxinas, nas que se exponen as tarefas realizadas por dito servizo en relación as ordenanzas fiscais e, singularmente, respecto da Ordenanza de prezos públicos nº 14, relativa a utilización do Pazo de Mariñán. En ningún dos apartados se cuestiona ou alega contra as consideracións ou conclusións do informe provisional. En calquera caso, tómanse en consideracións as precisións realizadas con respecto aos aspectos fiscais comentados na consideración terceira do informe provisional.

- Escrito recibido da Vicepresidencia (Rexistro de Intervención nº 35.142), do 30 de outubro de 2018). Non figura no pé de sinatura o nome da persoa asinante, aínda que consta o cuño da Vicepresidencia, polo que se entende que está autorizado por **Dona Goretti Sanmartín Rei**, Vicepresidenta da Deputación. O escrito non cuestiona nin alega contra ningunha das consideracións ou conclusións do informe provisional e só se achega ao expediente para facer constar que nin desde a Vicepresidencia nin tampouco da Área de cultura se orixonou gasto ningún no Pazo que non fora ocasionado pola celebración de xornadas técnicas ou polo fallo ou entrega de premios da Deputación.

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 25/03/2019 10:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b7dbffa255d877315f9d794831c98be2c0400212

Tamén se recibiu neste período a contestación ao requirimento realizado á funcionaria **Dona Susana Barbeito Salamanca** o día 12 de xuño de 2018, achegando un informe sobre a organización dos recursos humanos do Pazo Mariñán, así como a memoria-proposta do uso de dito Pazo, solicitada na dilixencia de comprobacións estendida o día 4 de setembro. Ditos documentos están asinados por dita funcionaria o día 23 de outubro de 2018 e foron achegados mediante correo electrónico cursado á actuaria **Dona Ana Portela Ordoñez** o día 24 de outubro de 2018 e incorporados ao expediente mediante dilixencia estendida para o efecto por este funcionario actuante.

Tal como dispón a Norma 6.3.13.2 das NASP, os escritos de alegacións recibidos e documentación complementaria veñen de ser evaluadas obxectivamente neste apartado IV e, en canto afectan ás consideracións ou conclusións do informe provisional, van a ser introducidas en ditos apartados, indicando se as alegacións son estimadas ou non, engadindo neste caso as oportunas observacións explicativas do funcionario responsable deste control permanente, na condición de actuante no labor auditor realizado. No caso de estimación, farase constar expresamente a rectificación da consideración ou comentario realizado no informe provisional.

Para efectos de maior claridade para os lectores, as alegacións máis salientables están recollidas literalmente e por iso se grafan en letra cursiva e entre comiñas. Asemade, estes apartados de contestación ás alegacións están grafados en letra “Calibri-11” (o resto do informe está grafado en “Arial-12”).

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 25/03/2019 10:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b7dbffa255d877315f9d794831c98be2c0400212

V. CONSIDERACIÓNS.

Primeira: a adquisición do Pazo de Mariñán en virtude de herdanza. A vontade do testador e a súa interpretación.

Segundo a documentación achegada a este expediente polo Servizo de Patrimonio (dilixencia de incorporación de 20 de setembro de 2018), o inmoble sito no temo municipal de Bergondo e coñecido como Pazo de Mariñán -xuntamente con outros bens e dereitos reais-, foi adquirido por esta Deputación, a título de herdeira universal e na súa condición de administración titular da "*Casa de Expósitos*" da Coruña, en virtude da vontade testamentaria de Don Gerardo Bermúdez de Castro y Suárez de Deza, señor de Láncara, cuxo óbito tivo lugar o día 11 de maio de 1936. O testamento, co seu carácter de título adquisitivo, está documentado na acta de protocolizacións das operacións testamentarias do causante, estendida polo notario Don Jesús Corominas y Menéndez Conde o día 4 de xullo de 1942 (nº 365 do protocolo notarial).

Tal como se fai constar nas partillas anteditas, o causante tiña outorgado testamento aberto perante o notario madrileño D. Luis Ávila Plá o día 28 de xullo de 1933 (logo rectificado o 28 de novembro de 1935 para único efecto de nomear axeitamente á usufructuaria) e na cláusula 7º disposición instituía herdeira da nuda propiedade de todos os seus bens á Deputación Provincial da Coruña, a quen lle correspondería a propiedade plena dos bens logo do falecemento da usufructuaria Dona Emilia Tamayo Gutiérrez. Para o caso de que a Deputación non aceptase a herdanza, establecíase a substitución da herdeira polo Concello da Coruña, "*con la obligación de aplicar lo que herede a favor del Asilo municipal o Establecemento de beneficiencia que sostenga*".

Da simple lectura das manifestacións que constan nestes documentos, parece clara a vontade do testador de que os bens relictos fosen destinados a un fin benéfico-social, designándose en primeiro lugar á Deputación como herdeira ao rexentar esta institución unha inclusa ou "*Casa de Expósitos*", o que hoxe vén sendo o Fogar Infantil Emilio Romay. Se, por calquera razón, a Deputación rexeitase a herdanza, establecíase a substitución de herdeiro a prol do Concello da Coruña, por ostentar a titularidade dun asilo ou calquera outro establecemento benéfico.

O carácter co que se recibíu o Pazo de Mariñán e a súa afectación a un fin benéfico-social foi interpretado de xeito inequívoco pola Corporación provincial daquel entón e así, xa na sesión plenaria que tivo lugar o 31 de marzo de 1943, facultouse ao Presidente D. Emilio Romay Montoto para habilitar o Pazo de Mariñán a fin de que os acollidos nos establecementos de beneficencia poidan residir en dito recinto na temporada do verán. E nese mismo ano, na sesión que tivo lugar o día 31 de maio de 1943, aprobouse unha moción do Presidente relativa a solicitar ao Banco de Crédito Local o envío de 250.000 pesetas para o abono das obras de adaptación do Pazo de Mariñán no establecemento benéfico "*Hogar Generalísimo Franco*".

Xa no ano 1944 continúase con tal vontade de crear un centro benéfico no Pazo e, na sesión que tivo lugar o día 30 de xuño de 1944, apróbanse os orzamentos das obras, así como "*el destajo concertado con Antonio Souto Montero"*. Inmediatamente despois, na sesión de 29 de xullo do mesmo ano, apróbanse as liquidacións das obras de "*reparación y adaptación del Pazo de Mariñán a Hogar Generalísimo Franco*". E a finais do mesmo ano 1944, con data de 18 de decembro, apróbanse uns novos orzamentos de obras no Pazo de Mariñán, "*Hogar Generalísmo Franco*".

Simultáneamente, ao longo destes anos a Deputación leva a cabo unha xestión directa da explotación agrícola e gandeira do Pazo, pois así resulta de determinados acordos que se refiren aos gastos de explotación agrícola e mesmo transaccións coma a de "*permutar una yunta de bueyes y un novillo*" ou "*venta de dos toros reproductores…"*.

Un punto de inflexión respecto de uso e destino do Pazo de Mariñán parece que se producíu no ano 1968, cando o Presidente, Don Rafael Puga Ramón, retira da orde do día da sesión de 28 de setembro unha proposta presentada polo deputado Sr. Liaño Flores sobre o destino do Pazo e as súas instalacións a fins turísticos na tempada de verán e coma centro de estudos durante o inverno. A retirada da orde do día xerou un intenso debate entre os señores deputados, dándoselle lectura mesmo a unha carta enviada polo Ministro de Información e Turismo, Sr. Fraga Iribarne, na que se consideraba que tal destino do Pazo podía supor un polo de atracción turística para a zona de Sada-Miño. Dada a trascendencia do asunto, decídese que a seguinte sesión plenaria teña lugar precisamente no Pazo de Mariñán.

E tal aconteceu, pois o 26 de outubro do mesmo ano, celébrase a sesión plenaria nun lugar habilitado para o efecto no propio Pazo de Mariñán, chegándose a alterar a orde do día previamente aprobada e debatíndose coma primeiro punto a proposta presentada polo deputado Sr. Liaño Flores, na que presenta unha alternativa entre manter a actual situación do Pazo ou ben acordar o destino do mesmo a usos turísticos. De novo se produce un intenso debate no que se distinguen as posición dos que insisten en manter o destino benéfico do Pazo respecto dos que consideran a posibilidade de darlle un uso turístico. Finalmente, a asunto péchase aprobando a proposta do Presidente Sr. Puga Ramón, de encargar un estudo económico e financeiro no que se contemplen as finalidades culturais, turísticas e agrícolas.

Descoñécese se dito estudo se chegou a realizar, non constando nas actas correspondentes as sesións que tiveron lugar nos seguintes anos ningún acordo ao respecto.

Contestación á alegación Sexta da Secretaría da Presidencia:

Neste punto, logo da análise dos documentos verificados neste control, no informe de control financeiro emitido provisionalmente o día 5 de outubro, advertíase dun posible incumprimento da vontade do testador, apreciándose na conclusión segunda daquel informe un incumprimento de tal vontade. Fronte a tal conclusión, na alegación Sexta das presentadas pola Secretaría de Presidencia (documento nº 36 do expediente) maniféstase:

- *"Pois ben, obviar as circunstancias históricas, tando de índole política como cultural, social e económica, nas que se produce a expresión da vontade do testador a través do testamento, así como non considerar o conxunto de competencias atribuidas ás deputacións nun momento histórico preciso, pode inducir a interpretacións reducidas á estrita literalidade e, xa que logo, non lóxicas, non sistemáticas e non teleolóxicas ou finalistas da vontade do testador"*

Ao respecto a este primeiro punto da alegación Sexta da Secretaría da Presidencia, débese salientar que a opinión emitida polo funcionario asinante é de carácter estritamente profesional e obxectiva, baseada nos feitos comprobados en documentos públicos, tal como esixe o artigo 35 do RXCIESPL, polo que non só debe obviar, senón que ten totalmente vetado someter a súa opinión a circunstancias políticas ou culturais, sociais ou económicas, ou atendendo ás competencias provinciais en cada momento. E, no tocante á vontade do testador e a alegación de falla de lóxica e de sistemática das "*interpretacións reducidas á estrita literalidade*", abonda para contestar coa transcripción literal do artigo 675 do Código Civil, no que se dispón:

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 25/03/2019 10:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b7dbffa255d877315f9d794831c98be2c0400212

"***Toda disposición testamentaria deberá entenderse en el sentido literal de sus palabras, a no ser que aparezca claramente que fue otra la voluntad del testador. En caso de duda se observará lo que aparezca más conforme a la intención del testador según el tenor del mismo testamento***."

Xa que logo, parece que as interpretacións historicistas, culturais ou políticas que se propoñen pola alegante non se ateñen á legalidade vixente tanto no momento no que redactou o testamento coma no actual.

No segundo apartado da alegación sexta da Secretaría da Presidencia exponse:

- *"Esta Secretaría de Presidencia entende que a vontade do testador está respectada e cumprida longamente se se atende as previsións orzamentarias desta Deputación para os centros educativos, residencia e atención de menores, que, en conxunto, alcanzan no presente exercicio 9.806.653,15 € (11.849.381,26€ no exercicio 2017). Non estamos certos de que a explotación económica estruturada do Pazo de Mariñán poida producir beneficios similares ás cantidades sinaladas e, por tanto, semella que a vontade do testador queda máis salvagardada no que toca ás atencións benéfico-sociais coa interpretación do testamento en termos lóxicos, sistemáticos e finalistas"*

No informe provisonal, o funcionario asinante xa apuntaba que durante este período de tempo a Deputación xestionou e mantivo o Fogar infantil Emilio Romay, así como un Centro de menores en Ferrol, pero tamén se advertía de que non constaba unha afectación específica do Pazo ou dos seus rendementos ao cumprimento da vontade do testador. Pois cando unha administración recibe un recurso afectado a unha determinada finalidade, ten que facer unha afectación específica, con seguimento contable e económico-patrimonial de tal afectación, sen que a aplicación de recursos xerais poida ser servir de compensación perante a falla de tal afectación específica.

Contestación a alegación n. 1 da Xefa de Sección de Relacións Públicas e Protocolo:

Pola súa banda, na primeira das alegacións presentadas, a Xefa de sección de Relacións públicas e protocolo cita no primeiro párrafo unha Orde do Ministerio de Gobernación de 4 de agosto de 1943, que a xuizo do funcionario actuante, vén a ratificar o carácter benéfico ou docente da herdanza do causante D. Gerardo Bermúdez de Castro y Suárez de Deza, en canto lle permite á Deputación a venda dos bens que decidíu non conservar no seu patrimonio, pero mantendo a afectación dos recursos obtidos de tal venda.

No segundo e terceiros párrafos, a Xefa de sección de Relacións Públicas e Protocolo apunta dúas citas bibliográficas que veñen a confirmar unha situación de feito sobre a que a mesma

alegante incide no párrafo terceiro e a que xa aludía este funcionario actuante na consideración terceira do informe provisional, ao entender que a utilización do Pazo para atencións protocolarias e representativas, así como para algunhas actividades docentes, consolidouse como un uso ou práctica habitual polo paso do tempo, pero sen que conste ningún acordo plenario previo.

Fiinalmente, no derradeiro párrafo desta primeira alegación, a Xefa de sección considera "*cuestión innegable"* que a Deputación poida utilizar o Pazo para atencións protocolarias e actos propios, como unha manifestación do dereito de propiedade, en canto lle permite ao seu dono usar e disfrutar dun ben; pero, tal como dí o artigo 348 do Código Civil, "*sin más limitaciones que las establecidas en las leyes*".

E, neste caso, débese lembrar o principio de legalidade e a vinculación positiva ao mesmo que se lle impón constitucionalmente á Deputación como administración pública ("*Quae non sunt permissa prohibita intelliguntur*"), de xeito que só pode facer o que unha norma previa lle permite facer, fronte a vinculación simplemente negativa dunha persoa particular, que pode facer todo o que a norma non lle prohíbe expresamente.

Xa que logo, malia a alegación presentada, setenta e seis anos despois de que se outorgase o título adquisitivo e máis de oitenta desde o falecemento do causante da herdanza, cómpre cuestionarse se aínda se pode cumprir hoxe coa vontade do testador de que os seus bens tivesen un fin benéfico de carácter social. Para o cumprimento de tal finalidade poderíanse seguir, a xuizo do funcionario asinante, dúas vías distintas, a saber:

- A adecuación do inmoble para o seu uso benéfico-social, que debería ser compatible co carácter histórico-artístico do conxunto e plenamente respectuoso con todas as disposicións legais de uso, conservación e acceso da cidadanía ao inmoble, tal como se regula na Lei de Patrimonio cultural da Comunidade Autónoma de Galicia.

- A explotación económica do inmoble e do recinto, así coma da finca agrícola, destinando as rendas xeradas a un fin benéfico-social.

Inclusión do contido o informe-proposta da coordinadora en funcións do Pazo, Dona Susana Barbeito Salamanca:

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 25/03/2019 10:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b7dbffa255d877315f9d794831c98be2c0400212

Neste apartado considérase conveniente facer unha mención especial á Memoria-proposta redactada pola funcionaria **Dona Susana Barbeito Salamanca,** no que se refire ás posibilidades de explotación económica do Pazo, indicándose posibles vías de obtención de recursos: cobros polas visitas, "*merchandising*", explotación de imaxe corporativa, celebración de eventos, restauración e outros.

Poida que das dúas vías posibles, esta segunda sexa moito máis doada de acadar que a primeira, posto que a actividade de restauración e hospedaxe que se está realizando resulta compatible coa protección e conservación do conxunto histórico-artístico e mesmo xa se está a realizar na situación actual, aínda que sen cobertura regulamentaria, tal como se explicará na consideración terceira.

En calquera caso, o exercicio da iniciativa pública para o desenvolvemento dunha actividade económica só pode levarse a cabo logo de tramitarse un expediente no que quede garantido o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e a sostibilidade financeira no exercicio das competencias propias. Asemade, deberase valorar os efectos que se producen no ámbito empresarial privado, procurando que a acción non supoña unha unha competencia desleal co sector privado, límites impostos polo artigo 86 da Lei de Bases de Réxime local, segundo redacción dada pola Lei 27/2013, de reforma e sostibilidade da Administración local.

Asemade, debe terse moi en conta que, no marco da lei que se vén de citar, as deputacóns provinciais non teñen competencia ningunha na prestación de servizos sociais, sendo a súa prestación unha competencia propia da Comunidade autónoma de Galicia, polo que a primeira das vías posibles só tería sentido se, con posterioridade, se acordase unha cesión do inmoble á aquela administración, por ser a competente para a realización da actividade prestacional.

En resumo, non existindo agora albaceas testamenteiro, compételle ao Pleno da Corporación, no exercicio da autonomía provincial e no marco normativo exposto, decidir se a vontade do causante da herdanza está cumprida ou non e, no seu caso, aprobar a forma de xestión que mellor se acomode á mesma.

Segunda. O Pazo como conxunto histórico-artístico: o deber de conservación e o acceso da cidadanía ao seu coñecemento e disfrute, coa conseguinte potestade impositiva.

Segundo información que consta na páxina web da Deputación[2], o Pazo de Mariñán e os seus xardíns gozan da declaración de conxunto histórico-artístico e monumental desde o Decreto de 8 outubro de 1972. Xa que logo, trátase dun sitio protexido, sobre o que se aplican todas as medidas de conservación, fomento e protección establecidas na Lei 5/2016, de 4 de maio, de Patrimonio cultural de Galicia, correspondéndolle á nosa Comunidade autónoma a tramitación dos procedementos administrativos para o exercicio das competencias administrativas nesta materia, sen prexuizo da necesaria cooperación entre todas as administracións públicas.

No tocante á conservación e fomento do patrimonio cultural, ningunha atribución competencial específica se lles recoñece ás deputacións provincais no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de Réxime local, logo das importantes modificacións que tivo este precepto mediante a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de reordenación e sostibilidade da administración local. Agora na lei básica estatal xa non hai unha mención explícita dos "*intereses peculiares da Provincia"*, expresión que sí se conserva no artigo 118 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, precepto no que se alude específicamente á competencia en materia de conservación dos monumentos histórico-artísticos (apartado b).

Xa que logo, no actual marco competencial das corporacións locais, o mantemento e conservación deste ben histórico-artístico, namentres se manteña no patrimonio da Deputación, segue a ser unha atribución desta Corporación, debendo destinar anualmente os créditos orzamentarios necesarios para cumprir con esta obriga, garantindo asemade o acceso e disfrute do mesmo por parte da cidadanía, tal como proclama e esixe aos seus titulares a Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia.

En síntese, nesta segunda consideración, para o efecto do control financeiro, quérese salientar a idea de que o gasto en conservación e mantemento do inmoble, namentras estea baixo a titularidade da Deputación, resulta necesario e imprescindible, pois é a obriga de calquera propietario de bens que ostenten calquera das calificacións protexidas pola lexislación invocada anteriormente. Asemade, debe preverse un réxime de visitas, para que calquera persoa poida

[2] (https://turismo.dacoruna.gal/es/descubre/patrimonio-provincial/pazo-de-marinan)

acceder ao coñecemento e disfrute dos valores arquitectónicos e paixasísticos deste espazo singular.

Coma contrapartida da obrigación exposta anteriormente, a Deputación ben podería usar a súa potestade impositiva e regular mediante a correspondente ordenanza fiscal, a esixencia dunha taxa polo acceso ao recinto e ao inmoble, ao tratarse dun uso especial do dominio público, ou mesmo polo uso privativo, no caso de que se regulase o peche de determinados espazos para eventos como poden ser reportaxes de fotografía, rodaxe de películas ou calquera outro aproveitamento singular por parte dalgunha persoa física ou xurídica. Deste xeito podería obterse un rendemento que, xuntamente cos demais recursos provinciais, contribuise ao financiamento do gasto necesario de conservación e mantemento.

Inclusión da información exposta na alegación Terceira do Servizo de xestión tributaria:

Con respecto a posible imposición dunha taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do Pazo der Mariñán, o Servizo de Xestión tributaria fai constar que no expediente de modificación das ordenanzas fiscais e reguladoras de prezos públicos para o exercicio 2013 incluíuse inicialmente a proposta de aprobar unha taxa por tal aproveitamento, achegando para o efecto unha proposta de ordenanza reguladora. Non obstante, dita proposta no foi incorporada na moción que finalmente se presentou, debido a que un informe do Xefe de Relacións públicas e protocolo desaconselleu a imposición desta taxa polas dificultades de recadación que xeraría.

Contestación á alegación n. 2 da Xefa de sección de Relacións públicas e protocolo:

A funcionaria alegante alude tamén ao Pazo como conxunto histórico-artístico, invocando un pretendido RD 2687/1972, disposición que nunca puido existir con tal nomenclatura, dado que en 1972 España non tiña Rei (deberíase modificar a información da páxina web para non incorrer institucionalmente neste erro, pois tamén se indica incorrectamente que o Decreto de 8 de oubro de 1972 tiña o carácter de real).

Polo que respecta ao acceso e disfrute da cidadanía deste conxunto histórico-artísitico, a regulación actual recóllese na Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia. Dado este carácter cultural, parece máis axeitado que esta actividade sexa xestionada polo Servizo de Acción sociocultural da Deputación, sen prexuizo de que se uso para actividades protocolarias sempre que así o acorde o Pleno da Corporación no regulamento cuxa aprobación se recomenda no apartado de conclusións.

Terceira. A actividade de hostalaría realizada no Pazo de Mariñán: falla de regulamentación e ausenza de motivación de cada unha das prestacións. A aplicación indebida do suposto de non suxeición ao prezo público.

Do conxunto de antecedentes e actuacións practicadas -tal como se relatan nos apartados xa relatados-, constátase que no Pazo de Mariñán -ademais da actividade propia de conservación do monumento e dos xardíns-, estase a levar a cabo unha actividade de hostalaría, ofertando servizos de restauración e aloxamento de visitantes, utilizando para tal fin as instalacións de cociña-comedor e habitacións das que dispón o inmoble, contratando os subministros de víveres necesarios e dispondo dos recursos humanos afectos a este centro de traballo, ademais do apoio externo de empresas de servizos.

Na procura de normativa e acordos plenarios que autoricen a realización desta actividade[3], só se puido atopar a aprobación da Ordenanza reguladora do prezo público do Pazo de Mariñán (Ordenanza nº 14), modificada en abondosas ocasións e cuxa derradeira modificación foi publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 238, do 16 de decembro de 2013 (segundo a información que consta na páxina web www.dicoruna.es e documentación remitida polo Servizo de Xestión tributaria e incorporada ao expediente o día 27 de setembro de 2018).

[3] Aínda que non non se chegou a adoptar ningún acordo plenario ao respecto, para ser precisos convén informar que no mandato corporativo 2011-2015 foi designada unha comisión político-técnica, consonte ao previsto no artigo 97 do Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local, que levou a cabo un estudo das posibles formas de xestión do patrimonio histórico-artístico provincial e mesmo se redactou un borrador de prego de clásulas administrativas para proceder a súa xestión indirecta, en réxime de concesión administrativa, incluíndose ao Pazo de Mariñán como lote específico para a súa explotación por un xestor privado. En dita comisión estaba integrado o funcionario asinante deste informe, quen achegou un estudo económico-financeiro ao expediente e unha estimación dos ingresos que se poderían obter coas tarifas propostas. Pero desde o cesamento da deputada que dirixía a comisión de estudo, Sra. Faraldo Botana, os traballos quedaron interrumpidos, sen que dita comisión fose novamente convocada polo deputado que asumíu ditas funcións, Sr. Amor Barreiro.

Inclusión da alegación Cuarta do Servizo de Xestión tributaria:

Cómpre precisar que o Servizo de Xestión tributaria non formou parte desta comisión político-técnica.

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 25/03/2019 10:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b7dbffa255d877315f9d794831c98be2c0400212

Inclusión da alegación Primeira do Servizo de Xestión tributaria:

Cómpre precisar que o Servizo de Xestión tributaria, en canto lle compete a instrución dos expedientes das ordenanzas fiscais e precios públicos, dirixe escrito con certa periodicidade á Presidencia da Deputación e aos diversos servizos, para que realicen as súas propostas en relación con este asunto. En concreto, no presente exercicio 2018 enviouse un correo electrónico a todos os servizos o día 25 de abril de 2018, tal como consta no anexo 1 do seu escrito de alegacións.

A inexistencia de acordos corporativos ao respecto da actividade económica realizada en Mariñán, sen que se teña tramitado un expediente para o efecto -tal como preceptúa o artigo 97 do Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local-, nin tampouco da declaración de servizo público da actividade (malia que o inmoble ten tal cualificación no Inventario de bens e dereitos da Corporación), parece indicar que o exercicio desta actividade de hostalaría veuse consolidando coma unha práctica habitual para aproveitar os medios humanos e materiais existentes, mantida nos sucesivos mandatos corporativos, sen que conste que fose cuestionada por ninguén, nin no ámbito político nin administrativo, polo que actualmente forma parte do acervo de usos e costumes da organización político-administrativa desta Corporación.

Contestación a alegación terceira da Xefa de sección de Relacións públicas e protocolo:

Considera a Xefa de sección de Relacións públicas e protocolo que é errado calificar a actividade do Pazo coma un servizo de restauración e aloxamento, ao entender que con tal actividade o que se está a facer e darlle cumprimento da obriga de acceso á cidadanía para coñecemento e disfrute do Pazo, así como a posibilidade de realizar actividades de promoción social, cultural, artística e científica. E, para xustificar tal uso, invoca a Ordenanza nº 14 retguladora do Prezo público pola utilización do Pazo de Mariñán e as súas sucesivas modificacións.

Para darlle debida contestación a esta alegación, cómpre facer varias precisións de carácter normativo:

- A ordenación por conta propia de medios materiais e humanos coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou servizos está calificada coma unha actividade económica no artigo 79 do TRLRFL, figurando específicamente as actividades de alimentación e hospedaxe nas Agrupacións 67 e 58 da Sección primeira das tarifas (actividades empresariais), aprobadas por R.D. lexistivo 1175/1990, de 18 de setembro.

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 25/03/2019 10:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b7dbffa255d877315f9d794831c98be2c0400212

- A regulación do prezo público (non de taxa, como a califica a alegante) é unha manifestación clara e evidente de que se esta a facer unha actividade económica con contraprestación ("*do ut des*") en réxime de libertade de concorrencia co sector privado da economía.

- O acceso e disfrute deste espazo pola cidadanía, nos termos que está regulado na Lei 5/2016, do Patrimonio cultural de Galicia, para nada conleva que ás persoas visitantes se lles presten servizos de restauración ou aloxamento.

Xa que logo, non pode tomarse en consideración dita alegación terceira. A manifestación sobre a exención do prezo público que se fai nesta alegación terceira (non taxa, como de novo se califica erradamente) será analizada nun apartado posterior.

Pero, posto que o presente informe non abrangue feitos e circunstancias acaecidos no pasado, cómpre analizar cal é a xestión que se está a realizar no momento actual. Pois ben, logo das actuacións realizadas "*in situ*", púidose coñecer que no desenvolvemento desta actividade estanse a producir dous usos ben diferenciados, aínda que relacionados entre sí e con características e circunstancias comúns, tal como se explica deseguido:

a) O uso do Pazo polo titular da Presidencia e outros membros do Goberno provincial e para atencións protocolarias:

Decíase no informe provisional que, por unha banda, con carácter ordinario, os servizos de restauración que se realizan neste centro teñen coma principais destinatarios ao propio titular da Presidencia e aos demais membros do goberno provincial (no período analizado non consta ningunha autorización a prol de membros corporativos non pertecentes ao Goberno), víndose organizando ao longo deste ano xantares de traballo e outras de carácter protocolario, que son autorizadas previamente por unha resolución, na que simplemente se declara o carácter de comida ou xantar de traballo, non constando no corpo da mesma nin os asuntos a tratar nin tampouco a relación de persoas asistentes.

Inclusión da manifestación única da Vicepresidencia:

Nest punto ha de precisar que, segundo manifestación exposta no escrito de alegacións presentado pola Vicepresidencia, nin dende este órgano nin nin tampouco da Área de cultura se orixonou gasto ningún no Pazo que non fora ocasionado pola celebración de xornadas técnicas ou polo fallo ou entrega de premios da Deputación.

Contestación a alegación cuarta da Secretaría da Presidencia:

Sobre este extremo, na alegación **CUARTA** da Secretaría de Presidencia exponse:

"*A afirmación de que con carácter ordinario, os servizos de restauración que se realizan neste centro teñen como principais destinatarios ao propio titular da Presidencia e aos demais membros do goberno provincial, é inexacta por hiperbólica e pode inducir a interpretacións torcidas se observamos a relación de usos e usuarios do que dispón a Sección de Relacións Públicas e Protocolo, unidade xestora dos expedientes relativos aos xantares e demais eventos protocolarios realizados no Pazo de Mariñán, que con seguridade faralle chegar polo miúdo a responsable desta sección xunto coas súas alegacións*".

Efectivamente, no informe provisional utilízase o adxectivo "ordinario" para calificar o carácter co que se veñen realizando xantares de traballo e outros de carácter protocolario promovidos pola Presidencia e membros do equipo de goberno. O termo está utilizado coma sinónimo de "común" ("*o que é conforme á norma, o que se adoita a facer, usar*" así o define a Real Academia Galega) e antónimo de "extraordinario" ("*o que sae do que é normal ou habitual*" segundo a RAG) e nese senso hai que entendelo, sen que esta utilización do termo segundo a propia definición do diccionario teña que ser considerada hiperbólica ou induza a interpretacións torcidas, que desde logo non deben inferirse nunca dun informe tramitado nun expediente no que se están a respectar as NASP e na redacción o funcionario actuante trata de expor con obxectividade, de forma clara e ponderada, os feitos comprobados, tal como impón o artigo 35 do RRXCI.

Na mesma cuarta alegación da Secretaría de Presidencia, "*in fine*" manifétase:

"*Por outra banda, se segundo o señor interventor adxunto non consta –no período analizado- ningunha autorización a prol de membros corporativos non pertencentes ao Goberno, tampouco lle constará ningunha solicitude denegada, xa que non se teñen producido nin solicitudes nin, por tanto, denegacións*".

Acéptase esta alegación e, xa que logo, para describir con absoluta precisión os antecedentes cotexados, tamén hai que dicir neste punto que non consta ningunha solicitude presentanda por membros corporativos non pertecentes ao Goberno que fora denegada.

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 25/03/2019 10:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b7dbffa255d877315f9d794831c98be2c0400212

Explicábase no informe provisional que a imposibilidade de identificar aos comensais –malia a que os requirimentos non ofrecían dúbida ao respecto e solicitaban tal información-, así coma a invocación da oportunidade e discrecionalidade na contestación recibida, parecían amosar certa resistencia ás actuacións de control realizadas e non permitiron coñecer se en tales xuntanzas participa persoal funcionario con coñementos especializados nos asuntos a tratar, algunha delas con este marcado carácter técnico (por exemplo, a explicación a un alcalde do provincia de Lugo do POS+ e do PEL).

Contestación á alegación terceira da Secretaría de Presidencia:

Contra as afirmacións deste párrafo, a Secretaría da Presidencia presenta a terceira das súas alegacións (a primeira e a segunda, ao deixar constancia que o expediente foi iniciado precisamente por Resolución da Presidencia, son propiamente antecedentes para fundamentar esta terceira,), na que se argumenta que o exposto no apartado anterior "*é, cando menos, inxusto, desatinado e máis próximo a un xuizo de intencións que a unha análise de funcionamento e control financeiro*".

Para contestar a esta alegación faise preciso invocar o artigo 30.6 do Regulamento do réxime xurídico do control interno, no que se dispón textualmente que "***en todo caso, la falta de colaboración podrá hacerse constar en el informe de control***". Asemade, a Norma 3.3 das NASP, reguladora do contido dos informes desta natureza, establece que se farán constar ás limitacións ao traballo desenvolto. E, máis concretamente, a Norma 6.3.3.2 establece: "*Se indicará también cualquier limitación al alcance, bien haya sido acordada previamente* ***o surgida en el transcurso del trabajo, indicando su relevancia para los objetivos fijados****(…)*".

Na referida alegación terceira da Secretaría de Presidencia cuestiónase tamén a necesidade da información relativa á identidade das persoas que participan nas xuntanzas de traballo no Pazo de Mariñan e maniféstase que dita información, de existir con este nivel de detalle, debería estar localizada nos expedientes que tramita a Sección de Relacións Públicas e Protocolo. Asemade, no penúltimo párrafo de dita alegagación terceira conclúese:

"*Non obstante, entendemos que o nome e apelidos dos/as concorrentes é irrelevante para os efectos dunha análise de funcionamento do Pazo de Mariñán e do control financeiro deste centro: o agsto será o mesmo sexa con A, con B, ou con C. A non ser que o que se pretenda, a partir do coñecemento dos nomes e apelidos dos/as asistentes, é xulgar se a xuntanza de traballo responde ó interese provincial, o que nos levaría a un debabe inaceptable e sen final. Todas as xuntanzas de traballo (con ou sen café, con ou sen comida) realizadas no Pazo de Mariñán están motivadas, guiadas e dirixidas á salvagarda e promoción do interese provincial. Deste xeito considérase cumprida a prescrición contida no artigo 6.2 do Real decreto 424/2017 en canto dispón que "as autoridades, calquera que sexa a súa natureza, (…) deberán prestar a debida colaboración e apoio aos funcionarios encargados da realización do control""*

Para contestar motivadamente a este aparatado, de novo se teñen que invocar as NASP, tanto no tocante ao **escepticismo profesional** co que debemos actuar os funcionarios que levamos a cabo as comprobacións, como na necesidade de obter **evidencia suficiente, pertinente e válida** coa finalidade de lograr unha base de xuizo razonable para apoiar o ditame, comentarios, conclusións e recomendacións (Norma 5.3). Pois non se trata de que o funcionario actuante faga unha apreciación do interese público de cada xuntanza de traballo, **senón que as comprobacións realizadas lle permitan ao Pleno da Corporación –órgano de representación cidadá ao que se elevará o presente informe-, poida facer tal valoración.**

Por outra banda, respecto dos gastos de protocolo –con independencia de que sexan atendidos con medios propios, como é o caso-, o Tribunal de Contas ten establecida a necesidade de identificar aos asistentes (sentenza nº 26/2017, da Sala de Xustiza), expresando que "*La diligencia cualificada exigible a cualquier gestor de fondos públicos impide la utilización de estos para la organización de comidas o cenas con el personal a su servicio y el cargo de cualquier tipo de gasto no acorde con la función pública que se tiene encomendada*". E nese mismo fundamento, reproduce un informe da Intervención Territorial de Alicante no que se manifesta que "*En determinados gastos la justificación no se considera adecuada como en el caso de los gastos de atenciones protocolarias en los que* ***debería justificarse la necesidad del gasto, beneficio o utilidad del gasto, personas y grupos de destinatarios del mismo"*****.**

Contestación á alegación terceira, apartado a, da Xefa de sección de Relacións públicas e protocolo:

Contra a afirmación de que non se identificaron os asistentes aos xantares de traballo alega tamén a Xefa de Sección de Relacións públicas e protocolo, facendo referencia aos requirimentos cursados despois da segunda sesión de comprobacións realizadas "in situ" o día 4 de setembro, pero obviando os requirimentos realizados inmediatamente despois da primeira sesión de comprobacións levada a cabo o día 11 de xuño, respeto dos que o funcionario actuante aprecia certa resistencia na contestación asinada polo propio titular da Presidencia. En canto ao dobre requirimento da mesma información (Presidencia e Sección de Relacións públicas e protocolo), hai que aclarar que é unha técnica propia de auditoría contrastar distintas fontes de información para a obtención da evidencia válida para emitir o dictame (**a confianza en auditoría aumenta cando concordan distintas fontes**, tal como dí "*in fine*" a Norma 6.3.12 das NASP).

En canto a manifestación de que "*O Presidente desta Institución indica os motivos de todos os xantares nos que participou, non tendo o instrutor deste expediente motivos para dubidar que dita motivación non s axuste a realidade ou puidera contravir a legalidade vixente*" debe invocarse de novo o principio de escepticismo profesional do labor auditor. No seguinte apartado invócase pola alegante unha Resolución do Consello de Contas de Galicia, que pode servir de referencia pero que non resulta aplicábel ao sector público local, nas que se definen as atencións de cortesía social e institucional, que se deben diferenciar das "*comidas de*

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 25/03/2019 10:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b7dbffa255d877315f9d794831c98be2c0400212

traballo", isto é, as que teñen lugar por mor do desprazamento fóra da sede ou despacho oficial da persoa que ostenta un cargo público, funcionarial ou laboral cunha administración pública. Pois cando o traballo se realiza na propia sede, non se devindica un dereito a comida de traballo ou dieta, pero sí que pode haber unha comida de cortesía ou institucional coa persoa visitante e neste marco é no que está dotada en todas as administracións públicas as atencións protocolarias e representativas.

En calquera caso, débese deixar constancia de que nin na contestación aos requirimentos realizados nin na documentación achegada coas alegacións, foron identificadas as persoas asistentes aos xantares de traballo. Tampouco se achegaron os expedientes relativos a tales xantares e só consta unha sucinta referencia aos motivos para que se tiveran producido.

Polo demais, coma xa de anticipou anteriormente, **acéptase a alegación de que non hai constancia de solicitudes de uso do Pazo a prol de membros corporativos non pertecentes ao Goberno.** Pola contra, o que non pode admitirse é que un membro corporativo sexa o que faga solicitudes ou peticións a prol de entidades non lucrativas, dado que ditas solicitudes só pode realizalas que teña a representación legal das interesadas ou poder dabondo. Pois as persoas elexidas coma membros da Corporación, en virtude en virtude do mandato recibido, representan ao conxunto da cidadanía.

En resumo, no período xaneiro-xuño de 2018, por resolución da Presidencia tiveron lugar diversos xantares, calificados na correspondente resolución autorizante coma de traballo, estimándose que nos mesmos participaron arredor de 123 comensais (incluido o persoal asistente)[4]. Revisadas as resolucións autorizantes, só na emitida o día 2 de febreiro de 2018 (Resolución nº 4820) consta o motivo do xantar e unha referencia xenérica aos asistentes (autorización ao deputado Sr. Fernández Piñeiro para un xantar de traballo cos directores de sucursais das principais entidades bancarias da zona do Eume).

[4] Tomouse para tal cálculo os datos facilitados polo persoal de cociña nas actuacións practicadas os días 11 de xuño e 4 de setembro do presente ano. Na alegación presentada pola Xefa de Sección de Relacións públicas e protocolo indícase infórmase de que foron 65 convidados en total. Esta diferencia de comensais pode ser debida a que no cómputo do persoal de cociña inclúese ao persoal funcionario que asistíu ou acompañou ao titular da Presidencia.

No tocante ao tratamento fiscal e recadatorio destas comidas de traballo, en todas as resolucións autorizantes constátase a existencia dunha invocación ao artigo 3 da Ordenanza reguladora do prezo público, precepto no que se configura un suposto de non suxeición a estes prezos para as actividades "*de tipo cultural ou de promoción social, científica ou económica, cando sexan patrocinadas ou por iniciativa desta Deputación provincial*", polo que nada se recadou pola prestación efectiva de tales servizos, ao entenderse que a simple invocación do artigo abonda para entender que se trata de actividades daquela natureza cultural, social, científica ou económica ás que alude a ordenanza e que, xa que logo, concorrería o primeiro dos presupostos habilitantes para o disfrute deste suposto de non suxeición (o segundo é que se trata dunha actividade a iniciativa da Deputación). No entanto, ao non constar a temática ou asuntos a tratar neses xantares, non se pode valorar se concorren en cada caso circunstancias culturais ou sociais, de carácter científico ou económico, que poidan servir de fundamento do beneficio obtido.

Inclusión da alegación Quinta do Servizo de Xestión tributaria:

En dita alegación, o Servizo de Xestión tributaria deixa constancia de que actualmente non se están a someter a fiscalización as resolución que aplican o artigo 3 da Ordenanza reguladora do Prezo público pola utilización do Pazo de Mariñán, en virtude do escrito de 12 de marzo de 2015 remitido pola Intervención, no que se indica que con respecto a estes beneficios vai a procederse ao estudo e análise do procedemento a seguir para a súa tramitación.

Contestación á alegación terceira a), segundo apartado (páxina 5) das presetandas pola Xefa de sección de Relacións públicas e protocolo:

Neste apartado, ao cuestionarse a opinión deste funcionario actuante respecto do tratamento fiscal e recadatorio das comidas de traballo, a Xefa de sección de Relaciónes públicas e protocolo incorre nunha imprecisión de grande calado ao comentar a Ordenanza nº 14 reguladora do Prezo público pola utilización do Pazo de Mariñán, que deriva da errada transcrición ortográfica do artigo 3 que figura na páxina 3 das súas alegacións. En dita transcrición introduce unha coma que non leva o texto orixinal (publicado, por certo, no Boletín Oficial n1 296, do 28 de decembro de 1998, non existindo o BOP número 238 do 18 de decembro de 2013, senón o BOP número 238 do 16 de decembro de 2013, pero esta publicación non afecta ao artigo comentado, que permanece invariable desde a súa redacción inicial). Con dita figurada coma estase a separar indebidamente a expresión adversativa "*o por iniciativa de esta Diputación Provincial*", desnaturalizando da súa función sintáctica á conxunción "o", que polo seu propio carácter introduce unha alternativa entre actividades patrocinadas ou por iniciativa da Deputación provincial. **Pero, en todo caso, tal como se explicaba claramente no informe provisional, as actividades para as que está a previsto este beneficio deben ter carácter cultural o de promoción social, científica ou económica.**

Con respecto ás "*comidas ligadas á función de cargo público*" ás que se se alude a funcionaria alegante, de novo se insiste en que dende a Sección de Atencións protocolarias e representativas deben diferenciar entre as atencións propias dos convites de cortesía ou propias dos usos sociais autorizadas pola Presidencia, daquelas outras que teñen a súa causa nun desprazamento da persoa titular dun cargo público fóra da residencia ou lugar de despacho oficial, sendo esta a circunstancia a que motiva que a comida sexa por mor de traballo. Todo o dossier de documentación que se achega coas alegacións fai referencia ás primeiras, isto é, as comidas de carácter institucional ou representativo, pero nada se achega con respecto aos xantares calificados como de traballo (véxase, para tal efecto e a modo de exemplo, o cadro incorporado na alegación nº 4, na se recollen os xantares de traballo dos días 15 de xaneiro,14 de febreiro,19 de febreiro,1 de marzo, 5 de marzo, 9 de marzo, 9 de marzo,12 de marzo, 19 de marzo, 3 de maio, 7 de maio, 21 de maio, 30 de maio e 4 de xuño e 20 de xuño, nos que no apartado de observacións non aparece o motivo ou circunstancia xustificante, indicándose só o número de comensais).

Dalgún destes xantares consta unha explicación dada polo titular da Presidencia na contestación emitida o día 20 de xullo de 2018. Noutros casos, segundo a información do cadro anexo á contestación asinada pola Xefa de Sección de Relacións públicas e protocolo o día 31 de setembro, cítanse algúns motivos xenéricos ("*xestión plans Deputación, xestión asuntos ordinarios Deputación")*, que para nada xustifican que se teña que realizar unha comida de traballo en Mariñán, pois máis ben parecen tarefas a desenvolver nas propias oficinas da Deputación)

Decíase no informe provisional que sobre este primeiro uso que se está a facer do Pazo de Mariñán, ao non estar fundamentado en regulación normativa ningunha e non estar motivadas debidamente todas as decisións autorizantes, apréciase unha actuación estritamente política, sen control administrativo ningún, lexitimada únicamente pola expresión escrita da vontade de quen ostenta o poder de decisión en cada momento; **non obstante, logo das alegacións achegadas pola Xefa de sección de Relacións públicas e protocolo, cómpre matizar que este uso sí é xestionado no ámbito administrativo pola Sección de Relación públicas e protocolo, unidade que se encarga de redactar a resolución autorizante e de aplicar o beneficio fiscal correspondente, sen que conste informe ningún ao respecto.**

Perante a falla de regulación e motivación urxe, xa que logo, que o Pleno da Corporación, no exercicio da súa potestade normativa e se o considera pertinente, regule con carácter xeral os usos estritamente permitidos e o procedemento para a súa autorización, de xeito que as decisións resultantes deriven do exercicio da potestade regulada desta Administración, cumpríndose así coa máxima de que Administración só pode facer o que unha norma previa lle permite facer, expresión clara do sometemento pleno a Lei e ao Dereito que impón o artigo 103.1 da nosa Constitución.

b) A utilización do Pazo por terceiros, persoas físicas e xurídicas:

Por outra banda, o servizo de restauración e hospedaxe que se está a prestar no Pazo ten coma destinatarios en xeral ás persoas físicas ou xurídicas que poden solicitar tales servizos para levar a cabo actividades coma asembleas, seminarios e outras similares, debendo satisfacerse en tal caso a prol desta Deputación a cota de prezo público fixada na Ordenanza nº 14, a non ser que resulte de aplicación o suposto de non suxeción establecido no artigo 3 da mesma.

Respecto desta segunda modalidade de uso debe salientarse, en primeiro lugar, que non consta a existencia de ningunha acción de publicidade para que as persoas interesadas poidan coñecer esta posibilidade e presentar a correspondente solicitude, non existindo información ningunha ao respecto na páxina web da Deputación, nin tampouco formulario no que se fagan constar as circunstancias a considerar para unha posible autorización de tal uso.

Xa máis concretamente, á vista das comprobacións realizadas, despréndese que na práctica, o referido artigo 3 -redactado por certo de forma vaga e imprecisa-, está a ser aplicado á meirande parte das actividades solicitadas por terceiros, que son autorizadas invocándose o carácter cultural ou social da actividade, pero sen que exista un expediente no que se detalle o contido e alcance das prestacións que efectivamente se realizan. O dato obtido na mostraxe resulta certamente significativo: no período xaneiro-xuño de 2018 autorízaronse arredor de 32 eventos de grupos ou asociacións a realizar no Pazo de Mariñán, téndose practicado só dúas liquidacións de prezos públicos correspondentes a eventos celebrados en tal período, polas que se recadou un importe de 1.748,09 euros.

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 25/03/2019 10:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b7dbffa255d877315f9d794831c98be2c0400212

No tocante aos criterios para a autorización ou denegación da cesión das instalacións a terceiros tamén se aprecia unha ausencia de regulación normativa. Dicíase no informe provisional que non se coñecía qué valoración se fai de cada solicitude recibida e mesmo se se chega a instruir un expediente ao respecto ou se a petición é simplemente verbal ou telefónica, limitándose a actuación administrativa documental á redacción e sinatura da correspondente resolución ou, en determinados casos, a sinatura dun convenio coa institución ou organismo interesado.

Agora, logo da documentación achegada coa alegación da Sección de Relacións públicas e protocolo, cómpre rectificar este comentario, manifestando que sí hai un expediente administrativo en cada unha das autorizacións, aínda que en algún caso non conste solicitude ningunha dos interesados nin tampouco informe da Xefatura de sección (véxase o expediente 48/2018, no que únicamente consta a Resolución da Presidencia para autorizar unha recepción e visita guiada a un grupo de vecinos da Asociación de vecinos de Ribadeume).

Contestación ao apartado b) da alegación terceira da Xefa de sección de Relacións públicas e protocolo:

En primeiro lugar, a funcionaria alegante censura os medios utilizados polo funcionario actuante para obter a evidencia que lle serviu de fundamento para obter as conclusións e recomendacións que constan no informe provisional. A este respecto, manifesta que "*non se citou a ningún desta Sección(…)*", obviando deste xeito que as actuacións de comprobación "in situ" levadas a cabo os días 11 de xuño e 4 de setembro foron comunicadas a Dona Susana Barbeito Salamanca, funcionaria adscrita á Sección de Relacións públicas e protocolo e que está nomeada por resolución da Presidencia número 21.190, de 21 de novembro de 2011, "*para las funciones de coordinación y gestión de los trámites que se deriven de la organización y celebración de los distintos actos que tienen lugar en el Pazo de Mariñán, así como la supervisión y control de las necesidades del personal adscrito al mismo, además de las funciones que habitualmente viene desarrollando en el departamento*". Xa que logo, en cumprimento da resolución ditada, parece claro que lle correspondería á funcionaria nomeada o labor de tramitación administrativa dos expedientes para a organización de eventos no Pazo de Mariñán, e non tanto o labor de supervisión interna que está a facer, propio do posto de gobernación (tal como se comenta nunha consideración seguinte deste informe).

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 25/03/2019 10:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b7dbffa255d877315f9d794831c98be2c0400212

Asemade, non resulta apropiada nin correcta a invocación no presente caso do artigo 172 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (R.D. 2568/1986, de 28 de novembro), dado que dito precepto estase a referir ao necesario informe dos expedientes tramitados e impulsados por cada un dos servizos ou departamento (" *a la que corresponda tramitarlos*"), e por suposto que este expediente de control financeiro CP-1/2018 non lle corresonde impulsalo nin tramítalo á Xefa de Sección alegante. E, a maior abundamento, cómpre observar que no momento de inicio deste expediente, así como na contestación ao primeiro dos requirimentos emitidos, a xefatura de sección estaba ocupada por outro funcionario. Finalmente, nun procedemento no que se aplica a normativa técnia de auditoría, compételle en exclusiva ao auditor determinar as comprobacións que han de realizarse para obter evidencia suficiente, pertinente e válida para conseguir a base de xuizo razonable na que se apoia o ditame (Norma 5.3 das NASP).

Polo demais, respecto do compromiso adquirido pola Xefa de sección de mellorar a información na páxina web da Deputación para as solicitudes de uso por terceiros, persoas físicas ou xurídicas, dado que a vixente ordenanza se refire a actividades de interese provincial ou clara relevancia cultural ou científica, parece máis apropiado que sexa o Servizo de acción sociocultural o que xestione tales expedientes, pois tal como se explica noutros apartados deste informe, deberá aprobarse un regulamento para determinar os usos permitidos e o seu réxime de autorización, quedando fóra de tal réxime a actividade protocolaria que lle compete á Sección á que está adscrita a funcionaria alegante.

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 25/03/2019 10:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b7dbffa255d877315f9d794831c98be2c0400212

Cuarta. Os custos do Pazo: o déficit anual xerado pola actividade de hostalaría.

Con carácter complementario ao exposto nas consideracións anteriores, cómpre agora facer unha análise dos custos que lle está a xerar anualmente a esta administración o Pazo de Mariñán, tanto no que se refire ao mantemento do propio inmoble e da finca anexa, coma os derivados da actividade de hostalaría que se vén de comentar na consideración anterior.

Dado que as actuacións de comprobación practicadas só se refiren a un período de presente exercicio 2018, non resultaría indicativo para o efecto deste apartado nin técnicamente correcto -seguindo estritamente as regras da contabilidade analítica-, realizar un cálculo exhaustivo dos custos nos que se incorríu no período analizado, posto que non se aplicarían os custos de amortización e outros que, aínda sendo de natureza orzamentaria, teñen un única devindicación anual (o pagamento das cotas de IBI, pólizas de seguro e outros similares). Por iso, considérase máis axeitado tomar como datos para a análise os datos obtidos do exercicio inmediatamente anterior, isto é, o ano 2017, tendo en conta que tanto os gastos de conservación e mantemento coma os derivados de actividade de hostalaría non teñen experimentado variacións significativas con respecto aos que se poidan producir no actual exercicio 2018.

Pártese, xa que logo, do estudo de custos dos servizos provinciais que foi incorporado á Conta xeral do exercicio 2017, documento rendido e aprobado polo Pleno da Corporación, no que se configurou precisamente coma un centro de custos, de carácter mixto, o Pazo de Mariñán (código 9AF).

De tal estudo de custos resultan os datos que se reflicten resumidamente na seguinte táboa:

CONCEPTO	EUROS
1. Custos directos	1.064.562,41
2. Custos indirectos atribuidos	40.624,56
3. Custo total do centro	1.105.206.97

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 25/03/2019 10:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b7dbffa255d877315f9d794831c98be2c0400212

Dentro do importe total indicado, distínguese unha actividade externa susceptible de xerar rendementos, identificada como aquela que consiste en ceder a utilización do Pazo a terceiros a cambio dunha contraprestación, calificada como prezo público, abranguendo na mesma os custos da actividade de hostalaría, nas dúas modalidades ou usos expostos na consideración anterior. A esta actividade externa atribúese un custo de 628.691,76 € (56,88 por cento do custo total), téndose obtido só unha recadación de prezos públicos por importe de 5.422,60 euros, do que resulta un déficit de explotación de -623.269,16 euros.

Estes datos económicos, xa de por sí significativos, han de porse en relación coas tres consideracións anteriores, para o efecto de facer a preceptiva análise de eficiencia, cualidade integrada na valoración da xestión financeira dun determinado servizo, principio que abrangue respecto á legalidade, eficacia e eficiencia.

Pois ben, apréciase neste punto unha clara correspondencia entre os incumprimentos de orde xurídico anteriormente expostos e os resultados económicos obtidos, tal como se explicita no seguinte cadro:

CONSIDERACIÓN	OBSERVACIÓN XURÍDICA	RESULTADO ECONÓMICO
Adquisición e destino do Pazo a un fin benéfico social	Falla de afectación	0
Titularidade dun ben histórico-artístico: deber de conservación e acceso da cidadanía	Cumprimento	476.515,21
Actividade de hostalaría	Falla de regulación. Ausencia de motivación	-623.269,16

Segundo estes datos, só o 43,11 por cento do gasto se pode considerar eficiente, en canto se está a cumprir co deber legal de conservación e mantemento do conxunto histórico-artístico, permitindo o acceso da cidadanía. O gasto restante, ao aplicarse a unha actividade impropia e carente de regulación, resulta inequívocamente ineficiente, apreciándose asemade que con tal gasto non se está a prestar un servizo público á cidadanía provincial.

Contestación ao párrafo segundo da alegación cuarta da Secretaría de Presidencia:

No párrafo indicado manifesta a Secretaría de Presidencia que a afirmación contida neste apartado de que a actividade de hostalaría xerou un déficit de -623.296,16 euros "*é unha falacia contable por canto o custe real de manter aberto e en servizo o centro do Pazo de Mariñán é de 130.000€ (11,76% do total), que é a cantidade que se aforraría no dito centro se deixara de prestar o servizo que agora presta. É mais, se deixara de prestar o servizo que agora presta, tanto a Deputación como a terceiros, probablemente se incrementaría o gasto noutras partidas (aluguer de locais, subvencións, etc.), Entendemos, polo tanto, que nunha análise custo/beneficio a situación actual do centro Pazo de Mariñán, sendo mellorable, non é tan ineficiente como se nos traslada no informe provisional"*

Descoñécese a fonte de información que utilizou a Secretaría de Presidencia para afirmar que o custo real do Pazo de Mariñán é de 130.000 euros. O certo é que os datos que se achegan por este funcionario actuante proceden directamente da Conta xeral da Deputación para o exercicio 2017, asinada polo titular da Presidencia, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o pasado 14 de setembro, e rendida pola Presidencia perante o Tribunal de Contas o día 24 de setembro. Xa que logo, non pode admitirse que ditos datos sexan calificados como "*falacia contable*" (sinónimo de falsidade e engano, segundo os diccionarios da RAG e RAE) e mesmo se aprecia certamente unha contradición no feito de que sexa a propia Presidencia quen cuestione un dato obxectivo, formalmente aprobado e materialmente obtido despois dun rigoroso traballo de análise de custes realizado polo Servizo de contabilidade.

Contestación á alegación nº 4 da Xefa de sección de Relacións públicas e protocolo:

Neste alegación da Sección de Relacións públicas e protocolo manifestase que o apartado relativo aos custos do Pazo exposto no informe provisional "*produce certa confusión tanto na exposición do custe da "actividade de hostalaría" como a non prestación dun servizo público á cidadanía provincial (…),* achegándose unha listaxe das actividades realizadas. Ao pé do listaxe, conclúese: "*Tal como se pode comprobar, todas as actividades realizadas teñen un carácter cultural, social, científico, benéfico, docente ou están contempladas no R.D. 2687/1972, ademais da actividade propia desta Institución e atencións protocolarias".*

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 25/03/2019 10:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b7dbffa255d877315f9d794831c98be2c0400212

A confusión que lle atribúe á funcionaria á consideración cuarta do informe provisional relativa aos custes pode vir derivada do descoñecemento das técnicas propias da contabilidade analítica, ao considerarse o Pazo de Mariñán coma un centro mixto (9AF), no que hai unha actividade externa (9AF-1) susceptible de xerar rendementos (os derivados dos prezos públicos cobrados segundo a Ordenanza n1 14), á que se lle imputan como elementos de custe directo os derivados de persoal e dos medios materiais afectos á mesma (602.351,90 €), así coma unha porcentaxe dos indirectos necesarios para a actividade (26.339,90 €), deteminándose a marxe de -623.269,16 € pola diferenza entre os custos totais desta actividade (628.691,76 €) e os ingresos efectivametne recadados (5.422,60 euros). Coma se decía na contestación á alegación sobre este mesmo extremo realizado pola Secretaría de Presidencia, estes son os datos oficialmente aprobados e rendidos pola Presidencia ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, polo que en sí mesmos non admiten maior debate ou controversia.

No tocante á expresión "*actividade de hostalaría*" e a protesta pola inclusión nesta cuarta consideración do informe provisional dunha apreciación de que non se está a prestar un servizo público a cidadanía provincial, así coma a conseguinte pretensión da funcionaria alegante de que se coñezan polo miúdo todas as actividades realizadas, convén clarexar dous conceptos xurídicos para que tales expresións ou apreciacións non xeren extrañeza, a saber:

- Dende un punto de vista técnico, só ten o carácter de servizo público a actividade prestacional da administración que, ou ben por disposición inmediata da Lei, ou ben por declaración expresa da administración (a chamada por MEILÁN GIL[5] "*publicatio praevia*", ten tal consideración. Xa que logo, para que as prestacións de restauración e aloxamento que se están a realizar no Pazo de Marián sexan un servizo público, o Pleno da Corporación terá que adoptar un acordo expreso con tal contido, aprobando simultáneamente o regulamento do servizo, tal como se recomenda no apartado de conclusións deste informe.

- A actividade de restauración e aloxamento, con ou sen contraprestación, ten un claro carácter económico -tal como xa se explicou na contestación a unha alegación anterior-, aínda que vaia asociada a unha actividade formativa, cultural ou social. A maior abundmento, tal como se deduce do cadro explicativo desta cuarta alegación, unha parte significativa de tales actividades non é promovida nin organizada pola Deputación, limitándose esta administración a ceder o espazo e ofrecer un servizo de hostalaría aos asistentes.

[5] MEILÁN GIL, José Luis: "*El Servicio público en el contexto constitucional y comunitario*". Biblioteca jurídica virtual de la UNAM. www.juridicas.unam.mx

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 25/03/2019 10:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b7dbffa255d877315f9d794831c98be2c0400212

Quinta. Os efectivos de persoal: insuficiencia de medios e asunción das tarefas propias do posto de gobernante/a por unha administrativa do Negociado de Relacións públicas e protocolo.

Para levar a cabo a actividade de restauración e aloxamento que se está a desenvolver, o Pazo conta cun plantel de medios persoais adscritos a este centro, encabezados por un/unha gobernante e un/unha subgobernante/a, dous/dúas cociñeiros/as e tres camareiros/as (neste momento un destes tres postos está vacante). Este persoal ten fixada unha xornada de traballo a quendas, repartíndose os efectivos de xeito que se garante tanto no tempo de mañá coma no vespertino a atención ás tarefas de gobernación, cociña e atención de comidas e habitacións.

O plantel e efectivos indicados, no réxime de quendas establecido na resolución que regula os horarios do persoal, non resulta dabondo para as necesidades da actividade de hostalaría, de xeito que nos derradeiros anos veuse complementado coa contratación dunha empresa externa de servizos, mediante un contrato nomeado como de "*atención de comidas*", que vén facturando en función das horas de traballo efectivo de camareiros/as de reforzo para a cobertura das necesidades derivadas dos xantares e outros eventos que teñen lugar no Pazo. Dito contrato está adxudicado neste momento por un importe máximo anual de 50.000 euros, téndose computado o importe efectivo de gasto para o efecto do estudo de custos ao que se fixo referencia no apartado anterior[6].

Na realización das tarefas de comprobación que constan nas dilixencias estendidas os días 11 de xuño e 4 de setembro, tívose coñecemento de que a administrativa de Administración xeral Dona Susana Barbeito Salamanca está realizando tarefas de coordinación, seguimento de pedidos, control de albaráns de entrega e facturación e dirección das tarefas de persoal, supervisando a actividade e ditando en cada momento as instrucións pertinentes para o

[6] Este contrato de atención de comidas foi obxecto de varios incrementos no exercicio 2017, ascendo o importe efectivamente pagado a 48.143,20 euros, estando aínda pendentes de aprobarse dúas facturas que suman o importe de 35.470,30, polo que o gasto producido no exercicio 2017 pode acadar o importe final de 83.488,21 euros.

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 25/03/2019 10:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b7dbffa255d877315f9d794831c98be2c0400212

correcto funcionamento da actividade que se está a desenvolver. Consultado o Negociado de fiscalización de gastos de persoal sobre a situación deste funcionaria, achegouse ao expediente unha copia da resolución da Presidencia 2011/21.190, de 21 de novembro, pola que se designou a esta funcionaria para o exercicio de "*coordinación e xestión dos trámites que se deriven da organización e celebración dos distintos actos (…), así como a supervisión e control das necesidades do persoal adscrito ao mesmo (..)*"

Atendendo á definición do substantivo de gobernación, as funcións de dirección interna e supervisión da actividade que está a exercer a citada funcionaria parece que son máis propias e inherentes ao posto de traballo de gobernante/a, debendo corresponderlle á funcionaria que o desenvolve en propiedade; no entanto, segundo pode comprobarse na dilixencia estendida o día 4 de setembro, parte das tarefas que efectivamente está a realizar esta segunda funcionaria son propias do traballo a desenvolver por un camareiro/a. Asemade, tamén se comprobou que a persoa que cubre o posto de subgobernanta está a exercer na práctica labores idénticas a de un camareiro/a, sen que actúe en substitución da gobernanta ou da funcionaria administrativa en labores de coordinación.

A situación fáctica descrita anteriormente, ao non resultar conforme co contido propio de cada posto de traballo, debería regularizarse de inmediato ou, no caso de que o Pleno adopte un acordo para a regulamentación da actividade de hostalaría, debería adicarse un apartado específico a regulación dos cometidos, responsabilidades e tarefas do posto de traballo de gobernante/a do Pazo de Mariñán e mesmo creando, no caso de que se estimara necesario, un posto de traballo de coordinación ou dirección protocolaria. En calquera caso, compételle á Presidencia da Deputación, no exercicio da atribución da xefatura superior de persoal, ditar as instrucións pertinentes para que cada persoa traballadora cumpra efectivamente cos cometidos, tarefas e responsabilidades propias do cargo ou posto para o que está nomeado e polo que percibe as súas retribucións.

Contestación á alegación n. 5 da Xefa de sección de relacións públicas e protocolo:

Ao respecto desta consideración, a Xefa de sección de Relacións públicas e protocolo explica que a falla de cobertura das vacantes que se ían producindo ao longo do tempo, motivou a contratación dunha empresa externa para atender aos distintos eventos.

No tocante ao seguinte párrafo da alegación, cómpre precisar que nesta Intervención non hai antecedente documental ningún de "*outras cuestións e sucesos, investigados e debatidos…*", que motivaran a designación dunha persoa para levar a cabo "*aquelas funcións que estaban sendo desatendidas*". En calquera caso, as baixas por incapacidade temporal están limitadas temporalmente e non xustifican a consolidación indefinida no tempo da situación irregular descrita nesta consideración.

Inclusión do informe de organización do Pazo emitido por Dona Susana Barbeito Salamanca:

No informe emitido pola funcionaria citada vense a constatar a necesidade de regulación das funcións ec cometidos de cada posto de traballo, así como dun posto de traballo de coordinación, asi como para asumir de xeito unitario toda a actividade administrativa. De novo se remite este asunto a un futuro regulamento dos usos aprobado polo Pleno da Corporación.

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 25/03/2019 10:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b7dbffa255d877315f9d794831c98be2c0400212

Sexta. Os medios materiais: servizos e subministros. A falla de contratación dos subministros de alimentos e bebidas.

Dado que, tal como quedou exposto na consideración anterior, o persoal propio ao Pazo de Mariñán está exclusivamente destinado para as tarefas de restauración e aloxamento de visitantes, as demais tarefas de mantemento do edificio, dos xardíns, masa arbórea e explotación agrícola, son realizadas con medios externos, mediante o outorgamento dos correspondentes contratos de servizos. Neste apartado -agás o que logo se comentará con respecto ao subministro de alimentos e bebidas-, constátase a regularidade na contratación de todas as prestacións, téndose tramitado e adxudicado os correspondentes contratos mediante o procedemento aberto, garantíndose deste xeito non só a transparencia, libertade de concorrencia e non discriminación, senón tamén a eficiencia na execución do gasto.

Contestación á alegación número 6 da Xefa de sección de Relacións públicas e protocolo:

Neste punto a Xefa de Sección de Relacións públicas e protocolo precisa que o persoal propio non só se adica a tarefas de restauración e aloxamento, senón que ademais limpa os espazos que son visitados polo público en xera, así coma os abondosos elementos decorativos existentes. Neste senso, considera que a conclusión de que a única función das dúas camareiras existentes é a de atender o servizo de restauración e aloxamento de visitantes "*resulta cando menos paradóxico*".

Non se pode aceptar que tal comentario sexa contraditorio en sí mesmo ou contrario á lóxica (tal é o concepto de paradoxa), tendo en conta no cadro que se amosa deseguido neste mesmo apartado infórmase do contrato adxudicado á entidade mercantil LIPERGAL, S.L., figurando no prego de prescricións técnicas que, entre as tarefas a realizar por esta contratista, está a da "escrupulosa limpieza diaria de los cuartos de aseo y vestuarios, zona de oficinas, entradas de edificios, escaleras, pasillos, barrido y fregado de suelos, espejos, paramentos verticales", etc. Asemade, no caso de edificios históricos como o do Pazo de Mariñán, o mesmo prego impón que a limpeza ten que ser máis intensa trala finalización dos fins de semana e períodos de tempada alta na atención a visitantes.

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 25/03/2019 10:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b7dbffa255d877315f9d794831c98be2c0400212

Infórmase seguidamente dos contratos de servizos adxudicados con respecto a este centro:

NOME ADXUDICATARIO	CIF	SERVIZO	IMPORTE FIXO	IMPORTE VARIABLE
LIMPERGAL, S.L	B27141159	Servizos de Limpeza dos edificios da Deputación Provincial (LOTE 4: edificios do patrimonio histórico artístico e centros de interpretación)	9.658,92	
EULEN SEGURIDAD, S.A.	A28369395	Servizos de seguridade e vixiancia nos edificios da Deputación (Lote único)	305.005,08	
JARDINCELAS, S.L.	B15538135	Servizos de mantemento e conservación da explotación agrícola do Pazo de Mariñán	226.304,56	
ARBOGAL 2007, S.L.	B36548915	Servizos de mantemento e conservación do arborado do Pazo de Mariñán	16.274,50	
MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A.	A32118705	Servizos de mantemento das instalación eléctricas	2.578,64	2.507,12
FERROVIAL SERVICIOS, S.A.	A80241789	Servizos de mantemento das instalación térmicas	4.596,54	2.507,12
PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L.	B87222014	Servizos de mantemento das instalaciones de protección contra incendios e equipos electrónicos	2.507,12	3.388,00
ANALIZA CONTROL DE CALIDAD, S.L	B09394107	Servizos de mantemento do sistema APPCC (análise de perigos e puntos de control crítico)	756,25	
AGRONERGA, S.L.	B36448652	Servizos de control de pragas nos centros dependentes da deputación provincial da coruña	855,00	
ORONA SOCIEDAD COOOPERATIVA	F20025318	Servizos de mantemento dos aparellos elevadores dos edificios da Deputación provincial da coruña	1.185,85	2.101,00
COMBINA SOCIAL, S.L.	B70204094	Servizos atención visitantes	30.000,00	
OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L.	B70493275	Servizos atención comidas	50.000,00 (*)	
GENERALI ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	A28007268	Seguro de bens (continente e contido)	5.712,92	
TOTAL			**655.435,38**	**10.503,24**
TOTAL			**665.938,62**	

(*) O actual contrato está adxudicado por este importe, pero o gasto devindicado no exercicio 2017, segundo a facturación do anterior contratista, foi de 83.488,21 euros.

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 25/03/2019 10:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b7dbffa255d877315f9d794831c98be2c0400212

De todas as prestacións necesarias para o funcionamento do Pazo, nas distintas actividades que xa se teñen relatado nos apartados anteriores, a única que se está a realizar sen contrato adxudicado por un procedemento plenamente respectuoso cos principios da contratación pública, é o subministro de alimentos e bebidas, utilizándose habitualmente para a adquisición e pagamento destes productos o sistema de anticipo de caixa fixa ou ben realizando contratos menores con empresarios da contorna.

Ben é certo que non resulta doado prever anticipadamente todas as compras que son necesarias para realizar unha correcta atención, en moitas ocasións inmediata e non programada, dos xantares e outras comidas, especialmente no tocante á adquisición de productos frescos, cuxo subministro ten que ser sempre inmediato. Aínda así, admitindo residualmente a necesidade de certos contratos menores, ben podería confeccionarse unha listaxe de productos-tipo, que se veñen consumindo con carácter ordinario, para que a partir do mesmo se instrúan un ou varios contratos de subministro, garatindo a libertade de concorrencia e, xa que logo, a obtención da oferta máis vantaxosa, cumprimentándose finalmente a eficiencia económica.

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 25/03/2019 10:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b7dbffa255d877315f9d794831c98be2c0400212

VI. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS.

Logo dos antecedentes e consideracións expostas, consonte ao previsto no artigo 35 do Real decreto polo que se regula o réxime xurídico do control interno, preséntanse as seguintes conclusións, engadíndose no seu caso a correspondente recomendación, coa finalidade de que poidan corrixirse ou subsanarse as irregularidades ou deficiencias advertidas en cada consideración anterior.

Primeira. Os gastos de conservación e mantemento do Pazo de Mariñán e os seus xardíns, pola súa declaración como conxunto histórico-artístico, así coma os derivados do acceso da cidadanía mediante o correspondente programa de visitas, derivan dunha obriga legal que ten que asumir a Deputación, na súa condición de titular do inmoble, consonte ao previsto na Lei Lei 5/2016, do Patrimonio cultural de Galicia. Pero dado que o réxime de visitas e outros usos posibles ten o carácter de aproveitamento especial ou privativo, debe valorarse a posibilidade de establecer a correspondente contraprestación, mediante o acordo plenario de imposición e aprobación dunha ordenanza fiscal para o efecto.

Segunda. Dado que o Pazo de Mariñán e outros bens foron adquiridos en virtude de herdanza e sendo vontade do testador que os bens relictos tiveran un fin benéfico-social, os posibles usos do Pazo de Mariñán ou, polo menos, os rendementos que se xeren deberían adicarse a algún programa de carácter social, preferentemente con destino á infancia, en canto que a designación da Deputación como herdeira foi debida a que esta administración era titular dunha "*Casa de expósitos*" (agora Fogar infantil). Na xestión que se está a realizar actualmente apréciase unha falla de afectación do inmoble ao seu destino, segundo a vontade do testador.

Terceira. A actividade de hostalaría que se vén realizando no Pazo de Mariñán ten carácter económico e non de servizo público, non constando que se teña tramitado e aprobado polo Pleno da Corporación o preceptivo expediente, tal como esixe o artigo 97 do Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local. A actividade de restauración e aloxamento que se está a desenvolver no Pazo non está declarada nin regulamentada por esta administración. A ausencia da debida motivación dos usos que se están a autorizar, ben sexa para consumos internos ou coma acción protocolaria a prol de outras entidades, supón unha actuación non suxeita a un procedemento administrativo predeterminado, polo que non queda garantida unha actuación consonte ao Principio de legalidade.

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 25/03/2019 10:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b7dbffa255d877315f9d794831c98be2c0400212

Cuarta. Tampouco se observa o cumprimento deste principio, por ausencia de motivación e falla dos informes preceptivos, na aplicación do suposto de non suxeición regulado no artigo 3 da Ordenanza de prezos público nº 14, texto normativo que debería modificarse, acotando os supostos nos que o prezo público non se devindica e precisando os requistos materiais e o procedemento para resolver a non suxeición, coa incorporación a dito procedemento dos preceptivos informes.

Quinta. Sen prexuizo da modificación inmediata da ordenanza, no caso de que se decida manter no futuro a actividade de hostalaría, faise necesario, xa que logo, tramitar un expediente de declaración de actividade económica, ao abeiro do disposto nos artigos 86 da Lei 7/85 e 97 do Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local, para que a comisión reflectida neste segundo precepto redacte unha memoria xurídica e económica, coa incorporación dunha proposta de regulamento. Dito documento, logo da exposición pública para o efecto de alegacións, debe ser aprobado polo Pleno da Corporación, acreditándose previamente que non poña en risco o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira e que non produza distorsións na libre competencia.

Na memoria que se redacte terá que incorporarse un apartado relativo aos prezos ou tarifas que se vaian a esixir, determinando a súa naturaleza xurídica e a súa regulación, mediante a proposta dunha nova ordenanza.

No tocante á nova actividade que poida autorizarse, no seu caso, polo Pleno da Corporación, poderá realizarse en xestión directa ou, mediante un contrato administrativo especial, permitir un aproveitamento por unha empresa privada seleccionada consonte ao previsto na Lei 9/2017, de Contratos do Sector público. No caso de que a actividade fose declarada como servizo público, entón podería realizarse a xestión indirecta en réxime de concesión de servizos, coa transferencia do risco operacional ao sector privado, pero podendo esixir do operador que o explote un canon a prol desta Administración.

Sexta. No plano económico, o estudo de custos incorporado á Conta xeral do exercicio 2017 amosa un custo total do centro Pazo de Mariñán de 1.105.206,97 euros. Dentro deste custo total, a actividade de hostalaría xerou un déficit de -623.269,16 euros en dito exercicio 2017. Estes datos poñen de manifesto a ineficiencia económica da actividade de hostalaría que se vén desenvolvendo no centro obxecto deste control.

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 25/03/2019 10:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b7dbffa255d877315f9d794831c98be2c0400212

Sétima. No tocante aos efectivos de persoal adscritos ao Pazo de Mariñán, puido comprobarse que a persoa que está a ocupar o cargo de gobernanta non está a facer as funcións e cometidos propios deste posto de traballo, adicándose a tarefas de inferior categoría. A súa vez, ditos cometidos están sendo asumidos por unha funcionaria administrativa do Negociado de Protocolo e relación públicas. Debería regularizarse canto antes esta situación, de xeito que cada persoa faga as funcións que lle corresponden segundo o posto de traballo que ocupa e polo que percibe retribucións.

Oitava. Finalmente, polo que respecta aos contratos de servizos adxudicados para o mantemento das instalacións, dos xardíns e da finca agrícola, apréciase unha actuación caracterizada polo cumprimento legal e a regularidade; no entanto, no caso de que se manteña a actividade de hostalaría, debería optimizarse a contratación do subministro de alimentos e bebidas, mediante a licitación pública seguindo o procedemento ordinario previsto na Lei 9/2017 de contratos do Sector público.

O presente informe emítese con carácter **DEFINITIVO E DISCONFORMIDADE** coas xestións, actuacións e procedementos que se están a seguir na actividade de hostalaría que se leva a cabo no Pazo de Mariñán, así coma do prezo público regulado na Ordenanza nº 14.

De conformidade co disposto no artigo 36 do Regulamento do réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, no día de hoxe remítense exemplares do informe aos centros xestores que se indican no encabezamento. Lémbrase que lle corresponde á Presidencia elevar este informe ao Pleno da Corporación, debendo introducirse nun punto independente da orde do día da correspondente sesión plenaria, co fin de que se proceda a súa análise e, no seu caso, se inste o inicio dos procedementos necesarios para levar a cabo as recomendacións anteriormente expostas.

Este informe tamén será remitido ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas, a través da plataforma www.rendiciondecuentas.es., dentro do prazo conferido para a remisión dos informes de reparo.

A Coruña, 25 de marzo de 2019.

Juan Bautista Suárez Ramos.

Interventor adxunto.

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 14/03/2019 12:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
aab7ce7cfa34a88b698e143b274103985d7ae0c6

Deputación DA CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

EXPEDIENTE CP-2/2018

ASUNTO:
INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO, NA MODALIDADE DE CONTROL PERMANENTE, SOBRE O FUNCIONAMENTO OPERATIVO DA IMPRENTA PROVINCIAL.

DESTINO:
PRESIDENCIA DA DEPUTACIÓN (a través da súa Secretaría) OFICIALÍA MAIOR, SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATATACIÓN, SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS E SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA.

I. ANTECEDENTES: OBXECTO E ALCANCE DO INFORME.

Logo da entrada en vigor do R.D. 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector público local, na Intervención provincial estase a traballar para dispor en breve prazo dun plan de control financeiro, modalidade de control interno que vén a complementar a función interventora que se está a realizar con carácter previo á aprobación de calquera gasto. Deste xeito, unha vez que se dispoña daquel plan, o órgano interventor da Corporación contará cun modelo de control integral, que permitirá abranguer o 100 por 100 do orzamento consolidado da Corporación, obxectivo a acadar no transcurso de tres exercicios económicos, segundo o disposto no artigo 4.3 da referida disposición regulamentaria.

Pero xa antes da entrada en vigor do regulamento de control interno invocado, a proposta da Secretaría, Intervención e Tesourería , a Presidencia da Deputación ditou a resolución nº 2018/7215, pola que se ordea realizar unha análise do funcionamento dos Centros provinciais, como un elemento de información para a xestión e coma un acto de execución do Plan de control financeiro do exercicio 2018. No apartado segundo noméase a este funcionario como coordinador das actuacións e en funcións de control financeiro.

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 14/03/2019 12:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
aab7ce7cfa34a88b698e143b274103985d7ae0c6

Dándolle execución á resolución ditada, dentro da dispoñibilidade de tempo e tendo en conta a prioridade que se lle está a dar ás tarefas de fiscalización previa e remate das actuacións de control financeiro das subvencións, con data de 28 de setembro do presente ano iniciáronse as actuacións de **control financeiro sobre a IMPRENTA PROVINCIAL,** seguindo para tal efecto a lexislación aplicábel que a continuación se citará, consonte ás técnicas propias da auditoría operativa ou de funcionamento, tal como está regulada nas Normas de Auditoría do Sector Público[1]. Dado que a execución dos gastos que se realizan neste centro xa están sometida á fiscalización previa, as actuacións deste expediente teñen o carácter de control permanente, nos termos regulados no artigo 29.2 do Regulamento do réxime xurídico do control interno, **de xeito que se trata de comprobar que a actividade que se realiza na IMPRENTA PROVINCIAL está axustada ao ordenamento xurídico e aos principios de boa xestión financeira, co fin de mellorar a xestión da mesma no aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedimental.**

No desenvolvemento das actuacións contouse coa total colaboración da Oficialía maior, así coma do Servizo de Patrimonio e contratación, e Servizo de planificación e xestión de recursos humanos, pondo a disposición deste funcionario os antecedentes e todos os datos solicitados. Resultaron aclaratorias e mesmo moi ilustrativas as explicacións dadas polo persoal da imprenta respecto do seu funcionamento produtivo no día no que se realizaron comprobacións “in situ”.

II. LEXISLACIÓN APLICÁBEL.

- Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de réxime local, logo das importantes modificacións introducidas pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Reforma e sostibilidade da Administración local.
- Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, aprobado por Real decreto-lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

[1] Norma 2.1.8. *“La auditoría operativa constituye un examen sistemático y objetivo a fin de proporcionar una valoración independiente de las operaciones de una organización, programa, actividad o función pública, con la finalidad de evaluar el nivel de eficacia, eficiencia y economía alcanzado por ésta en la utilización de los recursos disponibles, detectar sus posibles deficiencias y proponer a la dirección las recomendaciones oportunas en orden a la corrección de aquéllas, de acuerdo con los principios generales de la buena gestión, facilitando la toma de decisiones a las personas con responsabilidades de vigilancia o capacidad de emprender acciones correctivas.”*

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público.
- Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril.
- Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se aproba o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector público local.
- Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido (LIVE).
- Real decreto lexislativo 1175/1990, de 28 de setembro, polo que se aproban as Tarifas e Instrucción do Imposto sobre Actividades Económicas.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións (LXS).

III. ACTUACIÓNS REALIZADAS.

- Comunicación de inicio do control financeiro relativo ao funcionamento operativo da Imprenta provincial, do 28/09/2018 (rexistro de saída número *32.877*), remitida ao dito departamento, sinalando o día 02/10/2018 ás 10 horas da mañá para a realización das actuacións de comprobación "in situ".

- Comunicación dirixida ao xefe da Sección de Planificación de recursos humanos, do 28/09/2018, para asistir o dito día 02/10/2018 ás actuaciones de comprobación na Imprenta provincial (rexistro de saída número *32.869*).

- Comunicación dirixida ao xefe do Servizo de patrimonio e contratación, do 28/09/2018, para asistir o dito día 02/10/2018 ás actuaciones de comprobación na Imprenta provincial (rexistro de saída número *32.870*).

- Comunicación dirixida á oficiala maior, do 28/09/2018, para asistir o dito día 02/10/2018 ás actuaciones de comprobación na Imprenta provincial (rexistro de saída número *32.873*).

- Relación do persoal da Imprenta, así como das funcións de cada un dos postos, achegada pola xefa do Negociado de fiscalización de persoal, previa petición verbal polo interventor adxunto.

- Solicitude, de data 01/10/2018, do estudo de custos da Imprenta provincial do exercicio 2017, remitida ao Servizo de contabilidade (rexistro de saída número *32.967*) e contestación á mesma pola xefa da Sección III do dito Servizo, Dona Mª Carmen Álvarez Vázquez, o día 03/10/2018, tanto por correo electrónico como con entrada da citada contestación por rexistro departamental número *32.967*.

- Dilixencia de comprobación "in situ" estendida na Imprenta provincial o día 02/10/2018, asinada polos comparecentes D. César Dopico Vilaboy (responsable de preimpresión), co NIF 32.626.220-F, D. José Tojo Gómez (responsable de impresión e postimpresión) e D. Darío Blanco Teijeiro (administrativo), co NIF 32.774.582-L, polos funcionarios asistentes D. Luis Jaime Rodríguez Fernández (xefe do Servizo de patrimonio e contratación), co NIF 09.699.560-T e D. Carlos Hervella Couceiro (xefe da Sección de Planificación de recursos humanos), co NIF 32.763.396-B e polos actuarios D. Juan Bautista Suárez Ramos (interventor adxunto), co NIF 32.277.590-V e Dona Ana Mª Portela Ordóñez (técnica de xestión de administración xeneral do Servizo de fiscalización), co NIF 32.805.600-X.
Na dita dilixencia requíreselles aos comparecentes para que acheguen, no prazo de 10 días hábiles, un informe á vista da súa manifestación de que *"…ás veces, teñen que atender pedidos urxentes que lles veñen a distorsionar a planificación do conxunto dos traballos…"* e tamén solicítaselle ao xefe da Sección de planificación de recursos humanos un informe da configuración dos postos de traballo na RPT e a situación administrativa de cada un deles, con respecto á Imprenta provincial.

- Documentos entregados o día do control financeiro por parte do personal da Imprenta:
  - Relación de expedientes relativos aos traballos realizados e ás datas de entrega desde o 09/01/2018 ata o 27/09/2018.
  - Calendario de traballos desde xaneiro ata xullo de 2018.

- Solicitude de informe, do 05/10/2018 (rexistro de saída número *33.315*), remitido a Oficialía maior, respecto do procedemento seguido para estudar as solicitudes de impresión e publicación na Imprenta provincial e os criterios para a súa estimación ou desestimación e contestación da oficiala maior, Dona Mª Amparo Cristina Taboada Gil, do día 15/10/2018 (rexistro de entrada número *33.315*).

- Informe sobre a configuración dos postos de traballo da Imprenta na RPT e a súa situación administrativa, do 08/10/2018 (rexistro de entrada número *33.520*, do 09/10/2018), emitido polo xefe da Sección de planificación de recursos humanos, D. Carlos Hervella Couceiro, que lle fora solicitado na dilixencia estendida o día do control financeiro. Así mesmo, achega ao dito informe o organigrama e a relación de postos de traballo da Imprenta provincial.

- Relación de actas de acordos adoptados en relación coa Imprenta provincial desde o 18/12/1992 ata 23/02/2006, así como acordos relativos ao dito departamento de datas 28/04/1962 e 28/07/1964. Estes documentos foron remitidos pola oficiala maior e entregados en man ao interventor adxunto.

- Informe emitido por D. César Dopico Vilaboy (responsable de preimpresión) e D. José Tojo Gómez (responsable de impresión e postimpresión), do 16/10/2018 (rexistro de entrada número *34.077*, do 17/10/2018), solicitado na dilixencia estendida o día do control financeiro.

- Informe emitido pola xefa da Sección III do Servizo de contabilidade, Dona Mª Carmen Álvarez Vázquez, do 22/10/2018 (rexistro de entrada número *34.497*, do 23/10/2018), respecto do cálculo de persoas equivalentes para as distintas actividades definidas no modelo de estudo de custos, do exercicio 2017, desta Deputación provincial.

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 14/03/2019 12:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
aab7ce7cfa34a88b698e143b274103985d7ae0c6

IV. EMISIÓN DE INFORME PROVISIONAL E ESCRITOS DE ALEGACIÓNS.

De conformidade co disposto na Norma 6.3.1.3.1 das NASP, co fin de asegurar a calidade do informe e de que este sexa completo e obxectivo, logo de conclusas as actuacións e redactado con carácter provisional, foi remitido a:

- Oficialía Maior.
- Servizo de Patrimonio e contratación,
- Servizo de Planificación e xestión de recursos humanos.
- Servizo de Xestión tributaria

Tal como se facía constar ao pé do informe, os destinatarios dispoñían dun prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte á recepción do documento, para presentar as alegacións e comentarios que estimaran convenientes.

O 25 de febreiro de 2019 con número de saída 4307 recibiuse escrito de alegacións do Servizo de Xestión Tributaria, do cal se toma coñecemento e se incorpora ao expediente.

V. CONSIDERACIÓNS.

Primeira: a Imprenta como actividade instrumental vinculada á edición e publicación do Boletín Oficial da Provincia.

Sen pretensión de facer un percorrido histórico -pois non é o obxecto deste informe-, do extracto de acordos achegados a este expediente pola Oficialía maior vén a constatarse que a Imprenta provincial existe, polo menos, desde principios do Século XX (o primeiro acordo plenario que a menciona dada de 1912), configurándose xa desde entón coma unha actividade instrumental necesaria para poder levar a cabo a edición e publicación do Boletín Oficial da Provincia.

Efectivamente, tal como rememora a Exposición de motivos da Lei 5/2002, de 4 de abril, reguladora dos Boletíns oficiais das Provincias, foi a partir das Reais ordes de 8 de outubro de 1856 e de 1 de agosto de 1871, cando a xestión material do servizo dos boletíns oficiais da provincia para a ser unha responsabilidade propia das deputacións provincais, ás que lles correspondeu desde entón asumir o custo da súa edición, se ben estes boletíns, coma

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 14/03/2019 12:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
aab7ce7cfa34a88b698e143b274103985d7ae0c6

periódicos oficiais, xa foran creados por Real orde de 20 de abril de 1833. A Lei que se está a comentar supón un paso decisivo na configuración xurídica da edición e publicación dos boletíns oficiais da Provincia, en canto considera esta actividade prestacional coma un servizo público, competencia das deputacións provinciais, administracións que teñen potestade para aprobar un regulamento do servizo, así coma regular e impor a correspondente taxa, ao ser un servizo de recepción obrigatoria para os entes locais da provincia, no tocante á suscrición e publicación de anuncios.

No desenvolvemento da Lei 5/2002 e no exercicio da súa autonomía, o Pleno da Corporación aprobou a Ordenanza reguladora do Boletín oficial da Provincia, que foi publicada no BOP número 119, de 27 de maio de 2009, posteriormente modificada (BOP número 16, do 24 de xaneiro de 2012). No artigo 2 de dita ordenanza establécese que "*A dirección e coordinación do Boletín Oficial da Provincia atribúeselle á Secretaría Xeral, correspondéndolle a súa xestión administrativa ao Servizo de Xestión Tributaria e a súa edición á Imprenta provincial, sen prexuízo das competencias de dirección superior dos servizos provinciais que recoñecen o artigo 34.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, ao presidente da deputación*". E, desde o punto de vista material e técnico, no artigo 8 imponse unicamente o carácter electrónico da publicación, podéndose consultar desde entón na Internet, sendo o acceso aos seus contidos universal, libre e de balde, permitíndose a súa impresión por cada usuario. Nos artigos seguintes regúlase polo miúdo o procedemento e forma para a inserción de anuncios, quedando garantido o arquivo informático de todos os números pola propia Deputación.

Asemade, no exercicio da potestade tributaria, o Pleno aprobou a Ordenanza fiscal nº 2, reguladora da taxa pola prestación do servizo de publicacións no Boletín oficial da Provincia (BOP número 80, de 8 de abril de 2009 e derradeira modificación BOP número 238, do 16 de decembro de 2013. Esta ordenanza está plenamente adaptada á Lei 5/2002 anteriormente citada, recollendo expresamente os supostos de exención configurados legalmente. Tamén se establecen as correspondentes normas de xestión da taxa, función que ten asumida a Sección de recursos propios do Servizo de xestión tributaria.

Neste apartado de xestión do BOP, a función instrumental da imprenta á que se refire o apartado 4 das comprobacións realizadas en "in situ" **carácterízase pola plena regularidade e o cumprimento estrito da normativa aplicable, tal como se vén de expor**.

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 14/03/2019 12:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
aab7ce7cfa34a88b698e143b274103985d7ae0c6

Segunda. A Imprenta provincial como medio de produción propio do servizo de artes gráficas.

Con carácter complementario á edición electrónica do Boletín Oficial da Provincial, a Imprenta provincial veu aproveitando os medios persoais e materiais dos que dispón para realizar unha actividade produtiva de autoconsumo para a propia administración provincial, atendendo as peticións de impresos e demais material gráfico que vén sendo requirido polos distintos servizos.

Esta actividade con destino ao funcionamento interno da administración está perfectamente permitida na lexislación contractual do sector público, sendo aplicable á distinta tipoloxía contractual (obras, subministros de bens mobles, servizos). Concretamente, o artigo 30.2 da vixente LCSP dispón textualmente:

"3. La prestación de servicios se realizará normalmente por la propia Administración con sus propios medios. No obstante, cuando carezca de medios suficientes, previa la debida justificación en el expediente, se podrá contratar de conformidad con lo establecido en el Capítulo V del Título II de la presente Ley".

Xa que logo, resulta recomendábel e mesmo plausíbel dende o punto de vista dos principios de economía e eficiencia, que se optimicen os medios persoais e materiais para producir servizos de consumo interno, non admitíndose legalmente a contratación externa cando hai medios dabondo na propia administración. Ben é certo que, co pulo definitivo que lle veu a dar á tramitación electrónica de procedementos a LPACAP, o consumo de impresos en papel e mesmo a impresión de folletos, carteis e outro tipo de elementos gráficos para a acción publicitaria das actividades propias da Deputación deberá quedar reducida a casos ou circunstancias moi puntuais.

Terceira. A actividade económica de impresión e de edición a prol de terceiros: normas técnicas de funcionamento e falla de aprobación e regulamentación.

Ademais da actividade propia de deseño do Boletín Oficial da Provincia e produción para o consumo interno da propia administración provincial, puido comprobarse que na Imprenta provincial vénse realizando dende o seu inicio unha actividade típicamente empresarial e de carácter económico, consistente na impresión de folletos, carteis, dípticos e mesmo libros as prol de terceiros,

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 14/03/2019 12:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
aab7ce7cfa34a88b698e143b274103985d7ae0c6

utilizando para tal fin os medios humanos e os equipamentos técnicos dos que se dispón.

Ao respecto desta actividade, foille solicitado un informe á Oficial maior, que foi emitido o pasado 15 de outubro e incorporado de inmediato ao expediente. En dito documento explícase de xeito sucinto as tarefas realizadas e as prioridades establecidas na súa execución, tal como se esquematiza de seguido:

1. Publicacións das actividades propias da Deputación.
2. Actividades de carácter cultural e social dos concellos da Provincia.
3. Actividades promovidas por entidades sen ánimo de lucro que desenvolven actividades culturais e sociais no noso ámbito provincial.
4. Impresión, edición e publicación de obras qie teñan interese para a Provincia, dirixidas a un público moi restrinxido, polo seu contido (carácter científico) ou ámbito espacial (concello), e que por tal razón non son de interese para seren publicadas por editoriais comerciais.

Para regular esta actividade existen unas instrucións de marcado carácter técnico, que están ao dispor de calquera persoa interesada na sede electrónica da Deputación (https://sede.dacoruna.gal/opencms/export/sites/diputacion/resources/downloads/Informacion_e_normas_para_o_solicitante_de_traballos_imprenta_GL.pdf).

Tal como indica a Oficial maior no seu informe, estas normas non teñen carácter regulamentario, dado que non foron tramitadas polo procedemento propio de elaboración de normas de carácter xeral (artigo 49 LBRL), nin aprobadas polo Pleno da Corporación. Aínda así, apréciase a existencia dun procedemento con algúns elementos regulados (solicitude, valoración, resolución de aprobación), someténdose as solicitudes de terceiros a unha comisión de valoración dirixida pola Oficial maior, delimitándose negativamente aqueles contidos que non poden ser aceptados e advertíndose claramente de que non hai contraprestación polo traballo realizado nin posibilidade ningunha de venda (edicións non venais).

Caracterízase, xa que logo, esta acción a prol dos concellos, entidades non lucrativas e de atención de encargos de publicacións non comerciais, coma unha actividade prestacional, realizada de balde a prol dos beneficiarios e en réxime de libre concorrencia co sector privado da economía. Dende este punto de vista, aínda non existindo facturación, estase a incidir na produción de bens ou servizos, ordeando para tal fin os medios de produción (recursos humanos,

maquinaria e material), polo que ben pode calificarse de actividade económica, nos termos que en que esta está definida no artigo 79 TRLRFL ou no artigo 5.2 da LIVE, tendo un perfecto encaixe en varios epígrafes do Grupo 474. Artes gráficas das tarifas do IAE.

A inexistencia de acordos corporativos ao respecto da actividade económica realizada na Imprenta, sen que se teña tramitado un expediente para o efecto -tal como preceptúan os artigos 86 da LBRL e 97 TRLRL-, nin tampouco da declaración de servizo público desta actividade, parece indicar que o exercicio desta actividade de imprenta veuse consolidando coma unha práctica habitual para aproveitar os medios humanos e materiais existentes promovidos ao abeiro da necesidade de publicación do Boletín Oficial da Provincia.

Facendo unha análise comparativa, a situación descrita anteriormente non é singular ou exclusiva desta Deputación provincial, senón que resulta da práctica seguida na meirande parte das 38 deputacións de réxime común existentes en España. Así, tal como se pode comprobar nun cadro que se incorpora como anexo, só a Deputación de Cidade Real ten plenamente regulamentada esta actividade, sendo que a meirande parte delas están a facer unha actividade económica prestacional moi similar a que se fai nesta Deputación, complementaria da edición do Boletín Oficial da Provincia. En situación análoga a desta Deputación están as de Barcelona e Alacant, que sen dispor de regulamento, teñen aprabada unha carta de servizos de carácter interno na que se regulan as prestacións a realizar. Asemade, outras coma a de Segovia ou León, esixen unha contraprestación polos traballos realizados, téndose regulado a mesma co carácter de prezo público a través da correspondente ordenanza. Finalmente, -polo que respecta a esta breve análise comparativa de contraste-, nove das deputacións de réxime común non teñen imprenta.

Agora ben, aínda admitíndose que a situación actual da imprenta –tanto nesta coma noutras deputacións- é froito dunha evolución histórica e pragmática, nesta análise operativa non pode descoñecerse a legalidade vixente de cara a unha correcta regulación do seu funcionamento a das prestacións que se están a realizar. Neste aspecto, no tocante ao exercicio de actividades económicas, o artigo 86 da LBRL, logo de ser modificado pola Lei 27/2013, permite o exercicio daquelas sempre que quede garantido o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. Para tal efecto, deberase tramitar un expediente acreditativo da conveniencia e oportunidade de realizar estas prestacións e, ademais de comprobar o cumprimento dos principios

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 14/03/2019 12:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
aab7ce7cfa34a88b698e143b274103985d7ae0c6

indicados, deberá conter unha análise de mercado, relativo a oferta e demanda existente, a rendabilidade e, sobre todo, aos efectos sobre a concorrencia empresarial.

Para levar a cabo a tramitación do expediente haberá que constituir unha comisión composta por membros da Corporación e persoal técnico, co fin de redactar unha memoria cos aspectos sociais, económicos, xurídicos, técnicos e financeiros, dándolle a este documento a tramitación prevista no artigo 97 TRRL. En todo caso, corresponderalle ao Pleno a aprobación definitiva do expediente, logo da súa exposición pública para o efecto de alegacións ou suxestións. E mesmo se podería configurar co carácter de servizo público, no caso de que se estableza un regulamento ("publicatio praevia") que tipifique as prestacións a realizar e lle conceda un conxunto de dereitos ás persoas usuarias. Ao carácter daquelas prestacións e a súa configuración actual e recomendación futura adícase a seguinte consideración.

Cuarta. As prestacións a prol de terceiros e o seu carácter.

Como complemento do exposto no apartado anterior, cómpre analizar agora a actividade realizada dende a perspectiva dos terceiros que solicitan prestacións de impresión ou edición. Como resulta obvio, non hai monopolio nin exclusividade a prol desta administración -nin de dereito nin por circunstancias técnicas-, sendo posible que os traballos que se solicitan da imprenta provincial poden ser realizados por calquera das empresas do sector de artes gráficas. A razón fundamental pola que os terceiros (concellos, entidades non lucrativas, persoas físicas) solicitan a realización de traballos de impresión ou edición á imprenta provincial é o carácter de gratuidade da prestación recibida, co que consiguen o aforro dun custo necesario para o desenvolvemento de determinada actividade ou proxecto.

Desde o punto de vista exposto, a prestación realizada de balde pola Deputación ten natureza propia de subvención en especie, polo que lle resulta aplicábel o disposto na Disposición adicional quinta da LXS, de xeito que deberían seguirse os principios de publicidade e concorrencia competitiva para a súa adxudicación, comprobando asemade que os terceiros solicitantes cumpren cos requisitos establecidos naquela norma para resultaren beneficiarios.

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 14/03/2019 12:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
aab7ce7cfa34a88b698e143b27410
3985d7ae0c6

Xa que logo,tendo en conta a ausencia de contraprestación, na memoria que será necesario redactar para que se poida aprobar formalmente o exercicio desta actividade económia, deberase incorporar un apartado financeiro no que se analice a natureza e cuantificación das contraprestacións a esixir. Adiántase xa que, a non ser que se faga a declaración e regulamentación das prestacións coma servizo público provincial, as tarifas que se establezan terán o carácter de prezo privado, séndolle de aplicación as regras propias do mercado, mesmo sendo necesario que se prevea unha marxe razoable de beneficio industrial, pois doutra forma faríase unha competencia desleal coas empresas de artes gráficas do sector privado. Agora ben, para o caso de declaración de servizo público, as contraprestacións a esixir deberán ter o carácter de prezo público, podendo fixarse as tarifas por debaixo do custe razóns culturais, sociais ou de interese público, tal como permite o artigo 44 do TRLRFL. Desde logo que esta gradación parece máis razoable e axeitada, tendo en conta que a actividade está dirixida principalmente ao sector non lucrativo da Provincia e que o interese público que pretende esta administración non está orientado pola obtención de beneficio.

Quinta. Os custos da Imprenta pronvincial: actividades principais e subactividades.

Con carácter complementario ao exposto nas consideracións anteriores, cómpre agora facer unha análise dos custos que lle está a xerar anualmente a esta administración a Imprenta provincial, tanto no que se refire ao á actividade de edición do BOP e produción para o consumo propio, coma a actividade prestacional a prol de terceiros.

Dado que as actuacións de comprobación practicadas só se refiren a un período de presente exercicio 2018, non resultaría indicativo para o efecto deste apartado nin técnicamente correcto -seguindo estritamente as regras da contabilidade analítica-, realizar un cálculo exhaustivo dos custos nos que se incorríu no período analizado, posto que non se aplicarían os custos de amortización e outros que, aínda sendo de natureza orzamentaria, teñen un única devindicación anual (o pagamento das cotas de IBI, pólizas de seguro e outros similares). Por iso, considérase máis axeitado tomar como datos para a análise os datos obtidos do exercicio inmediatamente anterior, isto é, o ano 2017, tendo en conta que tanto os gastos da publicación do Boletín coma os de impresión están perfectamente desglosados na contabilidade analítica que se elabora no Servizo de contabilidade da Intervención.

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 14/03/2019 12:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
aab7ce7cfa34a88b698e143b27410
3985d7ae0c6

Pártese, xa que logo, do estudo de custos dos servizos provinciais que foi incorporado á Conta xeral do exercicio 2017, documento rendido e aprobado polo Pleno da Corporación, no que se configurou precisamente coma un centro de custos, de carácter mixto, a Imprenta provincial (código 9E).

De tal estudo de custos resultan os datos que se reflicten resumidamente na seguinte táboa:

		IMPORTE IMPUTADO	REPARTOS INTERNOS	IMPORTE SEN REPARTOS INTERNOS	TOTAL IMPRENTA
CENTRO IMPRENTA					
Custo directo		412.012,90			
Custeo indirecto		19.513,22			
		431.526,12			431.526,12
PUBLICACIÓN BOLETINES					
Custo directo		281.041,64		281.041,64	
Custo indirecto		248.736,72	-183.612,49	65.124,23	
	TOTAL	**529.778,36**		346.165,87	346.165,87
PUBLICACIÓN LIBROS, FOLLETOS, REVISTAS E OUTROS					
Custo directo		155.225,97		155.225,97	
Custo indirecto		136.033,42	-101.413,54	34.619,88	
	TOTAL	**291.259,39**		189.845,85	189.845,85
IMPRESOS					
Custo directo		227.284,97		227.284,97	
Custo indirecto		170.528,15	-147.809,54	22.718,61	
		397.813,12		250.003,58	250.003,58
				TOTAL IMPRENTA	**1.217.541,42**

Dentro do importe total indicado, distínguese unha actividade principal susceptible de xerar rendementos, que é a propia de publicación do Boletín oficial da Provincia, xa que pola publicación de determinados anuncios devindícase e esíxese a taxa regulada na ordenanza fiscal correspondente, Dado que a esta actividade externa atribúese un custo de 529.778,36 € (43,51 por cento do custo total), téndose obtido unha recadación pola taxa de 171.917,06 euros, do que resulta un déficit de explotación de -357.861,30 euros.

Estes datos económicos, xa de por sí significativos, han de porse en relación coas consideracións anteriores respecto do funcionamento operativo do centro e a súa adecuación á legalidade vixente, para o efecto de facer a preceptiva

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 14/03/2019 12:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
aab7ce7cfa34a88b698e143b274103985d7ae0c6

análise de eficiencia, cualidade integrada na valoración da xestión financeira dun determinado servizo, principio que abrangue respecto á legalidade, eficacia e eficiencia.

Pois ben, constátase neste punto a correspondencia que resulta do seguinte cadro:

CONSIDERACIÓN	OBSERVACIÓN LEGAL	RESULTADO ECONÓMICO
Servizo público BOP	Cumprimento	- 357.861,30
Impresos (autoconsumo)	Cumprimento	- 397.813,12
Actividade económica artes gráficas	Falla de regulación	- 291.259,39

Segundo estes datos, o custo que lle supón a esta administración a realización dunha actividade económica non regulada resulta neste momento ineficiente, insistíndose na recomendación de que no futuro estudo financeiro a incorporar á memoria da actividade se tome en consideración de cubrir, cando menos, unha parte significativa dos custos indicados mediante a regulación e cobro de contraprestacións, ben sexan prezos privados ou públicos.

Sexta. Os medios materiais: servizos e subministros xestionados para o funcionamento operativo da imprenta, mantemento das instalacións e conservación do edificio.

No desenvolvemento das actividades que se teñen exposto no apartado anterior, o persoal encargado da imprenta provincial leva a cabo a xestión dos créditos orzamentarios que, segundo a clasificación orgánica establecida na aprobación do orzamento, ten asignados a través do código 0114.

En total, no exercicio corrente de 2018, a execución das aplicación orzamentarias a data de hoxe (11-12-2018) desglósade no seguinte cadro:

Org.	Pro.	Eco.	Descripción	Créditos Totales consignados	Obligaciones Reconocidas	de Créditos disponibles
0114	92012	22799	Outros traballos- Imprenta P.	70000	0	0
0114	92012	22199	Outras subministracións- Imprenta P.	131339	142535,38	-31199,59
0114	92012	212	Mantem. e conservación edificios- Imprenta P.	2000	0	0

0114	92012	213	Reparación e mantem. instalacións- Imprenta P.	40000	23773,15	2115,37
0114	92012	215	Mantem. e conservación mobiliario- Imprenta P.	3000	0	0
0114	92012	216	Reparación e mantem. eq. informáticos- Imprenta P.	10000	5029,97	22
0114	92012	22000	Material ordinario de oficina non inventar.- Imprenta P.	5000	206,57	82,34
0114	92012	22001	Prensa, revistas, libros e ou. public.- Imprenta P.	1000	0	0
0114	92012	22002	Material informático non inventariable- Imprenta P.	5000	0	0
0114	92012	22103	Combustible e carburantes- Imprenta P.	1000	96,8	0
0114	92012	22104	Vestiario- Imprenta P.	3000	1022,29	77,71
0114	92012	22110	Produtos de limpeza e aseo- Imprenta P.	4000	636,12	0
0114	92012	223	Transportes- Imprenta P.	18000	16024,02	90,78
0114	92012	22699	Outros gastos diversos- Imprenta P.	50000	51180,83	-3180,83
0114	92012	62500	Mobiliario- Imprenta P.	3000	0	3000
0114	92012	62600	Equipos informáticos- Imprenta P.	3000	0	3000
0114	92012	64100	Aplicacións informáticas- Imprenta P.	48000	5445	42555
				397.339,00	245.950,13	16.562,78

A meirande parte dos gastos que se imputan ás aplicacións orzamentarias indicadas no aparatado anterior véñense realizando mediante contratos menores, algún deles pagados de inmediato a través do anticipo de caixa fixa constituido a tal fin, namentres que outros seguen o procedmento de contratación menor, segundo a regulación contida na Base 28 das de execución do orzamento; non entanto, tamén constan imputados a unha destas aplicación os dous contratos que se indican deseguido e que foron tramitados polo procedemento ordinario de contratación, con pleno respecto aos principios de publicidade e libertade de concorrencia:

NOME ADXUDICATARIO	CIF	SERVIZO	IMPORTE
HEIDELBERG SPAIN, S.L.U.	B08140287	Subministración de pranchas térmicas sen químicos, sen procesado, con destino á imprenta provincial	13.957,84
SKETCH SYSTEM, S.L.	B15535271	Subministracion de cinco licencias de software adobe creative cloud con destino á imprenta provincial	5.445,00

Asemade, para atender os servizos de seguridade, limpeza e outros necesarios para a conservación do edificio, téñense outorgado os corresondentes

contratos de servizos, con cargo á aplicacións orzamentarias que xestiona os servizos de Patrimonio e contratación e Arquitectura, cuxa información reflicte o seguinte cadro:

NOME ADXUDICATARIO	CIF	SERVIZO	IMPORTE FIXO	IMPORTE VARIABLE
EULEN, S.A.	A28517308	Servizos de Limpeza dos edificios da Deputación Provincial (LOTE 1: edificios administrativos, arquivos e almacéns)	13.957,84	
EULEN SEGURIDAD, S.A.	*A28369395*	*Servizos de seguridade e vixilancia nos edificios da Deputación (Lote único)*	*272.529,01*	
MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A.	A32118705	Servizos de mantemento das instalación eléctricas	1.050,56	1.633,50
FERROVIAL SERVICIOS, S.A.	A80241789	Servizos de mantemento das instalación térmicas	351,94	423,50
PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L.	B87222014	Servizos de mantemento das instalaciones de protección contra incendios e equipos electrónicos	1.253,56	1.694,00
AGRONERGA, S.L.	B36448652	Servizos de control de pragas nos centros dependentes da deputación provincial da coruña	284,00	
ORONA SOCIEDAD COOOPERATIVA	F20025318	Servizos de mantemento dos aparellos elevadores dos edificios da deputación provincial da coruña	1.270,50	1.125,58
GENERALI ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	A28007268	Seguro de bens (continente e contido)	1.304,32	
TOTAL			**292.001,73**	**4.876,58**
TOTAL			**296.878,31**	

Destes datos resulta que, en xeral, estase a respectar a normativa de contratación pública na xestión destes gastos necesarios para manter a actividade funcional da imprenta; non entanto, algúns dos subministros de material, como é o caso do papel, ben poderían ser adquiridos a través dun procedemento ordinario de contratación, con publicidade e concorrencia, de xeito que, ademais do respecto a tales principios, quedase tamén garantido o mellor prezo de mercado.

VI. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS.

Logo dos antecedentes e consideracións expostas, consonte ao previsto no artigo 35 do Real decreto polo que se regula o réxime xurídico do control interno, preséntanse as seguintes conclusións, engadíndose no seu caso a correspondente recomendación, coa finalidade de que poidan corrixirse ou

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 14/03/2019 12:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
aab7ce7cfa34a88b698e143b274103985d7ae0c6

subsanarse as irregularidades ou deficiencias advertidas en cada consideración anterior.

Primeira. A imprenta provincial, co carácter de organización técnica asociada á publicación do Boletín Oficial da Provincia, leva a cabo unha actividade necesaria para a prestación do correspondente servizo público, que está regulamentado con pleno respecto á legalidade vixente e sobre o que esta administración ten exercido a súa potestade tributaria mediante a imposición dunha taxa. Asemade, aprovéitanse os medios persoais e materiais para a produción de servizos para o autoconsumo da propia administración provincial, acolléndose a unha posiblidade expresamente regulada na lexislación contracutal do sector público (art. 30 LCSP).

Segunda. Simultáneamente, a imprenta leva a cabo unha actividade económica calificada como artes gráficas (impresión e edición) a prol de concellos, entidades non lucrativas e mesmo persoas físicas, non constando que para o exercicio da mesma se tivera adoptado acordó plenario ningún nin tramitado o procedemento previsto no artigo 97 do TRRL. Xa que logo, recoméndase que a maior brevidade posible se incoe un expediente para o exercicio da actividade económica, coa designación dunha comisión de estudo composta por membros da corporación e persoal técnico, co fin de que logo do acordo inicial do Pleno, se leve a cabo a redacción dunha memoria na que se recollan os aspectos sociais, económicos, xurídicos, técnicos e financeiros para a regulación desta actividade, mesmo coa posibilidade de declarala servizo público, coa proposta de regulamento para o efecto.

Terceira. Cada unha das prestacións de servizos de imprenta ou edición, ao seren realizadas de balde a prol dos tercerios destinatarios, ben poden ser asimiladas a subvencións en especie, que son outorgadas de xeito directo, sen aterse aos principios de publicidade e concorrencia. Perante tal situación, de cara ao futuro recoméndase que se estableza e regule a correspondente contraprestación, ben sexa prezo privado derivado do exercicio dunha mera actividade económica ou, no seu caso, coma prezo público se este servizo se declara e regulamenta co carácter de servizo público provincial.

Cuarta. No plano económico, o estudo de custos incorporado á Conta xeral do exercicio 2017 amosa un custo total do centro Imprenta provincial de 1.217.541,42 euros. Dentro deste custo total, a actividade económica de artes gráficas realizada a prol de terceiros xerou un custo de 291.259,39 euros. Sen que se teña producido ningún ingreso.

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 14/03/2019 12:18
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
aab7ce7cfa34a88b698e143b274103985d7ae0c6

Quinta. No tocante aos medios materiais necesarios para o axeitado funcionamento, obsérvase que para as principais prestacións tense seguido o procedemento ordinario de contratación, con publicidade e concorrencia, garantíndose así o mellor prezo; non entanto, determinados subministros seguen a ser adquiridos mediante contratos menores, polo que se recomenda que se promovan procedementos de contratación ordinarios para aqueles consumos que poden ser planificados e previsíbeis ao inicio de cada exercicio.

Sexta. As prestacións relativas ao mantemento do edificio e das instalacións están contratadas a través de procedementos ordinarios promovidos polo Servizos de Patrimonio e Contratación, Arquitectura e mantemento, polo que se observa regularidade e pleno respecto á lexislación aplicábel neste apartado.

Tendo en conta as observacións críticas expostas nesta conclusión, o presente informe emítese con carácter **DEFINITIVO E DISCONFORMIDADE** coas xestións, actuacións e procedementos que se están a seguir na actividade económica de artes gráficas realizadas a prol de terceiros e pola falla de contraprestación ao respecto, polo que debe notificarse á presidencia da Deputación (a través da súa Secretaría), Oficialía maior, Servizo de Patrimonio e contratación, Servizo de Planificación e xestión de recursos humanos e Servizo de Xestión tributaria.

Este informe definitivo será remitido ao Pleno da Corporación pola Presidencia (a través da súa Secretaría), para o seu coñecemento, así coma ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas, a través da plataforma www.rendiciondecuentas.es.

Finalmente faise constar que se incorpora como anexo un cadro informativo coa situación da actividade de imprenta nas 38 deputacións provinciais de réxime común existentes en España.

A Coruña, 14 de marzo de 2019

Juan Bautista Suárez Ramos

Interventor adxunto

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 14/03/2019 12:19
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
2b49e63ad702984cbeb316ebabb9
4e30e694570d

Deputación DA CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

EXPEDIENTE CP-3/2018

ASUNTO:
INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO, NA MODALIDADE DE CONTROL PERMANENTE, SOBRE O FUNCIONAMENTO OPERATIVO DA BIBLIOTECA PROVINCIAL.

DESTINO:
PRESIDENCIA (a través da súa Secretaría),DIRECCIÓN DA BIBLIOTECA, SERVIZO DE ACCIÓN SOCIO CULTURAL, SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATATACIÓN, SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS E SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA.

I. ANTECEDENTES: OBXECTO E ALCANCE DO INFORME.

Logo da entrada en vigor do R.D. 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector público local, na Intervención provincial estase a traballar para dispor en breve prazo dun plan de control financeiro, modalidade de control interno que vén a complementar a función interventora que se está a realizar con carácter previo á aprobación de calquera gasto. Deste xeito, unha vez que se dispoña daquel plan, o órgano interventor da Corporación contará cun modelo de control integral, que permitirá abranguer o 100 por 100 do orzamento consolidado da Corporación, obxectivo a acadar no transcurso de tres exercicios económicos, segundo o disposto no artigo 4.3 da referida disposición regulamentaria.

Pero xa antes da entrada en vigor do regulamento de control interno invocado, a proposta da Secretaría, Intervención e Tesourería , a Presidencia da Deputación ditou a resolución nº 2018/7215, pola que se ordea realizar unha análise do funcionamento dos Centros provinciais, como un elemento de información para a xestión e coma un acto de execución do Plan de control financeiro do exercicio 2018. No apartado segundo noméase a este funcionario como coordinador das actuacións e en funcións de control financeiro.

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 14/03/2019 12:19
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
2b49e63ad702984cbeb316ebabb94e30e694570d

Dándolle execución á resolución ditada, dentro da dispoñibilidade de tempo e tendo en conta a prioridade que se lle está a dar ás tarefas de fiscalización previa e remate das actuacións de control financeiro das subvencións, con data de 13 de novembro do presente ano iniciáronse as actuacións de **control financeiro sobre a BIBLIOTECA PROVINCIAL,** seguindo para tal efecto a lexislación aplicábel que a continuación se citará, consonte ás técnicas propias da auditoría operativa ou de funcionamento, tal como está regulada nas Normas de Auditoría do Sector Público[1]. Dado que a execución dos gastos que se realizan neste centro xa están sometida á fiscalización previa, as actuacións deste expediente teñen o carácter de control permanente, nos termos regulados no artigo 29.2 do Regulamento do réxime xurídico do control interno, **de xeito que se trata de comprobar que a actividade que se realiza na BIBLIOTECA PROVINCIAL está axustada ao ordenamento xurídico e aos principios de boa xestión financeira, co fin de mellorar a xestión da mesma no aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedimental.**

No desenvolvemento das actuacións contouse coa total colaboración da Directora da biblioteca, así coma do Servizo de Patrimonio e contratación, e Servizo de planificación e xestión de recursos humanos, pondo a disposición deste funcionario os antecedentes e todos os datos solicitados. Resultaron aclaratorias e mesmo moi ilustrativas as explicacións dadas polo Directora da biblioteca e demais persoal adscrito a este servizo respecto do seu funcionamento operativo no día no que se realizaron comprobacións "*in situ*".

II. LEXISLACIÓN APLICÁBEL.

- Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de réxime local, logo das importantes modificacións introducidas pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Reforma e sostibilidade da Administración local.
- Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, aprobado por Real decreto-lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público.

[1] Norma 2.1.8. *"La auditoría operativa constituye un examen sistemático y objetivo a fin de proporcionar una valoración independiente de las operaciones de una organización, programa, actividad o función pública, con la finalidad de evaluar el nivel de eficacia, eficiencia y economía alcanzado por ésta en la utilización de los recursos disponibles, detectar sus posibles deficiencias y proponer a la dirección las recomendaciones oportunas en orden a la corrección de aquéllas, de acuerdo con los principios generales de la buena gestión, facilitando la toma de decisiones a las personas con responsabilidades de vigilancia o capacidad de emprender acciones correctivas."*

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 14/03/2019 12:19
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
2b49e63ad702984cbeb316ebabb94e30e694570d

- Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril.
- Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se aproba o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector público local.
- Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido (LIVE).
- Real decreto lexislativo 1175/1990, de 28 de setembro, polo que se aproban as Tarifas e Instrucción do Imposto sobre Actividades Económicas.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións (LXS).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

III. ACTUACIÓNS REALIZADAS.

Unha vez incoado o procedemento dándolle execución á resolución da Presidencia anteriormente referida, foron realizadas as seguintes actuacións:

- Comunicación de inicio remitida á arquiveira-bibliotecaria o día 13 de novembro de 2018, anunciándolle unha comparecencia nas instalacións o día 19 de noevembro seguinte, coa finalidade de levar a cabo actuacións de comprobación “in situ”.

- Comunicación de inicio e de data de comparecencia á D. Carlos Hervella Couceiro, funcionario do Servizo de Planificación e xestión de recursos humanos.
- Comunicación de inicio e de data de comparecncia a D. Luis Jaime Rodríguez Fernández, Xefe do Servizo de Patrimonio e contratación.
- Solicitude de listaxes de control horario do persoal da Biblioteca provincial (documento remitido o día 14 de novembro de 2018).
- Dilixencia de comparecencia referida ás compracións realizadas “in situ”, estendida o día 19 de novembro de 2018.
- Remisión do listaxe de control horario pola Xefa de Servizo de Planificación e xestión de recursos humanos (documento de 19 de novembro de 2018).

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 14/03/2019 12:19
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
2b49e63ad702984cbeb316ebabb94e30e694570d

- Informe cos datos estatísticos da hemeroteca, da Bebeteca, da Sección infantil e xuvenil e informe emitido pola Arquiveira-bibliotecaria, todos eles remitidos o día 3 de decembro de 2018.

- Listaxe do estudo de custos remitido pola Xefa de sección de Contabilidade III, mediante correo electrónico recibido o 19 de decembro de 2018.

IV. EMISIÓN DE INFORME PROVISIONAL E ESCRITOS DE ALEGACIÓNS.

De conformidade co disposto na Norma 6.3.1.3.1 das NASP, co fin de asegurar a calidade do informe e de que este sexa completo e obxectivo, logo de conclusas as actuacións e redactado con carácter provisional, foi remitido a:

- Dirección da Biblioteca.
- Servizo de Acción socio cultural
- Servizo de Patrimonio e contratación,
- Servizo de Planificación e xestión de recursos humanos.
- Servizo de Xestión tributaria

Tal como se facía constar ao pé do informe, os destinatarios dispoñían dun prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte á recepción do documento, para presentar as alegacións e comentarios que estimaran convenientes.

O 25 de febreiro de 2019 con número de saída 4301 recibiuse escrito de alegacións do Servizo de Xestión Tributaria, do cal se toma coñecemento e se incorpora ao expediente.

V. CONSIDERACIÓNS.

Primeira: a Biblioteca: servizo público de carácter provincial aberto a toda a cidadanía. A asistencia na prestación do servizo público de biblioteca en todos os concellos.

Tal como se invoca na Exposición de motivos do regulamento de funcionamento da Biblioteca provincial, este servizo público enmárcase dentro da acción de acceso á cultura que lle impón a todos os poderes públicos o

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 14/03/2019 12:19
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
2b49e63ad702984cbeb316ebabb94e30e694570d

artigo 44 da Constitución. Sobre tal fundamento constitucional, o Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 27 de outubro de 1995, aprobou o Regulamento de funcionamento da Biblioteca da Deputación, sendo publicado seguidamente no Boletín Oficial da Provincia número 250, do 31 de outubro de 1995.

Estase a tratar, xa que logo, dun servizo público regulamentado, caracterizado coma un centro cultural que ten as seguintes funcións (artigo 1 do Regulamento:

1. Ofrecer ao público un conxunto organizado de fondos bibliográficos e audiovisuais que permitan a formación cultural do público en xeral.
2. Conservar e enriquecer o patrimonio bibliográfico.
3. Fomentar o uso e a cooperación mediante o intercambio de información, adquisicións e préstamos.
4. Fomentar o intercambio bibliotecario con outros centros.

No artigo 2 enúmeranse os servizos en concreto que se prestan ao público, establecéndose nos artigos seguintes os requisitos para o acceso da cidadanía a cada un deles, en forma de prestacións individualizadas, aspecto que se comentará na consideración seguinte, porque nesta primeira interesa destacar a importancia do servizo de biblioteca provincial como complemento necesario das bibliotecas municipais, posto que é este un servizo público de prestación obrigatoria en todos os concellos de máis de cinco mil habitantes (art. 24.1 b LBRL); non entanto, nos de menos de 5.000 habitantes o servizo non resulta preceptivo e, de facto, algúns dos incluidos neste ámbito non o están a prestar.

Efectivamente, compételle á Deputación a asistencia aos concellos, téndose que dirixir a súa acción preferentemente ao establecemento e axeitada prestación dos servizos mínimos e obrigatorios. E, no tocante ás bibliotecas, resulta obvio que os medios persoais, materiais e capacidade de programación cultural, o servizo da Deputación pode complementar a acción das bibliotecas municipais, co fin de garantir que toda a cidadanía provincial, con independencia de onde viva, poida acceder a un servizo de biblioteca completo e de calidade. Porque non só pola comprobación “in situ” realizada, senón tamén pola evidencia obvia, mesmo se pode afirmar que ningún dos concellos da Provincia pon a dispor da cidadanía os fondos bibliográficos e a variedade de contidos cos que está dotada a Biblioteca provincial.

Sobre este asunto, tal como consta nas actuacións practicadas, foi requirido e emitido un informe pola arquiveira e directora da biblioteca, no que se detallan

as seguintes accións a prol das bibliotecas municipais que se están a facer neste momento:

- Orientar e asesorar técnicamente ás bibliotecas municipais que así o solicitan.
- Servizo de préstamo dixital na plataforma electrónica EbiblioDaCoruna.
- Cooperación bibliográfica coas bibliotecas da Provincia.
- Envío mediante correo electrónico dos catálogos de novidades.
- Préstamo de lotes de títulos para fomentar clubs de lectura.
- Actividades na plataforma electrónica abertas aos usuarios de toda a provincia.
- Oferta de visitas organizadas.
- Catálogo de escritores da Provincia.
- Directorio de bibliotecas da Provincia.

Xa que logo, apréciase claramente a supramunicipalidade deste servizo público e o seu carácter directo de servizo para a cidadanía provicial e o carácter complementario dos servizos de biblioteca dos concellos da Provincia, malia que no actual regulamento non se teñan recollido dun xeito claro e expreso estas características.

Perante a carencia regulamentaria e tendo en conta que o texto vixente data de 1995, introdúcese unha primeira recomendación: que ao longo do presente ano 2019 se proceda á redacción e aprobación dun novo regulamento para o servizo de biblioteca provincial, enfatizando especialmente o seu carácter supramunicipal e regulando expresamente as accións realizadas a prol dos servizos municipais de biblioteca. Asemade tamén ha de aproveitarse a ocasión para darlle estrito cumprimento a Ordenanza de Normalización Lingüística da Deputación, de xeito que a publicación oficial no Boletín Oficial da Provincia se faga en galego, sen prexuizo de que logo existan exemplares do regulamento a disposición dos usuarios noutras linguas.

Segunda. As prestacións a prol de terceiros e o seu carácter gratuito

Polo carácter de servizo público exposto na consideración anterior, a Biblioteca provicial leva a cabo unha acción prestacional, no sentido técnico-xurídico que vén establecendo a doutrina administrativa española para diferenciala da actividade de policía ou delimitación e da acción de fomento. Aquela acción,

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 14/03/2019 12:19
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
2b49e63ad702984cbeb316ebabb94e30e694570d

aínda que dirixida inicialmente a toda a cidadanía, concrétase logo en prestacións individualizadas, nas que cada persoa usuaria atópase na situación xurídica de consumidor dun servizo público.

No sentido exposto, do conxunto das prestacións realizadas a prol da cidadanía, cómpre distinguir as de carácter xeral (uso das instalacións para a lectura e préstamo de libros) daquelas outras que teñen un carácter máis especializado e restrinxido a un número ou cupo delimitado de usuarios: impartición de talleres de lectura, cursos de inglés e similares. Se as primeiras se observa un consumo non competitivo (máis alá da espera razoable nos casos de aforo completo das instalacións ou de libro ou disco en estado de prestado no momento no que se solicita), no caso das segundas, ao seren ofertadas sempre con carácter limitado, ten que introducirse un criterio para a selección, que ordinariamente vén sendo o rigoroso orde de inscrición.

Ao respecto destas segundas prestacións de carácter máis limitado, convén introducir a segunda recomendación deste informe, consistente na de fixación dunha contraprestación con natureza xurídica de prezo público, de xeito que se lle repercuta a cada usuario a cuota parte de, polo menos, o custo directo e inmediato da actividade realizada (o prezo a pagar ao contratista ou relator da actividade).

É obvio que con esta recomendación non se busca un efecto recadatorio, pola escasísima ou insignificante importancia relativa deste recurso no conxunto da ingresos da facenda provincial, senón que se pretenden dous efectos de carácter extrafiscal que deberán valorar o servizo xestor e mesmo o Goberno provincial, a saber:

- Por unha banda, a prestación de balde de determinadas accións especializadas –como pode ser o caso dos cursiños de inglés- supón o exercicio dunha actividade económica que xa conta cunha ampla oferta no mercado, mesmo existindo unhas tarifas de referencia. Pero ao seren realizadas de balde pola Administración, introdúcese certa distorsión naquel mercado, financiándose íntegramente con fondos públicos a recepción destas prestacións por determinadas persoas, namentres que as restantes teñen que pagar un prezo privado. Neste sentido apréciase asemade unha competencia desleal co sector privado, que claro está non é significativa, dado o carácter inelástico da demanda, pero que unha hipotética reclamación dun operador privado podería conlevar unha sentenza condenatoria contra esta Administración.

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 14/03/2019 12:19
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
2b49e63ad702984cbeb316ebabb94e30e694570d

- Por outra banda, a esixencia dun prezo coma contraprestación predispón á persoa usuaria para a participación na actividade cun maior grao de interese e, por tal razón, é de maior valoración a prestación recibida, ao ter que asumir o destinatario o seu custo. Asemade, o prezo actúa de regulador da demanda ociosa, isto é, inhibe posibles inscricións de persoas que non teñen un verdadeiro interese pola actividade ofertada.

Terceira. Os custos da biblioteca provincial.

Con carácter complementario ao exposto nas consideracións anteriores, cómpre agora facer unha análise dos custos que lle está a xerar anualmente a esta administración a Biblioteca provincial, servizo que se financia íntegramente con cargo á recursos propios e, tal como se explicou na consideración anterior, non reporta ningún ingreso.

Dado que as actuacións de comprobación practicadas só se refiren a un período de presente exercicio 2018, non resultaría indicativo para o efecto deste apartado nin técnicamente correcto -seguindo estritamente as regras da contabilidade analítica-, realizar un cálculo exhaustivo dos custos nos que se incorríu no período analizado, posto que non se aplicarían os custos de amortización e outros que, aínda sendo de natureza orzamentaria, teñen un única devindicación anual (o pagamento das cotas de IBI, pólizas de seguro e outros similares). Por iso, considérase máis axeitado tomar como datos para a análise os datos obtidos do exercicio inmediatamente anterior, isto é, o ano 2017, tendo en conta que tanto os gastos deste servizo están perfectamente desglosados na contabilidade analítica que se elabora no Servizo de contabilidade da Intervención.

Pártese, xa que logo, do estudo de custos dos servizos provinciais que foi incorporado á Conta xeral do exercicio 2017, documento rendido e aprobado polo Pleno da Corporación, no que se configurou precisamente coma un centro de custos a Biblioteca provincial. De tal estudo, resulta que os custes

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 14/03/2019 12:19
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
2b49e63ad702984cbeb316ebabb94e30e694570d

imputábeis a este centro ascenderon a 1.510.778,29 euros no derradeiro exercicio liquidado.

Cuarta. O mantemento dos fondos bibliográficos e elementos audiovisuais: inventario e seguimento.

Despois de expor os custos de mantemento do servizo de biblioteca, cómpre clarexar deseguido –aínda que poida resultar obvio-, que a adquisición de novos fondos bibliográficos e elementos audiovisuais non se está a considar coma custo de mantemento, ao tratarse dun gasto de investimento que se imputa ano tras ano ao capítulo de investimentos do orzamento provincial.

O comentario sobre o carácter de investimento da adquisición de novos fondos bibliográficos e demais elementos da pé para incorporar nesta derradeira consideración unha breve reflexión respecto do inventario de ditos fondos e o seu seguimento. No tocante a este asunto, na dilixencia de comparecencia estendida o pasado 19 de novembro, fixéronse constar estas dúas observacións, que se transcriben literalmente:

- "*Todas as adquisicións son inmediatamente rexistradas e catalogadas, poñéndose a disposición do público de xeito inmediato.*

- *Hai un seguimento exhaustivo de todos os préstamos de libros e demais material. A este respecto o Interventor adxunto pregúntalle qué actuacións se seguen cando algunha persoa usuaria non devolve o libro ou material prestado. Contesta a bibliotecaria que se fan xestións para que repoña o dito material recibido; aínda así, seguindo as recomendacións da Asesoría xurídica, nunca se ten feito ningunha reclamación pola vía administrativa ou xudicial"*

En relación a esta segunda manifestación, esta Intervención non pode compartir esta falla de accións coercitivas cando unha persoa usuaria non chega a devolver ou reponer o material prestado, perdéndose definitivamente o mesmo sen que o responsábel asuma ningunha consecuencia.

Polo carácter de servizo público da Biblioteca, os libros e demais fondos teñen o carácter de bens afectos ao servizo público, polo que para a súa recuperación poden utilizarse as potestades administrativas previstas na LBRL e no Regulamento de Bens das entidades locais. Atendendo a tal carácter, perante a falla de devolución no prazo previsto -sen prexuizo de que se poida facer unha primeira xestión telefónica ou via correo electrónico-, debería incoarse un procedemento administrativo, ditándose unha resolución e

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 14/03/2019 12:19
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
2b49e63ad702984cbeb316ebabb94e30e694570d

concedéndolle ao interesado un prazo para a devolución. No caso de que transcorrindo dito prazo non se produza o reintegro "in natura" do elemento prestado, debería acudirse á execución subsidiaria a custa do interesado, procedemento executivo regulado no artigo 102 da LPACAP, liquidándose o importe gastado no nova adquisición, así coma outros posibles danos e prexuizos, e esixíndose o importe que resulte mesmo pola vía de prema, no caso de que o interesado non proceda ao ingreso no período voluntario concedido para o efecto.

Xa que logo, téndose recomendado a elaboración dun novo regulamento para este servizo de Biblioteca, considérase necesario incorporar ao novo texto normativo un capítulo no que se desenvolvan as disposicións xerais da LPACAP, para a súa aplicación a este suposto que se está a comentar.

Quinta. Os medios materiais: servizos e subministros xestionados para o funcionamento operativo da biblioteca, mantemento das instalacións e conservación do edificio.

No desenvolvemento das actividades que se teñen exposto no apartado anterior, o persoal encargado da Biblioteca provincial leva a cabo a xestión dos créditos orzamentarios que, segundo a clasificación orgánica establecida na aprobación do orzamento, ten asignados a través do código 0660.

As principais acción contractuais (adquisición de libros e servizo para o funcionamento da biblioteca infantil) téñense contratado mediante o procedemento ordinario, tramitándose os correspondentes expedientes polo Servizo de Patrimonio e contratación, logo do informe de fiscalización favorábel emitido pola Intervenición, polo que se ten apreciado a plena regularidade e respecto á legalidade contratual neste ámbito de xestión.No seguinte cadro recóllese a información básica relativa a estes expedientes contractuais:

	NOME ADXUDICATARIO	CIF	SERVIZO	IMPORTE ANUAL	PARTIDA
1.510.778,29 euros					

PCO.001.2016.00252	VEIRA PORTO, PAULA	32831143T	Subministración libros con destino á Bilioteca provincial (Lote 1)	50.000,00	0660/33211/62901
			Subministración libros con destino á Bilioteca provincial (Lote 2)	20.000,00	0660/33211/22199
PCO.001.2018.00123	ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U.	B70232012	Servizo atención biblioteca infantil e xuvenil	43.136,50	0660/33211/22706
PCO.001.2016.00187	GENERALI ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	A28007268	Seguro de bens (continente e contido)	2.782,55	0620/33211/22400

Outras actividades, ao tratarse da impartición de cursiños ou conferencias, téñense contratado mediante anuncio no perfil do contratante, garantíndose así a publicidade da licitación e a libertade da concorrencia.

Finalmente, hai algúns gastos de escasa contía que foron tramitados e pagados a través do anticipo de caixa fixa que xestiona a Arquiveira-bibliotecaria, realizándose a adquisición directa do subministro directamente a un determinado provedor.

Asemade, para atender os servizos de seguridade, limpeza e outros necesarios para a conservación do edificio onde se ubican as instalacións da biblioteca, téñense outorgado os corresondentes contratos de servizos, con cargo á aplicacións orzamentarias que xestiona os servizos de Patrimonio e contratación e Arquitectura.

Destes datos resulta que, en xeral, estase a respectar a normativa de contratación pública na xestión destes gastos necesarios para manter a actividade funcional da Biblioteca.

VI. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS.

Logo dos antecedentes e consideracións expostas, consonte ao previsto no artigo 35 do Real decreto polo que se regula o réxime xurídico do control interno, preséntanse as seguintes conclusións, engadíndose no seu caso a correspondente recomendación, coa finalidade de que poidan corrixirse ou subsanarse as irregularidades ou deficiencias advertidas en cada consideración anterior.

Primeira. A biblioteca provincial, co carácter de servizo público, realiza prestacións a prol de toda a cidadanía provincial, cooperando cos servizos de

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 14/03/2019 12:19
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
2b49e63ad702984cbeb316ebabb9
4e30e694570d

biblioteca municipal, especialmente nos concellos máis pequenos que non disponen deste servizo ou que disponen de escasos fondos bibliográficos. Este carácter supramunicipal do servizo debería recollerse expresamente nun novo regulamento do servizo, cuxa elaboración e aprobación se recomenda para este ano 2019.

Segunda. Sen prexuizo de seguir realizando de balde as principais prestacións realizadas a prol dos usuarios (consulta e préstamo de libros e outros elementos audiovisuais), deberían fixarse contraprestacións co carácter de prezos públicos para determinadas acción especais, limitadas a un número máximo de usuarios, que de veñen desenvolvendo ano tras ano na na biblioteca, coma cursiños literarios ou de inglés.

Terceira. Segundo o estudo de custos incoporado á Conta xeral do exercicio 2017, o servizo de biblioteca tivo un custo total de 1.510.778,29 euros. O gasto orzamentario asociado foi financiado íntegramente con cargo a recursos propios, sen que se teña producido ingreso ningún polas prestacións realizadas.

Cuarta. Os fondos bibliográficos e audiovisuais son obxecto de rexistro, facéndose o correspondente seguimento cando son prestados ás persoas usuarias. Aproveitando a redacción dun novo regulmento, tal como se ten recomendado anteriormente, debería introducirse un capítulo adicado a adptación das disposicións xerais contidas na LPACAP para a recuperación de oficio dos fondos non devoltos e mesmo a execución subsidiaria a costa do interesado, liquidándose contra o mesmo os gastos resultantes e os danos e prexuizos causados.

Quinta. Na contratación dos bens e servizos necesarios para o funcionamento deste servizo público, téñense respectado con carácter xeral as disposicións da Lei de contratos do Sector público; non entanto, aínda quedan algunhas prestacións que se están a xestionar e pagar a través do anticipo de caixa fixa do que é habilitada a Arquiveira-bibliotecaria e que quizáis nun axeitada

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 14/03/2019 12:19
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
2b49e63ad702984cbeb316ebabb94e30e694570d

planificación, poderían ser tramitadas polo procedemento ordinario, garantíndose plenamente a concorrencia e a publicidade.

Tendo en conta as observacións críticas expostas nesta conclusión, o presente informe emítese con carácter **DEFINITIVO E CONFORMIDADE CON RECOMENDACIÓNS** respecto das xestións, actuacións e procedementos que se están a seguir no servizo público de biblioteca provincial, polo que debe notificarse á Presidencia a través da súa Secretaría, á Dirección da biblioteca, así coma aos Servizos de Patrimonio e contratación, Planificación e xestión de recursos humanos e Xestión tributaria

Este informe definitivo será remitido ao Pleno da Corporación pola Presidencia (a través da súa Secretaría), para o seu coñecemento, así coma ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas, a través da plataforma www.rendiciondecuentas.es.

A Coruña, 14 de marzo de 2019

Juan Bautista Suárez Ramos

Interventor adxunto

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 14/10/2019 13:32

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 04/10/2019 15:55

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
55192845892f4714fe02e7e3b546f06913aed201

Deputación DA CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

EXPEDIENTE CP-4/2018

SUBTEL:

ASUNTO:
INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO, NA MODALIDADE DE CONTROL PERMANENTE, SOBRE O FUNCIONAMENTO OPERATIVO DO PARQUE MÓBIL

DESTINO:
SECRETARÍA DE PRESIDENCIA, SECRETARÍA DE VICEPRESIDENCIA, OFICIALÍA MAIOR, SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATATACIÓN, SERVIZO DE VÍAS E OBRAS, SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS E SR. DEPUTADO PEQUEÑO CASTRO

I. ANTECEDENTES: OBXECTO E ALCANCE DO INFORME.

Logo da entrada en vigor do R.D. 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector público local, na Intervención provincial estase a traballar para dispor en breve prazo dun plan de control financeiro, modalidade de control interno que vén a complementar a función interventora que se está a realizar con carácter previo á aprobación de calquera gasto. Deste xeito, unha vez que se dispoña daquel plan, o órgano interventor da Corporación contará cun modelo de control integral, que permitirá abranguer o 100 por 100 do orzamento consolidado da Corporación, obxectivo a acadar no transcurso de tres exercicios económicos, segundo o disposto no artigo 4.3 da referida disposición regulamentaria.

Pero xa antes da entrada en vigor do regulamento de control interno invocado, a proposta da Secretaría, Intervención e Tesourería , a Presidencia da Deputación ditou a resolución nº 2018/7215, pola que se ordea realizar unha análise do funcionamento dos Centros provinciais, como un elemento de información para a xestión e coma un acto de execución do Plan de control financeiro do exercicio 2018. No apartado segundo noméase a este funcionario como coordinador das actuacións e en funcións de control financeiro.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 14/10/2019 13:32

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 04/10/2019 15:55

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
55192845892f4714fe02e7e3b546f06913aed201

Dándolle execución á resolución ditada, dentro da dispoñibilidade de tempo e tendo en conta a prioridade que se lle está a dar ás tarefas de fiscalización previa e de control financeiro das subvencións, con data de 3 de decembro de 2018 iniciáronse as actuacións de **control financeiro sobre o PARQUE MÓBIL,** seguindo para tal efecto a lexislación aplicábel que deseguido se vai a citar, consonte ás técnicas propias da auditoría operativa ou de funcionamento, tal como está regulada nas Normas de Auditoría do Sector Público[1].

Dado que a execución dos gastos que se realizan neste centro xa está sometida á fiscalización previa, as actuacións deste expediente teñen o carácter de control permanente, nos termos regulados no artigo 29.2 do Regulamento do réxime xurídico do control interno, **de xeito que se trata de comprobar que a actividade que se realiza polo PARQUE MÓBIL está axustada ao ordenamento xurídico e aos principios de boa xestión financeira, co fin de mellorar a xestión da mesma no aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedimental.**

No desenvolvemento das actuacións contouse coa total colaboración da Oficialía maior, a través do funcionario-xefe do Parque móbil, así coma do Servizo de Patrimonio e contratación, e Servizo de planificación e xestión de recursos humanos, pondo a disposición deste funcionario os antecedentes e todos os datos solicitados.

II. LEXISLACIÓN APLICÁBEL.

- Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de réxime local, logo das importantes modificacións introducidas pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Reforma e sostibilidade da Administración local.

- Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, aprobado por Real decreto-lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

[1] Norma 2.1.8. *"La auditoría operativa constituye un examen sistemático y objetivo a fin de proporcionar una valoración independiente de las operaciones de una organización, programa, actividad o función pública, con la finalidad de evaluar el nivel de eficacia, eficiencia y economía alcanzado por ésta en la utilización de los recursos disponibles, detectar sus posibles deficiencias y proponer a la dirección las recomendaciones oportunas en orden a la corrección de aquéllas, de acuerdo con los principios generales de la buena gestión, facilitando la toma de decisiones a las personas con responsabilidades de vigilancia o capacidad de emprender acciones correctivas."*

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 14/10/2019 13:32

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 04/10/2019 15:55

Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: 55192845892f4714fe02e7e3b546f06913aed201

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público.
- Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril.

- Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se aproba o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector público local.

- Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

- Normas de Auditoría do Sector público (NASP) aprobadas por Resolución do Interventor xeral do Estado de 14 de febreiro de 1997 e toda a normativa xeral e técnica emitida pola IGAE, en especial a Resolución de 30 de xullo dde 2015 sobre o exercicio do control financeiro permanente.

- Outra normativa que se cita no apartado de consideracións do presente informe.

III. ACTUACIÓNS REALIZADAS.

Para levar a cabo as tarefas de control permanente, mediante técnicas de auditoría pública foron analizados determinados xustificantes de gasto imputados ás aplicacións orzamentarias co código orgánico 0115 (Parque móbil), así coma os antecedentes e informes de fiscalización que figuran nos expedientes contractuais relativos a este servizo.

Asemade foron realizados os seguintes requirimentos de información:

- Requirimento de información ao Servizo de Parque móbil, emitido o día 3 de decembro de 2018 (data de inicio das actuacións) e contestado o día 21 de decembro de 2018.
- Requirimento ao Servizo de Contabilidade expedido o día 27 de decembro de 2018 e contestación ao mesmo –achegando o estudo de custes- do 28 de decembro de 2018.

- Requirimentos de información remitidos ao Servizo de Planificación e xestión de recursos humanos, con datas de 17 de decembro de 2018 e 25 de maio de 2019 e contestación do mesmo recibida o día 26 de xuño de 2019.

- Requirimento de información remitido ao Servizo de contabilidade o día 23 de abril de 2019 e contestado o seguinte 25 de abril.

- Segundo requirimento de información remitido ao Parque móbil o día 24 de abril 2019 e contestado o día 22 de maio seguinte.

Finalmente, tivéronse en conta os datos obtidos polo propio Servizo de Fiscalización de determinados expedientes de fiscalización de gastos e ingresos.

IV. EMISIÓN DO INFORME PROVISIONAL E ALEGACIÓNS:

De conformidade co disposto na Norma 6.3.1.3.1 das NASP, co fin de asegurar a calidade do informe e de que este sexa completo e obxectivo, logo de conclusas as actuacións e redactado con carácter provisional, foi remitido aos responsables da xestión e actividade do Parque móbil:

- Presidencia da Deputación (a través da súa Secretaría).
- Vicepresidencia (a través da súa Secretaría).
- Oficialía Maior.
- Servizo de Planificación e xestión de recursos humanos.
- Servizo de Promoción económica e Servizo de Patrimonio e contratación.

Tal como se facía constar ao pé do informe, os destinatarios dispoñían dun prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte á recepción do documento, para presentar as alegacións e comentarios que estimaran convenientes.

No prazo conferido para o efecto recibíronse os seguintes escritos de alegacións, coas incidencias formais e contido que se indican deseguido:

- Escrito asinado pola Oficial maior, Dona Amparo Taboada Gil, o día 22 de xullo de 2019 (Rexistro de entrada de Intervención nº 14.186 do mesmo día).

- Escrito asinado pola Secretaria de Presidencia, Dona Paula Romay Roldán, o día 26 de xullo de 2019 (Rexistro de entrada de Intervención 15.893).

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 14/10/2019 13:32

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 04/10/2019 15:55

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
55192845892f4714fe02e7e3b546f06913aed201

- Escrito asinado polo deputado Don José Manuel Pequeño Castro, con data de 29 de xullo de 2019 (Rexistro de entrada de Intervención 15.972).

Tal como dispón a Norma 6.3.13.2 das NASP, os escritos de alegacións recibidos van a ser evaluados obxectivamente no apartado V e, en canto afectan ás consideracións ou conclusións do informe provisional, van a ser introducidas en ditos apartados, indicando se as alegacións son estimadas ou non, engadindo neste caso as oportunas observacións explicativas do funcionario responsable deste control permanente, na condición de actuante no labor auditor realizado. No caso de estimación, farase constar expresamente a rectificación da consideración ou comentario realizado no informe provisional.

Para efectos de maior claridade para os lectores, as alegacións máis salientables están recollidas literalmente e por iso se grafan en letra cursiva e entre comiñas. Asemade, estes apartados de contestación ás alegacións están grafados en letra "Calibri-11" (o resto do informe está grafado en "Arial-12"). Optouse por incluilas en cada un dos apartados do resultado do traballo, no canto de incorporalas como anexo, tal como se recomenda na estrutura dos informes de control financeiro permanente da IGAE, ao entender que deste xeito os destinatarios do informe poden coñecer mellor as discrepancias formuladas e a valoración da Intervención a cada unha das mesmas.

V. RESULTADOS DO TRABALLO: CONSIDERACIÓNS.

Primeira: o necesario desprazamento do persoal ao servizo da Corporación e dos membros corporativos. As distintas opcións e a utilización do Parque móbil como medio instrumental propio.

A Deputación Provincial da Coruña, ao ter encomendado pola lexislación básica de réxime local o aseguramento da prestación integral e axeitada dos servizos de competencia municipal, así coma a prestación de servizos de carácter supramunicipal, ten que exercer dita competencia sobre un territorio que abrangue 7.950 quilómetros cadrados, integrado polos termos municipais dos 93 concellos que a compoñen, nos que se asenta unha poboación de 1.119.351 habitantes (dato obtido a 1 de xaneiro de 2018)

Dita amplitude territorial e o asentamento máis ben disperso da poboación, especialmente no ámbito rural e nos concellos de menos de 20.000 habitantes aos que se ten que dirixir preferentemente a acción provincial, precisa en moitos casos e circunstancias a presenza física nas cidades, vilas e aldeas dos medios humanos cos que conta a organización político-administrativa, ben

sexan persoal funcionario ou laboral ou ben das persoas que exercen cargos representativos da Corporación. Ben é certo que co desenvolvemento tecnolóxico actual e a implantación da administración electrónica, esta necesidade tense reducido considerablemente con respecto a épocas pasadas, sendo hoxe posible a interacción telemática cos administrados e mesmo a inspección de determinados elementos físicos sen necesidade de desprazamento. Aínda así, segue a considerarse necesaria -ou cando menos, conveniente-, a interacción administración-cidadanía con presenza física da representación política ou do persoal no exercicio das funcións administrativas, para a comprobación material das actuacións, identificación de persoas e mesmo para a participación e colaboración do persoal administrado nos distintos procedementos.

Por outra banda, dado que as actuacións de goberno e administración deben realizarse no Pazo provincial e demais sedes administrativas por estar así establecido legalmente (véxase o artigo 85 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais, R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, no tocante ao lugar no que han de ter lugar as sesión dos órganos corporativos), sendo que as persoas que exercen os cargos representativos non teñen obriga de residir na localidade que ostenta a capitalidade da Provincia, tamén se produce un necesario desprazamento dende o lugar do domicilio e residencia habitual de cada unha daquelas persoas ata o Pazo Provincial, co gallo de formar parte dos órganos colexiados da Corporación e exercer as funcións do cargo representativo para o que teñen sido elexidos pola cidadanía (agora ben, esta reflexión xeral sobre o desprazamento dos representantes corporativos será matizada seguidamente, na consideración segunda, para distinguir entre aqueles que teñen dedicación exclusiva ou parcial daqueles outros aos que non se lles recoñece este dereito).

Ao respecto da análise da necesidade do desprazamento polo territorio provincial, a alegación presentada pola Secretaría de Presidencia introduce unha chamada "*cuestión previa*" na que se manifesta que "*ao longo do informe obxecto das presentes alegacións latexa unha confusión de roles que levan ao informante a conclusións, ao noso xuizo, equivocadas, e a postulación de medidas correctoras desas conclusión, desacertadas. Esta confusión, que xa asomou noutros informes da mesma autoría, presenta nun plano de igualdade a actividade política e a actividade administrativa funcionarial (…)*

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 14/10/2019 13:32

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 04/10/2019 15:55

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
55192845892f4714fe02e7e3b546f06913aed201

Dándolle contestación a esta alegación preliminar, faise necesario precisar que no informe distínguese en todo momento entre o persoal ao servizo da Corporación e as persoas que exercen cargos representativos (mesmo neste segundo grupo de usuarios do Parque móbil se distingue entre as persoas que teñen recoñecida dedicación exclusiva daquelas outras que non están en tal situación); agora ben, aínda coincidindo na meridiana distinción das funcións e cometidos, no tocante ao uso dos bens públicos como medio de traballo, tanto autoridades como persoal -usando terminoloxía propia da Lei 40/2015, do Réxime xurídico do Sector público- están vinculadas positivamente ao Principio de Legalidade, -así coma as restantes principios recollidos no artigo 3 daquel corpo normativo-, de xeito que todo o que non está expresamente permitido polo norma ha de entenderse prohibido, ou dito doutro xeito, calquera acción administrativa require sempre dunha norma habilitante previa que a autorice. **Todo o exposto no informe parte de tal fundamental principio, así coma na idea de servizo efectivo á cidadanía, eficacia e, por suposto, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.**

Para levar a cabo os desprazamentos que se están a comentar, nas distintas administracións públicas véñense utilizando estas tres posibilidades, a saber:

- **A primeira é a utilización dos medios públicos de transporte**. **Esta é a preferida claramente na normativa de indemnizacións por razóns de servizo** (R.D. 462/2002, de 24 de maio, artigo 17), ao ser claramente a máis eficiente. O persoal ao servizo da organización, sexa cargo representativo, persoal funcionario ou laboral utiliza os medios de transporte público e, cando non haxa liña ao lugar de destino ou non se acomode ao horario programado, utiliza o servizo público de taxi ou similar. Os importes dos billetes son asumidos pola administración, ben directamente ou indemnizando ao persoal o custo asumido por este.

  Ao respecto desta reflexión, no escrito de alegacións da Oficial Maior considérase que na normativa estatal de indemnizacións por razón de servizo (R.D. 462/2002) "*este non establece unha preferencia clara polos medios de transporte públicos senón que os equipara dos medios propios da administración (artigo 17) e sinala que é excepcional utilizar o vehículo propio e os taxis ou vehículos de aluguer (art. 18)*".

Estudada a alegación, debe aclararse que a preferencia indicada apreciouse na seguinte expresión literal "***procurándose que el desplazamiento se efectúe por líneas regulares***", recollida no artigo 17.1 "*in fine*". Ao abeiro de tal expresión, a referencia aos medios de transporte públicos que se fai no informe ha de entenderse aos que operan en virtude de concesións de servizos servizos outorgadas pola administración pública competente e non comprende aos servizos de taxi, chamados pola doutrina administrativista "*servicios públicos impropios*", por tratarse propiamente de operadores económicos que actúan baixo demanda discrecional privada e, ao incidiren significativamente na colectividade, están suxeitos a autorización administrativa e intensamente regulamentados pola administración municipal.

- A segunda é a utilización de vehículos da propia organización, con o sen condutor. Foi o Estado o primeiro en crear "*El Parque Móvil de los Ministerios Civiles, Vigilancia y Seguridad*", mediante Decreto do Consello de Ministros de 28 de setembro de 1935[2] (hoxe organismo autónomo adscrito ao Ministerio de Facenda). Seguindo o modelo estatal, unha boa parte das administracións públicas territoriais e mesmo algunhas institucionais (algunha universidade, por exemplo), teñen o seu propio parque móbil, nas modalidades de vehículos con condutor ou vehículos sen condutor.

- A terceira é a indemnización pola utilización do vehículo propio: Admitida tamén esta posibilidade no artigo 18 do Regulamento de indemnizacións por razóns de servizo, cuxa utilización efectiva está condicionada pola propia dispoñibilidade e voluntariedade do persoal, en canto que debe dispor de vehículo propio e ten que estar disposto a utilizalo para fins de servizo público, dándolle dereito a unha indemnización polo uso (0,19 euros por kilómetro percorrido, segundo a Orde EHA/3770/2005, de 1 de decembro)

Cinguíndonos a práctica desta Deputación, pódese dicir que se están a utilizar as tres posibilidades para os desprazamentos, aínda que o feito de contar cun parque móbil dotado de medios persoais e materiais, fai que a utilización deste prevaleza en uso e intensidade sobre as outras dúas restantes.

[2] https://www.muface.es/revista/o237/muface237.pdf

Das actuacións e das probas de auditoría realizadas, constátase que esta é unha situación consolidada polo transcurso de tempo, posiblemente concebida e desenvolta nun tempo onde as administracións prestixiábanse máis polos medios dispoñibles ca polos fins acadados, pero que hoxe en día debería repensarse á luz dos principios constitucionais de economía e eficiencia na asignación dos fondos públicos e co obxectivo de satisfacer o interese xeral (principio nº 1 de bo goberno positivizado no artigo 26 da Lei 19/2013, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno).

Na primeira das alegacións da Secretaría de Presidencia cuestiónase este párrafo, especialmente ao que denomina "*formulación de hipótesis*" con respecto ao cambio de percepción xeral sobre a administración pública e dos medios dos que dispón. Pois ben, o párrafo cuestionado susténtase, entre outros, nos seguintes documentos:

- Informe CORA[3] para a reforma das Administracións públicas. Dito documento parte de "*la peor crisis económica en las últimas décadas*", manifestándose que "*Una economía competitiva exige unas AA.PP. modernas, transparentes y ágiles. Necesita un sector público libre de solapamientos, duplicidades y gastos innecesarios. Volcado al servicio de ciudadanos y empresas, y equiparable a los sistemas más eficaces de nuestro entorno*" (páxina 11), detallándose polo miúdo un conxunto de medidas para controlar e reducir os gastos do Parque móbil ministerial (páxina 199).

- Exposición de Motivos da Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración Local: *"la Administración local también debe contribuir a este objetivo racionalizando su estructura, en algunas ocasiones sobredimensionada, y garantizando su sostenibilidad financiera*".

En síntese, o que se pretende transmitir no párrafo cuestionado é que non pode descoñecerse que, logo da crise económica e financeira que se iniciou no 2008, existe unha conciencia xeral de que as administracións públicas teñen que reducir os seus gastos correntes de carácter estrutural, conseguindo a realización dos seus fins competenciais a un menor custo, pois o cumprimento destes é o que valora realmente a cidadanía do seu funcionamento. Asemade, cando se alude a unha situación consolidada polo transcurso do tempo e concebida noutro tempo, estase a dicir que a creación do Parque móbil e a dotación do mesmo con medios persoais e materiais non é responsabilidade dos actuais xestores, nin dos que xestionarion a Deputación nos anos de maior crise económica, senón que procede dun contexto histórico mesmo anterior á Constitución de 1978, no que se seguíu o modelo da Administración do Estado – ao igual que o seguiron as Comunidades autónomas na dotación deste medio

[3] https://administracion.gob.es/pag_Home/dam/jcr:4c4e8573-6220-4b6a-9397-8f95e566b42a/INFORME

instrumental-, pero que actualmente cómpre repensar e adaptar ao espíritu de finalidade do marco normativo actual, no que destacan os principios de límite do gasto público (estabilidade orzamentaria, regla de gasto), sostibilidade financeira e eficiencia económica.

Neste novo contexto social e normativo, faise necesario xa que logo introducir unha primeira recomendación: **darlle unha clara preeminencia aos medios públicos de transporte de persoas**, de xeito que onde existan líneas regulares que se acomoden aos horarios previstos para o desenvolvemento das actuacións, sexan utilizados estes, tanto polo persoal que exerce a representación política coma polo persoal funcionario e laboral que exerce actividades administrativas.

A circunstancia de que os principais centros de traballo desta administración estean na capital da Provincia, que conta cunha rede de autobuses de transporte metropolitano, enlaces coa práctica totalidade das localidades da Provincia e mesmo estación de tren que conecta coas principais cidades, permite dende logo a utilización maioritaria do transporte público, ben sexa polo persoal funcionario e laboral ou ben polo persoal que ostenta a representación da cidadanía.

Na segunda alegación da Secretaría de Presidencia maniféstase que esta primeira recomendación *"obvia o que sinalamos como "cuestión previa": a actividade política e a administrativa-funcionarial son diferentes, moi diferentes. Se ben as tarefas administrativas fora da dependencia na que se ten o posto de traballo son tasadas e previsibles, as tarefas políticas teñen un amplo marxe de imprevisibilidade no que atinxe ao seu contido, a súa duración e, por riba de todo, na súa localización. Tentar de asimilar a tarefa política e a administrativa, e disciplinalas do mesmo xeito é un despropósito que somentes pode entenderse dende unha visión tecnocrática da democracia".* E logo, no seguinte párrafo, faise unha alusión concreta aos desprazamentos deste funcionario asinante ao Concello de Coristanco, así coma aos desprazamentos do restante persoal de Intervención utilizando os medios propios do Parque móbil.

Ao respeto desta crítica á primeira recomendación do informe, parece deducirse que se ten feito unha interpretación maximalista ou hiperbólica da mesma, xa que no informe non se propón suprimir o Parque móbil nin prescindir totalmente deste medio propio, senón racionalizar e temperar o seu uso, tal como por certo e xa que se invoca órgano alegante, ten feito tanto este funcionario como o restante persoal da Intervención, pois si é certo que utilizaron os medios do Parque móbil en preto de cen desprazamentos desde o 2016, tamén consta nas comisión de servizo autorizadas pola Presidencia que en máis ocasións utilizaron e conduciron o seu vehículo propio –incluidas dúas viaxes a Coristanco en horario vespertino-, o transporte público e mesmo o desprazamento á pé dentro da cidade da Coruña.

E a maior abastanza, nun contexto de xeral preocupación e sensibilidade polo medio ambiente, así coma pola intensidade de tráfico privado nas cidades, o uso do transporte público polas persoas que representan á cidadanía acomodaríase plenamente ao **Código de bo goberno da FEMP** subscrito por esta Deputación (acordo plenario de 21 de decembro de 2018), que nun dos apartados de adicados ao bo goberno, dispón textualmente:

"*b. O desenvolvemento dos labores de goberno estará presidido polos principios de eficacia, economía, eficiencia, satisfacción do interese xeral,* ***así como de racionalización e optimización dos recursos públicos."***

Afírmase na alegación terceira da Secretaría de Presidencia que se asume a preocupación e sensibilidade polo medio ambiente e tamén pola intensidade do tráfico, entendendo que estas cuestións son propias da recentemente creada Comisión informativa de Transición ecolóxica, Emprego e Territorio sostible, pero non dun informe de control permanente. Pois ben, respecto de tal preocupación compartida só matizar que no informe simplemente se apela á sensibilidade xeral sobre o asunto, que a nivel normativo mesmo está recollido na Constitución de 1978, exhortando a todos os poderes públicos a velar pola utilización racional de todos os recursos naturais, defender e restaurar o medio ambiente (artigo 45)

Coma corolario desta primeira reflexión, recoméndase asemade a **elaboración e aprobación dun regulamento interno** no que se detallen polo miudo os posibles usos dos medios do Parque móbil e o procedemento para as autorizacións, seguimento e control de cada uso. Son moitas as administracións públicas que xa teñen regulado profusamente este medio instrumental propio e pode servir como referencia o acordo da Deputación Provincial de Valencia de 12 de abril de 2012[4], no que se aposta tamén pola preeminencia do transporte público e do uso eficiente dos medios propios, introducindo medidas de austeridade e na procura da maior eficiencia.

[4] http://www.dival.es/sites/default/files/portal-de-transparencia/APDO%206%20instruccion-de-utilizacion-de-vehiculos-oficiales.pdf

Segunda. Os desprazamentos dos membros corporativos: distinción entre os desprazamentos asiduos ao centro de traballo daqueles outros que se fan por mor do cargo representativo que se desenvolve.

Neste apartado adicado ao persoal que exerce cargos representativos, cómpre xa introducir unha diferenza entre as persoas que exercen o seu cargo representativo provincial en momentos puntuais, participando nas sesión dos órganos aos que son convocados, daquelas outras que exercen a súa función en réxime de adicación exclusiva ou parcial, o que as obriga a acudir diariamente ao Pazo Provincial, por ser o seu centro habitual de traballo e cumprir co horario laboral prefixado, ao igual que o persoal ao servizo da Corporación, sexa funcionario ou laboral.

Sobre este párrafo inicial da consideración segunda, exponse textualmente nas alegacións da Secretaría de Presidencia:

"*A vista deste parágrafo, ¿cal será a seguinte proposta do Interventor adxunto ao respecto dos electos con adicación exclusiva ou parcial? ¿sometelos a control horario co e-tempo (mesmo o Presidente da Deputación)? ¿fiscalizar a súa presenza física diaria no Pazo Provincial? ¿restrinxir o seu "centro de traballo" ao seu despacho na Deputación, deixando de lado a súa presenta na circunscripción electoral e mesmo no territorio de toda a provincia si é responsable dalgunha área de goberno?...// Sería desexable un maior esforzo de discernimento e comprensión da función política que evitara afirmacións e propostas tan afastadas da realidade comoa as expresadas no parágrafo máis enriba transcrito*".

A diferenza exposta no informe provisional non resulta dunha elucubración propia, senón que deriva da redacción do artigo 75 da LBRL, onde se distingue entre membros corporativos con dedicación exclusiva (apartado 1), con dedicación parcial (apartado 2) e sen dedicación (apartado 3), fixando para cada caso o réxime económico e laboral. Mais pola súa banda, o párrafo da alegación que se vén de transcribir non contén argumento ningún que contradiga tal distinción, senón meras preguntas retóricas non propias dun documento de carácter administrativo e mesmo alleas ao obxecto do informe.

Por suposto que, con fundamento no artigo 19 da nosa Constitución, este persoal, en réxime de dedicación exclusiva ou parcial ao cargo público, ten garantido o dereito á libertade de residencia; pero, coma derivación do seu exercicio, **correspóndelle ao mesmo asumir os custos do desprazamento diario ao centro de traballo, igual que calquera outra persoa traballadora ao servizo da Administración pública**. **Pois na análise e reflexión deste asunto, non se ten atopado ningunha norma que lle garanta a este ao persoal represenativo en réxime de dedicación exclusiva ou parcial o dereito a que a administración pagadora lle provea o medio de desprazamento ordinario dende o seu domicilio ata este centro de**

traballo, nin tampouco que a aquela administración teña que asumir os custos nos que incorra.

Obsérvese que o artigo 75 LBRL, ao regular os réximes de dedicación exclusiva ou parcial, recoñece o dereito a percibir retribucións dentro dos límites establecidos en cada caso e tamén as cotizacións á Seguridade social, **pero non tipifica ningún outra percepción, nin en metálico nin en especie,** garantindo únicamente o dereito a indemnización dos gastos efectivos efectuados no desenvolvemento do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral aplicables nas administracións públicas (actualmente, o R.D. 462/2002, de indemnizacións por razón de servizo) e as que poida desenvolver.

Exponse na alegación da Oficial maior que non se comparte "*o criterio da Intervención acerca da distinción entre desprazamentos ao centro de traballo e desprazamentos desde o centro de traballo para a actividade dos señores deputados. Non cabe obviar as especiais circunstancias deste colectivo. Trátase de electos con responsabilidades no seu concello respetivo, nuns casos de goberno e noutros únicamente de atención aos cidadáns do municipio, pero responsabilidades ao fin, que lles obrigan aestar alí presentes na medida do posible. Por esta razón o feito de ter asignada dedicación exclusiva ou parcial non lles desposúe da súa condición primeira, que é a de concelleiro da que trae causa a de deputado provincial.// A atribución da dedicación non pode traer aparellada a obrigación de residir fóra do seu municipio, e que por outra banda ha de terse en conta necesariamente a distancia que existe desde o seu lugar de elección ata o centro onde han de desenvolver as súas funcións. Esta non é a mesma, como é obvio, para a maioría dos deputados, e a distancia a sede provincial non pode ser un elemento diferenciador entre eles, por esa razón indemnízaselles polos seus desprazamentos para o exercicio das súas obrigacións, que no caso dos deputados que non teñen dedicación redúcense á asistencia ás sesión e reunión dos órganos dos que forman parte e no caso dos deputados don dedicación hai que engadir as responsabilidades plas que se le atribúe adicación exclusiva ou parcial// O labor do Parque Móbil neste sentido é a de igualar aos deputados independentemente do seu lugar de residencia para que todos eles poidan desempeñar as súas funcións de deputado –entre as que están incluídas as súas obrigacións como concelleiro- en igualdade de condicións, sen penalizarlles pola distancia á que está o seu municipio da capital da provincia(…)// Non se comparte a equiparación dos membros da Corporación a calquera outra persoa traballadora ao servizo da Administración Pública porque as características das súas funcións son esencialmente diferentes. Estes teñen funcións meramente administrativas que lles obrigan a acudir (salvo excepcións) diariamente ao seu centro de traballo mentres que aqueles teñen labores de dirección e de representación que esixen tando acudir á sede provincial como desprazarse polo resto da provincia, ben desde a sede provincial ou ben desde a súa circunscripción de elección.// Non hai que esquecer que o persoal electo ten atribuídas labores políticos no exercicio das súas funcións como deputado que non casan coa obrigación de acudir diariamente ao Pazo Provincial, por ser o seu centro habitual de traballo e cumprir co*

horario laboral prefixado, ao igual que o persoal ao servizo da Corporación, sexa funcionario ou laboral"// E seguidamente cítase a páxina 140 da Guía para a mellora da calidade institucional e a eficiencia dos gobernos locais, editada pola Fundación Democracia e Goberno Local, na que se defenden os dereitos políticos, sociolaborais e económicos dos cargos representativos, que non son "*prerrogativas, sino que tienen naturaleza instrumental con el fin de que los cargos públicos representativos locales puedan ejercer de forma efectiva y, asimismo, desarrollarlas en condiciones de dignidad democrática …"*

A alegación exposta pola Oficial maior coincide no fondo do debate coa consideración previa introducida pola Secretaría da Presidencia e reiterada logo nos tres últimos párrafos da alegación cuarta. Expoñendo con ánimo de síntese, a controversia estriba en determinar se as persoas que desenvolven os cargos representativos con adicación exclusiva ou parcial teñen dereito a que o custe do desprazamento ordinario desde o seu domicilio particular ata o Pazo provincial sexa asumido con cargo aos orzamentos provincais ou, pola contra, se a dito custe debe facerlle fronte o peculio de cada unha daquelas persoas. Queda fóra do debate e admítese polo funcionario asinante a distinta natureza das funcións a realizar por cargos representativos e persoal funcionario, o distinto réxime horario e a maior necesidade da presenza das persoas con cargos representativos nos distintos lugares do territorio provincial, tal como xa se explicaba na consideración primeira do informe provisional.

Malia a todo, seguindo os aforismos *"ubi lex non distinguit, nec nos distinguere debemus*" e "*Ubi lex voluit, dixit, ubi noluit, tacuit*", fronte as alegacións expostas, ha de insistirse en que tanto o persoal con cargo representativo como o persoal funcionario e laboral están suxeitos ao mesmo réxime de indemnizacións por razón de servizo, tal como afirma a Oficial maior no primeiro párrafo do folio 3 de alegacións "(" (…)*simplemente limítase a sinalar que supostos dan orixe a indemnización ou compensación*". E, precisamente, o artigo 3 do R.D. 462/2002 conceptúa a comisión de servizo como o desprazamento fóra do termo municipal onde radique a residencia oficial do comisionado, entendéndose que dito domicilio está no termo municipal correspodente á oficina no que se desenvolven as actividades do posto de traballo habitual (no noso caso, o Pazo Provincial).

Co fin de buscar unha norma de cobertura que distinga os usos polo persoal con cargo representativo respecto dos que realiza o persoal funcionario e laboral ao servizo da Corporación, invócase como referencia pola Oficial maior o Real decreto e a Orde que regula o Parque móbil do Estado, así coma a Resolución da Presidencia do Congreso dos deputados sobre esta materia, admitindo a non aplicación directa, pero sí como criterio orientativo. **Efectivamente, coincídese en que, malia a non resultar aplicábeis á administración local, a regulación do Parque móbil do Estado pode ser un bo precedente para que esta Corporación, no exercicio da súa potestade regulamentaria, aprobe un regulamento no que se detallen os usos dos medios do Parque móbil da Deputación e os medios de control dos mesmos, tal como se recomendou anteriormente.**

Xa que logo, non atopándose no estatuto propio dos cargos representativos locais -en réxime de dedicación exclusiva ou parcial- norma ningunha de cobertura que lles dea dereito ao traslado diario ao seu centro de traballo, a

consecuencia fiscal inmediata desta ausenza normativa é que a asunción dos seus custos de desprazamento pola administración conleva unha retribución en especie a prol destes usuarios do Parque móbil, ao ser de aplicación a definición de rendementos íntegros do traballo que contén o artigo 17.1 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, reguladora do IRPF, cando conceptúa como tal " *todas las contraprestaciones o utilidades, cualquiera que sea su denominación o naturaleza, dinerarias o en especie, que deriven, directa o indirectamente, del trabajo personal o de la relación laboral o estatutaria y no tengan el carácter de rendimientos de actividades económicas".*

Ben é certo que o apartado 2 b) de dito artigo 17 permite detraer dos rendementos íntegros as cantidades que a propia Corporación entendese que son destinadas a gastos de desprazamento, circunstancia que podería determinarse, no seu caso, no acordo plenario que fixa as retribucións do persoal representativo con dedicación exclusiva.

Alégase pola Secretaría de Presidencia en contra deste criterio, entendendo o centro de traballo do persoal con cargo representativo é todo o territorio provincial ou mesmo fóra da provincia, cando actúan en representación da Deputación en algunha xestión, acto ou evento. Non se apoia dita alegación con ningún fundamento normativo nin se ten en conta que o concepto legal de centro de traballo está xa definido no artigo 1.5 do Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (R.D. lexislativo 2/2015, de 23 de novembro), "*unidad productiva con organización específica, que sea dada de alta, como tal, ante la autoridad laboral*", non debendo confundirse co territorio no que se exerce a representación política (non só o partido xudicial, senón toda a Provincia, pois o seu mandato é representativo, non imperativo dos electores da circunscripción electoral).

Asemade, na alegación quinta argumenta que non procede a consideración de rendementos en especie dos desprazamentos realizados, xa que non hai ningún fin particular. Con esta alegación estase de novo a incidir sobre a cuestión controvertida de se os desprazamentos habituais do persoal con cargo representativo e dedicación exclusiva ou parcial, realizados dende o domicilio persoal ao Pazo provincial, deben ser satisfeitos con cargo a fondos públicos ou ben con cargo ao peculio de cada unha das persoas. Dado que neste informe se mantén esta segunda opinión pola falla dunha norma de cobertura para manter a primeira, xa como co corolario ha de manterse o carácter de retribución un importe equivalente ao valor de mercado destas viaxes

Para a imputación destes rendementos en especie deberá determinarse o seu valor de mercado segundo o previsto no artigo 43.1 da Lei citada, debendo facerse o ingreso a conta segundo a porcentaxe de retención que se veña

aplicando ás retribucións diñeirarias (artigos 99 e seguintes da Lei e 109 a 111 do seu regulamento, RD. 439/2007, de 30 de marzo).

Polo demais -aínda que poida resultar obvio-, considérase conveniente clarexar que, unha vez que a persoa que exerce o cargo público chega ao centro de traballo, por suposto que os desprazamentos que teña que realizar dende aquí por mor do exercicio do cargo, teñen que ser asumidos por esta administración, utilizando para tal efecto algún dos medios expostos na consideración primeira.

Terceira. O actual uso dos medios do Parque móbil: usos estandarizados, os usos impropios e a vía de feito.

Do conxunto das actuacións realizadas en procura dunha evidencia suficiente, pertinente e válida na que apoiar as consideracións, conclusións e recomendacións do presente informe (Norma 5.3.3 das NASP), obtívose información relevante da que se deriva a seguinte clasificación de usos dos medios materiais cos que está dotado o Parque móbil:

a) **Vehículos asignados aos condutores ao servizo do Parque móbil para atender as ordes de servizo que lle son cursadas dende a Oficialía maior:**

Da ampla documentación remitida polo Xefe do Parque móbil o día 22 de maio (dándolle contestación ao requirimento de 24 de abril), puídose comprobar que se expide unha orde de saída individualizada para cada un dos servizos que se prestan con vehículo con condutor asignado. Estas ordes levan un número correlativo no encabezamento, son asinadas pola Oficial maior, determinan o conductor e vehículo utilizado, dispoñen dun apartado para que asine a persoa usuaria (non cuberto en todos os casos) e na parte inferior teñen outro apartado no que se incorporan como datos estatísticos os quilómetros do vehículo ao saír, os quilómetros á volta, así coma os litros de gasolina en depósito na ida, as reposicións de combustible no seu caso, e os litros á volta; porén, este formulario común non é utilizado para o uso do vehículo con matrícula 5949BSS, asignado á Presidencia, respecto do que se detallan datos similares, pero só asina o condutor de dito vehículo.

En xeral, neste seguimento por ordes de servizo apréciase a existencia dun control axeitado do uso dos vehículos, aínda que algunha das ordes non indica

os motivos do desprazamento nin as persoas usuarias. Tamén se puido comprobar que, nalgún caso, a orde de servizo está expedida a prol dunha persoa allea á organización (véxase a orde nº 173, respecto do vehículo 0500KJS).

Na alegación terceira da Oficial maior explícase o motivo deste desprazamento, no que participou un funcionario da Deputación, polo que, **estimándose a alegación, enténdese que dita orde de servizo queda plenamente xustificada.**

b) Vehículos sen condutor para seren utilizados polo persoal da Deputación:

Do mesmo xeito que no apartado anterior, por cada uso dun vehículo esténdese unha orde de saída, na que se fai constar o usuario, o motivo, hora de inicio e de volta e quilómetros percorridos. Este seguimento individualizado parece, xa que logo, dabondo para facer un control do uso axeitado dos vehículos sen condutor e así resulta dos partes estendidos en cada caso.

c) Vehículo asignado de xeito permanente a un deputado provincial:

Da contestación remitida polo Xefe do Parque móbil o día 21 de decembro de 2018, parece deducirse que o vehículo Audi A6, con matrícula 6660BHL está asinado de xeito permanente ao deputado delegado de Vías e Obras, **Sr. Don José Manuel Pequeño Castro**. Non constando na Intervención que se teña adoptado ningún acordo ou resolución ao respecto deste uso permanente e individualizado, nin téndose fixado as condicións de uso, resulta entón que estamos perante unha situación de feito, non atopándose fundamento normativo nin resolutivo ningún que a poida soster, posto que o réxime común e regular do uso de vehículos sen condutor tería que seguir o procedemento estandarizado que se vén de describir no apartado b) anterior.

Na alegación terceira da Oficial maior infórmase a esta Intervención de dúas resolución polas que a Presidencia autorizou o uso deste vehículo a prol do deputado "*para xestións relacionadas coas súas competencias na Deputación*". Nin ao funcionario asinante nas actuacións de comprobación realizadas, nin na Intervención xeral constaba a existencia de ditas resolucións, que non foron obxecto de fiscalización previa.

En calquera caso, a asignación dun vehículo para o uso exclusivo dun deputado é unha práctica que se aparta dos usos estandarizados establecidos con carácter xeral para todo o persoal, máis propia das empresas que das administracións públicas. No caso da Administración do Estado, na normativa que regula os usos dos vehículos (Orden HAP/149/2013, de 29 de xaneiro, establécese con carácter xeral que os vehículos teñen que voltar ao lugar previsto logo de cada servizo ("6.*2. Fuera de la jornada de trabajo, salvo que se encuentren prestando un servicio, los vehículos oficiales deberán estacionarse en los locales establecidos al efecto o en aquellos otros que, reuniendo las condiciones de seguridad y control, sean autorizados por el Director General del Parque Móvil del Estado"*). Sí se admite na regulación do Parque móbil do Estado, con carácter extraordinario, a asignación individualizada dun vehículo por tempo indefinido, pero este uso está suxeito a contraprestación mensual (véxase o artigo 3., letra a, da Orde HAC/483/2019, do 15 de abril, pola que se aproba a contraprestación económica pola utilización de vehículos e outros servizos do Parque móbil do Estado.

Cómpre, xa que logo, que no regulamento do servizo que se recomenda aprobar, se fixen as circunstancias nas que procedería asignar un determinado vehículo para o uso exclusivo dunha persoa, por mor do cargo representativo ou responsabilidade administrativa que asume, polo que só poderá ser utilizado para o fin de representación ou servizo público encomendado. Malia a todo, advírtese de antemán das dificultades para delimitar os usos públicos dos usos privados (non só os estritamente de índole persoal, senón tamén os relativos ás funcións que un cargo representativo pode realizar a prol do partico político no que poida militar), e dentro dos primeiros, os usos en representación da Deputación respecto dos que realiza a prol da corporación municipal a que pertence, pois estes últimos non deben ser custeados pola Deputación.

Sobre este mismo asunto presenta unha alegación Don José Manuel Pequeño Castro, deputado delegado de vías e obras, na que entende erradamente que no informe provisional se parte da consideración de que no mandato 2015-2019 desenvolveu o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva, manifestando que "*cáusame asombro o feito que dende a dende a Intervención Provincial non se comprobase o réxime de retribucións deste deputado provincial*". Respecto deste asunto, cómpre aclararle ao sr. Deputado que en ningún apartado do informe se fai referencia ao seu réxime retributivo (materia que non é obxecto do informe) e que á consideración respecto dos desprazamentos ao centro de traballo do persoal representativo en réxime de dedicación exclusiva é de carácter xeral e sempre referida, en todo caso, ás persoas que se atopen en tal situación xurídica.

Polo demais, respecto do uso exclusivo dun vehículo, aínda que sexa só estritamente para o desenvolvemento das funcións de deputado de vías e obras, a alegación enténdese contestada

nas explicacións xa expostas respecto da alegación presentada pola Oficial maior. Só manifestarlle ao Sr. Deputado que no informe non hai personalización ningunha das actuacións, pois as consideracións realizadas respecto do uso exclusivo dun vehículo son o resultado das comprobacións realizadas seguindo técnicas de mostraxe propias do labor auditor, existindo a posibilidade de que exista algún outro uso exclusivo de vehículos do Parque móbil que non teña sido detectado.

Por outra banda, dende o punto de vista fiscal, a cesión de uso dun vehículo é considerada na Lei 35/2006 unha retribución en especie, que deberá ser imputada ao usuario coma rendementos do traballo nun importe do 20 por 100 do valor de mercado de vehículo cedido (artigo 43.1 b), coa obriga formal de procederse ao ingreso a conta que resulte en cada período trimestral.

Efectivamente, tal como se invoca na alegación do deputado Sr. Pequeño Castro, esta imputación só procedería no caso de que o vehículo sexa utilizado para fins particulares, **feito que non foi comprobado, polo que non lle resultaría de aplicación ao seu caso**. Aínda así, de novo se debe advertir sobre a dificultade de determinar e comprobar se o vehículo entregado para o uso exclusivo dunha persoa se utiliza só para fins institucionais e non hai ningún uso privado, sendo que hai unha dispoñibilidade de vehículo en períodos de descanso (fins de semana, vacacións, etc.), polo que a efectos tributarios, a Inspección tributaria da AEAT ben considerando que se hai dispoñibilidade en todo tempo infírese un uso privado parcial. Tanto é así, que a Lei 37/1992, de 29 de decembro, reguladora do IVE, establece no seu artigo 95.3, regra 2, 2ª, (para o efecto da deducibilidade das cotas de "renting") unha presunción "*iuris tantum*" de que estes vehículos son utilizados ao 50 por 100 para a actividade profesional e ao 50 por 100 para fins privados, a non ser que se trate de vehículos utilizados por axentes comercais ou vixiantes de seguridade, cuxa afectación a actividade económica nese caso enténdese ao 100 por 100

d) O vehículo 0435KJS: consumos sen ordes de saída.

Téndose realizado unha análise da facturación que mensualmente vén presentando SOLRED, S.A., na que se desglosan os consumos de combustible e de pagamentos de peaxes dos distintos vehículos, puídose comprobar que ao vehículo con matrícula 0435KJS, malia a non figurar como medio utilizado en ningunha das ordes de saída do presente ano 2019, fóronlle imputados consumos de gasolina e pagamento de peaxes todos os meses mediante o uso da tarxeta de Solred con número 7078 8348 9846 1243 . Este dato pon de

manifesto un uso do citado vehículo pola vía de feito, ao marxe do procedemento autorizante e de control descritos nos apartados a) e b) anteriores.

Respecto deste apartado d) da consideración terceira, na alegación sexta da Secretaría da Presidencia explícase que este vehículo ben sendo usado polo titular da Presidencia e conducido por él mesmo por razóns de seguridade, para non saturar ao conductor adscrito ao seu servizo e "*para dar unha resposta máis áxil ás demandas de presenza do Presidente en diferentes concellos non previstas na axenda diaria*".

Sen entrar a valorar as razóns invocadas –tarefa que por suposto excede do labor auditor e non lle compete ao funcionario asinante-, só cómpre reiterar tamén neste punto as explicacións realizadas respecto do uso exclusivo de vehículos e tamén da necesidade de aprobar un regulamento que os permita e fixe os casos e circunstancias nas que procederían.

e) Vehículos cedidos a concellos da Provincia:

Segundo a información achegada ao expediente pola Xefa de Negociado de ingresos do Servizo de Fiscalización (informe de 20 de novembro de 2018), oito vehículos de titularidade desta Deputación están cedidos a determinados concellos da Provincia e a unha entidades en ánimo de lucro.

Dita atribución de uso e dispoñibilidade destes vehículos foi realizada directamente, mediante resolución de Presidencia ou convenio, sen que mediase unha convocatoria pública para tal fin, de xeito os concellos e a entidade sen ánimo de lucro foron seleccionados sen concorrencia competitiva e sen publicidade, sen que houbese unha avaliación previa da necesidade ou xustificación de medida a prol doutros concellos da Provincia ou entidades sen ánicmo de lucro.

Explícase no escrito de alegacións da Oficial maior que se trataba de efectos non utilizables. Sendo así, teñen a consideración de bens patrimoniais, segundo o previsto no artigo 7.1 do Regulamento de Bens das entidades locais (R.D. 1372/1986, de 13 de xuño), resultándolle de aplicación as regras previstas en dita norma para o seu alleamento ou cesión de uso de balde (artigos 109 e seguintes do citado corpo normativo).

f) Vehículos en desuso:

Unha administración eficiente dos medios materiais cos que conta o Parque móbil conlevaría o alleamento inmediato daqueles vehículos que non están a ser utilizados. Xa que logo, neste apartado a recomendación é que se leven a cabo as actuacións procedimentais oportunas para que se proceda ao alleamento dos vehículos nesta situación sen maior demora.

Explícase pola Oficial maior que estes vehículos foron obxecto dunha poxa na que quedaron sen adxudicar. Agora o que se pretende e incluilos no procedemento de adquisición dunha furgoneta, de xeito que se poida obter unha redución de prezo deste ben. Efectivamente, de levarse a cabo esta xestión, estarase a cumprir xa coa recomendación exposta e poderá garantirse o respecto ao principio de eficiencia.

Quinta. Os custos do Parque móbil. O custo unitario por kilómetro e a comparativa con outros custos.

Con carácter complementario da información recollida nas actuacións de comprobación realizadas e comentada nos apartados anteriores, infórmase seguidamente dos custos totais deste centro de gasto, integrado no estudo de custos que se achega á Conta xeral do exercicio 2018, téndoselle asignado o código 9F.

Tal como consta no detalle de custos deste centro, os custos directos neste derradeiro exercicio teñen sido de 696.239,99 euros, aos que lle hai que sumar os custos indirectos imputados (custes recibidos), por importe de 50.732,99 euros. Deste xeito, resulta un custo total do centro de 746.972,98 euros.

Segundo a información facilitada polo Xefe de Negociado do Parque móbil (oficio de contestación a un requirimento de 22 de maio de 2019), os vehículos asignados ao Parque móbil percorreron 940.577 kilómetros no exercicio do 2018, dato que posto en relación coa cifra de custe total indicada no párrafo anterior, **permite obter un custo unitario por quilómetro de 0,79 euros.**

Para o efecto dunha análise de eficiencia, o dato así calculado debe porse en relación con outros parámetros unitarios que ofrece a normativa vixente ou os obtidos no mercado do transporte de persoas. Así, nesta comparativa, resulta dende logo moito máis elevado o custo unitario que soporta esta administración con respecto á indemnización que recibe o persoal funcionario ou laboral por dispor do seu vehículo nos desprazamentos en réxime de comisión de servizos (0,19 euros por quilómetro).

Asemade, comparado o dato obtido coas tarifas vixentes para os desprazamentos en líneas regulares de transporte público, obtense un resultado claramente ineficiente para o medio instrumental propio. Así, por exemplo, poderíase utilizar para a comparativa o desprazamento dunha persoa entre as dúas cidades máis poboadas da Provincia (A Coruña e Santiago de Compostela), por ser ademais un dos desprazamentos máis repetido nas ordes de servizo dos vehículos. Na táboa seguinte ofrécense os datos obtidos:

MEDIO DE TRANSPORTE	CUSTO €/ KM	OUTROS CUSTOS	TARIFA € (1)	CUSTO TOTAL €
Tren (Renfe)	------	-------	6,10 (Billete ida-volta tren Avant)	6,10
Autobús servizo regular /Empresa concesionaria)	------	--------	7,80 (Prezo ofertado para billetes de ida-volta)	7,80
Vehículo propio	0,19	20,00 (1)	-----	48,50 (2)
Vehículo Parque móbil	0,79	-----	-----	118,50 (3)

(1) Información obtida na Internet o día 20/06/2019
(2) Estimación para gastos de peaxe e aparcamento.
(3) Para un desprazamento estimado de 150 kilómetros.
(4) Para igual desprazamento de 150 kilómetros. Ao ser o custe unitario obtido unha media, obviamente non se considera a diferenza de custe existente entre vehículo con conductor e vehículo sen conductor, nin o posible retorno do usuario ao seu domicilio, ao entenderse que este desprazamento non debe ser custeado pola administración (agás para os cargos representativos sen adicación exclusiva ou parcial).

Os datos expostos amosan unha evidente ineficiencia do vehículo do Parque móbil fronte a calquera das outras posibilidades de desprazamento, polo que se reforza a recomendación xa realizada na consideración primeira, no sentido de darlle preeminencia ao uso dos medios de transporte público, ao seren os que lle xeran un menor custo a esta Administración.

Na análise desglosada dos custos do Parque móbil, obsérvase que os custos de maior importancia relativa son os de persoal, pois consumen arredor do 60 por cento dos custos totais do centro. Dado o nivel actual de servizos prestados, ben pode argumentarse que dito custe ten un alto grao de invariabilidade, ao formar parte da estructura do servizo, ao seren necesarios para o seu correcto funcionamento. Cabe preguntarse, xa que logo, se resultaría posible aumentar o número de servizos prestados manténdose o mesmo plantel, pois dita circunstancia conlevaría un custe marxinal decrecente por unidade adicional de servizo producida, determinándose finalmente un custe unitario inferior ao sinalado nos párrafos precedentes, ao aumentarse o número de unidades producidas sen aumentar un factor de tanta importancia relativa na formación daquel custe.

Logo de reflexionar sobre esta cuestión, considérase que no expediente que se está a tramitar non hai datos dabondo para facer esta análise, polo que se recomenda que no futuro inmediato se implemente algún sistema de seguimento da actividade de cada vehículo/conductor (horas de adicación a cada servizo producido), determinándose así se poideran producirse tempos de inactividade, nos que sería posible asumir novos servizos sen aumentar o plantel.

Na alegación sobre este apartado do informe, expón a Oficial maior que "*non se tiveron en conta todas as variables que xustifican o uso de medios propios por parte dunha Administración, así como unha asimilación das saídas derivadas de comsións de servizo ás saídas implícitas nas características do traballo a desenvolver. O que explica a redución simplista que sa fai ao dividir custo por quilómetros e achar como único dato a ter en conta a relación euro/quilómetro para concluir coa necesidade de acudir ao transporte público como medio preferente de transporte".*

Efectivamente, acéptase que o cadro de custos anteriormente exposto non ten en conta outras circunstancias que inciden nunha asignación racional e eficiente tanto dos medios materiais como dos recursos humanos dispoñibles. Desde logo que os custos calculados, aínda resultando da contabilidade analítica e de estimacións debidamente fundadas, non poden considerarse valores absolutos e deben tomarse en consideración partindo da situación existente, pois a utilización en exclusiva do transporte público non reduciría os custes fixos do Parque móbil, facendo totalmente ineficiente este medio instrumental propio. Téñase presente que a recomendación avoga pola utilización preferente do transporte público, **pero non postula a supresión do Parque móbil nin o seu desuso, entendéndose que se fai necesaria a combinación dos tres medios de desprazamento existentes na actualidade, tal como xa se clarifica na consideración primeira do informe.** Admítese, xa que logo, a alegación da Oficial maior, cando logo de expor unha relación non exhaustiva de servizos prestados polo Parque móbil, explica que "*os desprazamentos relacionados, polas súas características, non se poden axustar aos horarios dos servizos regulares de transporte, alí onde os haxa(…)".*

No tocante ao uso dos medios de transporte público, invócase pola Oficial maior e tamén na alegación Sexta da Secretaría de Presidencia, o caso singular do uso de servizos de taxi por parte do persoal do Servizo de Recadación durante o período en que dito persoal deixou de utilizar o seu vehículo particular e ata o momento no que se puxeron a súa disposición vehículos do Parque móbil. Dita situación efectivamente xerou un gasto desproporcionado e excesivo, estando a súas causas na negativa do persoal a utilizar o seu vehículo propio coa única percepción da indemnización regulamentariamente prevista e sen contraprestación ilegal ningunha –tal como sí acepta sen maior reparo outro persoal- e a tardanza desta administración en instrumentar unha solución alternativa á preexistente carente de cobertura legal -o pagamento do seguro obrigatorio do vehículo particular-). Pero, precisamente pola súa singularidade, non pode considerarse como argumento para defender a ineficiencia do

transporte público (e, tal como se explicou anteriormente, de novo cómpre aclarar que o servizo de taxi é un "servizo público impropio" e non regular, polo que non está comprendido na recomendación realizada no informe provisional).

Na alegación presentada pola Secretaría de Presidencia sobre esta consideración invócase o artigo doutrinal no que, logo de definir o concepto de eficiencia, conclúese: "*En síntesis; es erróneo intentar analizar el funcionamiento del Estado desde la lógica de la eficiencia. Éste debe ser primero eficaz, luego si es eficiente, mejor*". Desde logo que, sen prexuizo do respecto e a consideración que merece o enxeñeiro industrial citado, a súa afirmación concluínte non se acomoda ao mandato constitucional establecido co carácter de principio no artigo 31.2 da nosa Carta Magna, onde se dispón que a programación e execución do gasto público atenderá a criterios de eficiencia e economía. Xa que logo, non abonda que o Estado –enténdase o conxunto das administracións públicas- sexa eficaz, senón que tamén precisa ser eficiente, tratando de acadar os obxectivos previstos ao menor custo posible.

Respecto dos custes de persoal e da proposta de aumentar o número de servizos efectuado –tratando así de optimizar os medios persoais dispoñibles- argumenta a Oficial maior que a mesma "*non se compadece co resto do informe en que se propón reiteradamente acudir a servizos externos, pero é que ademais o Parque móbil conta desde hai máis de oito anos cun sistema localizador de vehículos que permite establecer en todo momento onte está cada vehículo unido ao condutor que o manexa".* Sobre esta alegación, o funcionario asinante insiste de novo en que a súa proposta non ten carácter maximalista, nin pretende minimizar o uso do Parque móbil nin avoga pola súa supresión, só recomenda racionalizar e temperar o seu uso, tendo en conta en cada momento as circunstancias dos desprazamentos a realizar.

Polo demais, compártese a cita invocada no párrafo final da alegación da Oficial maior, no tocante a que "*no hay fórmula automática para saber qué es lo más eficiente(…)*" e, para tal fin de acadar unha fórmula, sería desexable realizar a desagregación dos custes unitarios calculados tendo en conta unha multiplicidade de factores, tal como se pide na alegación da Secretaría de Presidencia; porén, como ben pode comprenderse, tal cometido excedería do obxecto e alcance deste informe, xa indicado no apartado introductorio do mesmo, dándolle así fiel cumprimento ás Normas de Auditoría do Sector Público.

Con todo, -coa finalidade de que poida servir como exemplo de contraste ao exposto nas alegacións sobre esta consideración-, na mostraxe realizada sobre o período analizado, puido comprobarse que un vehículo con condutor realizou todos os días de carácter hábil dúas viaxes á cidade de Santiago de Compostela, para recoller á persoa titular da Vicepresidencia e retornala ao seu domicilio ao finalizar a xornada de traballo. Segundo o custe unitario calculado, cada viaxe diaria supuxo un custe de 237 euros (300 kms*0,79 €/km). Neste caso, a alternativa de realizar a viaxe en tren no só era factible –ao haber moitas frecuencias ao longo do día-, senón que mesmo podería supor un aforro de tempo, polo que parece que resultaría claramente máis eficiente.

Sexta. Os medios materiais: vehículos en propiedade e vehículos en *renting*. A contratación da reparación dos vehículos en propiedade e outras actuacións de conservación e mantemento.

Continuando coa análise operativa e de regularidade do servizo do Parque móbil, cómpre agora deterse nos medios materiais que se poñen a súa disposición para levar a cabo as prestacións encomendadas. Para o exercicio das súas funcións e cometidos, unha vez analizados os custos de persoal no apartado anterior, o elemento material que conleva maior custe e correlativo gasto orzamentario é o conxunto de vehículos, algúns deles adquiridos en propiedade, namentres que outros son postos a disposición da Deputación mediante un alugueiro operativo, figura contractual coñecida co termo inglés "*renting*". Namentres que a adquisición en propiedade supón un investimento imputable ao capítulo 6º do estado de gastos do orzamento, o alugueiro en *renting* conleva un gasto corrente imputable ao capítulo 2º.

Na utilización dun ou doutro procedemento para a posta a disposición dos vehículos, non se coñece nesta Intervención que se teña feito un estudo de custos para determinar cal das dúas resulta máis eficiente. Tratarías de recoller a información orzamentaria da que se dispón respecto dun período amplo de tempo (por exemplo, nos últimos dez exercicios económicos) e comparar os custos devindicados en cada unha das modalidades, para concluir finalmente a máis eficiente en termos unitarios (por kilómetro percorrido). Recoméndase, xa que logo, que para o futuro, cando se incoe un expediente contractual para o subministro de novos vehículos, ben sexa en propiedade ou en alugueiro operativo, se incorpore esta análise previa de custos que xustifique a opción elexida.

Polo demais, dos datos e antecedentes dos que dispón o Servizo de fiscalización, resulta que en xeral, tanto as adquisicións de vehículos coma o seu alugueiro operativo, teñen seguido un procedemento contractual perfectamente respectuoso coa normativa vixente en cada momento, someténdose aos coñeceidos principios de publicidade e libertade de concorrencia, garantíndose así a obtención da oferta máis vantaxosa dende o punto de vista económico.

Pola contra, séguese a utilizar a figura do contrato menor para as reparacións dos vehículos en propiedade e outras actuacións de mantemento (lavado dos vehículos, por exemplo). Aínda que sen dúbida estas actuacións teñen unha escasa importancia relativa, debería valorarse a posibilidade de preparar un

contrato de mantemento para este tipo de prestacións, seleccionando ao provedor que poida presentar a oferta máis vantaxosa tendo en conta determinados criterios como poderían ser o tempo de resposta, a redución porcentual sobre tarifas oficiais de man de obra e pezas habituais de recambio e outros posibles. Deste xeito, quedaría plenamente regularizada a contratación de todos os elementos materiais que vén utilizando este servizo.

VI. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS.

Logo dos antecedentes e consideracións expostas -**coa estimación parcial dalgunha das alegacións presentadas-**, consonte ao previsto no artigo 35 do Real decreto polo que se regula o réxime xurídico do control interno, preséntanse as seguintes conclusións, concretándose as deficiencias e irregularidades advertidas no apartado anterior e engadíndose, no seu caso, a correspondente recomendación, coa finalidade de que no plan de acción que debe aprobarse se proceda a emenda ou subsnación daquelas.

Primeira. A xestión das actuacións e servizos que presta a Deputación nun amplo territorio precisa de prestacións de mobilidade a prol dos seus axentes, ben sexan cargos representativos ou persoal ao servizo da organización. Logo da mostraxe de desprazamentos analizados introdúcese unha **primeira recomendación:**

Das distintas opcións previstas no réxime xurídico vixente (uso do Parque móbil como medio propio, utilización do transporte público ou vehículo propio), **o uso común dos medios de transporte público regular pode resultar máis eficiente e sostible, polo que debería procurarse, -sempre que o permitan as circuntancias e exista dispoñibilidade-, darlle prevalencia a utilización deste medio.**

Segunda. O Parque móbil é un medio instrumental, integrado na propia Deputación sen organización especializada, que pon a disposición dos cargos representativos e do persoal medios de locomoción, mediante vehículos con o sen condutor. Para o seguimento de cada unha das prestacións realizadas, dende a Oficialía maior emítense as autorizacións oportunas, detallándose en cada unha delas o vehículo a utilizar e a persoa usuaria, o percorrido a realizar e os datos de quilómetros e consumos de combustible.

Con carácter xeral, apréciase un uso regular e un control axeitado do movemento dos vehículos; sen prexuizo de manterse o actual sistema de control, introdúcese unha **segunda recomendación:**

Considérase necesario que se elabore e, -logo da tramitación e informes preceptivos-, o Pleno da Corporación aprobe un regulamento do Parque móbil, no que se detallen os usos dos vehículos, con ou sen condutor, e os procedementos para tramitar cada unha das ordes de saída. Para tal fin poderían tomarse como referencia indicativa a regulación do Parque móbil do Estado ou o doutras administracións locais que se citan no corpo deste informe.

Terceira. No tocante ao uso dos vehículos por parte do persoal no exercicio de cargos representativos, advírtense as seguintes deficiencias:

Primeira deficiencia: Non se atopou unha norma que lle dea cobertura legal ou, cando menos regulamentaria, aos servizos que se están a prestar a prol dos cargos representativos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, para o desprazamento asiduo dende o seu domicilio ao Pazo Provincial -centro de traballo para estes efectos- e retorno. Fronte a esta deficiencia, preséntase a **terceira recomendación:**

Que no regulamento do servizo ao que se facía referencia na recomendación anterior, -sempre que se considere legalmente admisible ao abeiro do disposto no artigo 75 LBRL-, se introduza un apartado específico no que se regule o dereito do persoa que exerce cargos representativos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial a que esta administración lle provea un medio de transporte dende o seu domicilio ata o centro de traballo. No caso de que así se regule, esta prestación deberá tratarse coma unha retribución en especie, nos termos regulados na Lei 35/2006, reguladora do IRPF.

Segunda deficiencia: Tampouco se atopou fundamento normativo para asignar usos exclusivos de vehículos sen condutor a prol de determinado persoal no exercicio de cargos representativos. E para o caso de que dita asignación poidera admitir algún uso no ámbito privado ou familiar, tamén habería lugar a considerar que esta dispoñiblidade sería constitutiva dunha retribución en especie polo importe do seu valor de mercado.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 14/10/2019 13:32

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 04/10/2019 15:55

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
55192845892f4714fe02e7e3b546f06913aed201

Fronte a esta deficiencia, a **cuarta recomendación** queda exposta nos seguintes termos**:**

Que se deixe sen efecto a atribución en exclusiva da utilización de determinados vehículos ata que, no seu caso, o regulamento do servizo que se aprobe recolla expresamente esta eventual posibilidade, fixando as circunstancias e casos nos que procedería, así como as limitacións de uso e o control a realizar para o seu efectivo cumprimento.

Cuarta. Considerado o custo total do Parque móbil no exercicio 2018 e coñecido o número de quilómetros percorrido por todos os vehículos, resulta que o custe unitario de cada quilómetro é de 0,79 euros. Este dato, comparado cos custes dos medios de transporte público e co importe da indemnización polo uso de vehículos privados, indica a conveniencia de darlle prevalencia ao uso do transporte público regular, sempre que exista servizo e frecuencias dabondo que permitan o exercicio da función encomendada en tempo oportuno.

Quinta. A adquisición dos vehículos, ben sexa en propiedade ou en alugueiro operativo ("*renting*") tense realizado por procedementos que respectan plenamente a lexislación contractual, garantíndose así a obtención da oferta económica máis vantaxosa; sen prexuizo do exposto, respecto da contratación e mantemento de vehículos cómpre realizar unha **quinta e derradeira recomendación:**

Debería realizarse un estudo de custes pormenorizado para poder valorar axeitadamente cal das dúas opcións (adquisición en propiedade ou "*renting*") resulta máis vantaxosa económicamente. Asemade, tamén debería prepararse un expediente contractual para os servizos de reparación e mantemento dos vehículos en propiedade.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 14/10/2019 13:32

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 04/10/2019 15:55

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
55192845892f4714fe02e7e3b546f06913aed201

Tendo en conta as observacións críticas expostas nesta conclusión, o presente informe emítese con carácter **DEFINITIVO, COAS DÚAS DEFICIENCIAS OBSERVADAS E AS CINCO RECOMENDACIÓNS EXPOSTAS,** para o efecto de que, no seu caso, se leve a cabo un plan de acción que proceda a súa corrección e seguimento.

O presente informe debe notificarse ás Secretarías de Presidencia e Vicepresidencia, Oficialía maior, así coma aos Servizos de Patrimonio e contratación, Planificación e xestión de recursos humanos.

De conformidade co disposto no artigo 36 do R.D 424/2017, este informe definitivo remítese á Presidencia, para que a través deste órgano sexa elevado ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento (a análise do informe deberá constituir un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria).

A Coruña, 4 de outubro de 2019.

Juan Bautista Suárez Ramos

Interventor adxunto.

Conforme,

O INTERVENTOR XERAL,

José Manuel Pardellas Rivera.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 14/10/2019 13:32

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 11/10/2019 10:40

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
4e91408f14181a3e08b4b3392a5f24267df5d7b9

Deputación DA CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

EXPEDIENTE CP-5/2018

SUBTEL: 2019000024661

ASUNTO:

INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO, NA MODALIDADE DE CONTROL PERMANENTE, SOBRE O FUNCIONAMENTO OPERATIVO DO I.E.S. E RESIDENCIA CALVO SOTELO.

DESTINO:

SECRETARÍA DE PRESIDENCIA, SECRETARÍA DE VICEPRESIDENCIA, DIRECCIÓN DO IES E RESIDENCIA CALVO SOTELO, SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES, SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATATACIÓN E SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS.

I. ANTECEDENTES: OBXECTO E ALCANCE DO INFORME

Logo da entrada en vigor do R.D. 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector público local, na Intervención provincial estase a traballar para dispor en breve prazo dun plan de control financeiro, modalidade de control interno, que vén a complementar a función interventora que se está a realizar con carácter previo á aprobación de calquera gasto. Deste xeito, unha vez que se dispoña daquel plan, o órgano interventor da Corporación contará cun modelo de control integral, que permitirá abranguer o 100 por 100 do orzamento consolidado da Corporación, obxectivo a acadar no transcurso de tres exercicios económicos, segundo o disposto no artigo 4.3 da referida disposición regulamentaria.

Pero xa antes da entrada en vigor do regulamento de control interno invocado, a proposta da Secretaría, Intervención e Tesourería, a Presidencia da Deputación ditou a resolución nº 2018/7215, pola que se ordena realizar unha análise do funcionamento dos Centros provinciais, como un elemento de información para a xestión e coma un acto de execución do Plan de control financeiro do exercicio 2018. No apartado segundo noméase a este funcionario como coordinador das actuacións e en funcións de control financeiro.

Dándolle execución á resolución ditada, dentro da dispoñibilidade de tempo e tendo en conta a prioridade que se lle está a dar ás tarefas de fiscalización previa e remate das actuacións de control financeiro das subvencións, con data de 18 de decembro de 2018 iniciáronse as actuacións de **control financeiro sobre o I.E.S. E RESIDENCIA CALVO SOTELO,** seguindo para tal efecto a lexislación aplicable que a continuación se citará, consonte ás técnicas propias da auditoría operativa ou de funcionamento, tal como está

regulada nas Normas de auditoría do sector público. Dado que a execución dos gastos que se realizan neste centro xa está sometida á fiscalización previa, as actuacións deste expediente teñen o carácter de control permanente, nos termos regulados no artigo 29.2 do Regulamento do réxime xurídico do control interno, **de xeito que se trata de comprobar que a actividade que se realiza no I.E.S. E RESIDENCIA CALVO SOTELO está axustada ao ordenamento xurídico e aos principios de boa xestión financeira, co fin de mellorar a dita xestión no aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedimental.**

No desenvolvemento das actuacións contouse coa total colaboración do administrador do I.E.S. E RESIDENCIA CALVO SOTELO, D. Francisco Javier Arroyo Barreñada, así coma do Servizo de patrimonio e contratación e o Servizo de planificación e xestión de recursos humanos, poñendo a disposición deste funcionario os antecedentes e todos os datos solicitados. Resultaron moi aclaratorias as explicacións dadas polo citado administrador do centro, no día no que se realizaron comprobacións "*in situ*", en relación co funcionamento operativo do dito centro.

II. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, logo das importantes modificacións introducidas pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de reforma e sostibilidade da administración local.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de reforma e sostibilidade da Administración local.
- Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto-lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.
- Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril.
- Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se aproba o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.
- Lei 5/97, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 37/1992, de 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido (LIVE).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS)

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público.

III. ACTUACIÓNS REALIZADAS

Unha vez incoado o procedemento dándolle execución á resolución da Presidencia anteriormente referida, foron realizadas as seguintes actuacións:

- Comunicación de inicio do día 18 de decembro de 2018, remitida ao I.E.S. CALVO SOTELO (rexistro de saída número 38.984), anunciándolles unha comparecencia nas instalacións do centro o día 8 de xaneiro de 2019, coa finalidade de levar a cabo actuacións de comprobación “in situ”.
- Comunicación de inicio e de data de comparecencia, do día 18 de decembro de 2018 (rexistro de saída número 38.978), remitida a D. Luis Jaime Rodríguez Fernández, xefe do Servizo de patrimonio e contratación.
- Comunicación de inicio e de data de comparecencia, do día 18 de decembro de 2018 (rexistro de saída número 38.979), remitida a D. Carlos Hervella Couceiro, xefe da Sección de planificación de recursos humanos.
- Comunicación, do día 4 de xaneiro de 2019 (rexistro de saída número 20), de aprazamento das actuacións de control financeiro, remitida ao I.E.S. CALVO SOTELO.
- Comunicación, do día 4 de xaneiro de 2019 (rexistro de saída número 15), de aprazamento das actuacións de control financeiro, remitida ao xefe do Servizo de patrimonio e contratación.
- Comunicación, do día 4 de xaneiro de 2019 (rexistro de saída número 17), de aprazamento das actuacións de control financeiro, remitida ao xefe da Sección de planificación de recursos humanos.
- Solicitudes das listaxes de control horario do persoal do I.E.S. e da RESIDENCIA CALVO SOTELO, do 7 de febreiro de 2019 (rexistro de saída número 2.630) e do 17 de agosto de 2019 (rexistro de saída número 17.581, do 19 de agosto de 2019), remitidas ao Servizo de planificación e xestión de recursos humanos. Os requirimentos de información foron contestados polo xefe da Sección de planificación de recursos humanos o día 21 de agosto de 2019 (rexistro de entrada número 17.581).

- Comunicación da nova data para a realización das actuacións de control financeiro, remitida ao I.E.S. CALVO SOTELO o día 26 de marzo de 2019 (rexistro de saída número 5.861).
- Comunicación da nova data para a realización das actuacións do control financeiro, remitida ao xefe do Servizo de patrimonio e contratación o día 26 de marzo de 2019 (rexistro de saída número 5.862).
- Comunicación da nova data para a realización das actuacións do control financeiro, remitida ao xefe de planificación e xestión de recursos humanos o día 26 de marzo de 2019 (rexistro de saída número 5.863).
- Dilixencia de comparecencia referida ás comprobacións realizadas “in situ”, estendida o día 26 de abril de 2019.

IV. INFORME PROVISIONAL.

Rematadas as actuacións, con data de 26 de agosto de 2019 foi emitido o informe provisional de control financeiro, na modalidade de control permanente. Dito informe foi notificado aos seguintes órganos e servizos:

- Secretaría de Presidencia
- Secretaría de Vicepresidencia.
- Dirección do IES e Residencia Calvo Sotelo.
- Servizo de Acción social, cultural e deportes.
- Servizo de Patrimonio e contratación.
- Servizo de Planificación e xestión de recursos humanos.

No prazo de quince días hábiles conferido para o efecto, os órganos e servizos destinatarios non teñen presentado alegación ou suxestión ningunha, polo que o informe provisional debe ser elevado automaticamente a definitivo. No entanto, por parte da Vicepresidencia foille comentado verbalmente a este funcionario o contido do informe, advertindo que no mesmo non figuraban os datos do custe do servizo analizado, que sí foran incluidos noutros informes de control permanente.

Xa que logo, tengo en conta a suxestión verbal recibida, incorpórase neste informe definitivo unha observación complementaria na que se informa dos custos do servizo no exercicio 2018.

V. CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- A xestión dun centro educativo: asunción pola Deputación dunha competencia que lle corresponde á Comunidade autónoma de Galicia.

Segundo puxo de manifesto o actuario na dilixencia de control financeiro, o I.E.S. e RESIDENCIA CALVO SOTELO é un centro de Educación Secundaria mixto, de carácter público, titularidade da Deputación. Creouse no ano 1956 e foi xestionado, xunto coa Residencia, pola Comunidade salesiana durante uns 30 anos (desde a súa creación ata o 1 de setembro de 2017). Actualmente é o propio equipo directivo o que leva a cabo a dita xestión. Así mesmo, para poder prestar os servizos de Residencia, firmouse un contrato coa empresa "AXIÑA" que se encarga da coordinación do servizo de acollida, da atención e organización das actividades culturais, deportivas e sociais do alumnado do I.E.S. residente.

Á vista do exposto, a observación de maior importancia que se pode facer no presente informe é a relativa á falla de competencia da Deputación Provincial para xestionar un Centro educativo e a súa Residencia.

Enténdese que, coma no caso do I.E.S. e RESIDENCIA CALVO SOTELO, esta é unha situación anacrónica, que obedece a unha circunstancia histórica propia dun tempo e dunha normativa distinta a que agora resulta de aplicación. Tal e como indicamos anteriormente, o centro foi creado no ano 1956 e, daquela, as deputacións provinciais viñan prestando servizos de carácter benéfico-docente, ao non existir ás comunidades autónomas.

Pero agora, o bloque de constitucionalidade formado polos artigos 148 e 149 da propia Constitución e a asunción de competencias en virtude do Estatuto de Autonomía de 1981, deixan ben claro que a competencia para a creación e xestión de centros de ensino públicos lle corresponde á Comunidade autónoma de Galicia. Asemade, esta afirmación delimítase negativamente na propia Lei 7/85, de Bases de réxime local, que ao regular, no seu artigo 36 (novamente redactado pola Lei 27/2013, de reforma e sostibilidade da administración local) as competencias das deputacións provinciais, para nada inclúe entre as mesmas os servizos públicos educativos.

Malia o disposto no bloque de constitucionalidade e a reordenación de competencias establecido pola Lei 27/2013, no noso ámbito autonómico de Galicia permitiuse que as entidades locais poideran continuar coas competencias e prestacións de servizos que non

lles correspondían legalmente, segundo o previsto no artigo 3 da Lei 5/2014, de 27 de mairo, de medidas urxentes logo da entrada en vigor da Lei estatal básica 27/2013 xa referenciada.

Pero xa antes desta reordenación competencial da Lei 27/2013, cómpre lembrar un importante acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 10 de abril de 2012 (punto 19 da orde do día), Logo de coñecido o informe emitido pola Intervención xeral sobre a aplicación dos Reais decretos-lei 4/2012 e 7/2012. A primeira das propostas de actuación que se recollía naquel acordo dicía textualmente:

"1º. Encomendar á Presidencia da Corporación para que realice as xestións oportunas antes os órganos competentes da Comunidade Autónoma para analizar conxuntamente as opcións de xestión e financiamento daqueles servizos nos que se dá unha concorrencia de competencias. Unha vez realizadas as xestións iniciais, a Presidencia designará as comisións político-técnicas que procedan con representación de todos os grupos políticos provinciais para a formulación das propostas de acordo correspondentes ao Pleno Corporativo (…)"

Xa que logo, retomando a conclusión exposta naquel informe, a primeira recomendación que ha de facerse neste informe da Intervención resulta obrigada: realizar as xestións oportunas para transferir este centro educativo e a súa Residencia, cos seus medios persoais e materiais, á Comunidade autónoma de Galicia, para que o mesmo quede plenamente integrado no conxunto de centros que imparten Ciclos formativos de grao Básico, Medio e Superior e dependen orgánica e funcionalmente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Alternativamente, ao abeiro do disposto no artigo 37 da LBRL, poderíase instar a delegación da competencia da Comunidade autónoma para a xestión deste centro, artellándose nun convenio o financiamento necesario para que esta Deputación non teña que asumir con cargo a fondos propios a meirande parte do custo do centro, tal como se explicará nunha consideración posterior. Esta posibilidade resultaría asemade de todo coherente co disposto no artigo 3 da Lei

SEGUNDA.- A adquisición centralizada das compras de material, agás algunhas moi específicas.

En relación á xestión dos gastos necesarios para o funcionamento do centro, na mostraxe realizada sobre as facturas seleccionadas ao chou, púidose comprobar que se corresponden, na súa maior parte, con material non inventariable: *papel, bolígrafos, xesos, alimentación.* O actuario constatou a existencia de stock do dito material pendente de uso, na súa visita ás instalacións.

Así mesmo, o Centro tamén efectuou gastos en concepto de farmacia e de transporte, estes últimos por desprazamentos dos rapaces con motivo das distintas visitas escolares.

Á vista dos ditos gastos podemos concluír que obedecen as necesidades propias dun centro de ensino e da súa residencia, polo que esta Intervención manifesta a súa conformidade con respecto á xestión dos mesmos.

Non entanto, sí se debería reflexionar sobre a posibilidade de que as compras de material de oficina e demais subministros se fagan conxuntamente cos dos restantes servizos da Deputación, quedando no ámbito da xestión propia do centro as adquisicións urxentes, puntuais ou sobre subministros moi específicos sobre os que o Servizo de patrimonio e contratación non teña xestionado un expediente ou sexan de carácter especial.

TERCEIRA.- O cumprimento horario do persoal

Á vista das comprobacións realizadas, o persoal asignado está a cumprir co horario establecido, polo que, non habendo ningunha incidencia neste ámbito, os gastos de persoal están debidamente xustificados.

CUARTA.- OBSERVACIÓN COMPLEMENTARIA RELATIVA AOS CUSTES DOS SERVIZOS E DO SEU FINANCIAMENTO.

Dándolle cumprimento ao disposto no artigo 211 do TRLRFL, no apartado 27 da Memoria das Contas anuais de 2018 tense incorporado información sobre os custes dos distintos servizos públicos que se están a prestar por esta Deputación. Entre eles están os que levan por código 3C-1, nomeado " Servizo de aloxamento de estudantes no Colexio Calvo Sotelo", e o 3C-2, relativo ao "Ensino secundario no IES Calvo Sotelo". A información recollida no apartado 27 da Memoria pode resumirse nos seguintes cadros:

3C-1 Servizo de aloxamento de estudantes no Colexio Calvo Sotelo:

CUSTOS DIRECTOS	CUSTES INDIRECTOS	CUSTES RECIBIDOS	CUSTE TOTAL	INGRESOS	MARXE
724.553,33	137.621,99	245.858,63	862.175,32	35.509,00	-826.666,32

Do cadro anterior resulta un custe total da actividade de aloxamento de estudantes foi de 862.175.,32 euros, téndose recadado en concepto de prezos públicos pagados polos usuarios o importe de 35.509,00 euros, o que representa só o 4 por cento do custe deste servizo. O número de usuarios foi de 42, polo que o custe unitario acadou o importe de 20.527,98 euros.

3C-2 Servizo de ensino secundario no IES Calvo Sotelo.

Pola súa banda, respecto do servizo de ensino secundario, incorporánrose ao apartado 27 da Memoria os seguintes datos:

CUSTOS DIRECTOS	CUSTES INDIRECTOS	CUSTES RECIBIDOS	CUSTE TOTAL	INGRESOS	MARXE
2.689.246,55	533.951,02	935.681,30	3.223.197,57	106.925,61	-3.116.271,96

Este segundo servizo dos analizados tivo un custe total de 3.223.197,67 euros, téndose recibido unha achega da Comunidade autónoma para o seu financiamento de 106.925,61 euros, o que representa o 3,32 por cento do custe, téndose financiado o importe restante con cargo a recursos propios. A este respecto, cómpre lembrar que os informes que vén emitindo a Intervención sobre os convenios de financiamento coa Comunidade autónoma, están a advertir a insuficiencia financeira da achega.

Asemade infórmase de que o número de usuarios foi de 294,60, resultando un custe unitario de 10.940,93 euros.

VI. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS.

PRIMEIRA.- Ao abeiro da lexislación básica de réxime local, a Deputación provincial da Coruña non ten competencia ningunha na xestión de centros de ensino, correspondéndolle a mesma á Comunidade autónoma de Galicia, de conformidade co disposto na Constitución e no Estatuto de autonomía de Galicia de 1981. Xa que logo, **recoméndase iniciar as xestións conducentes a transferir os medios persoais e materiais deste Centro educativo e a súa Residencia á Comunidade autónoma, para que pase a depender orgánica e funcionalmente da Consellería de educación, universidade e formación profesional.**

Ao respecto desta recomendación, cómpre lembrar que o Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 10 abril de 2012 (punto 19 da orde do día), xa tomara un acordo no que encomendaba á Presidencia o inicio das referidas xestións, logo de analizar o informe da Intervención sobre a aplicación dos Reais decretos-lei 4/2012 e 7/2012.

Alternativamente, ao abeiro do disposto no artigo 37 da LBRL, tamén se podería instar a delegación da competencia da Comunidade autónoma para a xestión e administración deste centro educativo analizado, instrumentándose dita delegación nun convenio no que se fixase o financiamento que tería que recibir a Deputación pola asunción de dita xestión delegada.

SEGUNDA.- A xestión dos gastos correntes por parte da dirección do centro está correctamente documentada e ditos gastos obedecen a necesidades propias dun centro de ensino de Educación Secundaria. Aínda así, recoméndase que as compras de material non inventariable se integren, como regra xeral, na xestión contractual centralizada que se está a facer por parte do Servizo de patrimonio e contratación para todos os servizos da Deputación, coa excepción daqueles gastos de carácter urxente ou especial.

TERCEIRA.- Do apartado 27 da Memoria da Conta xeral do exercicio 2018, relativo aos custos do servizo, resulta que o custo total da residencia de estudantes ten sido de 862.175,32 euros. No exercicio 2018 estiveron aloxados 42 usuarios, resultando un custe unitario de 20.527,98 euros. Pola súa banda, o servizo de ensino secundario tivo un custe de 3.223.197,57 euros. Para o financiamento do servizo recibiuse unha achega da Comunidade autónoma de Galicia por importe de 106.925,61 euros, que cubríu o 3,32 por cento do custe total (insuficiencia financeira da achega que vén reiterando a Intervención nos seus informes de fiscalización). Sendo 294,60 o número de usuarios, resultou un custe unitario de 10.940,43 euros,

Tendo en conta estas conclusións, o presente informe emítese con carácter **DEFINITIVO** e **CON RECOMENDACIÓNS,** respecto á posible transferencia deste centro á Comunidade autónoma de Galicia ou, alternativamente, a delegación da competencia para a xestión do mesmo coa correspondente achega do financiamento necesario.

Polo seu carácter definitivo, o informe debe notificarse á Secretaría de presidencia, á Secretaría de vicepresidencia, ao Servizo de acción social, cultural e deportes, á Dirección do centro, así coma aos Servizos de patrimonio e contratación e de Planificación e xestión de recursos humanos, para o seu coñecemento.

De conformidade co disposto no artigo 36 do R.D 424/2017, este informe definitivo remítese á Presidencia, para que a través deste órgano sexa elevado ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento (a análise do informe deberá constituir un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria).
A Coruña, 11 de outubro de 2019.
Juan Bautista Suárez Ramos
Interventor adxunto.
Conforme,
O INTERVENTOR XERAL,
José Manuel Pardellas Rivera.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 14/10/2019 13:32

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 11/10/2019 14:13

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
fbc15d78d0a2ca4fab179431f2b3dcf486dae609

Deputación DA CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

EXPEDIENTE CP-6/2018

SUBTEL: 2019000025398

ASUNTO:

INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO, NA MODALIDADE DE CONTROL PERMANENTE, SOBRE O FUNCIONAMENTO OPERATIVO DO IES PUGA RAMON.

DESTINO:

SECRETARÍA DE PRESIDENCIA, SECRETARÍA DE VICEPRESIDENCIA, DIRECCIÓN DO IES PUGA RAMON, SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATATACIÓN E SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS.

I. ANTECEDENTES: OBXECTO E ALCANCE DO INFORME.

Logo da entrada en vigor do R.D. 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector público local, na Intervención provincial estase a traballar para dispor en breve prazo dun plan de control financeiro, modalidade de control interno que vén a complementar a función interventora que se está a realizar con carácter previo á aprobación de calquera gasto. Deste xeito, unha vez que se dispoña daquel plan, o órgano interventor da Corporación contará cun modelo de control integral, que permitirá abranguer o 100 por 100 do orzamento consolidado da Corporación, obxectivo a acadar no transcurso de tres exercicios económicos, segundo o disposto no artigo 4.3 da referida disposición regulamentaria.

Pero xa antes da entrada en vigor do regulamento de control interno invocado, a proposta da Secretaría, Intervención e Tesourería , a Presidencia da Deputación ditou a resolución nº 2018/7215, pola que se ordea realizar unha análise do funcionamento dos Centros provinciais, como un elemento de información para a xestión e coma un acto de execución do Plan de control financeiro do exercicio 2018. No apartado segundo noméase a este funcionario como coordinador das actuacións e en funcións de control financeiro.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 14/10/2019 13:32

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 11/10/2019 14:13

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
fbc15d78d0a2ca4fab179431f2b3dcf486dae609

Dándolle execución á resolución ditada, dentro da dispoñibilidade de tempo e tendo en conta a prioridade que se lle está a dar ás tarefas de fiscalización previa e remate das actuacións de control financeiro das subvencións, con data de 18 de decembro de 2018 iniciáronse as actuacións de **control financeiro sobre o servizo educativo IES PUGA RAMON,** seguindo para tal efecto a lexislación aplicábel que a continuación se citará, consonte ás técnicas propias da auditoría operativa ou de funcionamento, tal como está regulada nas Normas de Auditoría do Sector Público. Dado que a execución dos gastos que se realizan neste centro xa está sometida á fiscalización previa, as actuacións deste expediente teñen o carácter de control permanente, nos termos regulados no artigo 29.2 do Regulamento do réxime xurídico do control interno, **de xeito que se trata de comprobar que a actividade que se realiza no IEA PUGA RAMON está axustada ao ordenamento xurídico e aos principios de boa xestión financeira, co fin de mellorar a xestión da mesma no aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedimental.**

No desenvolvemento das actuacións contouse coa total colaboración do director do IES PUGA RAMON, así coma do Servizo de Patrimonio e contratación, e o Servizo de planificación e xestión de recursos humanos, pondo a disposición deste funcionario os antecedentes e todos os datos solicitados. Resultaron aclaratorias e mesmo moi ilustrativas as explicacións dadas polo Director do IES Puga Ramón do seu funcionamento operativo no día no que se realizaron comprobacións "*in situ*".

II. LEXISLACIÓN APLICÁBEL.

- Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de réxime local, logo das importantes modificacións introducidas pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Reforma e sostebilidade da Administración local.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de reforma e sostibilidade da Administración local.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 14/10/2019 13:32

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 11/10/2019 14:13

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
fbc15d78d0a2ca4fab179431f2b3dcf486dae609

- Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, aprobado por Real decreto-lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público.
- Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril.
- Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se aproba o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector público local.
- Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Lei 37/1992, de 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido (LIVE).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións (LXS)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector público (LRXSP).

III. ACTUACIÓNS REALIZADAS.

Unha vez incoado o procedemento dándolle execución á resolución da Presidencia anteriormente referida, foron realizadas as seguintes actuacións:

- Comunicación de inicio, remitida á arquiveira-bibliotecaria o día 18 de decembro de 2018, anunciándolle unha comparecencia nas instalacións o día 23 de xaneiro seguinte, coa finalidade de levar a cabo actuacións de comprobación “in situ”.
- Comunicación de inicio e de data de comparecencia á D. Carlos Hervella Couceiro, funcionario do Servizo de Planificación e xestión de recursos humanos.
- Comunicación de inicio e de data de comparecncia a D. Luis Jaime Rodríguez Fernández, Xefe do Servizo de Patrimonio e contratación.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 14/10/2019 13:32

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 11/10/2019 14:13

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
fbc15d78d0a2ca4fab179431f2b3dcf486dae609

- Solicitude de listaxes de control horario do persoal do IES PUGA RAMÓN (documento remitido o día 7 de febreiro de 2019). O requirimento de información foi contestado pola Xefa do Servizo de Planificación e xestión de recursos humanos o día 26 de xuño de 2019.

- Dilixencia de comparecencia referida ás compracións realizadas "in situ", estendida o día 23 de xaneiro de 2019.

IV. INFORME PROVISIONAL E ALEGACIÓNS.

De conformidade co disposto na Norma 6.3.1.3.1 das NASP, co fin de asegurar a calidade do informe e de que este sexa completo e obxectivo, logo de conclusas as actuacións e redactado con carácter provisional, con data de 18 de xullo de 2019 foi remitido aos seguintes responsábeis da xestión e actividade do IES Puga Ramón, .

- Presidencia da Deputación (a través da súa Secretaría).
- Vicepresidencia (a través da súa Secretaría).
- Dirección do IES Puga Ramón
- Servizo de Planificación e xestión de recursos humanos.
- Servizo de Patrimonio e contratación.

Tal como se facía constar ao pé do informe, os destinatarios dispoñían dun prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte á recepción do documento, para presentar as alegacións e comentarios que estimaran convenientes.

No prazo conferido para o efecto non se ten constancia de que se teña recibido ningunha alegación ou suxestión por escrito; porén, dende a Vicepresidencia advertíuselle a este funcionario actuante que neste informe non se incorporaba consideración ningunha respecto dos custes do centro, dato de significativa importancia de cara a negociar coa Comunidade autónoma de Galicia un maior financiamento ou a posible transferencia do centro.

Xa que logo, atendendo á suxestión verbal realizada pola Vicepresidencia, incorpórase neste informe definitivo unha breve consideración complementaria referida aos custes do servizo e ao seu financiamento.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 14/10/2019 13:32

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 11/10/2019 14:13

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
fbc15d78d0a2ca4fab179431f2b3dcf486dae609

V. CONSIDERACIÓNS.

Primeira. A xestión dun centro educativo: asunción pola Deputación dunha competencia que lle corresponde á Comunidade autónoma de Galicia.

Tal como o actuario puxo de manifesto na dilixencia de comparecencia estendida o día 23 de xaneiro de 2019, a observación de maior importancia que se pode facer no presente informe é a relativa á falla de competencia da Deputación Provincial para xestionar un centro educativo, no que se imparte docencia dos graos de ESO e bacharelato.

Enténdese que, coma no caso do Centro Calvo Sotelo, esta é unha situación anacrónica, que obedece a unha circunstancia histórica propia dun tempo e dunha normativa distinta a que agora resulta de aplicación. Tal como consta na dilixencia de comparecencia, o centro foi creado no ano 1966 como colexio provincial, sendo que daquela as deputacións provinciais viñan prestando servizos de carácter benéfico-docente, ao non existir ás comunidades autónomas.

Pero agora, o bloque de constitucionalidade formado polos artigos 148 e 149 da propia Constitución e a asunción de competencias en virtude do Estatuto de Autonomía de 1981, deixan ben claro que a competencia para a creación e xestión de centros de ensino públicos lle corresponde á Comunidade autónoma de Galicia. Asemade, esta afirmación delimítase negativamente na propia Lei 7/85, de Bases de réxime local, que ao regular no seu artigo 36 as competencias das deputacións provinciais (coa nova redacción dada pola Lei 27/2013), para nada inclúe entre as mesmas os servizos públicos educativos.

Malia o disposto no bloque de constitucionalidade e a reordenación de competencias establecido pola Lei 27/2013, no noso ámbito autonómico de Galicia permitiuse que as entidades locais poideran continuar coas competencias e prestacións de servizos que non lles correspondían legalmente, segundo o previsto no artigo 3 da Lei 5/2014, de 27 de mairo, de medidas urxentes logo da entrada en vigor da Lei estatal básica 27/2013 xa referenciada.

Pero xa antes desta reordenación competencial da Lei 27/2013, cómpre lembrar un importante acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 10 de abril de 2012 (punto 19 da orde do día), Logo de coñecido o informe emitido pola Intervención xeral sobre a aplicación dos Reais decretos-lei 4/2012 e 7/2012. A primeira das propostas de actuación que se recollía naquel acordo dicía textualmente:

"1º. Encomendar á Presidencia da Corporación para que realice as xestións oportunas antes os órganos competentes da Comunidade Autónoma para analizar conxuntamente as opcións de xestión e financiamento daqueles servizos nos que se dá unha concorrencia de competencias. Unha vez realizadas as xestións iniciais, a Presidencia designará as comisións político-técnicas que procedan con representación de todos os grupos políticos provinciais para a formulación das propostas de acordo correspondentes ao Pleno Corporativo (…)"

Xa que logo, retomando a conclusión exposta naquel informe, a primeira recomendación que ha de facerse neste informe da Intervención resulta obrigada: realizar as xestións oportunas para transferir este centro educativo, cos seus medios persoais e materiais, á Comunidade autónoma de Galicia, para que o mesmo quede plenamente integrado no conxunto de centros que imparten estudos de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e dependen orgánica e funcionalmente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Alternativamente, ao abeiro do disposto no artigo 37 da LBRL, poderíase instar a delegación da competencia da Comunidade autónoma para a xestión deste centro, artellándose nun convenio o financiamento necesario para que esta Deputación non teña que asumir con cargo a fondos propios a meirande parte do custo do centro, tal como se explicará nunha consideración posterior. Esta posibilidade resultaría asemade de todo coherente co disposto no artigo 3 da Lei.

Segunda. As compras de material e a súa adquisición centralizada. O mantemento e soporte informático.

Xa no no relativo á xestión dos gastos necesarios para o funcionamento do centro, na mostraxe realizada sobre as facturas seleccionadas ao chou, puídose comprobar que están debidamente documentadas e obedecen a necesidades propias dun centro de ensino, polo que esta Intervención manifesta a súa conformidade con respecto á xestión de ditos gastos.

Sen prexuizo do exposto, sí se debería reflexionar –tal como se fixo constar na dilixencia estendida no seu dia-, sobre a posibilidade de que as compras de material de oficina e demais subministros se fagan conxuntamente con resto dos servizos da Deputación, quedando na xestión propia do centro as adquisicións urxentes, puntuais ou sobre subministros moi específicos sobre os que o Servizo de Patrimonio e Contratación non teña xestionado un expediente de contratación ou especiais.

No mesmo senso, dende os distintos servizos de Informática (asistencia informática, administración electrónica) se leven a cabo os traballos de mantemento da páxina web do centro e demais prestacións relativas á administración electrónica.

Polo demais tamén se comprobou que o persoal asignado está a cumprir co horario establecido, polo que non habendo ningunha incidencia neste ámbito, os gastos de persoal están debidamente xustificados.

Terceira. Observación complementaria respecto dos custes do servizo e do seu finaciamento.

Dándolle cumprimento ao disposto no artigo 211 do TRLRFL, no apartado 27 da Memoria das Contas anuais de 2018 tense incorporado información sobre os custes dos distintos servizos públicos que se están a prestar por esta Deputación. Entre eles está o que leva por código de actividade 3D, nomeado "Ensino secundario no I.E.S. Puga Ramón". Esta información pode resumirse no seguinte cadro:

CUSTOS DIRECTOS	CUSTES INDIRECTOS	CUSTES RECIBIDOS	CUSTE TOTAL	INGRESOS	MARXE
3.066.981,08	691.290,03	722.617,50	3.780.271,11	491.296,50	-3.288.974,61

Do cadro anterior resulta un custe total da actividade de 3.780.271,11 euros, recibíndose da Comunidade autónoma unha achega polo importe de 491.296,40 euros, o que supón só o 13 por cento do custe total, asumíndose o importe restante con cargo a fondos propios desta Corporación. A este respecto, cómpre lembrar que os informes que vén emitindo a Intervención sobre os convenios de financiamento coa Comunidade autónoma, están a advertir a insuficiencia financeira da achega.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 14/10/2019 13:32

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 11/10/2019 14:13

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
fbc15d78d0a2ca4fab179431f2b3dcf486dae609

Asemade, tendo informado a Dirección do centro que no curso académico 2017-2018 que a cifra de alumnado era de 448 persoas, dedúcese un custo unitario de 8.438,11 euros.

VI. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS.

PRIMEIRA. Ao abeiro da lexislación básica de réxime local a Deputación provincial da Coruña non ten competencia ningunha en xestión de centros de ensino, correspondéndolle a mesma á Comunidade autónoma de Galicia, de conformidad co disposto na Constitución e no Estatuto de autonomía de Galicia de 1981. Xa que logo, recoméndase iniciar as xestións conducentes á transferir os medios persoais e materiais deste centro educativo á Comunidade autónoma, para que pase a depender orgánica e funcionalmente da Consellería de Educación, Universidade e Formación profesional.

Ao respecto desta recomendación, cómpre lembrar que o Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 10 abril de 2012 (punto 19 da orde do día), xa tomara un acordo no que encomendaba á Presidencia o inicio das referidas xestións, logo de analizar o informe da Intervención sobre a aplicación dos Reais decretos-lei 4/2012 e 7/2012.

Alternativamente, ao abeiro do disposto no artigo 37 da LBRL, tamén se podería instar a delegación da competencia da Comunidade autónoma para a xestión e administración deste centro educativo analizado, instrumentándose dita delegación nun convenio no que se fixase o financiamento que tería que recibir a Deputación pola asunción de dita xestión delegada.

SEGUNDA. A xestión dos gastos correntes por parte da dirección do centro está correctamente documentada e ditos gastos obedecen a necesidades propias dun centro do ensino. Aínda así, recoméndase que as compras de material non inventariable se integren na xestión contractual centralizada que se está a facer por parte do Servizo de contratación para todos os servizos da Deputación. No mesmo senso, o mantemento e apoio informático debería facerse polos propios servizos da Deputación.

TERCEIRA. Segundo se desprende dos datos de custes dos servizos incorporados á Conta xeral do exercicio 2018 (apartado 27 da Memoria) o custe total deste servizo foi de 3.780.271,11 euros, téndose recibido unha achega da Comunidade autónoma para o seu financiamento de 491.296,50 euros, o que supón o 13 por cento do custo total, polo que o restante financiamento cúbrese con fondos propios desta entidade ((insuficiencia financeira da achega que vén reiterando a Intervención nos seus informes de fiscalización)

Tendo en conta as observacións críticas expostas nesta conclusión, o presente informe emítese con carácter **DEFINITIVO CON RECOMENDACIÓNS,** respecto á posible transferencia deste centro educativo á Comunidade autónoma de Galicia respecto á posible transferencia deste centro á Comunidade autónoma de Galicia ou, alternativamente, a delegación da competencia para a xestión do mesmo coa correspondente achega do financiamento necesario.

Polo seu carácter definitivo, o informe debe notificarse á Secretaría de presidencia, á Secretaría de vicepresidencia, ao Servizo de acción social, cultural e deportes, á Dirección do centro, así coma aos Servizos de patrimonio e contratación e de Planificación e xestión de recursos humanos, para o seu coñecemento.

De conformidade co disposto no artigo 36 do R.D 424/2017, este informe definitivo remítese á Presidencia, para que a través deste órgano sexa elevado ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento (a análise do informe deberá constituir un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria).

A Coruña, 11 de outubro de 2019.
Juan Bautista Suárez Ramos
Interventor adxunto.
Conforme,
O INTERVENTOR XERAL,
José Manuel Pardellas Rivera.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 14/10/2019 13:32

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/10/2019 13:13

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
4d7a7b7501d530bad3ef6a0b8947f5939b6cb43c

Deputación DA CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

EXPEDIENTE CP-7/2018

SUBTEL: 2019000025399

ASUNTO:

INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO, NA MODALIDADE DE CONTROL PERMANENTE, SOBRE O FUNCIONAMENTO OPERATIVO DO CONSERVATORIO DE DANZA.

DESTINO:

SECRETARÍA DE PRESIDENCIA, SECRETARÍA DE VICEPRESIDENCIA, DIRECCIÓN DO CONSERVATORIO DE DANZA, SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES, SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATATACIÓN E SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS.

I. ANTECEDENTES: OBXECTO E ALCANCE DO INFORME

Logo da entrada en vigor do R.D. 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector público local, na Intervención provincial estase a traballar para dispor en breve prazo dun plan de control financeiro, modalidade de control interno que vén a complementar a función interventora que se está a realizar con carácter previo á aprobación de calquera gasto. Deste xeito, unha vez que se dispoña daquel plan, o órgano interventor da Corporación contará cun modelo de control integral, que permitirá abranguer o 100 por 100 do orzamento consolidado da Corporación, obxectivo a acadar no transcurso de tres exercicios económicos, segundo o disposto no artigo 4.3 da referida disposición regulamentaria.

Pero xa antes da entrada en vigor do regulamento de control interno invocado, a proposta da Secretaría, Intervención e Tesourería, a Presidencia da Deputación ditou a resolución nº 2018/7215, pola que se ordena realizar unha análise do funcionamento dos Centros provinciais, como un elemento de información para a xestión e coma un acto de execución do Plan de control financeiro do exercicio 2018. No apartado segundo noméase a este funcionario como coordinador das actuacións e en funcións de control financeiro.

Dándolle execución á resolución ditada, dentro da dispoñibilidade de tempo e tendo en conta a prioridade que se lle está a dar ás tarefas de fiscalización previa e remate das actuacións de control financeiro das subvencións, con data de 19 de decembro de 2018 iniciáronse as actuacións de **control financeiro sobre o CONSERVATORIO DE DANZA,** seguindo para tal efecto a lexislación aplicable que a continuación se citará, consonte ás técnicas propias da auditoría operativa ou de funcionamento, tal como está regulada nas Normas de auditoría do sector público. Dado que a execución dos gastos que se realizan neste centro xa está sometida á fiscalización previa, as actuacións deste expediente teñen o carácter de control permanente, nos termos regulados no artigo 29.2 do Regulamento do réxime xurídico do control interno, **de xeito que se trata de comprobar que a actividade que se realiza no CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA está axustada ao ordenamento xurídico e aos principios de boa xestión financeira, co fin de mellorar a xestión da mesma no aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedimental.**

No desenvolvemento das actuacións contouse coa total colaboración do director do CONSERVATORIO DE DANZA, así coma do Servizo de patrimonio e contratación e o Servizo de planificación e xestión de recursos humanos, poñendo a disposición deste funcionario os antecedentes e todos os datos solicitados. Resultaron aclaratorias, e mesmo moi ilustrativas, as explicacións dadas polo director do citado CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA, no día no que se realizaron comprobacións "*in situ*", en relación co funcionamento operativo do dito centro.

II. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, logo das importantes modificacións introducidas pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de reforma e sustentabilidade da administración local.
- Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto-lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.
- Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril.
- Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se aproba o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.
- Lei 5/97, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

- Lei 37/1992, de 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido (LIVE).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

III. ACTUACIÓNS REALIZADAS

Unha vez incoado o procedemento dándolle execución á resolución da Presidencia anteriormente referida, foron realizadas as seguintes actuacións:

- Comunicación de inicio do día 19 de decembro de 2018, remitida ao director do CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA o 20 de decembro de 2018 (rexistro de saída número 39.121), anunciándolle unha comparecencia nas instalacións do centro o día 5 de febreiro de 2019, coa finalidade de levar a cabo actuacións de comprobación “in situ”.
- Comunicación de inicio e de data de comparecencia, do día 19 de decembro de 2018 (rexistro de saída número 39.119, do 20 de decembro de 2019), remitida a D. Luis Jaime Rodríguez Fernández, xefe do Servizo de patrimonio e contratación.
- Comunicación de inicio e de data de comparecencia, do día 19 de decembro de 2018 (rexistro de saída número 39.120, do 20 de decembro de 2019), remitida a D. Carlos Hervella Couceiro, xefe da Sección de planificación de recursos humanos.
- Dilixencia de comparecencia referida ás comprobacións realizadas “in situ”, estendida o día 5 de febreiro de 2019.
- Solicitudes das listaxes de control horario do persoal do CONSERVATORIO DE DANZA, do 11 de febreiro de 2019 (rexistro de saída número 2.989) e do 30 de maio de 2019 (rexistro de saída número 11.007), remitidas ao Servizo de planificación e xestión de recursos humanos. Os requirimentos de información foron contestados pola xefa do Servizo de planificación e xestión de recursos humanos o día 26 de xuño de 2019 (rexistro de entrada número 13.214).

IV. INFORME PROVISIONAL E ALEGACIÓNS.

Unha vez rematadas as actuacións ás que se fixo referencia no apartado anterior, analizado o contido das mesmas e da documentación achegada ao expediente, foi emitido o informe provisional, cun resultado de conformidade e con recomendacións, polo que se remitíu á Secretaría da Presidencia, á Secretaría de Vicepresidencia, ao Servizo de acción social, cultural e deportes, á Dirección do centro, así coma aos Servizos de Patrimonio e contratación, de Planificación e xestión de recursos humanos.

Con data de 13 de setembro de 2019 (Rexistro de entrada de Intervención Nº 19.274, de 17/09/2019), o director do Centro, DON LUCIANO GÓMEZ PÉREZ, achegou un escrito de alegacións.

Asemade foi incorporado tamén ao expediente o estudo de custos do centro correspondente ao exercicio 2018, achegado polo Servizo de Contabilidade con data de 11 de setembro de 2019, logo de que dende a Vicepresidencia se lle trasladase a este funcionario a conveniencia de que este informe contase coa información de custos, tal como fora incluido nos outros informes xa emitidos.

Tal como dispón a Norma 6.3.13.2 das NASP, o escrito de suxestión recibido vai a ser avaliado obxectivamente no apartado V e, en canto afectan ás consideracións ou conclusións do informe provisional, van a ser introducidas en ditos apartados, indicando se as suxestións son estimadas ou non, engadindo neste caso as oportunas observacións explicativas do funcionario responsable deste control permanente, na condición de actuante no labor auditor realizado. No caso de estimación, farase constar expresamente a rectificación da consideración ou comentario realizado no informe provisional.

Para efectos de maior claridade para os lectores, as alegacións máis salientables están recollidas literalmente e por iso se grafan en letra cursiva e entre comiñas. Asemade, estes apartados de contestación ás alegacións están grafados en letra “Calibri-11” (o resto do informe está grafado en “Arial-12”).

I.

Asemade, con carácter complementario vaise a engadir unha breve consideración referida aos custes do centro no exercicio 2018.

II. CONSIDERACIÓNS

<u>PRIMEIRA.- A xestión dun centro educativo: asunción pola Deputación dunha competencia que lle corresponde á Comunidade autónoma de Galicia.</u>

A observación de maior importancia que se pode facer no presente informe é a relativa á falla de competencia da Deputación Provincial para xestionar un centro educativo, no que se imparten os graos elemental e profesional de danza.

O bloque de constitucionalidade formado polos artigos 148 e 149 da propia Constitución e a asunción de competencias en virtude do Estatuto de Autonomía de 1981, deixan ben claro que a competencia para a creación e xestión de centros de ensino públicos lle corresponde á Comunidade autónoma de Galicia. Asemade, esta afirmación delimítase negativamente na propia Lei 7/85, de Bases de réxime local, que ao regular no seu artigo 36 as competencias das deputacións provinciais, para nada inclúe entre as mesmas os servizos públicos educativos.

Malia o disposto no bloque de constitucionalidade e a reordenación de competencias establecido pola Lei 27/2013, no noso ámbito autonómico de Galicia permitiuse que as entidades locais poideran continuar coas competencias e prestacións de servizos que non lles correspondían legalmente, segundo o previsto no artigo 3 da Lei 5/2014, de 27 de mairo, de medidas urxentes logo da entrada en vigor da Lei estatal básica 27/2013 xa referenciada.

Pero xa antes desta reordenación competencial da Lei 27/2013, cómpre lembrar un importante acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 10 de abril de 2012 (punto 19 da orde do día), Logo de coñecido o informe emitido pola Intervención xeral sobre a aplicación dos Reais decretos-lei 4/2012 e 7/2012. A primeira das propostas de actuación que se recollía naquel acordo dicía textualmente:

"1º. Encomendar á Presidencia da Corporación para que realice as xestións oportunas antes os órganos competentes da Comunidade Autónoma para analizar conxuntamente as opcións de xestión e financiamento daqueles servizos nos que se dá unha concorrencia de competencias. Unha vez realizadas as xestións iniciais, a Presidencia designará as comisións político-técnicas que procedan con representación de todos os grupos políticos provinciais para a formulación das propostas de acordo correspondentes ao Pleno Corporativo (…)"

Xa que logo, retomando a conclusión daquel informe, a primeira recomendación que cómpre facer neste informe da Intervención resulta obrigada: realizar as xestións oportunas para transferir este centro educativo, cos seus medios persoais e materiais, á Comunidade autónoma de Galicia, para que o mesmo quede plenamente integrado no conxunto de centros que imparten ensinanzas artísticas e dependen orgánica e funcionalmente da Consellería de educación, universidade e formación profesional.

Alternativamente, ao abeiro do disposto no artigo 37 da LBRL, poderíase instar a delegación da competencia da Comunidade autónoma para a xestión deste centro, artellándose nun convenio o financiamento necesario para que esta Deputación non teña que asumir con cargo a fondos propios a meirande parte do custo do centro, tal como se explicará nunha consideración posterior. Esta posibilidade resultaría asemade de todo coherente co disposto no artigo 3 da Lei.

Ao respecto desta primeira consideración, o Director do centro alega "*a singularidade e importancia deste centro desde o seu comezo como Conservatorio Profesional de Danza no ano 1990, convertíndose no primeiro e único centro oficial de referencia de Galicia especializado en danza clásica, así coma na actualidade, por trátarse do único Conservatorio de Danza da Coruña dependente dunha administración pública, dando cabida a alumnado de toda a provincia*". E seguidamente invoca o labor realizado na formación de bailaríns profesionais e os abondosos premios acadados, instando que as circunstancias expostas e a traxectoria meritoria se tome en consideración de cara ás decisións que poidan adoptarse, manifestando asemade o compromiso de "continuar na mesma traxectoria histórica", sinalando finalmente outros centros similares dependentes de deputacións ou concellos.

Logo de analizar o contido desta alegación, aínda non alterando a conclusión da falla de competencia provincial da materia, sí se pode complementar a recomendación realizada no informe provisional cunha referencia ao artigo 37 da LBRL, en canto habilita a posibilidade de que as comunidades autónomas deleguen competencias nas deputacións. Xa que logo, no caso de que se decida manter este servizo, podería instarse a delegación da competencia por parte da Comunidade autónoma de Galicia, administración que debería garantir a achega dos recursos financeiros suficientes para atender aos custos do servizo, nos termos previstos no artigo 37.3 en relación co 27 da LBRL.

SEGUNDA.- A adquisición centralizada das compras de material, agás algunhas moi específicas.

En relación á xestión dos gastos necesarios para o funcionamento do centro, na mostraxe realizada sobre as facturas seleccionadas ao chou, puídose comprobar polo actuario que están debidamente documentadas e correspóndense (na súa maior parte) con gastos relativos a actuación do festival de fin de curso (vestiario, atrezo, técnicos de iluminación…), polo que obedecen as necesidades propias dun centro de ensino de danza e esta Intervención manifesta a súa conformidade con respecto á xestión dos ditos gastos.

Así mesmo, tamén se puido comprobar o día da comparecencia a existencia doutras facturas (entre as elixidas aleatoriamente) correspondentes a uns dispensadores de auga. No tocante a estes gastos sí se debería reflexionar sobre a posibilidade de que se tramiten conxuntamente cos do resto de servizos da Deputación, centralizándose a través do Servizo de patrimonio e contratación, e, polo tanto, quedando na xestión propia do centro as adquisicións urxentes, puntuais ou sobre subministros moi específicos sobre os que o citado Servizo de patrimonio e contratación non teña aberto un expediente de contratación ou sexan de carácter especial (vestiario para as actuacións, por exemplo).

TERCEIRA.- Unha maior difusión das actividades desenvolvidas polo CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA.

Independientemente do sinalado na consideración PRIMEIRA, e tal e como reflicte o actuario na súa dilixencia de comparecencia o día do control financeiro, sería preciso dar unha maior "visibilidade" ao CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA na páxina web, tanto da Deputación como do propio Centro, co obxecto de difundir as actividades desenvoltas, principalmente as actuacións realizadas, a través de vídeos e fotografías inseridos nas ditas páxinas web.

CUARTA.- OBSERVACIÓN COMPLEMENTARIA RELATIVA AOS CUSTES DO SERVIZO E AO SEU FINANCIAMENTO.

Tal como esixe o artigo 211 do TRLRFL, na Conta xeral do exercicio 2018 tense incorporado unha memoria na que figura o custe dos distintos servizos que presta esta Deputación. Entre eles está o servizo "*Ensino artístico no Conservatorio profesional de danza*", co código 2E, documento do que se extrae a seguinte información:

CUSTOS DIRECTOS	CUSTES INDIRECTOS	CUSTES RECIBIDOS	CUSTE TOTAL	INGRESOS	MARXE
900.162,49	246.693,36	255.822,52	1.146.855,85	38.393,57	-1.108.462,28

Da táboa anterior resulta que no exercicio 2018 o custe total do centro foi de 1.146.855,85 euros, correspondéndose os ingresos de 38.393,57 á suma das liquidacións dos prezos públicos que pagan as persoas usuarias do servizo (índice de cobertura do 3,34 por cento).

Segundo os indicadores de eficacia que figuran na citada Memoria, durante o pasado ano 2018 o número de persoas usuarias ascendeu a 154, resultando un custe unitario de 7.447,12 euros.

III. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS.

PRIMEIRA.- Ao abeiro da lexislación básica de réxime local, a Deputación provincial da Coruña non ten competencia ningunha en xestión de centros de ensino, correspondéndolle a mesma á Comunidade autónoma de Galicia, de conformidade co disposto na Constitución e no Estatuto de autonomía de Galicia de 1981. Xa que logo, recoméndase iniciar as xestións conducentes á transferir os medios persoais e materiais deste centro educativo á Comunidade autónoma, para que pase a depender orgánica e funcionalmente da Consellería de educación, universidade e formación profesional.

Ao respecto desta recomendación, cómpre lembrar que o Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 10 abril de 2012 (punto 19 da orde do día), xa tomara un acordo no que encomendaba á Presidencia o inicio das referidas xestións, logo de analizar o informe da Intervención sobre a aplicación dos Reais decretos-lei 4/2012 e 7/2012.

Alternativamente, ao abeiro do disposto no artigo 37 da LBRL, tamén se podería instar a delegación da competencia da Comunidade autónoma para a xestión e administración deste centro educativo analizado, instrumentándose dita delegación nun convenio no que se fixase o financiamento que tería que recibir a Deputación pola asunción de dita xestión delegada.

SEGUNDA.- A xestión dos gastos correntes por parte da dirección do centro está correctamente documentada e ditos gastos obedecen a necesidades propias dun centro do ensino de danza. Aínda así, recoméndase que as compras de material non inventariable se integren, como regra xeral, na xestión contractual centralizada que se está a facer por parte do Servizo de patrimonio e contratación para todos os servizos da Deputación.

TERCEIRA.- Segundo consta no apartado 27 da Memoria da Conta xeral do exercicio 2018, o centro tivo un custe total de 1.146.855,85 euros. Téndose prestado o servizo a a 154 persoas, resultando un custe unitario de 7.447,12 euros.

Deputación DA CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

Tendo en conta as observacións críticas expostas nas conclusións, o presente informe emítese con carácter **DEFINITIVO E CON RECOMENDACIÓNS,** respecto á posible transferencia deste centro á Comunidade autónoma de Galicia e tamén das xestións e procedementos que se están a seguir no mesmo, ou, alternativamente, a delegación da competencia para a xestión do mesmo coa correspondente achega do financiamento necesario.

Polo seu carácter definitivo, o informe debe notificarse á Secretaría de presidencia, á Secretaría de vicepresidencia, ao Servizo de acción social, cultural e deportes, á Dirección do centro, así coma aos Servizos de patrimonio e contratación e de Planificación e xestión de recursos humanos, para o seu coñecemento.

De conformidade co disposto no artigo 36 do R.D 424/2017, este informe definitivo remítese á Presidencia, para que a través deste órgano sexa elevado ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento (a análise do informe deberá constituir un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria).

A Coruña, 14 de outubro de 2019.
Juan Bautista Suárez Ramos
Interventor adxunto.
Conforme,
O INTERVENTOR XERAL,
José Manuel Pardellas Rivera.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 24/10/2019 15:15

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 24/10/2019 14:04

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
fef90a18938bcd6fbb21f95f65ec23c1b6e03d77

Deputación DA CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

EXPEDIENTE CP-8/2018

ASUNTO:

INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO, NA MODALIDADE DE CONTROL PERMANENTE, SOBRE O FUNCIONAMENTO OPERATIVO DO HOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY.

DESTINO:

SECRETARÍA DE PRESIDENCIA, SECRETARÍA DE VICEPRESIDENCIA, DIRECCIÓN DO HOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY, SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES, SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATATACIÓN E SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS.

I. ANTECEDENTES: OBXECTO E ALCANCE DO INFORME

Logo da entrada en vigor do R.D. 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector público local, na Intervención provincial estase a traballar para dispor en breve prazo dun plan de control financeiro, modalidade de control interno que vén a complementar a función interventora que se está a realizar con carácter previo á aprobación de calquera gasto. Deste xeito, unha vez que se dispoña daquel plan, o órgano interventor da Corporación contará cun modelo de control integral, que permitirá abranguer o 100 por 100 do orzamento consolidado da Corporación, obxectivo a acadar no transcurso de tres exercicios económicos, segundo o disposto no artigo 4.3 da referida disposición regulamentaria.

Pero xa antes da entrada en vigor do regulamento de control interno invocado, a proposta da Secretaría, Intervención e Tesourería, a Presidencia da Deputación ditou a resolución nº 2018/7215, pola que se ordena realizar unha análise do funcionamento dos Centros provinciais, como un elemento de información para a xestión e coma un acto de execución do Plan de control financeiro do exercicio 2018. No apartado segundo noméase a este funcionario como coordinador das actuacións e en funcións de control financeiro.

Dándolle execución á resolución ditada, dentro da dispoñibilidade de tempo e tendo en conta a prioridade que se lle está a dar ás tarefas de fiscalización previa e remate das actuacións de control financeiro das subvencións, con data de 18 de decembro de 2018 iniciáronse as actuacións de **control financeiro sobre o HOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY,** seguindo para tal efecto a lexislación aplicable que a continuación se citará,

consonte ás técnicas propias da auditoría operativa ou de funcionamento, tal como está regulada nas Normas de auditoría do sector público. Dado que a execución dos gastos que se realizan neste centro xa está sometida á fiscalización previa, as actuacións deste expediente teñen o carácter de control permanente, nos termos regulados no artigo 29.2 do Regulamento do réxime xurídico do control interno, **de xeito que se trata de comprobar que a actividade que se realiza no dito HOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY está axustada ao ordenamento xurídico e aos principios de boa xestión financeira, co fin de mellorar a xestión da mesma no aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedimental.**

No desenvolvemento das actuacións contouse coa total colaboración da directora do HOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY, así coma do Servizo de patrimonio e contratación e o Servizo de planificación e xestión de recursos humanos, poñendo a disposición deste funcionario os antecedentes e todos os datos solicitados. Resultaron aclaratorias, e mesmo moi ilustrativas, as explicacións dadas pola directora do citado HOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY, no día no que se realizaron comprobacións "*in situ*", en relación co funcionamento operativo do dito centro.

II. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, logo das importantes modificacións introducidas pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de reforma e sustentabilidade da administración local.
- Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto-lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.
- Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril.
- Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se aproba o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.
- Lei 5/97, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 37/1992, de 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido (LIVE).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

III. ACTUACIÓNS REALIZADAS

Unha vez incoado o procedemento dándolle execución á resolución da Presidencia anteriormente referida, foron realizadas as seguintes actuacións:

- Comunicación de inicio do día 18 de decembro de 2018 (rexistro de saída número 38.985), remitida á directora do HOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY anunciándolle unha comparecencia nas instalacións do centro, o día 17 de xaneiro de 2019, coa finalidade de levar a cabo actuacións de comprobación “in situ”.

- Comunicación de inicio e de data de comparecencia, do día 18 de decembro de 2018 (rexistro de saída número 38.980), remitida a D. Luis Jaime Rodríguez Fernández, xefe do Servizo de patrimonio e contratación.

- Comunicación de inicio e de data de comparecencia, do día 18 de decembro de 2018 (rexistro de saída número 38.981), remitida a D. Carlos Hervella Couceiro, xefe da Sección de planificación de recursos humanos.

- Dilixencia de comparecencia referida ás comprobacións realizadas “in situ”, estendida o día 17 de xaneiro de 2019.

- Solicitudes das listaxes de control horario do persoal do HOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY, do 11 de febreiro de 2019 (rexistro de saída número 2.992) e do 30 de maio de 2019 (rexistro de saída número 11.005), remitidas ao Servizo de planificación e xestión de recursos humanos. Os requirimentos de información foron contestados pola xefa do Servizo de planificación e xestión de recursos humanos o día 26 de xuño de 2019 (rexistro de entrada número 13.214).

IV. INFORME PROVISIONAL E ALEGACIÓNS

Unha vez rematadas as actuacións ás que se fixo referencia no apartado anterior, analizado o contido das mesmas e da documentación achegada ao expediente, foi emitido o informe provisional, cun resultado de conformidade e con recomendacións, polo que se remitiu á Secretaría da Presidencia, á Secretaría de Vicepresidencia, ao Servizo de acción social, cultural e deportes, á Dirección do centro, así coma aos Servizos de Patrimonio e contratación, de Planificación e xestión de recursos humanos.

Con data de 29 de agosto de 2019 (Rexistro de entrada de Intervención Nº 18.328, de 02/09/2019), a directora do Centro, DONA Mª CARMEN DÍAZ SANESTEBAN, achegou un escrito de alegacións.

Logo de analizar o escrito de suxestións presentado, dado que no mesmo se facía referencia aos convenios subscritos coa Consellería de Política Social da Comunidade autónoma de Galicia, así coma cos Concellos da Coruña e Culleredo, solicitouse do Rexistro de convenios do Servizo de Patrimonio e contratación que achegasen ao expediente copia dos referidos convenios.

Asemade foi incorporado tamén ao expediente o estudo de custos do centro correspondente ao exercicio 2018, achegado polo Servizo de Contabilidade con data de 11 de setembro de 2019, logo de que dende a Vicepresidencia se lle trasladase a este funcionario a conveniencia de que este informe contase coa información de custos, tal como fora incluído nos outros informes xa emitidos.

Con data 7 de outubro de 2019, e por orde do interventor xeral, solicítase do Servizo de planificación e xestión de recursos humanos (rexistro de saída número 21.225) que emita informe respecto dos contratos de acumulación de tarefas, das sustitucións por incapacidade temporal (I.T.) e doutras modalidades contractuais que foron realizados no exercicio 2018 no HOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY. O dito Servizo de planificación e xestión de recursos humanos contesta á solicitude formulada o día 21 de outubro de 2019 (rexistro de saída número 22.670, do 22 de outubro de 2019), achegando a información requirida.

Tal como dispón a Norma 6.3.13.2 das NASP, o escrito de suxestión recibido vai a ser avaliado obxectivamente no apartado V e, en canto afectan ás consideracións ou conclusións do informe provisional, van a ser introducidas en ditos apartados, indicando se as suxestións son estimadas ou non, engadindo neste caso as oportunas observacións explicativas do funcionario responsable deste control permanente, na condición de actuante no labor auditor realizado. No caso de estimación, farase constar expresamente a rectificación da consideración ou comentario realizado no informe provisional.

Para efectos de maior claridade para os lectores, as alegacións máis salientables están recollidas literalmente e por iso se grafan en letra cursiva e entre comiñas. Asemade, estes apartados de contestación ás alegacións están grafados en letra “Calibri-11” (o resto do informe está grafado en “Arial-12”).

V.

Asemade, con carácter complementario vaise a engadir unha breve consideración referida aos custes do centro no exercicio 2018.

VI. CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- A xestión dun centro de acollida de menores en situación de desamparo ou risco social: asunción pola Deputación dunha competencia que lle corresponde á Comunidade autónoma de Galicia.

A observación de maior importancia que se pode facer no presente informe é a relativa á falla de competencia da Deputación Provincial para xestionar un centro de acollida de menores en situación de desamparo ou risco social.

O bloque de constitucionalidade formado polos artigos 148 e 149 da propia Constitución e a asunción de competencias en virtude do Estatuto de autonomía de 1981 deixan claro que a competencia para a creación e a xestión de centros de acollida de menores lle corresponde á Comunidade autónoma de Galicia; concretamente, no artigo 27, punto 23 do citado Estatuto establécese como competencia exclusiva da nosa Comunidade autónoma a "acción social" e dentro deste concepto tan amplo integraríase a satisfacción das necesidades básicas dun grupo de poboación (no caso que nos ocupa, os nenos menores de 0 a 12 anos) que, por distintos motivos (abandono, exclusión social, familias desestruturadas ou sen recursos…) non poden ser cubertas.

Asemade, o artigo 36 da Lei 7/85, de bases do réxime local, establece as competencias das deputacións provinciais e entre as mesmas non inclúe a creación e xestión deste tipo de centros de acollida de menores.

Ao respecto desta carencia de competencia, nas alegacións presentadas pola Directora do centro, logo de afirmar que a competencia lle corresponde efectivamente á Comunidade autónoma de Galicia, maniféstase que "*A Deputación da Coruña é unha entidade colaboradora no ámbito da protección de menores da Xunta de Galicia dende o ano 1994- A Deputación presta un servizo en materia de atención á infancia por dispor de recursos, mais non asume a competencia, mantén un acordo colaborador coa Consellería de Política social. En virtude do Convenio de Colaboración asinado entre ambas administracións, o Fogar infantil forma parte dunha rede de centros planificada, supervisada e coordinada por dita Consellería*".

Efectivamente, esta Intervención coñece este convenio, que foi obxecto de fiscalización previa, póndose de manifesto no informe emitido tanto a carencia de competencia coma a manifesta insuficiencia da achega da Comunidade autónoma.

Na alegación comentada exponse asemade que "*na normativa autonómica ou estatal no ámbito dos servizos sociais non consta oposición á colaboración entre administracións, mais ben o que todas as normas legais de distinto ámbito perseguen é a cooperación*". E, seguidamente, logo de invocarse neste pulo á colaboración a Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, explícase cómo se está a instrumentar a rede de centros residencias da Comunidade autónoma, sendo a maioría deles de titularidade privada.

Ao respecto da colaboración e cooperación coa administración autonómica, só cómpre precisar que se trata de dúas relacións interadministrativas diferenciadas, posto que a colaboración é sempre obrigada, existindo un deber legal de aplicala (véxase o artigo 141 da Lei 40/2015), mais a cooperación é de carácter voluntario. Pero ambas as dúas deben ser exercidas no marco das competencias de cada unha das administracións públicas (apartado b do artigo 140 da Lei 40/2015) e de ningún xeito se pode entender que un convenio de cooperación supón unha transferencia das competencias constitucional e legalmente atribuídas a cada administración pública. Si é certo que a normativa vixente prevé que as deputacións asuman competencias por delegación das comunidades autónomas -tal como se apunta no seguinte apartado da alegación- (artigo 37 LBRL), mais ata o de agora na Comunidade autónoma de Galicia non se fixo uso de tal posibilidade.

No tocante aos convenios subscritos cos Concellos da Coruña e de Culleredo pódese dicir que son instrumentos que melloran e optimizan o servizo que se está a prestar polo centro, mais non alteran a competencia nin suplen a súa falla, dado que ambos os dous instrumentos se encadran nas relacións de cooperación, sempre de carácter voluntario. E a maiores débese precisar que tampouco os concellos teñen competencia na prestación de servizos sociais especializados, como é o caso dun centro de menores.

Malia o disposto no bloque de constitucionalidade e a reordenación de competencias establecido pola Lei 27/2013, no noso ámbito autonómico de Galicia permitiuse que as entidades locais poideran continuar coas competencias e prestacións de servizos que non lles correspondían legalmente, segundo o previsto no artigo 3 da Lei 5/2014, de 27 de mairo, de medidas urxentes logo da entrada en vigor da Lei estatal básica 27/2013 xa referenciada.

Pero xa antes desta reordenación competencial da Lei 27/2013, cómpre lembrar un importante acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 10 de abril de 2012 (punto 19 da orde do día), Logo de coñecido o informe emitido pola Intervención xeral sobre a aplicación dos Reais decretos-lei 4/2012 e 7/2012. A primeira das propostas de actuación que se recollía naquel acordo dicía textualmente:

"1º. Encomendar á Presidencia da Corporación para que realice as xestións oportunas antes os órganos competentes da Comunidade Autónoma para analizar conxuntamente as opcións de xestión e financiamento daqueles servizos nos que se dá unha concorrencia de competencias. Unha vez realizadas as xestións iniciais, a Presidencia designará as comisións político-técnicas que procedan con representación de todos os grupos políticos provinciais para a formulación das propostas de acordo correspondentes ao Pleno Corporativo (…)"

Xa que logo, retomando a conclusión exposta naquel informe, a primeira recomendación que ha de facerse neste informe da Intervención resulta obrigada: realizar as xestións oportunas para transferir este centro educativo, cos seus medios persoais e materiais, á Comunidade autónoma de Galicia, para que o mesmo quede plenamente integrado no conxunto de centros que imparten estudos de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e dependen orgánica e funcionalmente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Alternativamente, ao abeiro do disposto no artigo 37 da LBRL, poderíase instar a delegación da competencia da Comunidade autónoma para a xestión deste centro, artellándose nun convenio o financiamento necesario para que esta Deputación non teña que asumir con cargo a fondos propios a meirande parte do custo do centro, tal como se explicará nunha consideración posterior. Esta posibilidade resultaría asemade de todo coherente co disposto no artigo 3 da Lei.

SEGUNDA.- As compras de produtos e a súa adquisición centralizada.

En relación á xestión dos gastos necesarios para o funcionamento do centro, na mostraxe realizada sobre as facturas seleccionadas ao chou, o actuario constatou que se corresponden con compras de produtos de consumo (roupa, alimentación, artigos de aseo, xoguetes, material de limpeza…) e, dado o carácter dos ditos produtos, non se puido realizar a comprobación material dos incluídos nas ditas facturas. Non entanto, na visita ás distintas dependencias do centro (unidades de convivencia, servizo de cociña, lavandería, almacéns e servizos xerais) comprobouse a existencia de distintos recursos materiais (alimentos, vestiario, produtos de limpeza, útiles de aseo, medicamentos, lencería, etc.) que se corresponden coas necesidades propias do centro, polo que esta Intervención manifesta a súa conformidade con respecto á xestión dos citados gastos.

Sen prexuízo do exposto, e tendo en conta que (como indica o actuario na súa dilixencia) ***"unha parte moi importante do gasto do centro refírese a alimentación, porque se traballa con menús elaborados por especialistas o que incide no consumo de alimentos frescos e de calidade, como peixe fresco, froitas e verduras, lácteos…, axustándose as necesidades dos nenos"***, é certo que non resulta doado prever anticipadamente todas as compras que son necesarias para realizar unha correcta atención, en moitas ocasións inmediata e non programada, dos xantares e outras comidas especialmente no tocante á adquisición de productos frescos, cuxo subministro ten que ser sempre inmediato; aínda así, ben podería confeccionarse unha listaxe de produtos-tipo, que se veñen consumindo con carácter ordinario, para que, a partir da mesma, se instrúan un ou varios contratos de subministro, garantindo a liberdade de concorrencia e, xa que logo, a obtención da oferta máis vantaxosa, cumprimentándose finalmente o requisito da eficiencia económica. Así mesmo, esta reflexión tamén pode ser trasladada ao resto de adquisicións de produtos por parte do centro (roupa, artigos de aseo, material de limpeza…) que deberían tramitarse por parte do Servizo de patrimonio e contratación, seguindo o procedemento correspondente e quedando na xestión propia do Hogar Infantil Emilio Romay as compras de produtos moi específicos ou de carácter especial.

Respecto desta recomendación, alega a Directora do centro que o Decreto 329/2005, polo que se regulan os centros de menores e os centro da atención á infancia, esixe que se reproduzan nestes centros as condicións de vida máis próximas ás dunha familia normalizada, polo que en determinadas compras deben participar os menores acollidos, sendo a administración do diñeiro unha materia propia do traballo educativo, polo que se insta "*certa flexibilidade*".

Sen prexuizo de manter a recomendación exposta, acóllese a alegación e compártese o carácter educativo da administración dos recursos. Para tal efecto, pode resultar moi proveitoso que as persoas usuarias do centro coñezan o carácter público dos fondos aplicados a cubrir as súas necesidades básicas, sendo o anticipo de caixa fixa e a súa posterior xustificación un instrumento moi axeitado para sensibilizar e educar na aplicación máis eficiente dos fondos recibidos.

TERCEIRA.- Cumprimento horario do persoal e nomeamentos de persoal

Con respecto ao persoal asignado ao centro, comprobouse que está a cumprir co horario establecido, polo que non habendo ningunha incidencia neste ámbito, os gastos do citado persoal están debidamente xustificados.

Non entanto, á vista do informe do 21 de outubro de 2019, emitido polo Servizo de planificación e xestión de recursos humanos en relación cos nomeamentos de persoal interino, ponse de manifesto que no exercicio 2018 realizáronse os seguintes: 16 por acumulación de tarefas, 8 por substitucións de persoal en situación de incapacidade temporal (I.T.) e 2 en prazas vacantes. Do exposto despréndese a necesidade da realización dun estudo pormenorizado, por parte do dito Servizo de planificación e xestión de recursos humanos, sobre unha posible reestruturación na planificación do persoal neste centro coa finalidade de que se reduza o número de interinidades que se están a producir no mesmo.

CUARTA.- OBSERVACIÓN COMPLEMENTARIA: OS CUSTES DO CENTRO.

Tal como esixe o artigo 211 do TRLRFL, na Conta xeral do exercicio 2018 tense incorporado unha memoria na que figura o custe dos distintos servizos que presta esta Deputación. Entre eles está o servizo "*Atención á infancia no Fogar Infantil Emilio Romay*", co código 2C, documento do que se extrae a seguinte información:

CUSTOS DIRECTOS	CUSTES INDIRECTOS	CUSTES RECIBIDOS	CUSTE TOTAL	INGRESOS	MARXE
2.703.292,02	635.559,81	838.208,24	3.338.851,83	236.908,83	-3.101.943,00

Da táboa anterior resulta que no exercicio 2018 o custe total do centro foi de 3.338.851,83 euros, correspondéndose os ingresos de 236.908,83 ás achegas da Comunidade autónoma de Galicia e as liquidacións xiradas aos Concellos da Coruña e de Culleredo, en virtude dos convenios de reserva de prazas aos que anteriormente aos que se fixo referencia na contestación ás suxestións presentadas pola Directora do centro.

Segundo os indicadores de eficacia que figuran na citada Memoria, durante o pasado ano 2018 foron atendidos un total de 67 menores, resultando un custe unitario de 49.833,61 euros por usuario.

VII. CONCLUSIÓNS

PRIMEIRA.- Ao abeiro da lexislación básica de réxime local, a Deputación provincial da Coruña non ten competencia ningunha na xestión de centros de acollida de menores en situación de desamparo ou risco social, correspondéndolle a mesma á Comunidade autónoma de Galicia, de conformidade co disposto na Constitución e no Estatuto de autonomía de Galicia de 1981. Xa que logo, recoméndase iniciar as xestións conducentes a transferir os medios persoais e materiais deste centro de acollida á Comunidade autónoma, para que pase a depender orgánica e funcionalmente da Consellería de Política social.

Ao respecto desta recomendación, cómpre lembrar que o Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 10 abril de 2012 (punto 19 da orde do día), xa tomara un acordo no que encomendaba á Presidencia o inicio das referidas xestións, logo de analizar o informe da Intervención sobre a aplicación dos Reais decretos-lei 4/2012 e 7/2012.

Alternativamente, ao abeiro do disposto no artigo 37 da LBRL, tamén se podería instar a delegación da competencia da Comunidade autónoma para a xestión e administración deste centro educativo analizado, instrumentándose dita delegación nun convenio no que se fixase o financiamento que tería que recibir a Deputación pola asunción de dita xestión delegada.

SEGUNDA.- A xestión dos gastos correntes por parte da dirección do centro está correctamente documentada e ditos gastos obedecen ás necesidades propias do citado centro. Non entanto, recoméndase que as compras de alimentos, vestiario e material de limpeza, principalmente, se realicen a través do Servizo de patrimonio e contratación, seguindo o procedemento correspondente previsto na Lei 9/2017 de contratos do sector público e quedando na xestión propia do Hogar Infantil Emilio Romay as adquisicións de produtos moi específicos ou de carácter especial. Para esta finalidade pode utilizarse o sistema de anticipos de caixa fixa, que pode servir asemade para educar e sensibilizar ás persoas usuarias co centro na aplicación eficiente dos recursos públicos.

TERCEIRA.- Tendo en conta o elevado número de nomeamentos de persoal interino que se realizaron no exercicio 2018 no HOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY (tal e como se sinalou anteriormente), o Servizo de planificación e xestión de recursos humanos **deberá valorar a necesidade dunha posible reestruturación na planificación do persoal neste centro coa creación, no seu caso, dos postos de traballo correspondentes**.

CUARTA.- Tal como consta na Memoria de custes dos servizos públicos que se integrou na Conta xeral do exercicio 2018, o custe total do centro nese exercicio foi de 3.338.851,84 euros, téndose recibido financiamento afectado para o mesmo por importe de 236.908,83 euros (7 por cento do custo), cubríndose o importe restante con recursos xerais da Deputación. Téndose atendido a 67 persoas usuarias, resulta un custe unitario de 49.833,61 euros.

Tendo en conta as observacións críticas expostas nesta conclusión, o presente informe emítese con carácter **DEFINITIVO CON RECOMENDACIÓNS,** respecto á posible transferencia deste centro educativo á Comunidade autónoma de Galicia respecto á posible transferencia deste centro á Comunidade autónoma de Galicia ou, alternativamente, a delegación da competencia para a xestión do mesmo coa correspondente achega do financiamento necesario.

Polo seu carácter definitivo, o informe debe notificarse á Secretaría de presidencia, á Secretaría de vicepresidencia, ao Servizo de acción social, cultural e deportes, á Dirección do centro, así coma aos Servizos de patrimonio e contratación e de Planificación e xestión de recursos humanos, para o seu coñecemento.

De conformidade co disposto no artigo 36 do R.D 424/2017, este informe definitivo remítese á Presidencia, para que a través deste órgano sexa elevado ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento (a análise do informe deberá constituir un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria).

A Coruña, 24 de outubro de 2019.

Juan Bautista Suárez Ramos

Interventor adxunto.

Conforme,

O INTERVENTOR XERAL,

José Manuel Pardellas Rivera.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 30/10/2019 11:43

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 30/10/2019 11:39

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
c7718db7029d2244d8e20f3efe1fa2e48eb6904b

Deputación DA CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

EXPEDIENTE CP-9/2018

ASUNTO:

INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO, NA MODALIDADE DE CONTROL PERMANENTE, SOBRE O FUNCIONAMENTO OPERATIVO DO CENTRO DE MENORES DE FERROL.

DESTINO:

SECRETARÍA DE PRESIDENCIA, SECRETARÍA DE VICEPRESIDENCIA, DIRECCIÓN DO CENTRO DE MENORES DE FERROL, SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES, SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATATACIÓN E SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS.

I. ANTECEDENTES: OBXECTO E ALCANCE DO INFORME

Logo da entrada en vigor do R.D. 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector público local, na Intervención provincial estase a traballar para dispor en breve prazo dun plan de control financeiro, modalidade de control interno que vén a complementar a función interventora que se está a realizar con carácter previo á aprobación de calquera gasto. Deste xeito, unha vez que se dispoña daquel plan, o órgano interventor da Corporación contará cun modelo de control integral, que permitirá abranguer o 100 por 100 do orzamento consolidado da Corporación, obxectivo a acadar no transcurso de tres exercicios económicos, segundo o disposto no artigo 4.3 da referida disposición regulamentaria.

Pero xa antes da entrada en vigor do regulamento de control interno invocado, a proposta da Secretaría, Intervención e Tesourería, a Presidencia da Deputación ditou a resolución nº 2018/7215, pola que se ordena realizar unha análise do funcionamento dos Centros provinciais, como un elemento de información para a xestión e coma un acto de execución do Plan de control financeiro do exercicio 2018. No apartado segundo noméase a este funcionario como coordinador das actuacións e en funcións de control financeiro.

Dándolle execución á resolución ditada, dentro da dispoñibilidade de tempo e tendo en conta a prioridade que se lle está a dar ás tarefas de fiscalización previa e remate das actuacións de control financeiro das subvencións, con data de 19 de decembro de 2018 iniciáronse as actuacións de **control financeiro sobre o CENTRO DE MENORES DE FERROL,** seguindo para tal efecto a lexislación aplicable que a continuación se citará, consonte ás técnicas propias da auditoría operativa ou de funcionamento, tal como está regulada nas Normas de auditoría do sector público. Dado que a execución dos gastos que se realizan neste centro xa está sometida á fiscalización previa, as actuacións deste expediente teñen o carácter de control permanente, nos termos regulados no artigo 29.2 do Regulamento do réxime xurídico do control interno, **de xeito que se trata de comprobar que a actividade que se realiza no dito CENTRO DE MENORES DE FERROL está axustada ao ordenamento xurídico e aos principios de boa xestión financeira, co fin de mellorar a xestión da mesma no aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedimental.**

No desenvolvemento das actuacións contouse coa total colaboración da directora do CENTRO DE MENORES DE FERROL, así coma do Servizo de patrimonio e contratación e o Servizo de planificación e xestión de recursos humanos, poñendo a disposición deste funcionario os antecedentes e todos os datos solicitados. Resultaron aclaratorias, e mesmo moi ilustrativas, as explicacións dadas pola directora do citado CENTRO DE MENORES DE FERROL, no día no que se realizaron comprobacións "*in situ*", en relación co funcionamento operativo do dito centro.

II. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, logo das importantes modificacións introducidas pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de reforma e sostibilidade da administración local.
- Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto-lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

- Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril.
- Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se aproba o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.
- Lei 5/97, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 37/1992, de 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido (LIVE).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público.
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia.
- Outra normativa citada expresamente no corpo do presente informe.

III. ACTUACIÓNS REALIZADAS

Unha vez incoado o procedemento dándolle execución á resolución da Presidencia anteriormente referida, foron realizadas as seguintes actuacións:

- Comunicación de inicio do día 19 de decembro de 2018 (rexistro de saída número 39.117, do 20 de decembro de 2019), remitida á directora do CENTRO DE MENORES DE FERROL anunciándolle unha comparecencia nas instalacións do centro, o día 7 de febreiro de 2019, coa finalidade de levar a cabo actuacións de comprobación “in situ”.
- Comunicación de inicio e de data de comparecencia, do día 19 de decembro de 2018 (rexistro de saída número 39.114, do 20 de decembro de 2019), remitida a D. Luis Jaime Rodríguez Fernández, xefe do Servizo de patrimonio e contratación.

- Comunicación de inicio e de data de comparecencia, do día 19 de decembro de 2018 (rexistro de saída número 39.116, do 20 de decembro de 2019), remitida a D. Carlos Hervella Couceiro, xefe da Sección de planificación de recursos humanos.

- Dilixencia de comparecencia referida ás comprobacións realizadas "in situ", estendida o día 7 de febreiro de 2019.

- Solicitudes das listaxes de control horario do persoal do CENTRO DE MENORES DE FERROL, do 11 de febreiro de 2019 (rexistro de saída número 2.991) e do 30 de maio de 2019 (rexistro de saída número 11.009), remitidas ao Servizo de planificación e xestión de recursos humanos. Os requirimentos de información foron contestados pola xefa do Servizo de planificación e xestión de recursos humanos o día 26 de xuño de 2019 (rexistro de entrada número 13.214).

IV. INFORME PROVISIONAL, ALEGACIÓNS E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA.

Unha vez rematadas as actuacións ás que se fixo referencia no apartado anterior, analizado o contido das mesmas e da documentación achegada ao expediente, foi emitido o informe provisional, cun resultado de conformidade e con recomendacións, polo que se remitíu á Secretaría da Presidencia, á Secretaría de Vicepresidencia, ao Servizo de acción social, cultural e deportes, á Dirección do centro, así coma aos Servizos de Patrimonio e contratación, de Planificación e xestión de recursos humanos.

Con data de 28 de agosto de 2019 (Rexistro de entrada de Intervención de 30/08/2019, a directora do Centro, DONA MÓNICA PÉREZ FERREIRO, achegou un escrito de suxestións.

Logo de analizar o escrito de suxestións presentado, dado que no mesmo se facía referencia aos convenios subscritos cos Concellos de Ferrol e Narón, con data de 3 de setembro remitiuse un requirimento á Dirección do centro, para que achegase copia de ditos convenios.

Dándolle cumprimento ao requirimento emitido, a Dirección do centro achegou copia dos referidos convenios con data de 10 de setembro de 2019.

Asemade foi incorporado tamén ao expediente o estudo de custos do centro correspondente ao exercicio 2018, achegado polo Servizo de Contabilidade con data de 11 de setembro de 2019, logo de que dende a Vicepresidencia se lle trasladase a este funcionario a conveniencia de que este informe contase coa información de custos, tal como fora incluido nos outros informes xa emitidos.

Con data 7 de outubro de 2019, e por orde do interventor xeral, solicítase do Servizo de planificación e xestión de recursos humanos (rexistro de saída número 21.224) que emita informe respecto dos contratos de acumulación de tarefas, das substitucións por incapacidade temporal (I.T.) e doutras modalidades contractuais que foron realizados no exercicio 2018 no CENTRO DE MENORES DE FERROL. O dito Servizo de planificación e xestión de recursos humanos contesta á solicitude formulada o día 28 de outubro de 2019 (rexistro de saída número 21.224, do 28 de outubro de 2019), achegando a información requirida.

Tal como dispón a Norma 6.3.13.2 das NASP, o escrito de suxestión recibido vai a ser evaluado obxectivamente no apartado V e, en canto afectan ás consideracións ou conclusións do informe provisional, van a ser introducidas en ditos apartados, indicando se as suxestións son estimadas ou non, engadindo neste caso as oportunas observacións explicativas do funcionario responsable deste control permanente, na condición de actuante no labor auditor realizado. No caso de estimación, farase constar expresamente a rectificación da consideración ou comentario realizado no informe provisional.

Para efectos de maior claridade para os lectores, as alegacións máis salientables están recollidas literalmente e por iso se grafan en letra cursiva e entre comiñas. Asemade, estes apartados de contestación ás alegacións están grafados en letra “Calibri-11” (o resto do informe está grafado en “Arial-12”).

Asemade, con carácter complementario vaise a engadir unha breve consideración referida aos custes do centro no exercicio 2018.

V. CONSIDERACIÓNS E VALORACIÓN DAS ALEGACIÓNS.

PRIMEIRA.- A xestión dun centro de día de menores: asunción pola Deputación dunha competencia que lle corresponde á Comunidade autónoma de Galicia.

A observación de maior importancia que se pode facer no presente informe é a relativa á falla de competencia da Deputación Provincial para xestionar un centro de día de menores, entre 0 e 12 anos de idade, pertencentes a familias usuarias dos servizos sociais municipais da contorna e aos que se lles ofrece un apoio socio educativo e familiar.

O bloque de constitucionalidade formado polos artigos 148 e 149 da propia Constitución e a asunción de competencias en virtude do Estatuto de autonomía de 1981 deixan claro que a competencia para a creación e a xestión de centros de día de menores lle corresponde á Comunidade autónoma de Galicia; concretamente, no artigo 27, punto 23 do citado Estatuto establécese como competencia exclusiva da nosa Comunidade autónoma a “acción social” e dentro deste concepto tan amplo integraríase a satisfacción das necesidades básicas dun grupo de poboación (no caso que nos ocupa, os nenos menores de 0 a 12 anos, aos que se lles prestan servizos de aloxamento diurno, alimentación, apoio e seguimento escolar, transporte..) que, por distintos motivos (familias desestruturadas ou sen recursos…), non poden ser cubertas.

Asemade, o artigo 36 da Lei 7/85, de bases do réxime local, establece as competencias das deputacións provinciais e entre as mesmas non inclúe a creación e xestión deste tipo de centros de día de menores.

Malia o disposto no bloque de constitucionalidade e a reordenación de competencias establecido pola Lei 27/2013, no noso ámbito autonómico de Galicia permitiuse que as entidades locais poideran continuar coas competencias e prestacións de servizos que non lles correspondían legalmente, segundo o previsto no artigo 3 da Lei 5/2014, de 27 de mairo, de medidas urxentes logo da entrada en vigor da Lei estatal básica 27/2013 xa referenciada.

Pero xa antes desta reordenación competencial da Lei 27/2013, cómpre lembrar un importante acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 10 de abril de 2012 (punto 19 da orde do día), Logo de coñecido o informe emitido pola Intervención xeral sobre a aplicación dos Reais decretos-lei 4/2012 e 7/2012. A primeira das propostas de actuación que se recollía naquel acordo dicía textualmente:

"1º. Encomendar á Presidencia da Corporación para que realice as xestións oportunas antes os órganos competentes da Comunidade Autónoma para analizar conxuntamente as opcións de xestión e financiamento daqueles servizos nos que se dá unha concorrencia de competencias. Unha vez realizadas as xestións iniciais, a Presidencia designará as comisións político-técnicas que procedan con representación de todos os grupos políticos provinciais para a formulación das propostas de acordo correspondentes ao Pleno Corporativo (…)"

Xa que logo, retomando a conclusión exposta naquel informe, a primeira recomendación que ha de facerse neste informe da Intervención resulta obrigada: realizar as xestións oportunas para transferir este centro , cos seus medios persoais e materiais, á Comunidade autónoma de Galicia, para que o mesmo quede plenamente integrado no conxunto de centros de menores que dependen da Consellería de Politica social..

Alternativamente, ao abeiro do disposto no artigo 37 da LBRL, poderíase instar a delegación da competencia da Comunidade autónoma para a xestión deste centro, artellándose nun convenio o financiamento necesario para que esta Deputación non teña que asumir con cargo a fondos propios a meirande parte do custo do centro, tal como se explicará nunha consideración posterior. Esta posibilidade resultaría asemade de todo coherente co disposto no artigo 3 da Lei.

Ao respecto desta consideración de falla de competencia da Deputación para a prestación deste servizo, a Directora do Centro invoca o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, singularmente os artigos 25,4 e 26, preceptos que "*apelan á natureza supramunicipal dos servizos sociais comunitarios específicos atendendo á criterios de equidade territorial e de rendibilidade social e as Funcións dos servizos sociais comunitarios específicos descrita nos seus puntos f), h) e j) funcións que presta este servizo",* tendo dito centro tal carácter supramunicipal ao dar servizo aos concellos da zona.

A invocación normativa que argumenta a Directora do centro debe analizarse e artellarse correctamente no sistema de fontes do Dereito, tendo en conta o principio constitucional de xerarquía normativa (artigo 9.3 C.E.). Deste xeito, cómpre citar en primeiro lugar o artigo 27.1.23 do Estatuto de Autonomía, que lle atribúe a nosa Comunidade autónoma a competencia exclusiva en materia de acción social. Ao seu abeiro foi aprobada polo Parlamento de Galicia a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, cuxo Capítulo II do Título VII leva por rúbrica "Competencias das administracións públicas". Concretamente, o artigo 63 atribúe ás deputacións provinciais a asistencia xurídica, económica e técnica aos concellos na execución de servizos sociais, especialmente na prestación dos servizos sociais básicos que deben prestar os concellos de menos de 20.000 habitantes.

No tocante ás competencias municipais, o artigo 60 atribúelle as concellos competencias en materia de servizos sociais comunitarios básicos, cuxa prestación deben garantir, e tamén, na creación e mantemento de servizos comunitarios específicos, pero desde logo que non ostentan competencia ningunha en materia de servizos sociais especializados, como ó o caso dun centro de menores.

Por outra banda, invócanse na suxestión recibida os convenios subscritos cos Concellos de Ferrol, de 19 de abril de 1995 (modificado logo pola Resolución da Presidencia nº 6.104, de 23 de marzo de 1999), e de Narón, de 22 de marzo de 2004, argumentándose con este fundamento o carácter supramunicipal do servizo. Logo de analizado o contido destes convenios, han de realizarse as dúas observacións seguintes que, pola súa especial importancia, van a ser recollidas no apartado de conclusións:

- A primeira é que estes instrumentos de cooperación –no caso de que se queira manter a súa vixencia- deben adaptarse á maior brevidadeáss disposicións contidas no Capítulo VI do Título preliminar do Lei 40/2015, do Réxime xurídico do Sector público, pois xa ten transcorrido o prazo de tres anos previsto na Disposición adicional oitava de dito corpo normativo para levar a cabo dita adaptación.

- A segunda é que este sistema de cooperación, namentres se manteña, debe estenderse aos restantes concellos deste ámbito territorial (comarca ou partido xudicial de Ferrol), nos mesmos termos e condicións económicas.

Polo demais, na suxestión realizada a Directora do Centro manifesta que, no caso de que se inicie un proceso de transferencia do centro, insta a creación dunha comisión "*na que participen e estean presentes as direccións dos centros".* Déixase constancia no informe desta petición, para o efecto de que sexa coñecida polo Pleno da Corporación cando se eleve este informe a dito órgano, mais non se valora polo funcionario actuante, ao non afectar ao traballo de auditoría realizado.

SEGUNDA.- A tramitación centralizada das compras de produtos e da contratación de servizos.

En relación á xestión dos gastos necesarios para o funcionamento do centro, na mostraxe realizada sobre as facturas seleccionadas ao chou, o actuario constatou que, maioritariamente, son relativos a alimentación. Así mesmo, na visita ás distintas dependencias do centro (unidades educativas, servizo de cociña, lavandería, almacéns e servizos xerais) comprobouse a existencia de distintos recursos materiais (alimentos, vestiario, produtos de limpeza, útiles de aseo, medicamentos, material de actividades...) que se corresponden coas necesidades propias do centro, polo que esta Intervención manifesta a súa conformidade con respecto á xestión dos citados gastos.

Sen prexuízo do exposto, e tendo en conta que (como indica o actuario na súa dilixencia) unha parte moi importante do gasto do centro refírese á alimentación ***"porque se traballa con menús elaborados por especialistas o que incide no consumo de alimentos frescos e de calidade, como peixe fresco, froitas e verduras, lácteos…, axustándose as necesidades dos nenos"***, é certo que non resulta doado prever anticipadamente todas as compras que son necesarias para realizar unha correcta atención, en moitas ocasións inmediata e non programada, dos xantares e outras comidas especialmente no tocante á adquisición de productos frescos, cuxo subministro ten que ser sempre inmediato; aínda así, ben podería confeccionarse unha listaxe de produtos-tipo, que se veñen consumindo con carácter ordinario, para que, a partir da mesma, se instrúan un ou varios contratos de subministro, garantindo a liberdade de concorrencia e, xa que logo, a obtención da oferta máis vantaxosa, cumprimentándose finalmente o requisito da eficiencia económica.

Así mesmo, A reflexión anterior tamén pode ser trasladada ao resto de adquisicións de produtos por parte do centro (roupa, artigos de aseo, material de limpeza…) que deberían tramitarse por parte do Servizo de patrimonio e contratación, seguindo o procedemento correspondente e quedando na xestión propia do CENTRO DE MENORES DE FERROL as compras de produtos moi específicos ou de carácter especial.

O actuario tamén puido comprobar a existencia de facturas mensuais relativas á prestación de servizos de ocio e tempo libre que, en ocasións, complementan ao persoal de atención aos menores nos períodos vacacionais. Con respecto a estes gastos debería, igualmente, realizarse a súa tramitación por parte do citado Servizo de patrimonio e contratación, tal e como se reflectiu no parágrafo anterior, salvo en casos puntuais ou excepcionais.

Ao respecto desta consideración, na suxestión presentada pola Directora do centro manifesta que "*este requirimento obriga a desenvolver unha carga de traballo extraordinaria á dirección e administración (un só posto), que non podemos asumir",* polo que solicita que se proceda á creación dun posto de traballo de técnico para que poida asumir as tarefas relativas á preparación de prescricións técnicas e demais xestións relativas á contratación. Ao igual que na se explicou valoración da suxestión anterior, déixase constancia desta petición para que sexa coñecida polo Pleno da Corporación cando se lle presente este informe, mais non se valora polo funcionario actuante, por non estar dentro do alcance do labor auditor realizado.

TERCEIRA.- Cumprimento horario do persoal

En relación ao persoal asignado ao centro, comprobouse que está a cumprir co horario establecido, polo que non habendo ningunha incidencia neste ámbito, os gastos do citado persoal están debidamente xustificados.

Non entanto, á vista do informe do 28 de outubro de 2019, emitido polo Servizo de planificación e xestión de recursos humanos en relación cos nomeamentos de persoal por acumulación de tarefas, ponse de manifesto que no exercicio 2018 realizáronse sete contratacións desta natureza dende o 15 de xuño ata o 12 decembro, afectando as mesmas aos postos de traballo de auxiliar-educadora, titora a media xornada, celadora, educadora e administrativo.

Do exposto despréndese a necesidade da realización dun estudo pormenorizado, por parte do dito Servizo de planificación e xestión de recursos humanos, sobre unha posible reestruturación na planificación do persoal neste centro coa finalidade de que se reduza o número de contratos por acumulación de tarefas que se teñen producido.

CUARTA. OBSERVACIÓN COMPLEMENTARIA SOBRE OS CUSTOS DO SERVIZO.

Tal como esixe o artigo 211 do TRLRFL, na Conta xeral do exercicio 2018 tense incorporado unha memoria na que figura o custe dos distintos servizos que presta esta Deputación. Entre eles está o Centro de día de menores de Ferrol, co código 2D, documento do que se extrae a seguinte información:

CUSTOS DIRECTOS	CUSTES INDIRECTOS	CUSTES RECIBIDOS	CUSTE TOTAL	INGRESOS	MARXE
1.350.631,27	353.133,75	366.831,43	1.703.765,02	63.772,04	-1.639.992,98

Da táboa anterior resulta que no exercicio 2018 o custe total do centro foi de 1.703.765,02 euros, correspondéndose os ingresos de 63.772,04 á suma das liquidacións xiradas aos Concellos de Ferrol (63.023,10 €) e Narón (748,94), en virtude dos convenios de reserva de prazas aos que anteriormente aos que se fixo referencia na contestación ás suxestións presentadas pola Directora do centro. Para o financiamento do centro non se recibe achega ningunha da Comunidade autónoma de Galicia.

Segundo a información remitida pola Dirección do centro, durante o pasado ano 2018 foron atendidos un total de 82 menores, producíndose 24 baixas e 20 novos ingresos; porén, tal como consta na Memoria do custe e rendemento dos servizos públicos integrada na Conta xeral, a media de usuarios foi de 73, resultando un custe unitario de 23.339,25 euros por usuario.

VI. CONCLUSIÓNS

PRIMEIRA.- Ao abeiro da lexislación básica de réxime local, a Deputación provincial da Coruña non ten competencia ningunha na xestión de centros de acollida de menores, correspondéndolle a mesma á Comunidade autónoma de Galicia, de conformidade co disposto na Constitución e no Estatuto de autonomía de Galicia de 1981. Xa que logo, recoméndase iniciar as xestións conducentes a transferir os medios persoais e materiais deste centro de acollida á Comunidade autónoma, para que pase a depender orgánica e funcionalmente da Consellería de Política social.

Ao respecto desta recomendación, cómpre lembrar que o Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 10 abril de 2012 (punto 19 da orde do día), xa tomara un acordo no que encomendaba á Presidencia o inicio das referidas xestións, logo de analizar o informe da Intervención sobre a aplicación dos Reais decretos-lei 4/2012 e 7/2012.

Alternativamente, ao abeiro do disposto no artigo 37 da LBRL, tamén se podería instar a delegación da competencia da Comunidade autónoma para a xestión e administración deste centro educativo analizado, instrumentándose dita delegación nun convenio no que se fixase o financiamento que tería que recibir a Deputación pola asunción de dita xestión delegada.

SEGUNDA.- A xestión dos gastos correntes por parte da dirección do centro está correctamente documentada e ditos gastos obedecen ás necesidades propias do citado centro. Non entanto, recoméndase que tanto as compras de alimentos, vestiario e material de limpeza, principalmente, como os contratos de servizos de ocio e tempo libre, se realicen a través do Servizo de patrimonio e contratación, seguindo o procedemento correspondente previsto na Lei 9/2017 de contratos do sector público e quedando na xestión propia do CENTRO DE MENORES DE FERROL as adquisicións de produtos moi específicos ou de carácter especial e a contratación de servizos urxentes ou excepcionais.

TERCEIRA.- Tendo en conta o considerable número de contratos por acumulación de tarefas que se teñen realizado no segundo semestre de 2018 no CENTRO DE MENORES DE FERROL(tal e como se sinalou anteriormente), o Servizo de planificación e xestión de recursos humanos **deberá valorar a necesidade dunha posible reestruturación na planificación do persoal neste centro coa creación, no seu caso, dos postos de traballo correspondentes**.

CUARTA.- Segunda consta na Memoria de custes e rendementos do servizos públicos incorporada á Conta xeral do exercicio 2018, a xestión e mantemento do centro produciu un custe total de 1.703.765,02 euros, resultando un custe medio por usuario de 23.339,25 (media de 73 usuarios no ano 2018). No tocante ao financiamento deste custe, só se xeraron ingresos por importe de 63.772,04 euros, procedentes dos Concellos de Ferrol e Narón. Os convenios subscritos con estes dous concellos deberán adaptarse á regulación contida no Capítulo VI do Título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector público.

Pola súa banda, a Comunidade autónoma de Galicia non realizou achega ningunha para o financiamento deste servizo.

Deputación DA CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

Tendo en conta estas conclusións, o informe emítese con carácter **DEFINITIVO E CON RECOMENDACIÓNS,** respecto á posible transferencia deste centro educativo á Comunidade autónoma de Galicia ou, alternativamente, a delegación da competencia para a xestión do mesmo coa correspondente achega do financiamento necesario.

Polo seu carácter definitivo, o informe debe notificarse á Secretaría de presidencia, á Secretaría de vicepresidencia, ao Servizo de acción social, cultural e deportes, á Dirección do centro, así coma aos Servizos de patrimonio e contratación e de Planificación e xestión de recursos humanos, para o seu coñecemento.

De conformidade co disposto no artigo 36 do R.D 424/2017, este informe definitivo remítese á Presidencia, para que a través deste órgano sexa elevado ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento (a análise do informe deberá constituir un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria).

A Coruña, 30 de outubro de 2019.

Juan Bautista Suárez Ramos

Interventor adxunto.

Conforme,

O INTERVENTOR XERAL,

José Manuel Pardellas Rivera.

ANEXO V

Deputación DA CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA
SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO
SECCIÓN DE CONTROL II
NEGOCIADO DE CONTROL FINANCEIRO E AUDITORÍA DE GASTOS

INFORME DOS RESULTADOS DO PLAN DE CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCIÓNS 2019 :SUBVENCIÓNS PAGADAS NO ANO 2015 E EXPEDIENTES INCOADOS A PETICIÓN DAS UNIDADES XESTORAS.

TOTAL EXPEDIENTES TRAMITADOS	**71**
PROCEDEMENTO ORDINARIO (PO)	41
PROCEDEMENTO ABREVIADO (PA)	19

EXPEDIENTES A PETICIÓN DAS UNIDADES XESTORAS	**11**

EXPEDIENTES CON INFORME DEFINITIVO DE CONFORMIDADE	25
EXPEDIENTES CON INFORME DEFINITIVO DE CONFORMIDADE CON OBSERVACIÓNS	5
EXPEDIENTES CON INFORME DEFINITIVO DE DESCONFORMIDADE	18
EXPEDIENTES CON INFORME PROVISIONAL DE DESCONFORMIDADE	2
EXPEDIENTES EN TRÁMITE	18
EXPEDIENTES CON DILIXENCIA DE ARQUIVO	3





JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 12:30
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
ace8a89b97356354ba6c90fd122beb
c8407254 3ee

REINTEGROS:

REINTEGROS	Nº DE EXPEDIENTES	IMPORTE
CON RESOLUCIÓN DEFINITIVA: REINTEGRO TOTAL	6	*92.964,17€*
CON RESOLUCIÓN DEFINITIVA: REINTEGRO PARCIAL	1	*8.350,80€*
CON RESOLUCIÓN INCOACIÓN REINTEGRO TOTAL	1	*32.774,46€*
CON RESOLUCIÓN INCOACIÓN REINTEGRO PARCIAL	1	*49.779,00€*

SANCIÓNS:

CON RESOLUCIÓN DEFINITIVA SANCIONADOR:		
SANCIONS	**Nº DE EXPEDIENTES**	**IMPORTE**
MOI GRAVE	2	*3.604,23€*
GRAVE	2	*1.404,49€*
LEVE	6	*1.082,50€*

CON RESOLUCIÓN INCOACIÓN SANCIONADOR:		
SANCIONS	**Nº EXPEDIENTES**	**IMPORTE**
LEVE	4	*2.675,00€*

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 12:30
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
ace a89b97356354ba6c90fd122beb
c8407254 3ee

NÚMERO	IMPORTE	CIF	ENTIDADE	OBXECTO SUBVENCION	CONCLUSIÓN	REINTEGRO	SANCIONADOR
PO 1	58.234,28 €	G15383433	SOCIEDAD DEPORTIVA O VAL DE NARON	SOCIEDAD DEPORTIVA O VAL DE NARON.- CONVENIO 2014 OBRAS DE REFORMA DE VESTUARIOS ENEL CAMPO DE FÚTBOL DE SINDE	INF.DEF. DESCONFORMIDE. REINTEGRO TOTAL E SANCION	R.P.34780/2019 DEFINIT. REINT.TOTAL 85.000€	
PO 2	69.886,70 €	G15783483	CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO	CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO.- CONVENIO 2014. SALÓN DEL CABALLO. EQUIOCIO 2014	INF.DEF. DESCONFORMIDE. REINTEGRO PARC E SANCION	R.P. 3971/2020 DEFINIT. REINT.PARC. 8.350,80€	R.P. 3971/2020 DEFINIT. SANCIÓN LEVE 315€
PO 3	25.920,00 €	G15028863	COCINA ECONOMICA DE SANTIAGO	COCINA ECONOMICA DE SANTIAGO. SUBV/2014. OBRA DE ACONDICIONAMENTO INTERIOR E RENOVACIÓN DE INSTALACIÓNS E MOBILIARIO NA	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE		
PO 4	12.980,00 €	G15052442	ASOCIACION DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE AVANTE	ASOCIACION DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE AVANTE. SUBV/2014. ADQUISICIÓN DE VEHICULO	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE CON OBSERVACIÓNS		
PO 5	17.900,00 €	G15072077	ASOCIACION PRO MINUSVALIDOS DE ORTEGAL	SUBV/2014. MANTEMENTO DE ACTIVIDADE XERAL DE CENTRO OCUPACIONAL ASPROMOR	INF.DEF. DESCONFORMIDE. PROPOSTA DE SANCION		R.P. 34781/2019 DEFINITIVA SANCIÓN 315,00€
PO 6	12.525,64 €	G15063092	ASOC.PADRES NIÑOS DEFICIENTES FIS.Y PSIQ.COMARCA XALLAS-CEE	SUBV/2014. APOIO Ó SERVIZO DE RESPIRO	EN TRÁMITE		

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 12:30
Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: aceа89b97356354ba6c90fd122beb c8407254 3ee

NÚMERO	IMPORTE	CIF	ENTIDADE	OBXECTO SUBVENCION	CONCLUSIÓN	REINTEGRO	SANCIONADOR
PO 7	3.480,00 €	G15212707	ASOCIACION DE FUTBOL AFICIONADO DE LA CORUÑA	SUBV/2014. IX TORNEO INTERNACIONAL FUTBOL BASE AFAC	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE		
PA 8	1.695,92 €	G15144314	AGRUPACION ARTISTICA LUCERO DEL ALBA	SUBV/2014. ORGANIZACIÓN E REALIZACIÓN DO XVII FESTIVAL DA CANCIÓN MARIÑEIRA	INF.DEF. DESCONFORMIDE. PROPOSTA SANCION		R.P. INCOACIÓN SANCION 75,00€
PO 9	24.000,00 €	G15039936	ASOCIACION DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA	ASOC.ESCRITORES LINGUA GALEGA.-SUBV.NOM.2014 PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURALES AÑO 2014	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE		
PO 10	11.836,97 €	G15290828	FUNDACION BENEFICO DOCENTE FERNANDO BLANCO	FUND.BENEF.DOCENTE FERNANDO BLANCO.- CONVENIO 2014 PROGRAMA ACTIVIDADES CULTURALES AÑO 2014	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE CON OBSERVACIÓNS		
PO 11	19.160,59 €	G15048762	ASOCIACION CORUÑESA DE PROMOCION DEL SORDO	ASOCIACIÓN CORUÑESA DE PROMOCIÓN DO XORDO (ACOPROS). SUBV/2014. ""SERVIZO DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA ÁS PERSOAS XORDAS E ÁS	INF.DEF. DESCONFORMIDE PROPOSTA DE SANCION		
PO 12	17.982,00 €	G15203169	CLUB DE REMO PUEBLA	SUBV/2014. INFRAESTRUCTURA E EQUIPAMENTO DEPORTIVO	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE		
PO 13	19.932,42 €	G15450208	MISELA (ASOC.PERS.DISC.COMARCA NOIA-MUROS)	SUBV/2014. PROGRAMA DE AULA OCUPACIONAL	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE		R.P. DEFINITIVA 2 SANCIONS 75,00€ + 75,00€

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 12:30
Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: ace89b97356354ba6c90fd122beb c8407254 3ee

NÚMERO	IMPORTE	CIF	ENTIDADE	OBXECTO SUBVENCION	CONCLUSIÓN	REINTEGRO	SANCIONADOR
PO 14	75.000,00 €	G70177910	CLUB PRAIA DE PANTIN	CLUB PRAIA DE PANTIN.- CONVENIO 2014 CAMPEONATO PANTÍN CLASSIC GALICIA PRO 2014	EN TRÁMITE		
PO 15	11.973,14 €	G15036544	COFRADIA DE PESCADORES DE SADA	COFRADIA DE PESCADORES DE SADA. SUBV/2014. MELLORAS,ACONDICIONAMENTO E SUSTITUCION DIVERSOS ELEMENTOS NA FABRICA DE XEO	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE CON OBSERVACIÓNS		
PA16	1.196,00 €	G70064522	LARACHA EN DUAS RODAS	SUBV/2014. VI MARCHA CICLOTURISTA POLAS CABECEIRAS DO ANLLONS E OUTRAS EVENTOS DEPORTIVOS	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE		
PO 17	20.000,00 €	G15229982	CENTRO ESTUDIOS MELIDENSES-MUSEO TERRA MELIDE	CENTRO ESTUDOS MELIDENSES-MUSEO TERRA DE MELIDE.- CONVENIO. PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURALES AÑO 2014	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE		
PO 18	15.000,00 €	G15299357	FEDERACION ESCUELAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA	FEDER. ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS GALICIA.- 50% CONVENIO 2014 PROXECTO PILOTO INSERCIÓN PROFESIONAL DE MULLERES RURAIS	EN TRÁMITE		
PA 19	1.083,00 €	G15247273	ASOCIACION XUVENIL ESCOLA DE DANZAS NOELA	SUBV/2014. CURSO DE DANZA GALEGA, CURSO DE BALLET CLÁSICO, CURSO BAILES DE SALÓN E LATINOS E CURSO DE TEATRO	INF.DEF. DESCONFORMIDE. REINTEGRO PARC E SANCION		
PO 20	16.984,33 €	G15031537	ASOC.PADRES DE PERSONAS C/DISCAPACIDAD INTELECTUAL,ASPAS	ASOC.PADRES DE PERSONAS C/DISCAPACIDAD INTELECTUAL,ASPAS. SUBV/2014. MELLORA INSTALACIONS CENTRO OCUPACIONAL-RESIDENCIAL	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE		

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 12:30
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
aceа89b97356354ba6c90fd122beb
c8407254 3ee

PO 21	16.439,50 €	G15077225	HOGAR DE SOR EUSEBIA	SUBV/2014. MANTEMENTO CENTRO ACOLLIDA E INCLUSION SOCIAL ""HOGAR DE SOR EUSEBIA""	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE		
NÚMERO	**IMPORTE**	**CIF**	**ENTIDADE**	**OBXECTO SUBVENCION**	**CONCLUSIÓN**	**REINTEGRO**	**SANCIONADOR**
PA 22	900,00 €	G15090095	A.P.A. COLEGIO VILAS ALBORADA DE SANTIAGO	SUBV/2014. ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS DESENVOLVIDAS DURANTE O ANO 2014	INF.DEF. DESCONFORMIDE. REINTEGRO TOTAL E SANCION		
PO 23	40.000,00 €	G70215108	CLUBE PATIN CERCEDA	CLUB PATIN CERCEDA.-CONVENIO/2014. MANTENIMIENTO Y ESTRUCTURA DEL CLUB	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE		
PA 24	2.807,88 €	G15546906	ASOCIACION DE CAZADORES PEDRAPARTIDA	ASOCIACION DE CAZADORES PEDRAPARTIDA. SUBV/2014. REPOBOACIÓNS CINEXÉTICAS	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE		
PO 25	40.000,00 €	V15279219	COMITE CIUDADANO ANTI-SIDA DA CORUÑA(REALIZADO 12-4 CON U.G.)	COMITE CIUDA. ANTI-SIDA DA CORUÑA.-CONV/2014 MTTO.RED PISOS ACOG.ATENCIÓN PERS.SEROPOSITIVAS SITUACIÓN EXCL.SOCIAL	DILIXENCIA ARQUIVO		
PO 26	18.848,34 €	G15538838	ASOCIACION DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER	SUBV/2014. PROGRAMA DE ESTIMULACIÓN INTEGRAL	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE		
PO 27	10.990,00 €	G15546484	FUNDACION ADCOR	FUNDACION ADCOR. SUBV/2014. ADQUISICIÓN EQUIPAMENTO RESIDENCIA FUNDACION ADCOR	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE		
PO 28	35.000,00 €	R1500019C	DIOCESIS DE MONDOÑEDO FERROL	DIOCESIS MONDOÑEDO-FERROL.-SUBV.NOM.2013 REHABILITACION IGREXA PARROQUIAL DE LADRIDO-ORTIGUEIRA	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE		

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 12:30
Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: ace a89b97356354ba6c90fd122beb c8407254 3ee

NÚMERO	IMPORTE	CIF	ENTIDADE	OBXECTO SUBVENCION	CONCLUSIÓN	REINTEGRO	SANCIONADOR
PO 29	12.911,33 €	G15400682	ASOCIACION PROV.PENS.Y JUB.(UDP) LA CORUÑA	SUBV/2014. TELEGERONTOLOGÍA®:MTTO. PROGRAMA ADESTRAMENTO COGNITIVO COMPUTARIZADO NO COMPLEXO XERONTOLÓXICO LA MILAGROSA	EN TRÁMITE		
PO 30	15.920,37 €	G15038797	GRUMICO GRUPO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DA CORUÑA	SUBV/2014. TRANSPORTE ADAPTADO E ACOMPAÑAMENTO	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE		
PO 31	14.115,98 €	G15775604	ASOCIACION DE DANO CEREBRAL SARELA	SUBV/2014. REHABILITACIÓN EN DANO CEREBRAL ADQUIRIDO	EN TRÁMITE		
PO 32	12.000,00 €	G15571136	CLUB DEPORTIVO NATURAL SPORT VIDELGI-RIVEIRA	SUBV/2014. ADQUISICION DUNHA FURGONETA DE 9 PRAZAS PARA OS DIFERENTES EQUIPOS DE COMPETICIONS DE TAEKWONDO	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE CON OBSERVACIÓNS		
PA 33	1.399,20 €	G15037708	A.VV. OZA DE LA GAITEIRA LOS CASTROS	SUBV/2014. PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS 2014	EN TRÁMITE		
PA 34	14.873,11 €	G15487838	ASOCIACION AYUDA A FAMILIAS DE DROGODEPENDIENTES	A.AYUDA A FAML.DROGOD.-SUBV/2014.ATENDER FAMILIAS CONFLITOS CONSUMO DROGAS OU DROGODEPENDENCIA DALGÚN DOS SEUS MEMBRO	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE		

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 12:30
Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: ace a89b97356354ba6c90fd122beb c8407254 3ee

PA 35	4.425,00 €	G70262951	FUNDACIÓN EDUARDO PONDAL	ASOCIACIÓN EUROEUME. SUBV/2014. III CERTAMENDE PINTURA AO AIRE LIBRE FERNANDO ALVAREZ DE SOTOMAYOR	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE		
NÚMERO	**IMPORTE**	**CIF**	**ENTIDADE**	**OBXECTO SUBVENCION**	**CONCLUSIÓN**	**REINTEGRO**	**SANCIONADOR**
PO 36	97.453,13 €	R1500019C	DIOCESIS DE MONDOÑEDO FERROL	DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL.-CONVENIO 2014 ACTUACIONES IGLESIA SANTA MARÍA Y CONVENTO DEL ROSARIO DE SAN SADURNIÑO	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE		
PA 37	14.400,00 €	G15629629	FONDO GALEGO DE COOPERACION E SOLIDARIEDADE	FONDO GALEGO DE COOP. E SOLIDARIDADE.-SUB.NOM/2015.BASE 50.CUOTA SOCIO AÑO 2015	DILIXENCIA ARQUIVO		
PO 38	10.824,00 €	R1500294B	CARITAS DIOCESANA MONDOÑEDO FERROL	SUBV/2014. MANTEMENTO DO PROGRAMA SEN TEITO	EN TRÁMITE		
PA 39	6.900,00 €	G15116775	BERGANTIÑOS, F.C.	SUBV/2015. PARTICIPACIÓN DOS DISTINTOS EQUIPOS FEDERADOS DO CLUB EN COMPETICIÓNS DEPORTIVAS DURANTE O ANO 2015	EN TRÁMITE		
PA 40	19.683,00 €	G15029176	COCINA ECONOMICA DE FERROL	SUBV/2015. GASTOS DE PERSONAL	INF.DEF. DESCONFORMIDADE. PROPOSTA SANCIONADOR		RP INCOAC. SANCIONADOR 900€
PO 41	30.000,00 €	G15038508	COFRADIA DE PESCADORES DE MUROS	SUBV/2015. COMERCIALIZ. DOS REC. PESQUEIROS E MARISQ. E DEFENSA DOS INTERESES PROFESIONAIS E ORIENTACIÓN DA NORMATIVA	INF.DEF. DESCONF. REINT.PARCIAL E SANCIÓN		
PO 42	13.900,00 €	G15041593	CENTRO CULTURAL JUAN XXIII DE SANTIAGO	SUBV/2014. MANTEMENTO DOS SERVIZOS E PRESTACIÓNS DO CENTRO SOCIAL ALBERGUE ""JUAN	INF.DEF. DESCONFORM. PROPOSTA		

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 12:30
Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: ace a89b97356354ba6c90fd122beb c8407254 3ee

				XXIII""	SANCIONADOR		
PA 43	1.584,77 €	G70054630	CLUB DE BALONCESTO SANT-YAGO	SUBV/2015. TEMPORADA CLUB BALONCESTO SANT-YAGO	EN TRÁMITE		
NÚMERO	**IMPORTE**	**CIF**	**ENTIDADE**	**OBXECTO SUBVENCION**	**CONCLUSIÓN**	**REINTEGRO**	**SANCIONADOR**
PA 44	689,85 €	G70311980	CLUB DEPORTIVO MILLARENGO CULTURA	SUBV/2014. ADESTRAMENTO PARA A COMPETICIÓN EN LIGA FEDERADA 2014 E COMPETICIÓN EN IDADE ESCOLAR PARA COMPETIR NO XOGADE	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE		
PO 45	25.000,00 €	G15037195	PATRONATO DO MUSEO DO POBO GALEGO	PAD.MUSEO POBO GALEGO.- SUBV. NOM./2015: CUOTA SOCIO: IMP. IN.BASE 50:15.000,00+EMC 2/2015 SUPL.CRÉDITO: 10.000,00	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE		
PO 46	18.000,00 €	G15072010	ASOCIACION FERROLA DE DROGODEPENDENCIAS ASFEDRO	ASFEDRO.- CONVENIO. PROGRAMA DE INTERVENCIÓN EN EL OCIO NOCTURNO ""EDUCANDO NO LECER 2014""	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE CON OBSERVACIÓNS		
PO 47	16.666,58 €	G15798655	FUNDACION PAIDEIA GALIZA	FUNDACION PAIDIA GALIZA.- CONVENIO. PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURALES AÑO 2014	EN TRÁMITE		
PO 48	10.349,30 €	G15870173	ASOCIACION PARTICIPA PARA LA INCLUSION SOCIAL	SUBV/2015. MELLORA DO NIVEL DE AUTONOMÍA, FUNCIONAMENTO E AXUSTE SOCIAL DAS PERSONAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL	EN TRÁMITE		
PO 49	28.267,05 €	G15859911	FUNDACION AMIGOS DE GALICIA	FUND.AMIGOS DE GALICIA.- CONVENIO.PLAN DE COBERTURA DE NECESIDADES BASICAS DE LAS	EN TRÁMITE		

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 12:30
Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: ace a89b97356354ba6c90fd122beb c8407254 3ee

				PERSONAS EN SITUACIÓN DE CARENCIA DE RE			
PA 50	14.975,98 €	R1500059I	RESID.NTRA.SRA.VIRTUDES EN PONTEDEUME HMNTAS.ANC.DESAMP.PROV.RELIGIOSA	SUBV/2015. MANTEMENTO XERAL DO CENTRO	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE		
NÚMERO	**IMPORTE**	**CIF**	**ENTIDADE**	**OBXECTO SUBVENCION**	**CONCLUSIÓN**	**REINTEGRO**	**SANCIONADOR**
PA 51	29.991,02 €	G15031511	COFRADIA DE PESCADORES DE MALPICA	SUBV/2015. AXUDA PARA CUBRIR GASTOS DO PERSOAL CONTRATADO	INF.DEF. DESCONF. REINT.PARCIAL E SANCIÓN		
PO 52	13.464,00 €	G70045844	ESCOLA DE BASKET XIRIA	SUBV/2015. ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS E PROMOCIÓN DO BALONCESTO NAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS E TERRA DE XALLAS ...	EN TRÁMITE		
PO 53	50.098,84 €	G15027402	OBRADOIRO CLUB AMIGOS DEL BALONCESTO	OBRADOIRO CLUB AMIGOS DO BALONCESTO.- CONVENIO/2014. MANTENIMIENTO CATEGORÍA BASE CLUB	EN TRÁMITE		R.P. DEFINITIVA SANCION 75,00€
PA 54	2.204,00 €	G15250244	ASOCIACION DE PADRES Y AMIGOS NADADORES	SUBV/2015. PARTICIPACIÓN EN CAMPEONATOS NACIONAIS	EN TRÁMITE		
PO 55	1.975,48 €	V15255292	COMUNIDAD MONTE VV.M.COMUN MIEITES-BOIRO	SUBV/2015. ROZAS NO MONTE VECINAL DE MIEITES.	EN TRÁMITE		
PA 56	52.000,00 €	G15037930	AMIGOS DE LA OPERA DE LA CORUÑA	AMIGOS DE LA OPERA DE A CORUÑA.- CONVENIO.ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DE LA ÓPERA EN EL AÑO 2015	EN TRÁMITE		

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 12:30
Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: ace a89b97356354ba6c90fd122beb c8407254 3ee

PA 57	21.000,00 €	G15589500	SOLIDARIDADE GALEGA	SOLID.GALEGA.- CONVENIO/2014.4ªFASE CONST.INST.LIDER.AS SEGOVIAS(COCINA/COMEDOR).MONZONTE/NUEVA SEGOVIA(NICARAGUA)	EN TRÁMITE		
NÚMERO	**IMPORTE**	**CIF**	**ENTIDADE**	**OBXECTO SUBVENCION**	**CONCLUSIÓN**	**REINTEGRO**	**SANCIONADOR**
PA 58	65.000,00 €	G15075278	HOCKEY CLUB LICEO DE LA CORUÑA	HOCKEY C. LICEO DA CORUÑA.- CONV.PARTICIPACIÓN EN LA OK LIGA Y EN COPA DE EUROPA DE HOCKEY S/PATINES 2015	INF.PROVISIONALDES CONF. REINT.PARCIAL E SANCIÓN		
PO 59	27.432,77 €	G15027410	CIRCULO MERCANTIL E INDUSTRIAL DE FERROL	CIRCULO MERCANTIL E INDUSTRIAL DE FERROL.- CONVENIO COLAB.REALIZACIÓN DE OBRAS DE ACONDICIONAMIENTO PISTAS DE TENIS	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE		
PO 60	25.000,00 €	T000000039	CASA DE GALICIA EN MONTEVIDEO-URUGUAY	CASA DE GALICIA EN MONTEVIDEO-URUGUAY.- CONVENIO. ADQUISICIÓN DE EQUIPAMIENTO SANITARIO	DILIXENCIA ARQUIVO		

EXPTES. SOLICITADOS POR UNIDADES XESTORAS

NÚMERO	**IMPORTE**	**CIF**	**ENTIDADE**	**OBXECTO SUBVENCION**	**CONCLUSIÓN**	**REINTEGRO**	**SANCIONADOR**

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 12:30
Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: ace a89b97356354ba6c90fd122beb c8407254 3ee

CE 1/2018	1.497,60€	G15041528	ASOCIAC.CULTURAL O NOSO LAR DE VISANTOÑA	EQUIPAMENTO PARA O LOCAL SOCIAL 2015	INF.DEF. DESCONF. REINT.TOTAL E SANCIÓN	R.P. 34779/2019 DEFINIT. REINT.TOTAL. 1497,60€	R.P. 34779/2019 DEFINIT. SANCIÓNS LEVES DE 52,50€ E DE 175€
NÚMERO	**IMPORTE**	**CIF**	**ENTIDADE**	**OBXECTO SUBVENCION**	**CONCLUSIÓN**	**REINTEGRO**	**SANCIONADOR**
CE 2/2018	1.433,54€	G15698079	ASOCIACIÓN CULTURAL CHERINKAS	XX ANIVERSARIO ASALTO AO CASTELO DE VIMIANZO, 2015	INF.DEF. DESCONF. REINT.TOTAL E SANCIÓN	R.P. 34778/2019 DEFINIT. REINT.TOTAL. 1.433,54€	R.P. 34778/2019 DEFINIT. SANCIÓN GRAVE DE 501,74€
CE 3/2018	992,03€	Q1576005A	COLEXIO MEDIADORES SEGUROS TITULADOS	XXIX XORNADA DE FORMACIÓN DE SEGUROS	INF.DEF. DESCONF. REINT.TOTAL E SANCIÓN	R.P. 46612/2019 DEFINIT. REINT.TOTAL. 992,03€	R.P. 34778/2019 DEFINIT. SANCIÓN GRAVE DE 902,75€
CE 4/2018	92.776,53€	G15786411	ASOC.PEQUENO COMERCIO POBRA CARAMIÑAL	FORMACIÓN EÓRICA E PRÁCTICA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE, 2015	INF.DEF. DESCONF. REINT.PARCIAL E SANCIÓN	R.P. INCOACIÓN REINT.PARCIAL. 49.779€	R.P. INCOACIÓN SANCIÓN LEVE 900€
CE 5/2018	11.452,88€	G15299357	FEDERAC.ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA	SONDAQUI, PRODUTOS GALEGOS DE ELABORACIÓN ARTESANAL, 2015	INF.DEF. DESCONF. SANCIONADOR		R.P. INCOACIÓN SANCIÓNS LEVES 600 E 200€

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 12:30
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
ace a89b97356354ba6c90fd122beb
c84072543ee

CE 6/2018	32.774,46€	G15817430	ADTERRA	MELLORA DO MERCHANDISING DE PRODUTORES E PRODUTOS LOCAIS	INF.DEF. DESCONF. REINT.TOTAL E SANCIÓN	R.P. INCOACIÓN REINT.TOTAL. 32.774,46€	
CE 7/2018	2.997,00€	G15059876	ASOCIAC.ESC.FAM.AGRARIA FONTEBOA	ELABORACIÓN DE QUEIXOS E PRODUTOS LÁCTEOS, 2014	INF.DEF. DESCONF. REINT.TOTAL E SANCIÓN	R.P. 46855/2019 DEFINIT. REINT.TOTAL. 2.997€	R.P. 34778/2019 DEFINIT. SANCIÓN MOI GRAVE DE 2.727,27€
NÚMERO	**IMPORTE**	**CIF**	**ENTIDADE**	**OBXECTO SUBVENCION**	**CONCLUSIÓN**	**REINTEGRO**	**SANCIONADOR**
CE 8/2018	1.044,00€	G15059876	ASOCIAC.ESC.FAM.AGRARIA FONTEBOA	PRODUCCIÓN ECOLÓXICA PARA UNHA VIDA SUSTENTABLE,2015	INF.DEF. DESCONF. REINT.TOTAL E SANCIÓN	R.P. 46856/2019 DEFINIT. REINT.TOTAL. 1.044,00€	R.P. 34778/2019 DEFINIT. SANCIÓN MOI GRAVE DE 876,96€
CE 9/2018	40.000€	V15279219	COMITE CIUDADANO ANTISIDA	MANTEMENTO REDE PISOS ACOLLIDA ATENCIÓN PERSOAS SEROPOSITIVAS, 2014	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE		
CE 10/2018	60.000€	V15279219	COMITE CIUDADANO ANTISIDA	MANTEMENTO REDE PISOS ACOLLIDA ATENCIÓN PERSOAS SEROPOSITIVAS EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL , 2015	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE		
CE 11/2018	60.000€	V15279219	COMITE CIUDADANO ANTISIDA	MANTEMENTO REDE PISOS ACOLLIDA ATENCIÓN PERSOAS SEROPOSITIVAS EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL, 2016	INF. DEFINITIVO CONFORMIDADE		

O interventor adxunto
Juan Bautista Suárez Ramos

JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS
Data e hora: 14/02/2020 12:30
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
ace a89b9735635 4ba6c90fd122beb c8407254 3ee

JOSÉ MARÍA PÉREZ ALVARIÑO
Data e hora: 22/04/2019 09:27

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
87f2d271cbfebf8687a73902b999afce0b00a140

ANEXO VI

INFORME DE AUDITORIA DAS CONTAS DA FUNDACION AGENCIA ENERXETICA PROVINCIAL DE A CORUÑA (FAEPAC) CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2018

I. INTRODUCCION

O artigo 30 dos Estatutos da FAEPAC establece que as súas contas anuais terán de ser aprobadas polo Padroado e se renderán no prazo de seis meses dende o peche do exercicio e achegarán o informe do auditor interno, si non se auditan externamente por exixencia legal. A vixente Lei 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de interés galego (LGF), dispón no artigo 37.2 que as Fundacións se someterán a auditoría externa cando no intre do peche cumpran dúas das seguintes circunstancias:

a) Que o total das partidas de activo sexa superior a 2.400.000 euros.
b) Que o importe neto do volume anual dos ingresos pola actividade propia máis, si é o caso, da cifra de negocios da súa actividade mercantil sexa superior a 2.400.000 euros.
c) Que o número de traballadores empregados durante o exercicio sexa superior a 50.
d) Que o valor das ventas e dos gravámenes dos bens e dereitos da Fundación liquidados durante o exercicio supere o 50 por 100 do valor total do seu patrimonio.

Non concorren no presente caso os requisitos previstos legalmente para o sometemento a auditoría externa.

O artigo 36 da norma devandita e o artigo 30 dos Estatutos sinalan que anualmente o Presidente, a proposta do director da Fundación, elaborarán as contas anuais formadas polo balance de situación, a conta de resultados e a memoria. Puidéndose presentar estas contas nos modelos abreviados cando se cumpran os requisitos establecidos ao respecto para as sociedades mercantís, como é o caso da FAEPAC. Para súa elaboración seguiranse os modelos, normas e criterios establecidos na adaptación sectorial do plan xeral de contabilidade para as entidades sen fins lucrativos, aprobado polo Real decreto 1491/2011, do 24 de outubro (BOE número 283, do 24 de novembro do 2011). A norma segunda da Resolución do 26 de marzo de 2013, do Instituto de contabilidade e auditoría de contas, que aproba o Plan de contabilidade das pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos (BOE número 85 do 9 de abril de 2013), establece que as entidades non lucrativas que cumpran alúmenos dúas das circunstancias sinaladas no texto legal poderán aplicar o plan xeral de contabilidade das pequenas e medianas empresas, e como a Fundación os cumpre esta a aplicar esa adaptación contable. Na terceira parte do plan sobre as normas de elaboración das contas anuais fíxase as dúas circunstancias que haberá que cumprir para poder utilizar os modelos de contas abreviados que son satisfeitos cumpridamente pola Fundación e porén fai uso dos mesmos.

JOSÉ MARÍA PÉREZ ALVARIÑO
Data e hora: 22/04/2019 09:27
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
87f2d271cbfebf8687a73902b999afce0b00a140

Auditáronse as contas anuais do exercicio devandito que comprenden o balance de situación da FAEPAC ao 31 de decembro de 2018, a conta de resultados e a memoria correspondente ao exercicio anual rematado na devandita data, dacordo coas normas de auditoría xeralmente aceptadas.

II OBXETIVO E ALCANCE DO TRABALLO: RESPONSABILIDADE DO AUDITOR

A nosa responsabilidade e emitir unha opinión sobre se as contas anuais que se achegan amosan a imaxe fiel, fundamentada no traballo realizado de acordo coas Normas de auditoría do sector público. As devanditas normas esixen que planifiquemos e executemos a auditoría co fin de obter unha seguridade razoable, aínda que non absoluta, de que as contas anuais non teñen ningunha eiva material.

Unha auditoría supón a aplicación de procedementos para obter evidencia axeitada e dabondo sobre os importes e a información recollida nas contas anuais. Os procedementos escollidos dependen do xuízo do auditor, incluída a valoración dos riscos de incorrección material nas contas anuais. Unha auditoría tamén inclúe unha valoración de se son acaídos os criterios contables e a razonabilidade das estimacións contables feitas polo xestor, e unha valoración da presentación global das contas anuais.

Entendemos que a evidencia de auditoría acadada ten unha base dabondo e axeitada para emitir a nosa opinión de auditoría.

III. OPINION

Na nosa opinión, as devanditas contas anuais presentan axeitadamente a situación financeira e patrimonial da FAEPAC ao 31 de decembro de 2018 e os resultados das súas operacións, así como os cambios na súa situación financeira correspondente ao exercicio anual rematado na dita data, de conformidade cos principios e criterios contables xeralmente aceptados e particularmente os correspondentes á adaptación sectorial do Plan xeral de contabilidade para as entidades sen fins lucrativos.

Coidamos que a memoria completa, amplía e comenta dun xeito correcto a información contida no balance de situación e na conta de resultados. A memoria non recolle información sobre os fluxos de efectivo, xa que non é obrigado para a Fundación, segundo o sinalado na terceira parte sobre as normas de elaboración das contas anuais do plan de contabilidade de pequenas e medianas entidades non lucrativas aprobado pola Resolución do 26 de marzo do 2013.

JOSÉ MARÍA PÉREZ ALVARIÑO
Data e hora: 22/04/2019 09:27
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
87f2d271cbfebf8687a73902b999afce0b00a140

IV INFORME SOBRE OUTRAS EXIXENCIAS LEGAIS E REGULAMENTARIAS

Como os Estatutos indican que:
a) Todala actividade contractual que xestione a Fundación farase de conformidade coa Lei de contratos das Administracións Públicas (artigo 3)
b) A escolma dos beneficiarios das actividades fundacionais farase acorde cos criterios de publicidade, concorrencia e obxetividade (artigo 9), e
c) A contratación do persoal farase sobre a base dos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade (artigo 19)

Comprobouse o correcto cumprimento destas disposicións estatutarias co gallo da revisión das contas anuais.

Estas contas anuais, teñen de se presentar ao Protectorado no prazo de vinte días hábiles, contados dende a súa aprobación polo Padroado, acompañadas deste informe e da certificación do secretario (artigo 38 LGF e artigo 31 dos Estatutos). O Protectorado, logo de examinar e comprobar que son conforme formalmente coa normativa vixente, as depositará no Rexistro de fundacións de interés galego.

Igualmente teñen de se achegar estas contas anuais ás institucións que forman parte da Fundación (articulo 31 dos Estatutos).

Como FAEPAC fai unhas actividades que están exentas do Imposto de Sociedades, logo ten a obriga de presentar a memoria coa información sinalada no artigo 3 do Real decreto 1270/2003, de 10 de outubro, dentro do prazo de sete meses dende o peche contable.

Coa finalidade de que a Deputación de A Coruña, poida comprobar se a xestión económico-financeira que se fixo neste exercicio contable se axusta ao principio da estabilidade presupostaria ao que se refiren os artigos 2 e 3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, haberá que dar traslado das contas anuais á Intervención xeral da Deputación. Xa que a Oficiña nacional de contabilidade da Intervención xeral do Estado mediante un escrito do 28 de decembro pasado chega a conclusión que "(...) esta Fundación se considera en contabilidad nacional una unidad institucional pública dependiente de la Diputación provincial de A Coruña, (...) y por tanto la Fundación se clasifica dentro del sector de las Administraciones Públicas".

Tamén haberá que dar coñecemento das contas anuais á Deputación de A Coruña coa finalidade de xustificar os fondos recibidos dela para o financiamento dos gastos da Fundación.

O auditor interno

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 12/02/2020 15:46

MARIA DOLORES VELO FUENTES
Data e hora: 12/02/2020 15:06

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
765a539601b120487a3aae0ef05d9d12ddd75c94

Deputación DA CORUÑA

INFORME DE INTERVENCION

ASUNTO : Acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2019

1.- CUESTIÓN PREVIA.

O 4 de agosto de 2015 elaborouse un informe sobre os recursos provinciais asignados aos concellos da provincia no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 30 de xuño de 2015. De igual forma emitiuse outro informe o 4 de setembro de 2015 sobre os recursos provinciais destinados as entidades privadas sen ánimo de lucro en idéntico período.

O 4 de maio de 2016 esta Intervención provincial emitiu un novo informe sobre os recursos provinciais asignados aos concellos da provincia e a entidades privadas sen ánimo de lucro no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2015.

O 16 de febreiro de 2017 emitiuse o informe correspondente ao período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2016.

O 14 de febreiro de 2018 emitiuse o informe correspondente ao período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2017.

O 14 de febreiro de 2019 emitiuse o informe correspondente ao período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2018.

O presente informe ten por finalidade actualizar a información para recoller a referida ao o exercicio 2019, dando por reproducidas todas as consideracións efectuadas nos informes citados. Nos últimos exercicios incluíuse a acción de fomento realizada a través dos Premios,Bolsas de estudios e asignacións aos Grupos Políticos co obxectivo de obter unha visión integral da actividade anual do Fomento Provincial.

2.- SUBVENCIÓNS TRAMITADAS A FAVOR DOS CONCELLOS DA PROVINCIA.

2.1. Plans provinciais tramitados.

Ao longo do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2019 tramitáronse plans provinciais dirixidos a financiar obras e servizos de competencia municipal e dirixidos e coordinados polo Servizo Provincial de Xestión de Planes, coa dotación orzamentaria que se indica:

EXERCICIO	PLANS PROVINCIAIS		
	IMPORTE	Nº SUBV.	SUBVENCIÓN MEDIA
2012	38.434.327,95 €	480	80.071,52 €
2013	24.820.625,69 €	256	96.955,57 €
2014	43.672.157,70 €	477	91.555,89 €
2015	46.412.246,46 €	365	127.156,84 €
2016	75.014.480,90 €	838	89.516,09 €
2017	80.453.821,56 €	756	106.420,40 €
2018	91.210.644,81 €	885	103.062,88 €
2019	92.275.815,14 €	825	111.849,47 €
TOTAIS	**492.294.120,21 €**	**4.882**	**100.838,62 €**

Á vista dos datos, compre destacar o esforzo de inversión nos Plans Provinciais, materializadas na anualidade 2019 especialmente no POS+, cun incremento con respecto ao xa incrementado ano 2018 (10.756.823,25€,)~~o~~ de 1.065.170,33€ o que supón unha porcentaxe de aumento del 1,1679%.

Así mesmo, sinalar que o importe total invertido no POS+ no ano 2019 supón o 50,26% do orzamento inicial da Deputación do ano 2019, que ascendeu a 183.609.300,00€

(No **anexo 1** recóllese a información detallada dos plans provinciais tramitados, dos importes asignados a cada concello e das obras e servizos ou actividades municipais que foron obxecto de financiamento provincial, no ano 2019. A información detallada correspondente ao período 2012-2015 consta anexada ao informe emitido o 04/05/2016, a de 2016 no informe de data 15/02/2017, a de 2017 no informe de data 14/02/2018, e a de 2018 no informe de 14/02/2019.)

2.2. Subvencións outorgadas en réxime de concorrencia.

No período obxecto de análise tramitáronse e outorgáronse subvencións en réxime de concorrencia aos concellos da provincia polos importes totais que se indican a continuación:.

EXERCICIO	SUBVENCIÓNS CONCORRENCIA		
	IMPORTE	Nº SUBV.	SUBVENCIÓN MEDIA
2012	12.785.617,74 €	1.026	12.461,62 €
2013	10.325.375,92 €	1.149	8.986,40 €
2014	12.759.754,13 €	1.310	9.740,27 €
2015	14.429.925,80 €	1.522	9.480,90 €
2016	18.458.901,21 €	1.516	12.176,06 €
2017	11.942.250,98 €	558	21.401,88 €
2018	14.485.268,56 €	567	25.547,21 €
2019	14.993.445,51 €	608	24.660,27 €
TOTAIS	**110.180.539,85 €**	**8.256**	**13.345,51 €**

(No **anexo 2** inclúese o detalle dos importes asignados a cada concello e o importe resultante de cada convocatoria do ano 2019. A información detallada correspondente ao período 2012-2015 consta anexada ao informe emitido o 04/05/2016, a de 2016 no informe de data 15/02/2017, a de 2017 no informe de data 14/02/2018. e a de 2018 no informe de 14/02/2019.)

.

2.3. Subvencións nominativas aprobadas.

Da información dispoñible obtense que as subvencións nominativas aprobadas a favor dos concellos da provincia para o período considerado son as que se detallan no **anexo 3** e que dá lugar ao seguinte resumo anual:

EXERCICIO	SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS		
	IMPORTE	Nº SUBV.	SUBVENCIÓN MEDIA
2012	4.519.399,88 €	62	72.893,55 €
2013	11.351.062,75 €	150	75.673,75 €
2014	17.795.404,21 €	206	86.385,46 €
2015	7.030.468,82 €	63	111.594,74 €
2016	7.602.551,82 €	84	90.506,57 €
2017	6.551.132,41 €	76	86.199,11 €
2018	5.430.939,60 €	57	95.279,64 €
2019	5.811.424,12 €	47	123.647,32 €
TOTAIS	**66.092.383,61 €**	**745**	**88.714,61 €**

(No **anexo 3** recollese a información detallada dos importes consignados a cada concello no ano 2019. A información detallada correspondente ao período 2012-2015 consta anexada ao informe emitido o 04/5/2016, a de 2016 no informe de data 15/02/2017,a de 2017 no informe de data 14/02/2018, e a de 2018 no informe de 14/02/2019.)

2.4. Rede Cultural.

Tamén se asignaron achegas provinciais aos concellos para a actividade denominada “Rede Cultural”. Os importes anuais atribuídos presentan o seguinte resumo anual:

EXERCICIO	REDE CULTURAL		
	IMPORTE	Nº SUBV.	SUBVENCIÓN MEDIA
2012	649.620,54 €	748	868,48 €
2013	631.175,00 €	632	998,69 €
2014	757.932,92 €	765	990,76 €
2015	776.571,17 €	796	975,59 €
2016	1.016.098,07 €	952	1.067,33 €
2017	1.301.474,48 €	1.149	1.132,70 €
2018	1.516.972,12 €	1.217	1.246,48 €
2019	1.552.826,23 €	1.159	1.339,80 €
TOTAIS	**8.202.670,53 €**	**7.418**	**1.105,78 €**

O detalle dos importes asignados a cada concello no ano 2019 recóllese no **anexo 4.**

2.5. Importes totais autorizados ou comprometidos.

En consecuencia, os importes autorizados e/ou comprometidos pola Deputación a favor dos concellos da provincia no período que vai do 1 de xaneiro de 2012 ao 31 de decembro de 2019 en concepto de Plans

Provincias, subvencións de concorrencia, subvencións nominativas, e asignacións da Rede Cultural, presenta o seguinte resumo:

EXERCICIO	PLANS PROVINCIAIS	SUBVENCIÓNS CONCORRENCIA	SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS	REDE CULTURAL	TOTAL SUBVENCIÓNS 2012-2018
2012	38.434.327,95 €	12.785.617,74 €	4.519.399,88 €	649.620,54 €	56.388.966,11 €
2013	24.820.625,69 €	10.325.375,92 €	11.351.062,75 €	631.175,00 €	47.128.239,36 €
2014	43.672.157,70 €	12.759.754,13 €	17.795.404,21 €	757.932,92 €	74.985.248,96 €
2015	46.412.246,46 €	14.429.925,80 €	7.030.468,82 €	776.571,17 €	68.649.212,25 €
2016	75.014.480,90 €	18.458.901,21 €	7.602.551,82 €	1.016.098,07 €	102.092.032,00 €
2017	80.453.821,56 €	11.942.250,98 €	6.551.132,41 €	1.301.474,48 €	100.248.679,43 €
2018	91.210.644,81 €	14.485.268,56 €	5.430.939,60 €	1.516.972,12 €	112.643.825,09 €
2019	92.275.815,14 €	14.993.445,51 €	5.811.424,12 €	1.552.826,23 €	114.633.511,00 €
TOTAIS	**492.294.120,21 €**	**110.180.539,85 €**	**66.092.383,61 €**	**8.202.670,53 €**	**676.769.714,20 €**

PORCENTAXES SOBRE TOTAIS			
72,74%	**16,28%**	**9,77%**	**1,21%**

2.6.- Consideracións específicas en relación coa acción de fomento no ano 2019 a favor dos concellos da provincia.

No exercicio 2019 os importes concedidos aos concellos nos diferentes plans provinciais foron os seguintes:

	TOTAL	
	ACHEGA PROV	**Nº**
POS+ 2019 ACHEGA 2018	26.496.420,31	158
POS+ 2019 ACHEGA 2018	16.760.909,60	189
POS+ 2019 PRÉSTAMO 2019	10.036.666,70	97
SUBTOTAL POS+ 2019	53.293.996,61	444
POS+ AD 1/2019 1ª Fase	22.735.856,18	223
POS+ AD 1/2019 2ª Fase	16.245.962,35	158
SUBTOTAL POS+ AD 1 2019	38.981.818,53	381
TOTAL APROBADO NO 2019	**92.275.815,14**	**825**

A distribución do citado importe e a seguinte:

	INVESTIMENTOS	PROVEDORES	GASTO CORRENTE	REDUCCIÓN DÉBEDA
	ACHEGA PROV	ACHEGA PROV	ACHEGA PROV	ACHEGA PROV
POS+ 2019 ACHEGA 2018	7.472.457,07		19.023.963,24	
POS+ 2019 ACHEGA 2018	15.690.920,52	1.069.989,08		
POS+ 2019 PRÉSTAMO 2019	8.797.023,92			1.239.642,78
SUBTOTAL POS+ 2019	**31.960.401,51**	1.069.989,08	19.023.963,24	1.239.642,78
POS+ AD 1/2019 1ª Fase	22.735.856,18			
POS+ AD 1/2019 2ª Fase	16.245.962,35			
SUBTOTAL POS+ AD 1 2019	**38.981.818,53**			
TOTAL APROBADO NO 2019	**70.942.220,04**	**1.069.989,08**	**19.023.963,24**	**1.239.642,78**

No ano 2017 aprobouse o POS+2017 cunhas bases que introducen importantes novidades en relación cos Plans de anos anteriores coa intención de acadar unha serie de finalidades previamente expostas materializadas na necesidade de reducir o número de plans de colaboración cos concellos, o que comportará a racionalización e obxectivación de dita colaboración, así como a simplificación das tarefas administrativas, tanto dos concellos como da Deputación. Así mesmo, trátase de incrementar a autonomía municipal e facilitar a planificación dos concellos e axudar a redución do seu endebedamento.

O POS+ e un plan dinámico, xa que pode ver incrementada a súa dotación orzamentaria ao longo do ano en función das dispoñibilidades orzamentarias da Deputación. Por outra banda, tamén é susceptible de adaptarse as necesidades concretas dos concellos sen as limitacións impostas por anteriores accións de fomento.

O dinamismo deste Plan demóstrase á vista dos datos postos de manifesto ao longo do presente informe, dos que se deriva un incremento nos fondos dedicados no exercicio 2018 de 10.756.823,25€, con respecto ao ano 2017 e de 5.439.340,66€ do ano 2017 en relación co 2016. O incremento no pasado exercicio con respecto ao 2018 foi de 1.065.170,33€.

2.7. Outras consideracións particulares sobre a acción de fomento dirixida aos Concellos.

Neste apartado resulta relevante recoller as consideracións singulares que se expoñen a continuación:

2.7.1. Nos anos 2012 a 2019 tramitáronse 131 convocatorias de subvenciones finalistas a favor de concellos da provincia en réxime de concorrencia, coas súas Bases específicas, coa seguinte distribución anual:

Ano	Nº Conv.
2012	16
2013	16
2014	18
2015	21
2016	23
2017	12
2018	12
2019	13
TOTAL	**131**

No **anexo 5** se inclúe o listado das convocatorias aprobadas en 2019 coa indicación dos concellos beneficiarios aos que foron dirixidas. Faise constar que o total de convocatorias aprobadas foi de 52 non obstante a efectos de información, e dado que a Rede Cultural foi aprobada nunha única convocatoria, nos cadros que se recollen no presente informe se imputan como dous convocatorias, unha para Concellos e outra para entidades, polo que o total de convocatorias aparece como 53.

Así mesmo, débese sinalar que das 12 convocatorias aprobadas para os Concellos, (excluíndo a Rede Cultural) en nove delas se financian exclusivamente gastos de persoal. e nas outras tres se financian gastos de persoal e outro tipo de gastos non relacionados cos de persoal.

2.7.2.Nos exercicios 2012 a 2019 o número de expedientes tramitados foi de 21.301 o que dá unha idea aproximada dos custos de xestión que implican para os destinatarios e para os servizos provinciais: solicitudes, concesión, xustificación parcial e total, pagos anticipados e finais, reintegros. Actividades todas elas que requiren dunha documentación especifica, de informes e propostas preceptivas e das correspondentes resolucións, notificacións e publicacións.

EXERCICIO	Nº EXPEDIENTES TRAMITADOS 2012-2019				
	PLANS PROVINCIAIS	CONCORRENCIA	NOMINATIVAS	RED CULTURAL	TOTAL
2012	480	1.026	62	748	2.316
2013	256	1.149	150	632	2.187
2014	477	1.310	206	765	2.758
2015	365	1.522	63	796	2.746
2016	838	1.516	84	952	3.390
2017	756	558	76	1.149	2.539
2018	885	567	57	1.217	2.726
2019	825	608	47	1.159	2.639
TOTAIS	**4.882**	**8.256**	**745**	**7.418**	**21.301**

2.7.3. A maior parte dos programas de subvencións tramitados correspóndense con servizos ou actividades tamén recollidos na acción de fomento da Xunta de Galicia, o que require da necesaria coordinación nos seguintes aspectos:

- No obxecto subvenionable
- Nas achegas públicas concorrentes.
- Nos criterios de concesión.
- No sistema de xustificación.

2.7.4. O importe da subvención media do período 2012-2019 a favor dos concellos, ascendeu a 31.771,73 € coa distribución que se indica na seguinte táboa:

EXERCICIO	SUBVENCIONES MEDIAS 2012-2019				
	PLANS PROVINCIAIS	CONCORRENCIA	NOMINATIVAS	RED CULTURAL	TOTAL
2012	80.071,52	12.461,62	72.893,55	868,48	24.347,57
2013	96.955,57	8.986,40	75.673,75	998,69	21.549,26
2014	91.555,89	9.740,27	86.385,46	990,76	27.188,27
2015	127.156,84	9.480,90	111.594,74	975,59	24.999,71
2016	89.516,09	12.176,06	90.506,57	1.067,33	30.115,64
2017	106.420,40	21.401,88	86.199,11	1.132,70	39.483,53
2018	103.062,88	25.547,21	95.279,64	1.246,48	41.322,02
2019	111.849,47	24.660,27	123.647,32	1.339,80	43.438,24
TOTAIS	**100.838,62**	**13.345,51**	**88.714,61**	**1.105,78**	**31.771,73**

2.7.5. En determinadas convocatorias só poden participar aqueles concellos que prestan os servizos aos que van destinadas as subvencións (por exemplo, conservatorios e escolas de música, limpeza de praias); outras, teñen por finalidade contar co persoal adecuado para cumprir o servizo (animadores culturais, animadores deportivos, normalización lingüística). A este respecto hai que sinalar diversos comentarios relevantes:

- Os concellos deben contar co persoal que require a prestación ordinaria dos servizos da súa competencia, adecuadamente identificado a través da preceptiva relación de postos de traballo.
- A contratación de persoal laboral temporal ou funcionario interino está sometida ás condicións e límites recolleitos na normativa de xeral aplicación ás entidades locais, que non deberán inaplicarse pola acción de fomento doutras Administracións Públicas.
- Na maior parte dos casos estanse a encadear contratos laborais de duración determinada, ano tras ano, que non responden a necesidades conxunturais, si non a circunstancias estruturais e a necesidades permanentes.
- As subvencións finalistas outorgadas poden contribuír a manter a situación de posible incumprimento das normas laborais de xeral aplicación, mantendo unha situación de precariedade laboral continuada.
- Polas razóns expostas, parece necesario destinar os recursos provincias á consolidación ou estabilización dos postos de traballo dos concellos que son obxecto de subvencións provinciais finalistas para a contratación de persoal, e que respondan a necesidades estruturais destes, de acordo cos servizos e competencias municipais que xestionan.

2.7.6. A forma normal de cooperar cos concellos da provincia é a través dun Plan Provincial de obras e Servizos, se é posible único, baseado en criterios obxectivos, que teña en conta a Enquisa de Infraestruturas e Equipamento Local e a análise dos custos efectivos dos servizos dos municipios, nos que estes participen na súa elaboración, aprobación e execución .Todo iso de conformidade co establecido no artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local, no artigo 36 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 110 a 112 da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia.

2.7.7. Ao longo do exercicio 2019 tramitáronse 47 subvencións nominativas dirixidas a concellos da provincia por un importe total de 5.811.424,12 €. Como se indicou de forma reiterada por esta Intervención provincial só por razóns moi excepcionais de interese público, motivadas e acreditadas documentalmente cos requisitos e condicións establecidos nas normas de xeral aplicación, na Ordenanza provincial de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento Provincial, pódese opoñer excepción a xeral aplicación dos principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación .Esta circunstancia excepcional non foi acreditada, a xuízo deste servizo de fiscalización provincial, nos expedientes tramitados, nos que se emitiu o preceptivo informe de fiscalización no que se pon de manifesto ~~esta circunstancia~~ a dita situación, xa que, por outra parte o obxecto dos convenios tramitados podería ter encaixe no POS+ ou nas convocatorias de subvencións a Concellos. Nas subvencións nominativas tramitadas a favor dos Concellos tampouco se acreditan nos expedientes tramitados os criterios utilizados para cuantificar o importe da subvención outorgada ou o coeficiente de financiamento resultante.

2.7.8. De conformidade co establecido no artigo 8.1 da Lei xeral de subvencións e nos artigos 10 a 15 do Regulamento do seu desenvolvemento, débese reiterar a necesidade de tramitar un Plan estratéxico de subvencións provinciais que contemple o exposto nas normas de aplicación e no Protocolo subscrito coa Xunta de Galicia que se acompaña como anexo 16.

3.- SUBVENCIÓNS OUTORGADAS A OUTRAS ENTIDADES LOCAIS DE DEREITO PÚBLICO.

Tamén se tramitaron subvencións provinciais a favor de outras entidades de dereito público de carácter asociativo: consorcios, mancomunidades, padroados municipais, etc.

(Nos **anexos 6 e 7** recóllese o detalle dos importes outorgados a cada entidade e o obxecto correspondente no ano 2019. As contías detalladas correspondentes ao período 2012-2015 constan anexadas ao informe emitido o 04/05/2016, as de 2016 no informe de data 15/02/2017, as de 2017 no informe de data 14/02/2018, e as de 2018 no informe de 14/02/2019.)

3.1. Subvencións tramitadas en réxime de Concorrencia dirixidas a (Anexo 6) : Consorcios, Mancomunidades, Comunidades Intermunicipais, e outras o formas asociativas. Inclúense as subvencións concedidas en diversas convocatorias destinadas a concellos e outras entidades asociativas das que forma parte un Concello, así como as concedidas na convocatoria específica DP0030." Subvencións dirixidas a Entes de xestión, Asociacións, Mancomunidades e Consorcios Turísticos pra a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas da provincial da Coruña."

EXERCICIO	CONCORRENCIA IMPORTE TOTAL
2012	148.823,77 €
2013	267.052,02 €
2014	321.881,48 €
2015	311.608,64 €
2016	341.829,54 €
2017	208.803,38 €
2018	297.522,70 €
2019	1.049.265,02 €
TOTAIS	**2.946.786,55 €**

3.2. Subvencións Nominativas. (Anexo 7) outorgadas a Consorcios, Mancomunidades, Comunidades Intermunicipais, e outras o formas asociativas.

Nos informes emitidos en anos anteriores, nos importes recollidos no presente apartado incluíanse as transferencias correntes a entidades de dereito público. Non obstante, no presente informe, e coa finalidade de expoñer con maior fidelidade a información desagréganse as cantidades que corresponden a subvencións nominativas e a transferencias correntes . (Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética Provincia da Coruña)

EXERCICIO	NOMINATIVAS	TRANSFERENCIAS CORRENTES	TOTAL NOMINATIVAS Y TRANSFERENCIAS
2012	5.219.501,07 €	- €	5.219.501,07 €
2013	6.203.853,42 €	- €	6.203.853,42 €
2014	5.442.624,42 €	- €	5.442.624,42 €
2015	6.230.000,00 €	- €	6.230.000,00 €
2016	5.306.799,66 €	- €	5.306.799,66 €
2017	5.810.614,67 €	- €	5.810.614,67 €
2018	2.598.363,50 €	3.446.799,66 €	6.045.163,16 €
2019	2.510.000,00 €	3.226.302,11 €	5.736.302,11 €
TOTAIS	**39.321.756,74 €**	**6.673.101,77 €**	**45.994.858,51 €**

Nas transferencias de 2019 sinaladas inclúense o Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña que no exercicio 2019 que recibiu unha achega provincial de 3.043.302,11€ e a Fundación Axencia Enerxética Provincia da Coruña por 183.000,00€.

3.3. Importe total das subvencións outorgadas a Entidades locais e a entidades de carácter asociativo.

O resumo das subvenciones concedidas a outras entidades locais de dereito público no período 01/01/2012 a 31/12/2019 nos que volven a agregarse, na columna de subvenciones nominativas, as transferencias correntes a efectos da súa comparación, é o seguinte:

EXERCICIO	CONCORRENCIA IMPORTE TOTAL	NOMINATIVAS E TRANSFERENCIAS IMPORTE TOTAL	TOTAL SUBVENCIÓNS E TRANSFERENCIAS IMPORTE TOTAL
2012	148.823,77 €	5.219.501,07 €	**5.368.324,84 €**
2013	267.052,02 €	6.203.853,42 €	**6.470.905,44 €**
2014	321.881,48 €	5.442.624,42 €	**5.764.505,90 €**
2015	311.608,64 €	6.230.000,00 €	**6.541.608,64 €**
2016	341.829,54 €	5.306.799,66 €	**5.648.629,20 €**
2017	208.803,38 €	5.810.614,67 €	**6.019.418,05 €**
2018	297.522,70 €	6.045.163,16 €	**6.342.685,86 €**
2019	1.049.265,02 €	5.736.302,11 €	**6.785.567,13 €**
TOTAIS	**2.946.786,55 €**	**45.994.858,51 €**	**48.941.645,06 €**

4.-SUBVENCIÓNS OUTORGADAS A ENTIDADES, PERSOAS FÍSICAS OU XURÍDICAS PRIVADAS.

Tamén foron obxecto de fomento provincial asociacións, fundacións e outras entidades privadas sen ánimo de lucro, así como persoas físicas e xurídicas con ánimo de lucro as que se subvencionaron, fundamentalmente a través dos programas que se integran no Plan de Emprego local (PEL).

4.1. Subvencións outorgadas en réxime de concorrencia.

No período considerado tramitáronse, a favor de entidades privadas sen ánimo de lucro, persoas físicas e xurídicas, en réxime de concorrencia competitiva (artigo 22.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións) 196 convocatorias (Anexo 5). Enuméranse no **anexo 8** as entidades beneficiarias cos seus importes individuais do 01/01/2019 ao 31/12/2019 . Da revisión do devandito anexo cos achegados nos anteriores informes sobre as accións de fomento da Deputación Provincial da Coruña para os distintos períodos do 2012 ao 2019 obsérvase que moitas entidades foron beneficiarias en tódalas anualidades de subvencións de concorrencia.

En termos anuais as subvencións outorgadas por este procedemento alcanzaron as magnitudes seguintes:

EXERCICIO	SUBVENCIÓNS CONCORRENCIA			
	IMPORTE	Nº SUBV.	Nº CONV.	SUBVENCIÓN MEDIA
2012	4.774.211,45 €	1.779	15	2.683,65 €
2013	5.466.766,50 €	1.779	15	3.072,94 €
2014	4.992.951,64 €	1.640	17	3.044,48 €
2015	7.132.706,20 €	1.985	19	3.593,30 €
2016	7.959.792,22 €	1.865	27	4.267,99 €
2017	13.344.235,23 €	2.036	28	6.554,14 €
2018	13.203.865,01 €	1.949	36	6.774,69 €
2019	14.851.823,37 €	2.386	39	6.224,57 €
TOTAIS	**71.726.351,62 €**	**15.419**	**196**	**4.651,82 €**

A desagregación dos importes de subvencións concedidas a entidades entre entidades con ánimo e sen ánimo de lucro nos exercicios nos que se concederon hasta a data, é dicir, 2018 e 2019, son os seguintes:

EXERCICIO	ENTIDADES SIN ÁNIMO DE LUCRO			ENTIDADES CON ÁNIMO DE LUCRO			TOTAL ENTIDADES		
	IMPORTE	Nº SUBV.	SUBVENCIÓN MEDIA	IMPORTE	Nº SUBV.	SUBVENCIÓN MEDIA	IMPORTE	Nº SUBV.	SUBVENCIÓN MEDIA
2018	8.329.301,25	1.433	5.812,49	4.874.563,76	487	10.009,37	13.203.865,01	1.920	6.877,01
2019	10.709.323,16	1.875	5.711,64	4.142.500,21	511	8.106,65	14.851.823,37	2.386	6.224,57
TOTAIS	**19.038.624,41**	**3.308**	**5.755,33**	**9.017.063,97**	**998**	**9.035,13**	**28.055.688,38**	**4.306**	**6.515,49**

4.2. Subvencións nominativas outorgadas a entidades, persoas físicas ou xurídicas privadas.

No **anexo 9** recóllese o detalle de todas as subvencións nominativas aprobadas no período 01/01/2019 ao 31/12/2019 a favor de entidades, persoas físicas ou xurídicas privadas con indicación dos beneficiarios, o obxecto e o importe das subvencións outorgadas en cada exercicio.

A información detallada no citado anexo mais a aportada nos informes anteriores dá lugar ao seguinte resumo:

EXERCICIO	SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS		
	IMPORTE	Nº SUBV.	SUBVENCIÓN MEDIA
2012	2.014.377,15 €	69	29.193,87 €
2013	4.387.878,66 €	117	37.503,24 €
2014	5.298.225,83 €	134	39.539,00 €
2015	3.718.715,03 €	108	34.432,55 €
2016	3.162.623,66 €	76	41.613,47 €
2017	2.748.079,08 €	60	45.801,32 €
2018	2.750.190,49 €	55	50.003,46 €
2019	1.441.876,28 €	32	45.058,63 €
TOTAIS	**25.521.966,18 €**	**651**	**39.204,25 €**

4.3. Rede Cultural. (Anexo 10) : Entidades, persoas físicas ou xurídicas privadas.

Tamén debe citarse neste apartado a actividade desenvolvida baixo a denominación “Rede Cultural Entidades” que presenta os seguintes importes totais por exercicio:

EXERCICIO	REDE CULTURAL		
	IMPORTE	Nº SUBV.	SUBVENCIÓN MEDIA
2012	217.000,00 €	532	407,89 €
2013	216.150,00 €	509	424,66 €
2014	198.515,00 €	475	417,93 €
2015	199.925,00 €	477	419,13 €
2016	278.665,00 €	472	590,39 €
2017	370.143,20 €	389	951,52 €
2018	538.453,80 €	577	933,20 €
2019	642.936,00 €	666	965,37 €
TOTAIS	**2.661.788,00 €**	**4.097**	**649,69 €**

4.4. Importes totais autorizados ou comprometidos a favor de entidades privadas.

No período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2019 tramitáronse as subvencións a favor de entidades indicadas nos apartados anteriores, que totalizan os seguintes importes:

EXERCICIO	SUBVENCIÓNS CONCORRENCIA	SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS	REDE CULTURAL	TOTAL SUBVENCIÓNS 2012-2018
2012	4.774.211,45 €	2.014.377,15 €	217.000,00 €	7.005.588,60 €
2013	5.466.766,50 €	4.387.878,66 €	216.150,00 €	10.070.795,16 €
2014	4.992.951,64 €	5.298.225,83 €	198.515,00 €	10.489.692,47 €
2015	7.132.706,20 €	3.718.715,03 €	199.925,00 €	11.051.346,23 €
2016	7.959.792,22 €	3.162.623,66 €	278.665,00 €	11.401.080,88 €
2017	13.344.235,23 €	2.748.079,08 €	370.143,20 €	16.462.457,51 €
2018	13.203.865,01 €	2.750.190,49 €	538.453,80 €	16.492.509,30 €
2019	14.851.823,37 €	1.441.876,28 €	642.936,00 €	16.936.635,65 €
TOTALES	**71.726.351,62 €**	**25.521.966,18 €**	**2.661.788,00 €**	**99.910.105,80 €**

PORCENTAXES SOBRE TOTAIS		
71,79%	**25,54%**	**2,66%**

4.5. Consideracións particulares.

4.5.1 En relación coas subvencións outorgadas en réxime de concorrencia competitiva a entidades privadas.

A información exposta en datos require dos comentarios que seguen, en relación coas subvencións outorgadas en réxime de concorrencia competitiva a entidades privadas e persoas físicas e xurídicas :

4.5.1.1.Nos exercicios 2012 a 2019 tramitáronse un total 196 convocatorias, en réxime de concorrencia, cada unha delas coas súas Bases específicas, coa seguinte distribución anual:

Ano	Nº Conv
2012	15
2013	15
2014	17
2015	19
2016	27
2017	28
2018	36
2019	39
TOTAL	**196**

No **anexo 5** se inclúe o listado das convocatorias aprobadas en 2019 coa indicación dos beneficiarios aos que foron dirixidas. Faise constar que o total de convocatorias aprobadas foi de 52, non obstante a efectos de información, e dado que a Rede Cultural foi aprobada nunha única convocatoria para Concellos e Entidades, nos cadros que se recollen no presente informe se imputan como dous convocatorias, unha para Concellos e outra par entidades, polo que o total de convocatorias aparece como 53.

4.5.1.2.Nos exercicios 2012 a 2019, o número de subvencións outorgadas ascendeu a 20.167 o que dá unha idea aproximada dos custos que a súa xestión implica para os destinatarios e para os servizos provinciais: solicitudes, concesión provisional, definitiva, xustificación, pagos. Cada un dos trámites indicados require, á súa vez, dunha minuciosa documentación especifica, dos informes e propostas preceptivos e das correspondentes resolucións, notificacións e/ou publicacións, etc.

EXERCICIO	EXPEDIENTES TRAMITADOS 2012-2019			
	CONCORRENCIA	NOMINATIVAS	RED CULTURAL	TOTAL
2012	1.779	69	532	2.380
2013	1.779	117	509	2.405
2014	1.640	134	475	2.249
2015	1.985	108	477	2.570
2016	1.865	76	472	2.413
2017	2.036	60	389	2.485
2018	1.949	55	577	2.581
2019	2.386	32	666	3.084
TOTAIS	**15.419**	**651**	**4.097**	**20.167**

4.5.1.3. A maior parte dos programas de subvencións tramitados correspóndense con servizos, investimentos ou actividades tamén recollidos na acción de fomento da Xunta de Galicia e dos concellos da provincia. Non consta a realización dos labores oportunos de coordinación ou de colaboración con outras administracións públicas. Por outra banda, esta circunstancia dá lugar á concorrencia de subvencións públicas para a mesma finalidade, que debe ser declarada polos beneficiarios e tomada en consideración no momento da valoración da solicitude correspondente. Por esta razón, considerase necesaria a coordinación con outras Administracións Públicas nos seguintes aspectos:

- No obxecto subvenionable
- Nas achegas públicas concorrentes.
- Nos criterios de concesión.
- No sistema de xustificación.

4.5.1.4. O importe medio das subvencións outorgadas con este procedemento (2012-2019) foi de 4.954,14 importe moi inferior á media das subvencións nominativas outorgadas, que ascendeu 39.204,25€ . Nalgunhas convocatorias a definición xenérica do obxecto e a ampla referencia aos conceptos susceptibles de integrar o orzamento subvencionado deron lugar a disfuncións apreciables na aplicación dos criterios de cuantificación da subvención outorgada, na xustificación das actividades ou investimentos e na súa adecuada comprobación. Razóns de economía, celeridade e eficacia aconsellan delimitar con máis precisión o obxecto,. os conceptos que integran o orzamento subvencionable e os criterios obxectivos de avaliación.

EXERCICIO	SUBVENCIONES MEDIAS 2012-2019			
	CONCORRENCIA	NOMINATIVAS	RED CULTURAL	TOTAL
2012	2.683,65	29.193,87	407,89	2.943,52
2013	3.072,94	37.503,24	424,66	4.187,44
2014	3.044,48	39.539,00	417,93	4.664,16
2015	3.593,30	34.432,55	419,13	4.300,13
2016	4.267,99	41.613,47	590,39	4.724,86
2017	6.554,14	45.801,32	951,52	6.624,73
2018	6.774,69	50.003,46	933,20	6.389,97
2019	6.224,57	45.058,63	965,37	5.491,78
TOTAIS	**4.651,51**	**39.204,25**	**649,69**	**4.954,14**

4.5.1.5.A composición das Comisións de Valoración definidas nas bases xerais das convocatorias tramitadas nos exercicios 2018 e 2019 foron obxecto de adecuación ás consideracións contidas nos informes preceptivos da Secretaria e a Intervención de exercicios anteriores, e están conformadas por persoas expertas nas materias obxecto de cada convocatoria.

4.5.1.6. Xunto coas convocatorias xerais efectuadas polo procedemento de concorrencia competitiva comentadas, tramitáronse en cada exercicio numerosas subvencións nominativas (ás que se fará referencia nun apartado posterior do presente informe) para as mesmas finalidades, investimentos ou actividades: cultura, deportes, servizos sociais, promoción económica.

4.5.1.7.Non se recolleron na tramitación correspondente os aspectos a que se refire o artigo 8.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, os artigos 10 e 15 do Regulamento de desenvolvemento da devandita lei, o artigo 5.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e os artigos 6 e 7 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia, como propios dun Plan estratéxico de subvencións provinciais.

4.5.1.8.Tamén hai que indicar que non consta que se dera cumprimento aos obxectivos contidos no Protocolo subscrito coa Xunta de Galicia, que se acompaña como anexo nº 16 nin accións que tiveran por obxectivo a coordinación coa acción de fomento doutras Administracións Públicas, Xunta de Galicia e Concellos, principalmente.

4.5.1.9. A existencia de convocatorias concorrentes con outras Administración públicas require que as bases correspondentes establezan criterios de compatibilidade/incompatibilidade e as formas de delimitar a súa aplicación.
Os mesmos criterios de compatibilidade/incompatibilidade e as súas delimitacións requírense naquelas convocatorias da propia Deputación que se dirixan aos mesmos destinatarios potenciais.
A inexistencia de criterios de compatibilidade/incompatibilidade da lugar a supostos nos que o financiamento concorrente alcanza o 100% do gasto subvencionable.

4.5.1.10. Entre os programas de subvencións en réxime de concorrencia incluíronse convocatorias dirixidas a **entidades xurídicas con ánimo de lucro** para :

- Fomento do emprego : Programa PEL de emprego local.
- Fomento do sector audiovisual en galego.

Neste apartado debe facerse mención as seguintes consideracións:

- No obxecto subvencionable de actividades detectáronse dificultades na fiscalización e control financeiro nos conceptos de estudos, informes e deseño de páxinas web de internet, o que converte estes conceptos en áreas de risco evidentes.

- A non coordinación con outras Administracións Públicas, singularmente coa Xunta de Galicia, da lugar a numerosos supostos de concorrencia, que requiren do establecemento de criterios e condicións de compatibilidade/incompatibilidade, que garantan as normas de xeral aplicación : límite da regra de "minimis" y adicionalidade (garantía dunha achega mínima con fondos propios da beneficiaria).

- Nas convocatorias da propia Deputación faise necesaria a determinación dos criterios e condicións de compatibilidade/incompatibilidade.

- Por todas as razóns expostas, requírese unha valoración das condicións de xustificación das subvencións dirixida a entidades con ánimo de lucro.

  Ao propio tempo, a Intervención provincial incluirá un apartado singular no Plan de Control Financeiro de subvencións para poder verificar as "áreas de risco " e as particularidades das subvencións outorgadas a entidades privadas con ánimo de lucro.

4.5.2. En relación coas subvencións nominativas tramitadas a favor de entidades privadas.

En relación coas subvencións nominativas tramitadas no período obxecto de análise a favor de entidades, e

persoas físicas ou xurídicas privadas, poden realizarse as seguintes consideracións:

4.5.2.1.As subvencións nominativas tramitadas non recolleron a motivación da súa singularidade e excepcionalidade, a través da memoria xurídica, económica e técnica. Non se acreditaron, en consecuencia, as razóns que non permitían o seu outorgamento a través dos principios xerais de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación, a xuízo do servizo de fiscalización.

4.5.2.2.Como se pode comprobar, a maior parte das subvencións nominativas outorgadas refírese a investimentos ou actividades de carácter cultural, deportivo, de servizos sociais ou promoción económica que coinciden no seu obxecto e destinatarios con convocatorias, públicas de subvencións tramitadas en réxime de concorrencia competitiva pola propia Deputación provincial, polos distintos órganos da Comunidade Autónoma ou polos concellos da provincia. Non consta a realización das tarefas orientadas á adecuada coordinación, colaboración ou cooperación coas restantes administracións públicas e tomar en consideración a posible concorrencia de subvencións públicas para a mesma finalidade (no momento da valoración da solicitude e con motivo da xustificación correspondente)

4.5.2.3.O importe da subvención provincial outorgada e o coeficiente de financiamento resultante non responde a criterios obxectivos adecuadamente expostos ou motivados nos expedientes tramitados.

4.5.2.4.Algunhas entidades foron obxecto de subvención nominativa provincial en varios exercicios, de forma anual, para o mesmo obxecto: actividade deportiva, cultural e outras. No anexo nº 9 recóllese o detalle e o importe das subvencións outorgadas a cada entidade beneficiaria no período comprendido entre o 1/1/2019 e o 31/12/2019.

4.5.2.5.O importe medio das subvencións nominativas outorgadas no período considerado (2012-2019) ascende a 39.204,25€ .Hai que reiterar que neste apartado o importe medio das subvencións concedidas no mesmo período en réxime de concorrencia foi de 4.625,39€ .

Á vista de canto antecede é necesario insistir no xa exposto nos numerosos informes emitidos respecto diso: a necesidade de elaborar o máis axiña posible o Plan estratéxico de subvencións provinciais a que se refire a normativa estatal e autonómica de aplicación, co contido e alcance previsto nas devanditas normas e levar a cabo as accións de coordinación coas restantes Administracións Públicas.

4.5.2.6. Neste apartado é necesario reiterar o expresado nos puntos 4.5.1.9 (criterios de compatibilidade/incompatibilidade) e 4.5.1.10 (entidades con ánimo de lucro).

5.- ASIGNACIÓN A GRUPOS POLÍTICOS PROVINCIAIS

Os pagos líquidos efectuados os grupos políticos no período 2016-2019 foron os seguintes:

EVOLUCIÓN APORTACIONES A GRUPOS POLÍTICOS 2016-2019

Grupo Político	Pagos líquidos 2016	Pagos líquidos 2017	Pagos líquidos 2018	Pagos líquidos 2019	% Incremento 2016/2017	% Incremento 2017/2018	% Incremento 2018/2019	Total pagos líquidos 2016-2019
PP	8.032,97	19.149,19	19.042,84	38.388,86	138,38	-0,56	101,59	84.613,86
PSOE	0,00	5.495,78	26.400,60	26.224,14	5.495,78	380,38	-0,67	58.120,52
BNG	17.528,97	19.644,06	20.605,46	24.738,42	12,07	4,89	20,06	82.516,91
Marea Atlántica	3.399,87	15.135,06	16.607,07	13.197,60	345,17	9,73	-20,53	48.339,60
Compostela Aberta	5.428,77	8.144,56	12.520,64	6.478,66	50,03	53,73	-48,26	32.572,63
Alternativa dos veciños	13.326,28	12.922,20	13.904,54	14.881,82	-3,03	7,60	7,03	55.034,84
TOTAIS	**47.716,86**	**80.490,85**	**109.081,15**	**123.909,50**	**68,68**	**35,52**	**13,59**	**361.198,36**

EVOLUCIÓN APORTACIONES A GRUPOS POLÍTICOS PROVINCIAIS 2016-2019

Anualidad	PP	PSOE	BNG	Marea Atlántica	Compostela Aberta	Alernativa dos Veciños	Totais	%Increm.
2016	8.032,97	0,00	17.528,97	3.399,87	5.428,77	13.326,28	47.716,86	
2017	19.149,19	5.495,78	19.644,06	15.135,06	8.144,56	12.922,20	80.490,85	68,68
2018	19.042,84	26.400,60	20.605,46	16.607,07	12.520,64	13.904,54	109.081,15	35,52
2019	38.388,86	26.224,14	24.738,42	13.197,60	6.478,66	14.881,82	123.909,50	13,59
TOTAIS	**84.613,86**	**58.120,52**	**82.516,91**	**48.339,60**	**32.572,63**	**55.034,84**	**361.198,36**	**159,68**

O **Anexo 11** recolle a desagregación dos importes percibidos polos grupos políticos provinciais.

6.-OUTRAS ACCIÓNS DE FOMENTO A FAVOR DE PERSOAS OU ENTIDADES PRIVADAS

6.1.- Bolseiros

6.1.1.- Bolseiros incluídos na actividade de fomento da Deputación correspondentes a convenios coas Universidades galegas ou de bases aprobadas pola Deputación. (Anexo 12)

BOLSEIROS PRÁCTICAS 2019					
MES	**Nº BOLSEIROS**	**IMPORTE BRUTO**	**SS CARGO BECARIO**	**TOTAL SS CARGO DEPUTACION**	**IMPORTE TOTAL 2019**
ENERO	34	30.567,74	48,41	1.645,94	32.213,68
FEBRERO	32	29.543,05	48,41	1.549,12	31.092,17
MARZO	32	29.030,15	48,41	1.549,12	30.579,27
ABRIL	31	28.060,33	48,41	1.500,71	29.561,04
MAIO	30	27.600,00	48,41	1.452,30	29.052,30
XUÑO	26	23.920,00	48,41	1.258,66	25.178,66
XULLO	26	23.990,07	48,41	1.258,66	25.248,73
AGOSTO	24	21.338,07	48,41	1.161,84	22.499,91
SETEMBRO	23	21.163,65	48,41	1.113,43	22.277,08
OUTUBRO	22	20.240,00	48,41	1.065,02	21.305,02
NOVEMBRO	22	17.965,22	48,41	1.065,02	19.030,24
DECEMBRO	7	6.440,00	48,41	338,87	6.778,87
TOTALES		**279.858,28**		**14.958,69**	**294.816,97**

IMPORTE TOTAL BOLSEIROS PRÁCTICAS 2019	**294.816,97**

No Anexo 12 se recolle o listado dos bolseiros incluídos na actividade de fomento da Deputación no ano 2019. O importe total que figura no dito Anexo ascende a 279.500,00€, a diferenza entre ambos débese a diversos descontos practicados.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 12/02/2020 15:46
MARIA DOLORES VELO FUENTES
Data e hora: 12/02/2020 15:06
Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: 765a539601b120487a3aae0ef05d9d12ddd75c94

As prácticas que realizan proveñen de :

•Convenios coas Universidades da Coruña e Santiago. Estas prácticas poden ter natureza curricular ou extracurricular. Estas últimas non forman parte dun plan de estudos, senón que son voluntarias e realízanse con posterioridade ás curriculares. A selección dos candidatos realízase polas citadas Universidades.

•Bolseiros seleccionados pola propia Deputación en función dunhas bases elaboradas polos distintos servizos.

As bolsas, tanto as procedentes de convenios como de bases aprobadas pola Deputación, teñen unha duración dun ano, prorrogable por outro máis. No entanto, dada a posibilidade de encadear prácticas currriculares e extracurriculares o tempo de permanencia na Deputación pode duplicarse, polo que se deberá actuar adoptando as cautelas e prevencións necesarias para garantir que as prácticas bolseiras non perdan, en ningún momento, a súa natureza exclusivamente formativa tanto pola súa duración como polas promocións que se poidan presentar ás convocatorias.

Resulta imprescindible reiterar o manifestado polos servizos de xestión de recursos humanos e de fiscalización nos informes emitidos ao respecto :

- As bolsas deben estar amparadas en Convenios formalizados coas autoridades educativas competentes.
- Deben referirse a programas formativos detallados expresamente polas Universidades.
- Deben contar cun titor designado pola Universidade e outro pola Deputación con criterios de idoneidade técnica.
- Deben ser obxecto de avaliación periódica polas titorías designadas aquelas cuestións que se indiquen no programa formativo correspondente.
- Debe motivarse a súa duración do período de prácticas no programa formativo, coa especificación da duración atribuída a cada acción formativa nel contemplada.
- Nos Convenios que se tramiten deben recollerse detallada e motivadamente tódolos aspectos indicados anteriormente e corresponderá as titorías garantir que as actividades que se leven a cabo polos bolseiros teñan carácter exclusivamente formativo.

O resumo dos importes abonados aos bolseiros nos anos 2017 a 2019 son os seguintes:

EXERCICIO	PRÁCTICAS BOLSEIROS		SEGURIDADE SOCIAL	TOTAL BOLSEIROS	
	IMPORTE BOLSEIROS	Nº MEDIO BOLSEIROS		IMPORTE	GTO.MEDIO BOLSEIRO
2017	324.723,39 €	31	12.826,22 €	337.549,61 €	10.889
2018	366.851,63 €	34	15.997,47 €	382.849,10 €	11.260
2019	279.858,28 €	26	14.958,69 €	294.816,97 €	11.339
TOTAIS	**971.433,30 €**	**91**	**43.782,38 €**	**1.015.215,68 €**	**11.156**

6.1.2.- Bolsas concedidas pola Deputación para investigación, perfeccionamento de estudios ou deportivas. (Anexo 13)

UNIDADE XESTORA	Nº BOLSEIROS	IMPORTE TOTAL CONCEDIDO
BOLSAS DE INVESTIGACIÓN	20	160.000,00
BOLSAS DE ESTUDIOS ARTÍSTICOS	20	180.000,00
BOLSAS DEPORTISTAS	42	147.000,00
BOLSAS CONSERVATORIO DE DANZA	20	29.965,83
TOTAIS CONCEDIDOS	**102**	**516.965,83**

A evolución das Bolsas concedidas pola Deputación nos exercicios 2017-2019 foi a seguinte:

EVOLUCIÓN BOLSAS CONCEDIDAS EN 2017-2019

ANUALIDAD	INVESTIGACION	ESTUDIOS ARTISTICOS	DEPORTISTAS	CONSERVATORIO DANZA	TOTAIS
2017	160.000,00	180.000,00	90.000,00	23.580,62	453.580,62
2018	160.000,00	180.000,00	134.000,00	28.251,39	502.251,39
2019	160.000,00	180.000,00	147.000,00	29.965,83	516.965,83
TOTAIS	**480.000,00**	**540.000,00**	**371.000,00**	**81.797,84**	**1.472.797,84**

Neste apartado, os servizos da Intervención Provincial consideran relevante que se definan nas Bases de cada convocatoria os contidos e alcance das Memorias a elaborar e os criterios debidamente ponderados de valoración destas pola autoridade académica que se designe nas propias bases.

6.2.- Premios

Os premios concedidos pola Deputación da Coruña no exercicio 2019 son os que se relacionan en **anexo 14**, e cuxo resumen é o seguinte:

UNIDADE XESTORA	Nº PREMIOS	Nº PREMIADOS	TOTAL CONCEDIDO
CULTURA (*)	15	104	367.300,00
SERVICIOS SOCIAIS (Incluese o Concepción Arenal do 2018, adxudicado no 2019)	2	13	192.412,21
UNIDADE TÉCNICA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	1	2	6.000,00
PROMOCION ECONOMICA	2	5	75.000,00
ESCOLA DE DANZA: PREMIOS Á EXCELENCIA	1	3	1.500,00
DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL ,COOPERACIÓN E M.A.	1	5	7.500,00
TOTAIS CONCEDIDOS	**22**	**132**	**649.712,21**

(*) Contén a Copa de Fútbol masculina y feminina por importe de 241.800,00€ non incluída no informe do ano anterior.

A evolución dos Premios da Deputación nos exercicios 2017-2019 foi a seguinte:

EVOLUCIÓN PREMIOS CONCEDIDOS EN 2017-2019							
ANUALIDAD	**CULTURA**	**SERVICIOS SOCIALES**	**NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**	**PROMOCIÓN ECONÓMICA**	**CONSERVATORIO DANZA**	**DESENVOLVEM. TERRITORIAL**	**TOTAIS**
2017	119.000,00	193.000,00	6.000,00	50.000,00	1.500,00	0,00	369.500,00
2018	120.000,00	219.000,00	6.000,00	75.000,00	1.500,00	7.500,00	429.000,00
2019	367.300,00	192.412,21	6.000,00	75.000,00	1.500,00	7.500,00	649.712,21
TOTAIS	**606.300,00**	**604.412,21**	**18.000,00**	**200.000,00**	**4.500,00**	**15.000,00**	**1.448.212,21**

7 .- CONSIDERACIÓNS FINAIS.

Á vista da información dispoñible ponse de manifesto a magnitude da acción de fomento orientada aos **entes públicos e privados da provincia**, que presenta a desagregación total o seguinte:

TOTAL ACCION FOMENTO PERIODO 2012-2019								
EXERC.	**CONCELLOS**	**ENTIDADES LOCAIS D. PÚBLICO**	**ENTIDADES, PERSOAS FISICAS E XURÍDICAS**	**BOLSEIROS**		**PREMIOS**	**ASIGNACION GRUPOS POLITICOS**	**TOTAIS**
				PRÁCTICAS	**OUTROS**			
2012	56.388.966,11	5.368.324,84	7.005.588,60				0,00	68.762.879,55
2013	47.128.239,36	6.470.905,44	10.070.795,16				0,00	63.669.939,96
2014	74.985.248,96	5.764.505,90	10.489.692,47				0,00	91.239.447,33
2015	68.649.212,25	6.541.608,64	11.051.346,23				0,00	86.242.167,12
2016	102.092.032,00	5.648.629,20	11.401.080,88				47.716,86	119.189.458,94
2017	100.248.679,43	6.019.418,05	16.462.457,51	337.549,61	453.580,62	369.500,00	80.490,85	123.971.676,07
2018	112.643.825,09	6.342.685,86	16.492.509,30	382.849,10	502.251,39	421.500,00	109.081,15	136.894.701,89
2019	114.633.511,00	6.785.567,13	16.936.635,65	294.816,97	516.965,83	649.712,21	123.909,50	139.941.118,29
TOTAIS	**676.769.714,20**	**48.941.645,06**	**99.910.105,80**	**720.398,71**	**955.832,01**	**791.000,00**	**361.198,36**	**829.911.389,15**

Estas cifras desagregadas segundo os distintos conceptos da acción de fomento, e en relación co orzamento inicial de 2019, sería a seguinte:

Concepto acción de fomento	Orzamento inicial 2019	Importe concepto	Nº exptes.tramitados	% s orzamento inicial
Plans		92.275.815,14	825	50,26
Subvenciones nominativas Concellos+ Entidades públicas y privadas		9.763.300,40	77	5,32
Subvencións Concorrencia + Rede Cultural		32.041.031,11	4.819	17,45
Subvención concorrencia outros Entes de dereito público		1.049.265,02	24	0,57
Transferencias correntes		3.226.302,11	2	1,76
Asignacións a Grupos Políticos		123.909,50	22	0,07
Bolseiros Prácticas		294.816,97	309	0,16
Bolsas		516.965,83	102	0,28
Premios		649.712,21	132	0,35
Total acción de fomento 2019	**183.609.300,00**	**139.941.118,29**	**6.312**	**76**

As **achegas aos concellos** recóllense na seguinte táboa no que se inclúen tanto as achegas aos Plans Provinciais, como as subvenciones nominativas e de concorrencia competitiva, así como os importes asignados aos Consorcios e a outras entidades de dereito público.

Compáranse estes datos co orzamento inicial da Deputación da Coruña para a anualidade 2019.

Orzamento inicial 2019	183.609.300,00	Importe	% s orzamento inical
Plans		92.275.815,14	50,26
Nominativas Concellos (inclúe Consorcios)		8.071.424,12	4,40
Concurrencia + Rede Cultural Concellos		16.546.271,74	9,01
Total acción de fomento Concellos 2019		**116.893.511,00**	**63,66**

Os importes totais percibidos por cada un dos Concellos da provincia por toda a acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no exercicio 2019 se relacionan no **Anexo 15.**

Como conclusións operativa da acción de fomento inclúense a continuación as consideración mais relevantes.

7.1. Acción de fomento dirixida a Entes Locais.

7.1.1.Resulta preceptivo e urxente elaborar un Plan estratéxico de subvencións co contido e alcance previsto nas normas de aplicación, que procure, entre outros puntos, a simplificación e racionalización de convocatorias e trámites.

7.1.2.Faise necesario tomar en consideración a acción de fomento das restantes administracións públicas (Estado, Xunta e Concellos) para garantir a necesaria coordinación, colaboración e cooperación para o exercicio das competencias propias de cada administración

7.1.3.A acción de fomento provincial debe realizarse con base en criterios obxectivos e equitativos, entre os

que debe figurar o custo efectivo dos servizos, elaborados coa participación dos municipios da provincia e respectando a autonomía municipal e as competencias das distintas administracións públicas e orientarse especialmente aos municipios de menor capacidade económica.

7.1.4.Só por razóns excepcionais de interese público poden outorgarse subvencións nominativas, cando non resulte posible a aplicación dos principios xerais de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación e así se acredite no expediente administrativo. En todo caso debe tomarse en consideración o establecido no artigo 22.2 da Lei xeral de subvencións e no artigo 67.3 do Regulamento desta para motivar adecuadamente o outorgamento da achega provincial, a súa contía, o coeficiente de financiamento proposto e demais puntos recollidos nas Bases 50 e 51 de execución do Orzamento provincial.

